




grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



PEZ

## 2. plan estratéxico zonal (PEZ)



costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca




grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



## 2.1. descrición do territorio de actuación plan estratéxico zonal (PEZ)



costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## 2.1 *Descrición do territorio de actuación*

Para a consecución dos obxectivos dos Grupos de Acción Costeira (en adiantes GAC) reflectidos nos seus estatutos, fíxose necesaria a selección de distintas áreas xeográficas.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos identificou sete zonas ao longo do litoral de Galicia, que serán as beneficiarias das axudas con cargo ao Eixe 4 do FEP. En cada unha destas zonas, seleccionouse un único GAC, o que potencia que participen neste o maior número de axentes posible.

Os criterios de selección de zonas empregados son:

- Pequenos municipios dedicados á pesca
- Baixa densidade de poboación
- Coeficiente de crecemento do sector pesqueiro (CCSP). A fórmula de Coeficiente de Crecemento do Sector Pesqueiro aplicouse municipio por municipio en base a :
  - *Variación da flota período 2000-2006 (15%)*
  - *Variación do arqueo período 2000-2006 (20%)*
  - *Variación de potencia período 2000-2006 (10%)*
  - *Variación volume de desembarcos 2001-2005 (15%)*
  - *Variación valor desembarcos 2001-2005 (25%)*
  - *Peso do sector pesqueiro en relación poboación ocupada (15%).*
- Outros criterios cualitativos:
  - *Existencia doutros grupos de desenvolvemento local (Leader) e de proxectos anteriores.*
  - *Delimitación do ámbito territorial de influencia das lonxas.*


En resumo, un GAC por zona, en total sete Grupos de Acción Costeira en todo o litoral galego. Os concellos aos que afecta o ámbito territorial da Zona 3 da Costa da Morte que é a que nos ocupa, son os seguintes:



Mapa 1. Zona 3 Costa da Morte. Elaboración propia.

A Zona 3 da Costa da Morte toca distintas comarcas de Galicia, a máis representada é a Comarca de Bergantiños, xa que unicamente non conta con Coristanco dos sete concellos que forman dita comarca, o cal é lóxico porque este municipio non ten costa. Outras comarcas representados son, a da Terra de Soneira que aporta á Zona 3 os municipios de Camariñas e Vimianzo, e a Comarca de Fisterra co municipio de Muxía.

Comarcas dentro do GAC da Costa da Morte



Mapa 2. Comarcas Zona 3 Costa da Morte. Elaboración propia.

Por tanto, sumando a superficie de cada un dos concellos que compoñen a Zona 3 (táboa 3), o territorio de intervención ten unha extensión de 963,70 Km<sup>2</sup>, o que supón o 3,26% da superficie de Galicia e o 12,12% da superficie da Coruña.

Os límites naturais da Zona 3, e que por suposto incidirán nas súas características soioeconómicas, son:

- o Ao Norte e ao Oeste se sitúa o Océano Atlántico.
- o Ao Sur, Coristanco, Zas e o reborde meseteño do denominado "Bloque do Xallas" (entre os 400-600 m.).
- o Ao este os Montes de Santa Leocadia (300-400 m.) e o chanzo altitudinal (200-300 m.) que supón o municipio de A Laracha con respecto ao val de Barrañán (Arteixo).
- o Ao Suroeste, a pequena Ría de Lires, formada pola desembocadura do río Castro, formando o límite natural entre os municipios de Cee e Muxía.

#### A Laracha:

O termo municipal da Laracha atópase na parte oriental da bisbarra de Bergantiños, estendéndose de norte a sur desde a península de Caión ata as terras altas de Soandres e Montemaior, no rebordo da meseta de Ordes.

Ten unha posición limítrofe coa comarca da Coruña. Linda ao oeste co termo municipal de Carballo, sinalando a súa demarcación oriental cos municipios de Arteixo e Culleredo. Polo sur, linda con Cerceda e, polo norte, ten unha marabillosa saída ao mar pola península de Caión.



Mapa 3. A Laracha. Fonte: Web do concello da Laracha.

Forma, cos concellos de Cabana, Carballo, Coristanco, Laxe, Malpica e Ponteceso, a Comarca de Bergantiños.

A situación da Laracha caracterízase pola boa comunicación, tanto con Bergantiños como coa Coruña capital. É un dos concellos privilexiados en canto a vías de comunicación nesta zona debido a que a autoestrada AG-55 ten dúas entradas-saídas no concello: unha en Paiosaco e outra no Cancelo-Cabovilaño (a dous quilómetros da capital municipal). A estrada C-552 da Coruña-Fisterra atravesa o municipio desde Paiosaco (Lestón) ata Proame (Lemaio), pasando pola capital municipal e Cabovilaño.

A liña férrea A Coruña-Madrid atravesa un extremo do concello. A estación máis próxima atopámola en Meirama (Cerceda), a un quilómetro do límite de noso municipio.

A liña do AVE A Coruña-Santiago, que se atopa nestes intreos en obras, transcorre pola parroquia de Soandres, lugar por onde tamén transcorre a AC-400 que, ademais, serve de nexo de unión coa A-6, principal vía de acceso a Galicia.

A proximidade dos aeroportos de Alvedro (A Coruña, a 24 quilómetros) e Lavacolla (Santiago, a 45 quilómetros) fan que este transporte poida ser utilizado sen grandes desprazamentos.

### *Carballo:*

Carballo é a capital de Bergantiños e o centro natural desta comarca. Ao norte de Galicia, entre a Fisterra atlántica e o golfo Ártabro, goza dunha situación privilexiada.

Cunha superficie de 187 km cadrados Carballo é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña, ademais dun dos máis poboados. Os seus 30.000 habitantes agrúpanse en 314 entidades de poboación e 18 parroquias, que dende o ano 1836, no que quedou oficialmente constituído, o concello de Carballo, estas parroquias son: Aldemunde, Ardaña, Artes, Berdillo, Bértoa, Cances, Carballo, Entrecruces, Goiáns, Lema, Noicela, Oza, Razo, Rus, Rebordelos, Sísamo, Sofán e Vilela. O 60% dos habitantes do Concello concéntranse no seu núcleo urbano, a carón do Río Anllóns.


O termo municipal de Carballo sitúase entre os primeiros cumios das serras de Soneira e Montemaior. Limita ao sur con Val do Dubra, que separa ambas as dúas formacións montañosas.

Entre os accidentes xeográficos de Carballo cómpre salientar, ao sur, o monte da Peniqueira e do Castro -cuns 350 metros-, Monte Calvelo -con 389 metros- e Monte Alto -con 483 metros-. De sueste a oeste atravesa o municipio o val do Anllóns. Na canle dun dos seus afluentes, o río Taboada, fórmase a fermosa ferverza de Entrecruces.

Ao norte, xa próximos á costa, están os montes de Lendo, Oza e Monte Neme, de 386 metros. Especialmente salientable pola súa importancia ecolóxica e paisaxística é a franxa costeira de Razo - Baldaio. Intégrana unha serie de marismas, unha lagoa e longos areais litorais.



Por último, as características do clima oceánico, cunha media anual de 12,3°C, concédenlle uns invernos suaves e uns cálidos veráns, que convidan a descubrir a súa paisaxe.



Mapa 4. Carballo. Fonte: Web do concello de Carballo.

#### *Malpica de Bergantiños:*

O concello de Malpica de Bergantiños está localizado ó noroeste da provincia da Coruña, na comarca de Bergantiños. Sitúase á beira do Océano Atlántico, co que linda na súa parte Norte e sobre o que cimta a súa costa de Oeste a Leste, desde o Monte Nariga ata a Punta de Razo, extremo occidental do areal de Baldaio (Carballo). No medio desta liña de costa, sobresae o Cabo de Santo Hadrián, fronte ó cal se erguen as illas Sisargas. Ó Leste, limita co concello de Carballo. Ó Sur, linda co de Ponteceso.

De 61,4 km<sup>2</sup> de extensión, cunha densidade de poboación de 105h/km<sup>2</sup>, o seu principal porto pesqueiro é o da capital, Malpica de Bergantiños, dedicado fundamentalmente á pesca de baixura e marisqueo.

O relevo é de formas suaves e redondeadas, debido sobre todo á erosión da auga e dos fortes ventos que azoutan estes lares. Destacan como principais alturas as do Monte Neme (387 m.) e Leutoño. A súa doada comunicación tanto por estrada como por mar coas cidades de Santiago de Compostela e A Coruña, ademais dos seus múltiples atractivos, facultan ó concello de Malpica como un crecente destino turístico. Paisaxe e gastronomía abundante en peixes e mariscos, artesanía do barro coa Olería de Buño, patrimonio histórico artístico coa pegada de Urbano Lugrís, as torres medievais e igrexa románica de Mens, os seus oito areais brancos e pouco frecuentados (agás a Area Maior de Malpica, laureada coa Bandeira Azul)...son alicientes dabondo para visitar este recuncho atlántico.



*Vista aérea de Malpica de Bergantiños / A.F.M.*

#### *Ponteceso:*

Concello da provincia de A Coruña e diocese de Santiago de Compostela. Ocupa o extremo máis oriental da Costa da Morte.

Limita polo norte e polo oeste co océano atlántico, polo sur co concello de Cabana de Bergantiños e co concello de Coristanco e polo leste co concello de Carballo e co concello de Malpica de Bergantiños.

A extensión municipal é de 91,9 km<sup>2</sup>, ten catorce parroquias e setenta e tres entidades de poboación, onde residen 6,494 habitantes. Presenta unha forte dispersión xeográfica e unha división territorial complexa. Ten dous núcleos urbanos: Ponteceso (capital do concello) e Corme Porto (vila mariñeira).

As catorce parroquias nas que se divide Ponteceso son: A Graña, Anllóns, Brantuas, Cores, Corme Aldea, Corme Porto, Cospindo, Langueirón, Nemeño, Niñóns, Pazos, Tallo, Tella e Xornes.



É un concello alongado de oeste a leste en case 20 km, de grande diversidade morfolóxica e cunhas formas de relevo que caracterízanse por ser o máis accidentado da comarca e adquirir, ás veces, o aspecto de terra de montaña, a pesares da escasa altitude dos seus montes, que só ocasionalmente superan os 200 m sobre o nivel do mar.

Moi preto ao litoral corren unha serie de altozanos, en forma de pequena serra, dende o monte Nariga (223 metros) ata O Roncudo, onde se alza o Alto das Vixías (187 metros).



Mapa 5. Ponteceso. Fonte: Web do concello de Ponteceso.

O Monte Branco é o punto dende onde se divisa Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe e a Enseada de A Insua, onde se amontoa a area e se forma un grande conxunto de dunas de case 2 km de lonxitude e uns 400 metros de anchura media. Esa area trepa polas ladeiras do Monte Branco ata o Alto das Travesas.

A zona costeira é elevada, con grandes cantís, só interrompidos polas pequenas calas areosas de Niñóns e a enseada de A Barda. Dentro da ría, esa costa faise máis amable e recollida. Osmo e Ermida, próximas a Corme Porto, a de Balarés e A Barra en Ponteceso, e a de Santa Mariña, Morro e Niñóns na parroquia de Niñóns.

#### *Cabana de Bergantiños:*

O nome do concello foi orixinariamente Cesullas, parroquia onde estaba a aldea de Cabana, capital municipal, antes de pasar a O Bosque.

O Concello de Cabana ocupa parte do fondo da ría de Corme e Laxe, dende Ponteceso ata o extremo oriental da praia de Laxe. A estrada comarcal 552, de A Coruña a Fisterra, toca o termo municipal no seu extremo sur por A Piolla e Nantón. De aquí parten cara Cabana e cara a costa, pintorescas aínda que accidentadas vías.

Dentro das características xerais das Rías Altas, ao municipio de Cabana correspóndelle a parte máis doce, pola súa posición no fondo da ría, non tendo nada que ver co aspecto rudo e “temido” da Costa da Morte.



Mapa 6. Situación de Cabana de Bergantiños. Fonte: Web do concello de Cabana.

Pódese dicir que Cabana, dentro da Terra de Bergantiños á que pertence, é un balcón sobre a ría de Corme e Laxe, e mira de lonxe a dita Costa da Morte. Pero ademais de ser un municipio costeiro, as terras de Cabana penetran considerablemente cara o interior, uns 15 quilómetros hai a voo de paxaro entre as praias de San Pedro e Rebordelo e a aldea de Padrín ao sur do concello. A extensión de Cabana é de 100,3 quilómetros cadrados, cunha poboación de 5.091 habitantes (Censo de 2007), o que lle dá unha densidade de 50,8 habitantes por quilómetro cadrado, moi inferior á media provincial. As principais fontes de riqueza son a pesca, a agricultura e a gandeiría. O solo é rico en minerais como o wolframio, rutilio, granito e pizarra. Hai indicios de explotacións romanas de cuarzo aurífero na parroquia de Corcoesto, e que se intentou de novo traballar noutro tempo.

O asentamento dunha importante poboación prehistórica está suficientemente probado pola abundancia de castros e mámoas en todo o termo municipal, sobre todo en Dombate e Borneiro.

Os principais atractivos turísticos de Cabana son os que lle proporciona a súa paisaxe costeira, coas solitarias praias de San Pedro (que se conserva como hai séculos) e Rebordelo, e a súa paisaxe interior, onde abundan os ríos truiteiros e a caza.

Dende o punto de vista monumental destaca o Dolmen de Dombate e o castro de Borneiro, Tamén ten detalles interesantes as igrexas de Cánduas, Cesullas e Riobó; ademais da espectacular torre de A Penela, ao sur da parroquia de Silvarredonda.

### Laxe:

O topónimo de Laxe é un dos máis frecuentes en Galicia e procede dun tipo de rochas que se soen exfoliar en pedras planas, anchas e pouco grosas, frecuentes nos lugares que adoptan este topónimo. Estas laxes, así como os fantásticos penedos que coroa a maioría das alturas deste concello, fan voar a imaxinación, e non sempre sen fundamento, cara ós primitivos poboadores destas terras.

O concello de Laxe está localizado ó noroeste da provincia da Coruña, na comarca de Bergantiños. De 36,9 km<sup>2</sup> de extensión, cunha poboación de 3.453 habitantes (Censo de 2007), o que dá unha densidade de 93,6 habitantes por quilómetro cadrado, practicamente a mesma que presenta o conxunto de Galicia, aínda que inferior á media provincial.

O municipio divídese en 6 parroquias: Laxe, Nande, Sarces, Serantes, Soesto, Traba, sendo Laxe a Capital do mesmo, e en 37 entidades de poboación. Sitúase a 61 Km da Coruña, 62 Km de Santiago de Compostela.e a 133 Km de Vigo.



A Vila de Laxe conserva a estrutura primitiva dunha vila mariñeira, coas súas casas de granito de galerías ou balcóns, situadas no extremo occidental da praia. Coa construción do porto e o paseo marítimo, o núcleo urbano foise afastando do mar; isto, unido á ampliación da vila e á substitución de moitas das súas casas de pedra por outras de materiais modernos, cambiaron parte do seu aspecto tradicional. A pesar deste cambio, aínda conserva recunchos acolletores con casas que recordan a súa etapa anterior.

O maior reclamo turístico que ten o Concello de Laxe son as súas praias; tendo en conta que gran parte do noso litoral é praia, podemos encontralas para todos os gustos: praias urbanas dotadas de todos os servizos para os bañistas, praias para a práctica de deportes, praias pequenas e apartadas, largo e agreste areal ou pequenas calas apartadas.

A Lagoa e areal de Traba atópase rodeada de marismas e un conxunto de dunas que a separan tanto do mar como das terras cultivadas do interior. Ten unha superficie de 251,3 hectáreas. é importante a súa fauna e a súa flora, así como o seu valor paisaxístico e ecolóxico. Entre a fauna destaca a gran cantidade e variedade de aves migratorias que se pousan durante o inverno, incluíndo algunhas delas "palustres". Durante o verán ven criando "rascones", fochas e "zampullines", entre outras.

Ademais o Concello de Laxe conta cunha gran beleza paisaxística. Por esta razón o Concello de Laxe levantou varios miradoiros nos lugares de maior interese paisaxístico.

### *Camariñas:*

A historia do municipio de Camariñas está estreitamente ligada ó mar, tradicional vía de comunicación e medio de subsistencia. O topónimo deste municipio parece derivado dun arbusto autóctono chamado "caramiña" ou "herba da fame".

O Concello de Camariñas é eminentemente costeiro e mariñeiro, atópase na zona oeste da provincia galega de A Coruña, na Comarca da Terra de Soneira, no centro da Costa da Morte, ocupando unha península que pecha o norte da ría que leva o seu nome.

Esta península ten dúas caras completamente distintas. A que mira a mar aberto ofrece unha visión do máis abrupto da Costa da Morte; a que mira á ría é un paraíso de tranquilidade. Só os pequenos cumes de Serra de Pena Forcada separan os dous litorais. A estrada de Ponte do Porto a Camelle transcorre por ela.

O municipio conta cunha extensión de cerca de 52 km<sup>2</sup>. Os únicos núcleos de poboación na costa aberta son Camelle e Arou, o resto atópase en 22 poboacións. Residen 6275 habitantes, e a pesares das grandes zonas virxes e deshabitadas, a densidade de poboación é de 120,9 habitantes por metro cadrado.

Entre Cabo Vilán e Arou a paisaxe desborda a mirada máis apaixonada. Declarado como Sitio Natural de interese turístico nacional, ofrece unha enorme riqueza biolóxica con especies de flora e fauna protexidas, como os Araos de Cons, a gaivota tridáctila e o cormorán moñudo, aves en perigo de extinción.



Mapa 7. Parroquias de Camariñas. Fonte: Web do concello de Camariñas.

A pesca e o marisqueo son a principal fonte de riqueza de Camariñas, que conta cun importante porto pesqueiro, o sexto da provincia por volume de capturas (sardiña, congro, polbo, ameixa, berberecho, ourizo, centola, nécora, pescada...) Os seus cantís son óptimos para o crecemento do percebe. A principal empresa é unha conserveira.

Agricultura e gandería só teñen funcións complementarias, o que se aprecia pola escasa dimensión das explotacións. O principal uso da terra é forestal. A distancia dos centros urbanos potenciou o comercio e os servizos sociais. A emigración continúa sendo unha opción para moitos camariñáns.

Adquire cada vez máis importancia o turismo atraído polos múltiples atractivos naturais, paisaxísticos, botánicos, zoolóxicos, pola tranquilidade e pola artesanía do Encaixe de Bolillos, que é tamén un importante complemento á economía local e que no último lustro experimentou un importante desenvolvemento. A mostra do Encaixe de Bolillos, celebrada anualmente, contribuíu notablemente ó incremento de visitantes.



Camariñas ten un clima oceánico, suave no sur, por estar abrigado do norte, que está exposto a ventos fríos do norte e noroeste. A súa temperatura media anual é de 13 grados centígrados. O verán é relativamente húmido con unha temperatura media de 23 graos no mes de Agosto. A temperatura media de inverno é baixa, en termos relativos, 7 graos centígrados. As precipitacións son abundantes. 1.798 milímetros. É unha rexión sometida a fortes ventos, que afectaron algún ano en máis de 300 días na zona do faro.

Por último, accédese a Camariñas pola estrada LC-432 que sae do pobo de Vimianzo a partires da C-552 (A Coruña-Fisterra) e dista 89Km. da capital da provincia, 80km. de Santiago de Compostela.

### Muxía:

O concello de Muxía está situado na parte noroccidental da provincia da Coruña, estando integrado na Comarca de Fisterra situada na rexión denominada “Costa da Morte”. Conta cunha extensión de 121,3 Km<sup>2</sup> e unha poboación aproximada de 5.700 habitantes, o que lle dá unha densidade de 46,7 habitantes por quilómetro cadrado, moi inferior á media provincial.

A poboación atópase distribuída en 102 entidades de poboación repartidas nun total de 14 parroquias: Bardullas, Buiturón, Caberta, Coucieiro, Frixe, Leis, Moraime, Morquintián, Muxía, Nemiña, Nosa Señora da O (A O), Ozón, Touriñán e Vilastose. A capital do municipio é a Vila de Muxía.



Mapa 8. Muxía. Fonte: Web do concello de Muxía.

Os seus límites xeográficos son: Ao norte, a ría de Muxía-Camariñas; ao sur o río Castro; ao leste os concellos de Dumbría e Vimianzo e ao oeste o Océano Atlántico.

Muxía é sobre todo un concello costeiro, onde o litoral forma a súa unidade morfolóxica máis importante. A súa costa é variada e esténdese dende onde remata o esteiro do río Grande da Ponte do Porto ata a embocadura do río Castro no extremo sur da praia de Lires.

As terras baixas do concello sitúanse na parte norte que da á ría de Muxía-Camariñas, onde se suceden varios derrames litorais percorridos por regatos e na parte sur, por onde pasa o río Castro. No centro do concello hai unha zona amesetada cunha altitude que oscila entre os 100 e os 300 m.

Desde o punto de vista morfolóxico son destacables a presenza de acantilados costeiros e de complexos dunares de gran singularidade como poden ser o da praia de Nemiña procedentes do modelado eólico.

A nivel xeolóxico, os materiais que forman as terras muxianas están constituídos fundamentalmente por rochas graníticas. Pola súa singularidade destacan os arenosoles que conforman praias e dunas.

A máxima altitude acádase no monte Facho (309 metros), próximo á costa. En canto aos ríos e zonas húmidas, a rede hidrográfica é ampla: en total os ríos e regatos de Muxía suman 107.965 m., o que supón practicamente 108 km.

A paisaxe da Muxía interior está dominada polos usos agrosilvopastorís e pola situación dispersa dos núcleos de poboación. O relevo suave do concello no interior e a existencia de abundante auga configuran unha paisaxe doadamente perceptible e de gran amabilidade. Os maiores contrastes témolos entre os fondos dos vales – con amplas zonas de mosaico agrícola – e as áreas de ladeira en zonas de maior desnivel, dedicadas fundamentalmente á gandería.

A paisaxe da Muxía litoral amosa algunhas das mostras paisaxísticas de maior calidade do litoral Atlántico ibérico. Os elementos que conforman o litoral de Muxía son moi variados polo que a diversidade estrutural é moi elevada.

En canto aos cultivos podemos distinguir dúas clases:

- Forestais: os cultivos de tipo forestal son maioritariamente realizados con especies alóctonas, fundamentalmente eucaliptos e piñeiro de monterrey, aínda que tamén atopamos cultivos, máis antigos e minoritarios de piñeiro do país.
- Non forestais: fundamentalmente son pradarías, cultivos de millo e pequenas hortas. Empréganse fundamentalmente para a alimentación do gando vacún e produción de forraxes.

Ao longo do tempo a vexetación autóctona foi substituída por diversas especies de repoboación: pinos e eucaliptos. A zona de monte ocupa arredor dun 56 % da superficie total do concello. A pesares de todo, atópanse algunhas zonas de bosque autóctono como carballeiras (carballos), soutos (castiñeiros) e nas ribeiras dos ríos

ameneiros e bidueiros. As zonas de matogueiras son abundantes, formando un mosaico con outras unidades ambientais que teñen un importante valor ecolóxico.

O clima do concello caracterízase pola suavidade nas temperaturas, cunha media entre 13 e 14 graos, e a escasa oscilación térmica, a cal non chega aos 10 graos entre xaneiro, o mes máis frío, e agosto, o máis caloroso. As precipitacións oscilan entre os 1.600 e os 1.800 mm anuais.

Para rematar, manda a tradición que unha vez terminado a peregrinaxe a Santiago, aínda hai que seguir a ruta Finisterre-Muxía como último tramo de "O camiño", até chegar ao Santuario da Virxe dá Barca. Así mesmo, conta cun rico legado románico (San Xiao de Moraime, San Martiño de Ozón, etc.) e praias virxes como Nemiña, Moreira, Barreira...

### *Vimianzo:*

O municipio coruñés de Vimianzo é a capital natural da Terra de Soneira. Forma parte da denominada Costa da Morte e linda cos municipios de Laxe, Camariñas, Muxía, Dumbría e Zas. Por pártela sueste limita co Encoro de Fervenza, que o separa do municipio de Mazaricos. Dista da Coruña en 63 Km. e de Santiago de Compostela e 58 Km. Chégase a Vimianzo desde A Coruña, camiño de Fisterra, pola C-552, e desde Santiago pasando por Santa Corda e Zas, ou ben por Negreira e Baiñas.

A extensión do municipio é de 187,4 km<sup>2</sup>, cunha poboación de 8.364 habitantes (Censo de 2007), o que dá unha densidade de 44,6 habitantes por quilómetro cadrado, o cal representa a densidade máis baixa dos concellos que compoñen a Zona 3.

O Concello de Vimianzo está distribuído en 14 parroquias: Baiñas, Bamiro, Calo, Cambeda, Carantoña, Carnés, Castrelo, Cereixo, Salto, Serramo, Tines, Treos, Verdoias e Vimianzo, esta última é a capital do concello.

A base económica deste municipio é a gandaría, aínda que tamén é moi importante a produción madeireira (conta cun número destacable de serradoiros). En industria é de salientar a presenza dunha empresa en Castrelo dedicada á extracción e comercialización de caolín, e outra de fabricación de artigos de coiro. A riqueza do Río Grande e dos seus afluentes favorece a produción piscícola, ao mesmo tempo que se aproveita fórzaa da auga en varias centrais hidroeléctricas.

Vimianzo é un municipio no que se pode apreciar a evolución da civilización humana desde a Idade Castrexa até a actualidade: dolmens, mámoas, petróglifos, castros, mostras do Románico e do Renacemento, arquitectura civil e relixiosa, conflúen na diversidade das terras soneiranas. O Castelo de Vimianzo





foi testemuña desde a súa construción (a finais do século XII), de cruentos enfrontamentos entre a mitra compostelá, a nobreza, a fidalguía e o campesiñado, e escribiu máis dunha páxina na historia de Galicia.

Outros puntos de interese son o Pazo de Trasariz, o Cruceiro dous Santos (Cheis), a necrópole suevo-romana de Tines, os dolmens de Pedra Cuberta (Treatos), Casota de Freáns (Berdoias) e Pedra dá Arca (Baíñas), e as numerosas igrexas parroquiais e pequenas ermidas. Ademais, pódense contemplar fermosas panorámicas desde o Monte Faro, o Alto de San Bartolo ou a Casa do Prado.




Mapa 9. Vimianzo. Fonte: Web do concello de Vimianzo.

A modo de resumo, no mapa 10 móstranse os concellos que compoñen a Zona 3, Zona da Costa da Morte, resaltando as capitais dos municipios, os núcleos de poboación e a distribución por parroquias coas correspondentes igrexas.

A información do mapa10 complétase na táboa 1 que se atopa a continuación, na que se reflicte en número:

- *Entidade colectiva (parroquia):* Unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o municipio que existe nalgunhas rexións e que está constituída por agrupación de entidades singulares e que goza de personalidade propia e dunha orixe marcadamente histórica.
- *Entidade singular de poboación:* Calquera área habitable do termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada do mesmo, e que se coñece por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión. Unha área considérase habitable cando existen na mesma vivendas habitadas ou en condicións de selo e considérase claramente diferenciada cando as edificacións e vivendas pertencentes á mesma poden identificarse perfectamente sobre o terreo e o conxunto das mesmas coñécese por unha denominación.
- *Núcleo de poboación:* Conxunto de polo menos dez edificacións, que están formando rúas, prazas e outras vías urbanas. O número de edificacións poderá ser inferior a 10, sempre que a poboación que habita as mesmas supere os 50 habitantes. Inclúense no núcleo aquelas edificacións que, estando illadas, distan menos de 200 metros dos límites exteriores do citado conxunto, se ben na determinación de esta distancia exclúiranse os terreos ocupados por instalacións industriais ou comerciais, parques, xardíns, zonas deportivas, cemiterios, aparcamentos e outros, así como as canles ou ríos que poidan ser cruzados por pontes.
- *Diseminado (entidade de poboación):* constituído polas edificacións ou vivendas dunha entidade singular que non poden incluírse no concepto de núcleo

Entidades de poboación dos concellos do grupo de acción costeira (GAC) da Costa da Morte



Mapa 10. Núcleos de poboación da Zona 3. Elaboración propia.

Territorios	Entidades colectivas	Entidades singulares	Núcleos de poboación	Diseminados
<b>Galicia</b>	3.778	30.088	10.276	20.480
<b>A Coruña</b>	932	10.389	4.043	6.400
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	101	1.122	555	569
Cabana de Bergantiños	10	145	52	93
Camariñas	4	26	11	15
Carballo	18	320	140	180
A Laracha	13	248	132	118
Laxe	6	39	18	21
Malpica	8	62	34	28
Muxía	14	102	58	44
Ponteceso	14	73	50	23
Vimianzo	14	107	60	47

Táboa 1. Entidades de poboación dos concellos da Zona 3, 2007. Elaboración propia, fonte: INE, Padrón. Explotación Estatística e Nomenclátor a 1 de xaneiro (actualizado no IGE o 02-07-2008)




grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



## 2.2. diagnóstico plan estratéxico zonal (PEZ)



costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS




Fondo  
Europeo  
de Pesca

## 2.2 Diagnóstico

Neste apartado realizarase unha **análise** pormenorizada dos aspectos que hai que estudar e sobre os que terá incidencia o Plan Estratéxico Zonal (en adiante PEZ) da Costa da Morte, Zona 3 contemplada na Orde do 17 de xullo de 2008 pola que se convoca concurso de selección de Grupos de Acción Costeira (GAC). Este diagnóstico está constituído por unha serie de **indicadores** nos que se baseou o presente Plan para deseñar as estratexias a adoptar e concretar os obxectivos a alcanzar dentro dos eixes de actuación.

Os indicadores obxecto de análise móstranse desagregados a nivel municipal para poder comparar entre os mesmos, e agregados a nivel zonal, provincial e autonómico para poder analizar a situación na que se encontra a Zona 3 da Costa da Morte.



Mapa 11. Zonas Costeiras contempladas na Orde. Elaboración propia.

## 2.2.1 Estudo socioeconómico do ámbito territorial de actuación

O diagnóstico do territorio é, por tanto, un aspecto transcendental para asegurar o éxito da intervención das diferentes accións e proxectos que se leven a cabo ao abeiro do PEZ. É necesaria a identificación dos problemas existentes na Costa da Morte para unha correcta selección das alternativas das que se dispón para expor estratexias a seguir.

### 2.2.1.1 Poboación

A análise poboacional pretende estudar as tendencias demográficas tendo en conta os movementos naturais de poboación, así como os movementos migratorios, o nivel educativo e de formación, e o nivel de renda, e estudar o seu reparto por sexos e idades, etc.

A continuación móstrase unha táboa (táboa 2) no que se reflicte a poboación, datos publicados no IGE o 21/01/2008 extraídos do “INE.Padrón municipal de habitantes”, polo que non se trata de poboación de feito, senón de dereito, que é aquela que está empadroada nun determinado lugar, e é nel onde exerce os seus dereitos civís. Ademais reflíctese a distribución da mesma respecto tanto do total dos municipios que integran o GAC da Costa da Morte (Zona 3), como da provincia e de Galicia.

Territorio	Total	% respecto do total de Zona 3	% respecto da provincia	% respecto de Galicia
<b>Galicia</b>	2.772.533			100,00%
<b>A Coruña</b>	1.132.792		100,00%	40,86%
<b>Zona 3_Costa da Morte</b>	82.734	100,00%	7,30%	2,98%
Cabana de Bergantiños	5.091	6,15%	0,45%	0,18%
Camariñas	6.275	7,58%	0,55%	0,23%
Carballo	30.091	36,37%	2,66%	1,09%
A Laracha	10.871	13,14%	0,96%	0,39%
Laxe	3.453	4,17%	0,30%	0,12%
Malpica	6.432	7,77%	0,57%	0,23%
Muxía	5.663	6,84%	0,50%	0,20%
Ponteceso	6.494	7,85%	0,57%	0,23%
Vimianzo	8.364	10,11%	0,74%	0,30%

Táboa 2. Distribución da Poboación, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.

Unicamente exceden os 10.000 habitantes, os municipios de Carballo e A Laracha, e a Laxe incluso está por debaixo dos 3.500 habitantes. A táboa pon de manifesto que o municipio de maior poboación da Zona 3 é o de Carballo, correspondéndose cun 36,37%, e o de menor poboación o concello de Laxe, que representa o 4,17% da poboación da Zona.




Figura 1. Distribución da superficie da Zona 3. Elaboración propia, fonte IGE.

Se relacionamos a poboación de cada un dos concellos que compoñen a Zona coa superficie que ocupa cada un deles, obtemos a densidade da poboación (a cal se mostra na táboa 3). Resáltase neste punto, que Carballo non unicamente ten o maior número de habitantes, senón que ademais ten o maior número de habitante por quilómetro cadrado, é dicir, é o municipio da Zona 3 con maior densidade de poboación, sendo o único concello da Zona que obtén un dato superior á densidade de poboación da provincia da Coruña.

Pola contra, Laxe, que representaba o municipio con menor número de poboación, en canto habitantes por quilómetro cadrado ocupa o cuarto lugar dos concellos que compoñen a Zona, obtendo un dato (93,6) superior ao da media do total da Zona 3 (85,9), e moi similar á densidade de poboación de Galicia (93,7).

O municipio que menor número de poboación por quilómetro cadrado é o de Vimianzo, con cerca dos 45 habitantes por Km<sup>2</sup>.

Territorio	Densidade de Poboación	Superficie (Km <sup>2</sup> )
<b>Galicia</b>	93,7	29.574,40
<b>A Coruña</b>	142,5	7.950,40
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	85,9	963,70
Cabana de Bergantiños	50,8	100,3
Camariñas	120,9	51,9
Carballo	161,1	186,8
A Laracha	86,4	125,8
Laxe	93,6	36,9
Malpica	104,8	61,4
Muxía	46,7	121,3
Ponteceso	70,7	91,9
Vimianzo	44,6	187,4

Táboa 3. Densidade de poboación, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.

Territorio	Variación da poboación 2001-2007	Taxas interanuais					
		2001-2002	2002-2003	2003-2004	2004-2005	2005-2006	2006-2007
<b>Galicia</b>	1,45%	0,16%	0,50%	0,00%	0,41%	0,19%	0,18%
<b>A Coruña</b>	2,24%	0,35%	0,80%	0,05%	0,48%	0,22%	0,32%
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	-2,02%	-0,69%	-0,04%	0,03%	-0,34%	-0,56%	-0,44%
Cabana de Bergantiños	-10,51%	-1,71%	-2,59%	-1,71%	-1,12%	-1,79%	-2,08%
Camariñas	-7,00%	-1,88%	-0,35%	-1,44%	-0,54%	-2,23%	-0,76%
Carballo	5,59%	0,11%	1,48%	1,98%	0,57%	1,00%	0,35%
A Laracha	1,92%	0,16%	0,93%	0,17%	0,06%	-0,03%	0,63%
Laxe	-3,41%	-0,50%	-0,37%	0,40%	-0,53%	-1,41%	-1,03%
Malpica	-10,32%	-1,42%	-1,78%	-0,78%	-1,51%	-3,23%	-2,06%
Muxía	-8,53%	-1,42%	-1,21%	-2,16%	-1,29%	-1,32%	-1,44%
Ponteceso	-8,77%	-1,39%	-1,98%	-1,02%	-1,64%	-1,64%	-1,43%
Vimianzo	-4,81%	-1,15%	-0,38%	-1,57%	-0,60%	-0,76%	-0,45%

Táboa 4. Variación da poboación, 2001-2007. Elaboración propia, fonte IGE.

Como mostra a táboa 4, unicamente houbo dous concellos que no período 2001-2007 aumentaron a súa poboación, Carballo (5,59%) e A Laracha (1,92%), o resto dos municipios da Zona 3 presentan taxas negativas, sendo salientable o caso da Cabana de Bergantiños (-10,51%) e Malpica (-10,32%), que presentan taxas negativas superiores ao 10%.



Por tanto, o total da Zona 3\_Costa da Morte presenta unha taxa de -2,02%, fronte as taxas positivas que mostran o total da provincia da Coruña (2,24%) e o total de Galicia (1,45%).




Figura 2. Evolución da poboación concellos, 2001-2007. Elaboración propia, fonte IGE.




Figura 3. Evolución da poboación total Zona3, 2001-2007. Elaboración propia, fonte IGE.

### Estrutura da poboación:

A pirámide de poboación constitúe un medio de representación gráfica que permite estudar a estrutura por idade dunha poboación e revela bastante información sobre os patróns históricos de natalidade e mortalidade de varias xeracións. Estas gráficas presentan non só a información total da poboación segundo a súa idade, senón que tamén adoitan indicar a súa distribución segundo sexo de cada grupo de idade, dando unha idea máis clara das características da poboación respectiva. Segundo a forma da figura que representen os datos pódese facer unha aproximación sobre a estrutura da poboación:

- Forma Cónica: Cun gran número de mozos nos primeiros niveis, o que denota unha expansión na poboación.
- Forma Acampanada: Distribución uniforme de idades da poboación, é estable.
- Forma de Urna: En proporción de individuos vellos, poboación en decadencia.

As figuras 4 e 5 mostran as pirámides da poboación total dos concellos que compoñen a Zona 3 (Costa da Morte), en dous anos distintos, 2001 e 2007, e reflicten unha forma de urna, que se agrava no 2007.




Figura 4. Pirámide da poboación, 2001. Elaboración propia, fonte IGE.

Costa da Morte 2007




Figura 5. Pirámide da poboación, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.

Para centrarnos na composición da poboación por sexos móstrase a táboa 5, que reflicte o total da poboación por sexo, así como o porcentaxe que supón cada un dos **xéneros** respecto do total da poboación de cada un dos concellos territorios analizados.

Territorio	Total	Homes	Mulleres	% Homes	% Mulleres	Índice de Masculinidade
<b>Galicia</b>	2.772.533	1.337.159	1.435.374	48,23%	51,77%	93,16
<b>A Coruña</b>	1.132.792	544.352	588.440	48,05%	51,95%	92,51
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	82.734	40.576	42.158	49,04%	50,96%	96,25
Cabana de Bergantiños	5.091	2.499	2.592	49,09%	50,91%	96,41
Camariñas	6.275	3.112	3.163	49,59%	50,41%	98,39
Carballo	30.091	14.689	15.402	48,82%	51,18%	95,37
A Laracha	10.871	5.305	5.566	48,80%	51,20%	95,31
Laxe	3.453	1.723	1.730	49,90%	50,10%	99,60
Malpica	6.432	3.120	3.312	48,51%	51,49%	94,20
Muxía	5.663	2.775	2.888	49,00%	51,00%	96,09
Ponteceso	6.494	3.274	3.220	50,42%	49,58%	101,68
Vimianzo	8.364	4.079	4.285	48,77%	51,23%	95,19

Táboa 5. Distribución da poboación por sexo, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.

En todos os concellos é maior o porcentaxe de mulleres que de homes, salvo no caso de Ponteceso. Por outra banda, aínda que existen moi poucas diferenzas, todos os concellos da Zona, sen excepción, presentan un índice de masculinidade superior ao do total da provincia e ao da comunidade autónoma.

Centrándonos na **idade**, pero sen deixar de lado o xénero, as táboas e figura seguintes (táboas 6, 7 e 8 e figura 6) mostran os principais indicadores demográficos publicados no IGE, sendo a última actualización o 30 de xullo de 2008.

Territorio	Idade media Total	Idade Media Homes	Idade Media Mulleres
<b>Galicia</b>	44,4	42,7	46
<b>A Coruña</b>	44	42,3	45,6
Cabana de Bergantiños	47,6	45,6	49,5
Camariñas	45	43,3	46,6
Carballo	42,8	41,4	44,1
A Laracha	45,8	44,5	47,1
Laxe	45,5	43,2	47,8
Malpica	48,4	46,5	50,2
Muxía	47	45,4	48,6
Ponteceso	47,7	45,9	49,6
Vimianzo	46	44	47,9

Táboa 6. Idade Media, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.

Como resalta a táboa 6, a poboación feminina ten unha idade media maior ca da poboación masculina, e salvo no concello de Carballo, a idade media da poboación (total, homes e mulleres) de cada un dos municipios é superior á da provincia e á de Galicia. Se relacionamos estes datos cos da táboa 5, referente á distribución da poboación por sexo, na que se denotaba, que salvo en Ponteceso, o porcentaxe de mulleres é maior que o de homes, obtemos un indicador do envellecemento da poboación (máis mulleres e de maior idade).

A os indicadores anteriores súmaselle a porcentaxe de poboación de 65 e mais anos (datos que se mostran na táboa 7), e que en todos os casos, salvo de novo en Carballo, é superior á media da provincia da Coruña e á de Galicia. Resáltase por tanto de novo, o envellecemento da poboación desta Zona (figura 5), e que se fai máis salientable en Malpica, cun porcentaxe de poboación de 65 e mais anos moi superior á media da provincia e da comunidade autónoma. Situación que xa se vía reflectida na media de idade da poboación, debido a que é o municipio que presenta os datos máis altos.

Territorio	Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos
<b>Galicia</b>	16	62,5	21,6
<b>A Coruña</b>	15,8	63,7	20,5
Cabana de Bergantiños	13,4	61,5	25,1
Camariñas	16,6	61,3	22,1
Carballo	17,3	63,6	19,1
A Laracha	13,9	63	23,2
Laxe	14,6	63,1	22,2
Malpica	12,3	60,6	27,1
Muxía	14,3	60,3	25,4
Ponteceso	12,8	60,7	26,6
Vimianzo	15	61,5	23,5

Táboa 7. Poboación por rangos de idade, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.




Figura 6. Poboación total Zona 3, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.

Territorio	Índice de envellecemento	Índice de sobre envellecemento	Índice de dependencia global	Índice de recambio da poboación activa
<b>Galicia</b>	135,2	13,3	60,1	1,02
<b>A Coruña</b>	130	12,5	57	1,05
Cabana de Bergantiños	187,1	13,6	62,5	1,16
Camariñas	133,1	11,3	63,1	1,23
Carballo	110	11	57,2	1,02
A Laracha	167,1	13,8	58,7	1,28
Laxe	152,1	13,2	58,4	1,06
Malpica	220	12,8	64,9	1,25
Muxía	177,6	14,5	65,7	1,20
Ponteceso	208,2	12,2	64,9	1,08
Vimianzo	156,4	13,2	62,7	1,23

Táboa 8. Índices demográficos, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.

Como conclusión ás táboas anteriores, a táboa 8 mostra os seguintes índices:

- *Índice de envellecemento*: Relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos.

Unicamente Carballo (110), presenta un índice de envellecemento inferior á media da provincia (130) e de Galicia (135,2). Camariñas mostra datos intermedios con 133,1. Débese resaltar neste punto, o concello de Malpica, con un índice de envellecemento de 220.

- *Índice de sobre envellecemento*: Relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos.

Este índice presenta mellores resultados que o anterior, se o comparamos á media da Coruña e de Galicia, xa que todos os concellos presentan datos moi similares a ditas medias. Podemos destacar, como sempre, o concello de Carballo xa que presenta o índice menor, e o de Muxía que presenta o índice de sobre envellecemento maior. Malpica neste caso, sitúase nun punto intermedio entre as dúas referencias (A Coruña e Galicia).

- *Índice de dependencia global*: Relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes (poboación menor de 20 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación potencialmente activa (poboación entre 20 e 64 anos). Este índice pódese desagregar en outros dous:
  - *Índice de dependencia senil*: Relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación potencialmente activa (poboación entre 20 e 64 anos).

Salvo o concello de Carballo, con un índice de dependencia senil de 30, todos os concellos da Zona presentan un índice superior ao da provincia (32,2) e ao de Galicia (34,5). Destaca Malpica con un índice de dependencia senil de 44,6.

- *Índice de dependencia xuvenil*: Relación entre a poboación nova (poboación menor de 20 anos) e a poboación potencialmente activa (poboación entre 20 e 64 anos).

Unicamente os municipios de Carballo (27,3) e Camariñas (27,1) presentan un índice de dependencia xuvenil, superior ao total da provincia (24,8) e de Galicia (25,5).

Todos os municipios que compoñen a Zona da Costa da Morte (Zona3) presentan un índice de dependencia global superior ao que presenta o total da provincia da Coruña, e unicamente Carballo, A Laracha e Laxe, mostran un índice inferior á media de Galicia.

- *Índice de recambio da poboación activa*: Relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 20 e 24 anos. Mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando.

O índice de recambio da poboación activa do total da Zona 3 é de 1,13, superior ao índice da Coruña (1,05) e ao de Galicia (1,02). Ningún concello se atopa por debaixo do 1 e o que máis se aproxima é Carballo con un 1,02, dato inferior ao da provincia e igual ao de Galicia.

#### *Movements naturais da poboación:*

O IGE publicou o 30 de xullo do ano 2008 datos provisionais de nacementos e defuncións para o ano 2007, que se reflicten na táboa 9. O saldo vexetativo en todos os territorios é negativo, e dicir, prodúcense máis defuncións que nacementos. Isto pode explicar, en parte, o descenso da poboación na Zona.

Cerca do 50% dos nacementos da Zona da Costa da Morte se producen en Carballo, e sen embargo, menos do 30% doas defuncións da Zona suceden neste municipio. Por todo isto, Carballo é o concello con menor saldo vexetativo negativo.

A seguinte figura (figura 7) mostra a evolución na Zona da Costa da Morte dos nacementos, defuncións e saldo vexetativo no período 2001-2007, no que se reflicte que durante todo o período o saldo vexetativo presentou datos negativos.

Ao analizar datos absolutos é complicado obter afirmacións concluíntes, polo que empregaremos taxas e índices referentes á natalidade e mortalidade en función da poboación, e así poder realizar comparacións que nos leven a conclusións (táboa 10).

Territorio	Nacementos	% de nacementos respecto do total da Zona3	Defuncións	% de defuncións respecto do total da Zona3	Saldo vexetativo
<b>Galicia</b>	21.670		29.799		-8.129
<b>A Coruña</b>	8.979		11.750		-2.771
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	528	100,00%	909	100,00%	-381
Cabana de Bergantiños	19	3,60%	56	6,16%	-37
Camariñas	39	7,39%	63	6,93%	-24
Carballo	253	47,92%	270	29,70%	-17
A Laracha	81	15,34%	124	13,64%	-43
Laxe	17	3,22%	40	4,40%	-23
Malpica	23	4,36%	87	9,57%	-64
Muxía	18	3,41%	78	8,58%	-60
Ponteceso	40	7,58%	90	9,90%	-50
Vimianzo	38	7,20%	101	11,11%	-63

Táboa 9. Movements naturais da poboación, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.




Figura 7. Evolución Saldo Vexetativo Zona 3, 2001-2007. Elaboración propia, fonte IGE.



Territorio	Taxa bruta de natalidade	Índice sintético de fecundidade	Índice de maternidade	Taxa bruta de mortalidade
<b>Galicia</b>	7,7	1	0,15	10,6
<b>A Coruña</b>	7,9	1	0,15	10,1
Cabana de Bergantiños	3,4	0,6	0,09	11,5
Camariñas	5,4	0,9	0,13	10,4
Carballo	8,8	1,1	0,17	8,5
A Laracha	7,5	1	0,13	11,1
Laxe	5,3	0,8	0,13	8,9
Malpica	4,9	0,8	0,09	13,9
Muxía	5,3	0,9	0,14	13,3
Ponteceso	5,5	0,9	0,13	13,8
Vimianzo	6,3	0,9	0,13	11,3

Táboa 10. Indicadores demográficos, 2006. Elaboración propia, fonte IGE.

Como non podía ser outro, Carballo (8,8) é o único concello da Zona 3 que presenta unha taxa bruta de natalidade<sup>1</sup> superior ao da Coruña (7,9) e do de Galicia (7,7). O Concello que mostra o índice menor é o de Cabana de Bergantiños. Se analizamos a taxa bruta de mortalidade<sup>2</sup> Carballo segue presentando os mellores índices, xa que mostra a taxa menor (8,5), seguido moi de cerca por Laxe (8,9). Son os dous únicos municipios que presentan taxas inferiores ás do total da provincia (10,1).

Centrándonos na natalidade, Carballo (1,1) é o único municipio que ten un número medio de fillos por muller (ou índice sintético de fecundidade) superior ao do total da provincia da Coruña e de Galicia (1 en ambos casos). Laxe iguala este último dato. O índice mostra unha imaxe moi preocupante sobre a natalidade, xa que representa o número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil (de 15 a 49 anos), e na maioría dos concellos non chega a 1, sendo moi salientable o caso de Cabana de Bergantiños con un índice sintético de fecundidade de 0,6.

O índice de maternidade, que é a relación entre a poboación de 0 a 4 anos e a poboación feminina en idade fértil (de 15 a 49 anos), presenta datos moi similares, sendo Carballo o de maior índice (0,17) e Cabana de Bergantiños, xunto con Malpica, o de menor índice da Zona (0,09). O índice de maternidade do total da Zona da Costa da Morte é de 0,14, lixeiramente inferior ao presentado no total de Galicia e da Coruña (0,15).

<sup>1</sup> Taxa bruta de natalidade: Número de nacementos por cada 1.000 habitantes.

<sup>2</sup> Taxa bruta de mortalidade: Número de defuncións por cada 1.000 habitantes.

### Movements migratorios:

Por último, analizaremos os movementos migratorios, xa que poden representar unha peza crave na evolución e estrutura da poboación, afectando de forma considerable no mercado de traballo.




Figura 8. Evolución Saldo Migratorio Zona 3, 2001-2006. Elaboración propia, fonte IGE.

Como se reflicte na figura, dende o 2002 o saldo migratorio da Zona da Costa da Morte foi positivo. A gráfica mostra un pico en 2003 (407), debido a que 5 dos 9 concellos que compoñen a Zona 3 obteñen nese ano un saldo migratorio positivo, destacando o concello de Carballo con 343 e A Laracha con 100. Esta situación puido ser motivado pola inmigración estranxeira, que supuxo no total da Zona 3 un 31% das inmigracións, mentres que no total de Galicia e da Coruña, este tipo de inmigración supuxo un 18%.

As táboas 11 e 12 mostran os datos relativos á procedencia das inmigracións e o destino das emigracións no ano 2006.

Como se mostra na táboa 11 a emigración interna supón cerca das 3 cuartas partes da emigración total da Zona 3 (74,34%), dato superior ao de Galicia e da Coruña. A metade da poboación emigrante da Costa da Morte emigra a outra comarca da mesma provincia (figura 9).

Dentro da Zona 3, Malpica é o concello con maior porcentaxe de emigración interna (81,82%) e máis de unha terceira parte quédase na mesma comarca, na Comarca de Bergantiños. Sen embargo, a emigración de Camariñas e de Vimianzo con destino a outro concello da mesma comarca é practicamente residual.

Territorio	Total Emigración	Emigración interna					Emigración externa		
		Total emigración interna	Á mesma provincia			A outra provincia de Galicia	Total emigración externa	A outra CCAA	Ao estranxeiro
			Total mesma provincia	Á mesma comarca	A outra comarca da mesma provincia				
<b>Galicia</b>	88.770	71,52%	58,51%	32,19%	26,32%	13,01%	28,48%	24,08%	4,40%
<b>A Coruña</b>	37.986	73,90%	64,96%	38,97%	25,99%	8,93%	26,10%	21,83%	4,28%
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	2.194	74,34%	69,69%	19,64%	50,05%	4,65%	25,66%	20,33%	5,33%
Cabana de Bergantiños	147	77,55%	74,83%	25,17%	49,66%	2,72%	22,45%	14,97%	7,48%
Camariñas	199	75,38%	72,36%	8,04%	64,32%	3,02%	24,62%	10,55%	14,07%
Carballo	751	72,17%	65,25%	21,84%	43,41%	6,92%	27,83%	24,77%	3,06%
A Laracha	255	78,43%	75,29%	16,86%	58,43%	3,14%	21,57%	16,86%	4,71%
Laxe	116	75,00%	72,41%	17,24%	55,17%	2,59%	25,00%	24,14%	0,86%
Malpica	176	81,82%	78,98%	34,66%	44,32%	2,84%	18,18%	17,05%	1,14%
Muxía	163	65,03%	60,12%	20,25%	39,88%	4,91%	34,97%	25,15%	9,82%
Ponteceso	174	79,31%	77,01%	22,41%	54,60%	2,30%	20,69%	16,09%	4,60%
Vimianzo	213	70,42%	64,79%	8,45%	56,34%	5,63%	29,58%	22,07%	7,51%

Táboa 11. Emigración total e destino da mesma, 2006. Elaboración propia, fonte IGE.

Territorio	Total Inmigración	Inmigración interna					Inmigración externa		
		Total Inmigración interna	Da mesma provincia			Doutra provincia de Galicia	Total inmigración externa	Doutra CCAA	Do estranxeiro
			Total da mesma provincia	Da mesma comarca	Doutra comarca da mesma provincia				
<b>Galicia</b>	106.371	59,69%	48,83%	26,87%	21,96%	10,86%	40,31%	18,74%	21,57%
<b>A Coruña</b>	45.630	63,34%	54,08%	32,44%	21,64%	9,27%	36,66%	17,14%	19,51%
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	2.288	56,21%	52,75%	19,19%	33,57%	3,45%	43,79%	16,52%	27,27%
Cabana de Bergantiños	87	62,07%	54,02%	20,69%	33,33%	8,05%	37,93%	14,94%	22,99%
Camariñas	207	43,48%	41,06%	6,76%	34,30%	2,42%	56,52%	20,77%	35,75%
Carballo	924	55,84%	52,38%	22,29%	30,09%	3,46%	44,16%	16,02%	28,14%
A Laracha	360	74,44%	71,39%	19,17%	52,22%	3,06%	25,56%	9,17%	16,39%
Laxe	95	38,95%	37,89%	11,58%	26,32%	1,05%	61,05%	29,47%	31,58%
Malpica	98	54,08%	53,06%	35,71%	17,35%	1,02%	45,92%	20,41%	25,51%
Muxía	154	44,16%	40,91%	11,69%	29,22%	3,25%	55,84%	22,73%	33,12%
Ponteceso	156	67,95%	61,54%	31,41%	30,13%	6,41%	32,05%	12,18%	19,87%
Vimianzo	207	45,41%	42,03%	9,18%	32,85%	3,38%	54,59%	18,84%	35,75%

Táboa 12. Inmigración total e procedencia da mesma, 2006. Elaboración propia, fonte IGE.

A inmigración interna da Costa da Morte supón un menor peso respecto do total da inmigración (56,21%), que no tocante a Galicia (59,69%) e á Coruña (63,64%). Entre os concellos que compoñen a Zona 3 destaca A Laracha, debido a que cerca das 3 cuartas partes da poboación inmigrante, procede de algún lugar de Galicia, en concreto máis da metade (52,22%) procede doutra comarca da provincia de A Coruña.

As seguintes figuras 9 e 10, reflicten dunha maneira gráfica, o peso segundo destino do total da poboación emigrante da Zona da Costa da Morte e o peso segundo procedencia do total da poboación inmigrante, respectivamente.




Figura 9. Destino da emigración total da Zona 3, 2006. Elaboración propia, fonte IGE




Figura 10. Procedencia da inmigración da Zona 3, 2006. Elaboración propia, fonte IGE

### A renda zonal:

Para analizar a renda da Zona 3 tívose en conta o IRPF declarado pola poboación da Costa da Morte. Os últimos datos publicados no IGE sobre este imposto corresponden ao ano 2005. A táboa 13 e a figura 11 reflicten os datos extraídos.

A media dos concellos que compoñen a Zona 3 é case 6.000 € inferior ao rendemento medio declarado no total da provincia da Coruña, e máis de 5.000 € inferior ao de toda Galicia. Ningún concello supera as medias da provincia e da comunidade autónoma. Carballo é o de maior rendemento medio declarado, pero cunha cifra moi inferior ás medias (11.697,52 €) e Muxía o de menor rendemento cun dato inferior aos 9.000 € (8.942,63 €).

Territorio	Número de declarantes por tramos de base imponible					Rendemento medio declarado
	Total	De 0 a 6.000 euros	De 6.000 a 12.000 euros	De 12.000 a 21.000 euros	Máis de 21.000 euros	
<b>Galicia</b>	1.082.174	286.248	293.992	268.779	233.155	15.021,74
<b>A Coruña</b>	466.242	114.625	125.306	118.143	108.168	15.923,80
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	29.380	10.086	10.271	6.076	2.947	10.170,03
Cabana de Bergantiños	1.673	619	618	305	131	9.990,80
Camariñas	1.823	771	591	309	152	9.543,10
Carballo	11.580	3.524	4.125	2.588	1.343	11.697,52
A Laracha	4.009	1.247	1.439	934	389	11.099,99
Laxe	1.225	492	409	207	117	9.597,07
Malpica	2.241	818	804	425	194	10.110,58
Muxía	1.840	787	605	321	127	8.942,63
Ponteceso	2.303	772	785	500	246	10.677,90
Vimianzo	2.686	1.056	895	487	248	9.870,64

Táboa 13. IRPF, 2005. Elaboración propia, fonte IGE.

Como mostra a gráfica seguinte (figura 11), é moito maior o porcentaxe de declarantes con rendementos inferiores a 12.000 € (69,29%) na Zona 3 da Costa da Morte que no total da provincia (51,46%) e de Galicia (53,62%), e pola tanto, é moi inferior o porcentaxe de rendementos superiores a 12.000 €. Unicamente o 10,03% dos declarantes da Zona obteñen rendementos superiores a 21.000 € (en Muxía non chega ao 7%), fronte aos 23, 20% da provincia.




Figura 11. IRPF, 2005. Elaboración propia, fonte IGE

### 2.2.1.2 Mercado de traballo

O apartado anterior arroxou certas conclusións moi preocupantes, a última, o baixo nivel de renda per cápita da Zona. No presente apartado intentárase analizar a situación do mercado de traballo na Costa da Morte, e que pode axudar a explicar este nivel de renda inferior. Ademais, este análise permitirá describir as características do emprego na poboación, de acordo coa idade, sexo e sector económico.

#### Contratación:

O número de contratos iniciais rexistrados, tanto de duración indefinida como de duración determinada, realizados na Zona 3 incrementouse nos últimos anos, se temos en conta o período 2002-2007 e ambos sexos (a taxa de variación é de 5,12%). Sen embargo, ao desagregar os datos en función do **sexo**, obtemos que neste período os contratos iniciais ás mulleres diminuíron nun 6,49%.

Territorio	taxa de variación ambos sexos	taxa de variación homes	taxa de variación muller
	2002-2007		
<b>Galicia</b>	19,60%	11,71%	29,71%
<b>A Coruña</b>	22,82%	14,34%	33,30%
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	5,12%	19,55%	-6,49%
Cabana de Bergantiños	-1,31%	-7,25%	1,79%
Camariñas	45,70%	24,56%	72,29%
Carballo	0,02%	23,11%	-14,88%
A Laracha	11,86%	14,24%	8,79%
Laxe	65,06%	48,30%	96,77%
Malpica	-3,08%	6,12%	-10,24%
Muxía	-7,73%	-9,72%	-3,17%
Ponteceso	-3,55%	30,94%	-26,93%
Vimianzo	8,29%	25,24%	-10,79%

Táboa 14. Variación contratos iniciais , 2002-2007. Elaboración propia, fonte IGE.

Na figura 13, móstrase como no ano 2002 os contratos iniciais ás mulleres eran superiores ás dos homes, e que ao longo do período 2002-2007 sufriron altos e baixos, remarcando o descenso producido no 2007 que sitúa a contratación inicial feminina da Zona 3 por debaixo da masculina. Sen embargo, os homes seguiron unha evolución crecente ata o 2006 e aínda que se produciu un descenso no 2007, este non foi suficiente como para devolver unha taxa negativa no período.



Débese destacar que cando a totalidade dos contratos iniciais descende ou se produce un estancamento (figura 12), o xénero que se ve máis afectado é o feminino. Así no ano 2004 que se produce un estancamento, os contratos iniciais a homes seguiron aumentando mentres ca a contratación inicial a mulleres diminuíu. O gran descenso do 2007 afectou aos dous xéneros, pero dunha maneira máis drástica ás mulleres, a taxa de variación dos contratos iniciais a homes 2006-2007 é de -5,86%, mentres que a taxa de variación dos contratos iniciais a mulleres no mesmo período é de -14,28%.




Figura 12. Evolución dos contratos iniciais na Zona 3, 2002-2007.

Elaboración propia, fonte IGE




Figura 13. Evolución dos contratos iniciais por sexo na Zona 3, 2002-2007.

Elaboración propia, fonte IGE

Se temos en conta a evolución dos contratos iniciais en función da **modalidade** ou duración dos mesmos, obtemos que no período 2002-2007, o número de contratos iniciais de duración indefinida aumentou na Zona 3 case un 60%, mentres que os de duración determinada incrementáronse unicamente nun 3%, motivado sobre todo polo gran descenso producido no último ano 2007, no que os contratos iniciais temporais diminuíron en máis dun 11% respecto ao ano anterior. Si ben, en números absolutos segue sendo moito maior o número de contratos iniciais de duración determinada ou temporais que de duración indefinida, xa que estes últimos, no 2007 solo representaban o 6% dos contratos iniciais da Zona da Costa da Morte.




Figura 14. Modalidade dos contratos iniciais Zona 3, 2007. Elaboración propia, fonte IGE

Relacionando a modalidade dos contratos iniciais co sexo das persoas contratadas, obtemos que un 59,4% das persoas contratadas cunha duración indefinida no 2007 na Zona 3 son homes ao igual que o 50,2% das persoas contratadas cunha duración determinada son homes. Polo tanto, a contratación inicial na Zona da Costa da Morte, sexa de duración determinada ou de duración indefinida é sempre superior a masculina que a feminina, pero a diferenza é moito menor cando se trata de contratos de duración determinada, xa que case están igualados ambos sexos.

A figura 15 relaciona a modalidade dos contratos co sexo das persoas contratadas no 2007 na Zona 3, representando o porcentaxe que supoñen cada un das modalidades co xénero respectivo do total dos contratos iniciais realizados.




Figura 15. Modalidade dos contratos iniciais na Zona 3 por sexo, 2007.

Elaboración propia, fonte IGE

En canto a contratación **por sectores de actividade**, en 2007 o sector servizos foi o sector de actividade que maior número de contratos realizou na Zona 3. Algo máis do 42% dos contratos iniciais totais da Zona da Costa Morte foron no sector servizos, mentres que unicamente o 5 % corresponderon á agricultura e a pesca.




Figura 16. Contratación inicial total da Zona 3, 2007. Elaboración propia, fonte IGE

A táboa 15 desagrega os datos anteriores nos municipios que compoñen a Zona da Costa da Morte e mostra os datos relativos á provincia e a Galicia:

- O sector con maior contratación en Cabana de Bergantiños e Malpica é a Industria a diferenza do resto dos municipios da Zona 3, que é o sector servizos. Esta situación é salientable no caso de Cabana de Bergantiños, xa que a contratación no sector industrial supón cerca do 60% da contratación inicial do Concello. En Camariñas o sector servizos supón cerca do 56% da contratación inicial.
- Se analizamos por sectores, o concello no que a Agricultura e pesca ten un maior porcentaxe de contratacións é Laxe, seguido de cerca por Camariñas e Muxía. Pola contra, unicamente o 0,7% dos contratos iniciais realizados en Carballo pertencen a este sector.
- O sector da construción ten o maior porcentaxe de contratación no concello de Vimianzo, e no que menos, Laxe.
- Se comparamos o total da Zona da Costa da Morte con Galicia e coa provincia obsérvase que a pesar de que na Zona 3 o sector con maior peso de contratacións iniciais tamén é o de servizos ao igual que nas dúas medias, o porcentaxe é moito menor, repartindo a diferenza nos outros tres sectores, sobre todo no sector industrial e da construción.
- Agricultura e pesca supón unicamente o 5,08% dos contratos iniciais da Zona da Costa da Morte, pero este dato supón o dobre que no total de Galicia e case o triplo que no total da provincia da Coruña.

Territorio	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
<b>Galicia</b>	815.466	2,52%	10,11%	11,42%	75,95%
<b>A Coruña</b>	352.713	1,86%	8,78%	12,27%	77,09%
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	13.119	5,08%	26,86%	25,79%	42,27%
Cabana de Bergantiños	756	1,72%	<b>58,99%</b>	17,99%	21,30%
Camariñas	1033	19,85%	8,13%	16,17%	<b>55,86%</b>
Carballo	6.513	0,69%	30,45%	28,11%	<b>40,75%</b>
A Laracha	1.254	1,36%	23,84%	26,95%	<b>47,85%</b>
Laxe	444	24,10%	9,46%	13,29%	<b>53,15%</b>
Malpica	724	11,33%	<b>39,23%</b>	16,02%	33,43%
Muxía	382	19,63%	6,28%	21,99%	<b>52,09%</b>
Ponteceso	733	7,78%	21,69%	24,83%	<b>45,70%</b>
Vimianzo	1.280	5,16%	15,86%	36,72%	<b>42,27%</b>

Táboa 15. Contratos iniciais sectores de actividade, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.

Por último, para concluír o apartado de contratos iniciais, analizarase a relación dos mesmos co **nivel de formación** das persoas contratadas (táboa 16). Deste xeito, destaca a contratación a persoas con educación secundaria, que en Galicia e A Coruña supón sobre un 74% dos contratos iniciais e no total da Zona da Costa da Morte cerca do 86%, en detrimento dos contratos a persoas cun nivel de educación superior, que na Zona 3 supón un 8,45%, fronte os 19,30% do total da Coruña e os 17,42% do total de Galicia, é dicir o dobre. Isto pode ser motivado por dous factores: o baixo nivel de formación da poboación da Zona da Costa da Morte, e a escada profesionalidade dos sectores de actividade económica.

Se analizamos a un nivel máis desagregado, resalta o concello de Cabana de Bergantiños, no que practicamente a totalidade dos contratos se realizan a persoas con un nivel formativo de educación secundaria (un 93, 25%)

Territorio	Total	Analfabetos	Educación primaria	Educación secundaria	Educación superior
<b>Galicia</b>	815.466	3,37%	4,27%	74,93%	17,42%
<b>A Coruña</b>	352.713	3,78%	3,06%	73,86%	19,30%
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	13.119	1,72%	3,92%	85,91%	8,45%
Cabana de Bergantiños	756	0,26%	2,38%	93,25%	4,10%
Camariñas	1033	1,16%	6,78%	83,74%	8,33%
Carballo	6.513	1,54%	2,81%	86,15%	9,50%
A Laracha	1.254	2,79%	4,39%	84,61%	8,21%
Laxe	444	3,15%	5,63%	83,11%	8,11%
Malpica	724	3,04%	4,83%	86,60%	5,52%
Muxía	382	1,57%	14,66%	78,53%	5,24%
Ponteceso	733	2,59%	3,27%	84,86%	9,28%
Vimianzo	1.280	1,17%	3,75%	86,80%	8,28%

Táboa 16. Contratos iniciais por nivel formativo, 2007. Elaboración propia, fonte IGE.




Figura 17. Contratación inicial total da Zona 3, 2007. Elaboración propia, fonte IGE

### Paro rexistrado:

A outra cara da moeda no mundo laboral é o paro, neste apartado tratarase de analizar o paro rexistrado na Zona da Costa da Morte, tanto en datos absolutos como en termos relativos, en función dos sectores de actividade, do sexo e da idade das persoas que se atopan nesta situación de non actividade laboral.

Neste análise centrarémonos nos últimos anos, a partir do cambio de metodoloxía en maio do 2005. Até o momento empregábase a denominada Metodoloxía SILE (Sistema de Información Laboral de Emprego) e na actualidade utilízase a nova Metodoloxía SISPE (Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego), que supón a incorporación á estatística de desemprego dos demandantes de emprego de nacionalidade estranxeira, así como outros colectivos de desempregados antes excluídos da estatística mensual de desemprego.

Territorio	Ambos sexos	Homes	Mulleres
<b>Galicia</b>	-8,90%	-11,54%	-7,32%
<b>A Coruña</b>	-7,95%	-10,88%	-6,17%
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	-5,07%	-12,86%	-0,51%

Táboa 17. Variación do paro rexistrado sexos, 2005-2007. Elaboración propia, fonte IGE.

No período 2005-2007 o paro rexistrado na Zona da Costa da Morte diminuíu nun 5% algo menos do total da provincia da Coruña, con unha diminución do 8%, e de Galicia con unha diminución do 9%. Se analizamos esta variación por sexos, a táboa 17 mostra claramente a gran diferenza entre ambos, xa que mentres o paro rexistrado de homes neste período na Zona 3 diminuíu case un 13% e o paro rexistrado de mulleres unicamente un 0,5%. A diferenza é salientable e máis se o comparamos co sucedido no total da provincia e de Galicia, debido a que aínda que a diminución do paro rexistrado de homes no período 2005-2007 segue sendo moito maior que o das mulleres, a diferenza é moito menor.

Na figura 18 desagregase a nivel municipal a variación do paro rexistrado total (ambos sexos) no mesmo período 2005-2007. Unicamente os concellos de Camariñas e Muxía viron incrementado o paro rexistrado cun incremento do 14,65% e 4,06% respectivamente, o resto dos municipios que compoñen a Zona 3 presentan taxas negativas. Destaca Laxe con un descenso do paro rexistrado de 17,5%.




Figura 18. Variación do paro rexistrado, 2005-2007. Elaboración propia, fonte IGE

Centrándonos no último ano 2007, as figuras 19 e 20 mostra a distribución do **paro rexistrado por sexos** e por idade respectivamente. Na figura 19 reflíctese claramente o maior paro feminino, case as dúas terceiras partes das persoas rexistradas no paro no total da Zona 3 son mulleres.

Se comparamos estes datos cos obtidos no total da provincia da Coruña e de Galicia, non hai grandes diferenzas en relación a que de igual maneira o paro rexistrado feminino é moito maior ca o masculino en ambos casos, claro que a diferenza é menor (en Galicia o paro rexistrado feminino é de 63,69% e na Coruña é 63,64%).

Desagregando a nivel municipal, Carballo presenta un maior porcentaxe de paro feminino que o resto dos concellos que compoñen a Zona da Costa da Morte, con case o 70% de mulleres paradas. Pola contra, Ponteceso disipa moito máis esta diferenza entre paro rexistrado feminino e masculino, cun 60% de mulleres paradas.




Figura 19. Paro rexistrado por sexo Zona 3, 2007. Elaboración propia, fonte IGE

En canto a **idade** (figura 20), só o 8,8% das persoas rexistradas no paro no 2007 na Zona da Costa da Morte son menores de 25 anos. Ao igual que se comentaba no parágrafo anterior, estes datos non distan moito do reflectido no total de Galicia e A Coruña, aínda que estes presentan porcentaxes de paro rexistrado en menores de 25 maiores, 10,1% e 9,5% respectivamente.




Figura 20. Paro rexistrado por idade Zona 3, 2007. Elaboración propia, fonte IGE

Seguindo coa metodoloxía empregada no análise da figura anterior, se comparamos os datos da figura 20 cos obtidos no total da provincia e de Galicia, non hai grandes diferenzas, as persoas paradas menores de 25 anos representan o 9,48% no total da Coruña e o 10,12% no total da comunidade. Desagregando a nivel municipal as diferenzas tamén son mínimas, podemos destacar os dous extremos: Camariñas cun 13,44% é o concello de maior porcentaxe de parados menores de 25 anos e Vimianzo cun 6,52% e concello da Zona da Costa da Morte con menor porcentaxe de parados rexistrados de esta idade.

Ao analizar o paro rexistrado debemos facer mención á súa distribución por **sectores de actividade**, os datos para o ano 2007 reflíctense na táboa 18 e na figura 21. Entre Galicia e A Coruña as diferenzas nos pesos son mínimas, pero o total da Zona 3 e os municipios que a compoñen presentan certas diferenzas co total da provincia e da comunidade:

- Aínda que o sector con maior paro nos tres territorios é o sector servizos, o peso relativo é ben distinto. En Galicia e A Coruña o sector servizos supón sobre un 56% do paro rexistrado, é dicir, máis da metade, mentres na Zona 3 o peso deste sector no paro é do 38,08%.
- No sector industrial tamén existen grandes diferenzas, na Zona da Costa da Morte o peso deste sector no paro rexistrado supón cerca do dobre do que supón no conxunto da provincia e de Galicia.



- O sector da construción e da agricultura e gandería tamén supoñen un maior peso na Zona 3 que en Galicia e A Coruña. Caso contrario sucede no paro rexistrado de persoas sen emprego anterior cuxo peso é menor na Zona da Costa da Morte.

Territorio	Agricultura/ Gandería	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
<b>Galicia</b>	3,07%	15,73%	10,11%	55,95%	15,15%
<b>A Coruña</b>	2,55%	15,94%	10,45%	56,49%	14,58%
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	4,11%	28,66%	16,53%	38,08%	12,68%
Cabana de Bergantiños	1,95%	33,20%	20,31%	35,16%	9,77%
Camariñas	12,33%	9,47%	16,96%	42,29%	18,72%
Carballo	1,33%	34,12%	14,77%	38,92%	10,90%
A Laracha	2,29%	28,64%	16,86%	42,06%	9,98%
Laxe	4,72%	21,70%	16,04%	42,92%	15,09%
Malpica	11,46%	32,82%	13,62%	30,65%	11,76%
Muxía	6,83%	23,17%	18,54%	32,68%	19,02%
Ponteceso	6,78%	25,08%	14,92%	38,31%	14,92%
Vimianzo	3,67%	26,07%	23,22%	34,01%	13,03%

Táboa 18. Distribución do paro rexistrado por sector de actividade, 2007.  
Elaboración propia, fonte IGE.




Figura 21. Distribución do paro rexistrado por sector de actividade Zona 3, 2007.  
Elaboración propia, fonte IGE

Por último en cuestión de distribución do paro rexistrado, analizaremos o **tempo en busca emprego** que no 2007 levaban as persoas rexistradas no paro (táboa 19). Ao igual que sucedía no análise anterior do paro rexistrado por sectores de actividade, as diferenzas entre os datos que reflicte o total de Galicia e o de A Coruña son mínimas. Así mesmo, aínda que o tempo de espera que menos peso representa no paro rexistrado é de 6 meses a 1 ano e o que máis peso representa é menos de 6 meses, tanto no total da Zona 3 como na provincia e na comunidade, na Zona da Costa da Morte estas dúas temporalidades están practicamente igualadas.

Desagregando a nivel municipal, atopámonos con que case na metade dos concello que compoñen a Zona 3 é maior o porcentaxe de parados que levan máis de un ano na procura de emprego, é dicir, parados de longa duración. Estes concellos son: A Laracha, Laxe, Muxía e Vimianzo. Destaca Muxía, municipio no que case o 50% dos parados rexistrados son parados de longa duración.

Por outra banda, máis dos 50% dos parados rexistrados en Camariñas levan menos de 6 meses na procura de emprego.

Territorio	Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano
<b>Galicia</b>	47,7%	13,9%	38,4%
<b>A Coruña</b>	46,3%	14,0%	39,7%
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	42,7%	15,5%	41,9%
Cabana de Bergantiños	<b>45,02%</b>	15,87%	39,11%
Camariñas	<b>51,06%</b>	17,23%	31,70%
Carballo	<b>41,95%</b>	16,14%	41,91%
A Laracha	39,87%	12,52%	<b>47,61%</b>
Laxe	42,01%	14,16%	<b>43,84%</b>
Malpica	<b>48,57%</b>	15,43%	36,00%
Muxía	36,14%	14,11%	<b>49,75%</b>
Ponteceso	<b>49,34%</b>	13,58%	37,09%
Vimianzo	37,82%	16,96%	<b>45,22%</b>

Táboa 19. *Distribución do paro rexistrado por tempo de busca de emprego, 2007. Elaboración propia, fonte Instituto Galego das Cualificacións.*

Non podemos rematar este apartado sen ter en conta que no último ano están a suceder cambios importantes no entorno que poden modificar substancialmente os datos que se viñan reflectindo ata o presente ano 2008. Así mesmo, na seguinte figura (figura 22) móstrase a evolución do paro rexistrado mensual na Zona 3 no 2008.

Aínda que o paro rexistrado no total da Zona da Costa da Morte presenta unha taxa de variación dende xaneiro ata agosto de 2008 negativa, esta negatividade é moi débil, de -0,95%.

Por outra banda, se analizamos as variacións mensuais, no último mes representado (agosto) o paro incrementouse un 1,93%, dato moi similar aínda que lixeiramente inferior ao sucedido no total de Galicia (2,09%) e da provincia (2,13%).




Figura 22. Evolución do paro rexistrado na Zona 3, 2008. Elaboración propia, fonte IGE

#### Nivel educativo e de formación:

A formación regulada que posúe unha determinada poboación é un dos indicadores básicos para coñecer o capital humano local e o potencial de desenvolvemento endógeno dun territorio. Por iso, a pesar de que os datos dos que contamos para facer un análise a este nivel de concreción son moi antigos, datos publicados no INE do Censo de Poboación e Vivendas de 2001, é necesario facer un análise do nivel educativo e de formación da Zona.

Na seguinte figura (figura 23) preséntase a distribución da poboación de 16 ou máis anos residente na demarcación da Zona da Costa da Morte por niveis formativos.

A taxa de analfabetismo (“non sabe ler ou escribir”) é superior á media de Galicia e da Coruña, máis do dobre (4,23% total na Zona 3 fronte ao 2,05% en Galicia e A Coruña, que presentan a mesma cifra). En calquera caso, tendo en conta que máis do 5% da poboación da Zona da Costa da Morte en 2001 tiña 80 ou máis anos, podemos entender que gran parte da taxa de analfabetismo correspóndese con persoas de idade avanzada.

Neste aspecto, existen importantes diferenzas entre os nove municipios que compoñen a Zona 3. Así, a taxa de analfabetismo varía entre o 3,21% de Carballo e o 7,16% de Vimianzo.

En xeral pode afirmarse que o nivel formativo na Zona da Costa da Morte é baixo. Máis da metade da poboación de 16 ou máis anos non terminou os estudos primarios (62,33%) e case o 22% unicamente posúe o Graduado Escolar (actualmente Graduado en ESO). Ningún concello dos que compoñen a Zona da Costa da Morte supera á media de Galicia e a da provincia en poboación de 16 ou máis anos cunha carreira universitaria, xa sexa nivel de licenciatura ou de diplomatura, ao igual que sucede cos doutorados. En adición, todos os concellos sen excepción presentan taxas de analfabetismo (“non sabe ler ou escribir”) superiores a ditas medias.

Esta situación agrávase no caso das mulleres, xa que como se reflicte na figura 23, o 3,28% de poboación de 16 ou máis anos que non sabe ler ou escribir é muller. Pola contra, no caso dos homes esta taxa redúcese ata o 0,95% (a pesar de tratarse dunha taxa moito máis baixa ca no caso das mulleres, este último dato é o dobre que no total de Galicia e da Coruña).




Figura 23. Distribución da poboación de 16 ou máis anos da Zona 3 segundo o seu nivel de estudos, 2001. Elaboración propia, fonte INE

### 2.2.1.3 Actividade económica

Neste campo analizaranse as variables fundamentais de tódalas actividades económicas que se atopan na Zona da Costa da Morte, e como non podía ser doutro xeito, presentando especial atención á actividade pesqueira, na procura de datos que reflectan a necesidade de actuacións e proxectos nese campo e, fundamentalmente, as asociadas á diversificación do sector, creación de empresas noutros eidos e xeración de postos de traballo fóra do sector pesqueiro.

A cifra de número de empresas na Zona da Costa da Morte é de 6.414, situándose o 42,25% no concello do Carballo tal e como se observa na seguinte figura (figura 24).




Figura 24. Distribución das empresas da Zona 3 por municipios, 2007.

Elaboración propia, fonte IGE

Se temos en conta a Densidade Empresarial para o mesmo ano 2007, obtemos que esta densidade na Zona 3 (77,53) é lixeiramente superior ao total de Galicia (76,01) e superior ao da provincia (74,27). Claro que é certo que existen grandes diferenzas entre municipios, mentres que Carballo conta cunha densidade empresarial de 90,06, é dicir, neste municipio hai 90 empresas por cada 1.000 habitantes, no concello de Muxía a densidade empresarial é de 51,21. Ademais de Carballo, soamente dous concellos dos 9 que compoñen a Zona da Costa da Morte presentan unha densidade empresarial superior á media de Galicia e da Coruña, e son Malpica e Vimianzo, con 80,22 e 80,70 respectivamente.

Das 6.414 empresas que existen na Zona da Costa da Morte no 2007, practicamente o 70% son autónomos (persoas físicas), dato superior ao presentado polo total de Galicia (60,25%) e da Coruña (61,13%). Por outra banda, unicamente 0,78% das empresas son Sociedades Anónimas, mentres que no total de Galicia e da provincia este porcentaxe é de aproximadamente un 2%. Todo isto reflecte un menor nivel de “empregabilidade” na zona, xa que a expectativa de contratación por empresas da Zona é moito menor.




Figura 25. Distribución das empresas por forma xurídica na Zona 3, 2007.

Elaboración propia, fonte IGE

Se desagregamos o número de empresas por dimensión, en función do número de empregados que presentan, confirmase a pouca “empregabilidade” das empresas da Zona da Costa da Morte, xa que como se reflicte na figura 26, o 84,61% das empresas da Zona 3 teñen de 0 a 2 asalariados.

Non hai ningunha empresa con máis de 250 empregados, e 3 de 100 a 249 asalariados, das cales dous se atopan en Carballo (unha no sector industrial e outra no sector servizos) e 1 na Laracha (sector industrial). Das 10 empresas de 50 a 99 asalariados que se sitúan na Zona da Costa da Morte, 7 atópanse en Carballo e son do sector industrial (incluída a enerxía).




Figura 26. Distribución das empresas por dimensión na Zona 3, 2007.

Elaboración propia, fonte IGE

Se analizamos a variación de empresas ocorrida na Zona da Costa da Morte no período 2001-2007, obtemos que mentres que en Galicia o número de empresas con máis de 250 empregados incrementouse nun 41,56% e na provincia da Coruña nun 67,65%, na Zona 3 diminuíu nun 100%, xa que na actualidade non se atopa ningunha empresa con estas características, e segundo datos do Instituto Galego de Estatística, no período 2001-2004 si había unha empresa con máis de 250 asalariados.

Pola contra o número de empresas de 100 a 249 asalariados incrementouse nun 200% na Zona da Costa da Morte, mentres que en Galicia aínda que tamén aumentou unicamente o fixo nun 26,6% e A Coruña nun 22,5%.

Se nos centramos na taxa de variación total do número de empresas na Zona 3, os datos presentados son moi similares á media de Galicia e da provincia, con porcentaxes de 21,22%, 21,58% e 21,51%, respectivamente. Se desagregamos estes datos a nivel municipal, todos os concellos que compoñen a Zona 3 viron incrementado o número de empresas no seu territorio, claro que existen diferenzas, destaca o municipio de Camariñas cun incremento no número de empresas preto do 30% (figura 28).




Figura 27. Evolución do nº de empresas Zona 3, 2001-2007. Elaboración propia, fonte IGE




Figura 28. Taxa de variación do nº de empresas na Zona 3 por municipios, 2001-2007.

Elaboración propia, fonte IGE

Por último, analizarase o número de empresas da Zona segundo a **actividade empresarial** á que se dediquen. Como mostra a figura 29 o 64,58% das empresas sitas na Zona da Costa da Morte son do sector servizos, aínda que se trata de un porcentaxe elevado dista moito dos datos reflectidos pola media de Galicia e da Coruña (77,33% e 78,75%, respectivamente).




Figura 29. Distribución do número de empresas por sectores na Zona 3, 2007.

Elaboración propia, fonte IGE



Desagregando o sector maioritario (o de servizos), destaca o Comercio (Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico) cun 42,03% das empresas de servizos, seguido da hostalería cun 18,45%, ambos datos superiores á media de Galicia e da Coruña. Pola contra, o porcentaxe de empresas de servizos na Zona 3 dedicados a “actividades inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais” é practicamente a metade das medias autonómica e provincial, ao igual que sucede coas “actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais” e a “educación”.

Na gráfica seguinte (figura 30) móstrase a variación do número de empresas no total da Zona da Costa da Morte en comparación con Galicia e coa Coruña. Os incrementos relativos no número de empresas do sector industrial no total dos tres territorios son moi similares. No caso do sector da construción, o incremento producido na Zona da Costa da Morte é superior ás medias, mentres que no sector servizos é menor. Isto pode afectar de forma considerable á Zona, debido a que na actualidade o sector da construción está a sufrir unha grave crise, e están pechando numerosas empresas dedicadas á construción e auxiliares.




Figura 30. Taxa de variación do nº de empresas por sectores na Zona 3, 2001-2007.

Elaboración propia, fonte IGE

Non podemos pechar este apartado sen falar da **pesca**, debido a que a Zona da Costa da Morte foi sempre unha Zona tradicionalmente pesqueira, e por tanto, trátase dun sector que ocupou moitas persoas ao longo da historia desta Zona.

Segundo datos reflectidos na Plataforma Tecnolóxica da Pesca da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, na Costa da Morte atópanse 8 lonxas:

- o Baldaio
- o Caión
- o Camariñas
- o Corme
- o Laxe
- o Malpica
- o Muxía
- o Río Anllóns

E no que vai de ano, dende o 1 de Xaneiro ata o 6 de Outubro do 2008, vendéronse nestas lonxas un total de 3.183.223,36 Kg. o que supuxeron un importe de 6.839.100,46 €. Débese ter en conta neste punto que os datos do 2008 son provisionais ata que se produza a consolidación das estatísticas do ano.

Estas vendas repartíronse por lonxas como mostra a táboa 20. A lonxa que maior volume en euros vende é a de Malpica e a que máis quilos é Camariñas, con grandes diferenzas coas seguintes, tanto en importe como en quilos.

A táboa 21 mostra as principais especies (as 10 primeiras por importe) vendidas nestas lonxas: o polbo e o percebe son os produtos estrela por importe, e a sardiña por quilos, xa que no que vai de ano, vendéronse máis de 1 millón de quilos de este peixe na Costa na Morte.

Lonxa	Quilos	Importe €	Mín. €/Kg	Máx. €/Kg	Medio €/Kg
Malpica	1.062.910,73	2.829.724,79	0,01	125,00	2,66
Camariñas	1.896.824,00	2.748.483,81	0,12	26,80	1,45
Laxe	141.539,83	820.134,81	0,10	89,90	5,79
Río Anllóns	48.484,30	215.806,77	3,50	5,50	4,45
Muxía	18.888,75	128.530,45	0,05	100,00	6,80
Caión	10.594,25	73.228,71	0,56	35,00	6,91
Baldaio	3.981,50	23.191,12	4,00	30,02	5,82

Táboa 20. Vendas nas Lonxas da Zona da Costa da Morte, 01/01/08-6/10/08.  
Elaboración propia, fonte Plataforma Tecnolóxica da Pesca.


Descrición	Quilos	Importe €	Mín. €/Kg	Máx. €/Kg	Medio €/Kg
<b>Polbo</b>	210.827,80	983.788,64	1,00	8,75	4,67
<b>Percebe</b>	38.746,01	871.995,22	3,75	125,00	22,51
<b>Sardiña</b>	1.142.179,50	832.013,89	0,18	4,90	0,73
<b>Ameixa xaponesa</b>	88.002,00	703.317,35	6,40	13,60	7,99
<b>Berberecho</b>	144.154,97	653.430,49	2,60	8,10	4,53
<b>Pescada</b>	95.429,50	401.111,94	0,10	35,20	4,20
<b>Xurelo</b>	400.175,50	389.743,05	0,01	5,15	0,97
<b>Robaliza</b>	20.838,75	266.481,41	0,20	30,00	12,79
<b>Xarda</b>	449.770,00	220.671,39	0,01	3,20	0,49
<b>Abadexo</b>	22.961,75	131.124,25	0,10	16,50	5,71

Táboa 21. *Vendas nas Lonxas da Zona da Costa da Morte por principais especies, 01/01/08-6/10/08. Elaboración propia, fonte Plataforma Tecnolóxica da Pesca.*

### 2.2.1.4 Infraestruturas

No presente apartado tratarase de analiza as características do transporte e as comunicacións, e mostrar as súas carencias e as especiais circunstancias que impliquen a necesidade de actuación, sobre todo centrándose naquelas infraestruturas relacionadas co sector pesqueiro.

#### Infraestruturas dentro do GAC da Costa da Morte



Mapa 12. Infraestruturas Zona 3 Costa da Morte. Elaboración propia.

No mapa anterior móstranse as principais infraestruturas coas que conta a Zona da Costa da Morte: 8 portos, 8 **faros** e as redes de comunicación por carreiteira e ferrocarril.

#### Portos:

Os 8 portos cos que conta a Zona da Costa da Morte son:

- Caión
- Malpica
- Corme
- Laxe
- Arau

- o Camelle
- o Camariñas
- o Muxía

Na táboa seguinte (táboa 22) móstranse as principais características dos buques pesqueiros segundo porto base da Costa da Morte, datos extraídos da Plataforma Tecnolóxica da Pesca da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Deste xeito, o porto con maior número de buques pesqueiros é Camariñas, con practicamente o 22% dos busques pesqueiros da Zona da Costa da Morte. O que menos buques pesqueiros rexistra é Caión, representando cerca do 3%. Existe un porto máis, preto do de Camelle, chámase Arou, pero na plataforma non se reflectían datos sobre o mesmo.

O total dos busques con base nun dos portos da Costa da Morte supoñen cerca do 7% do total da flota pesqueira de Galicia.

En canto ás características dos mesmos, todos os buques con base nestas terras son de Caldeiro Nacional (Cant/Noroeste) dedicados a maior parte deles a Artes Menores (un 86,43%, 293 buques). Outras artes empregadas son o Cerco (6,19%), o Palangre Fondo (3,24%), Enmalle/Volantas (2,65%) e Arrastre (1,18%). Débese ter en conta que un dos buques de Muxía está dedicado á acuicultura ou auxiliares.

Portos	Nº Barcos	TRB <sup>3</sup>	GT	Potencia CV	Potencia KW
<b>Galicia</b>	4.991	119.316	185.591	452.727	332.936
<b>Costa da Morte</b>	339	3.038,87	3844,11	20.005,52	14.712,06
Caión	9	58,12	50,76	370	272,1
Camariñas	74	551,02	649,58	4.054,02	2.981,33
Camelle	64	171,03	158,02	1.824,24	1.341,55
Corme	26	357,33	505,58	1.858,92	1.367,05
Laxe	54	496,81	733,07	3.264,08	2.400,4
Malpica	72	594,15	731,79	4.734,9	3.482,04
Muxía	40	810,41	1.015,31	3.899,36	2.867,59

Táboa 22. Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia, datos a 6/10/08. Elaboración propia, fonte Plataforma Tecnolóxica da Pesca.

<sup>3</sup> Arqueo: defínese como a medida do volume interno dun buque, considerando os espazos pechados do mesmo. A medición do arqueo ten por obxecto fixar unha medida da capacidade comercial do mesmo


- T.R.B.: Tonelaxe de Rexistro Bruto, que é o volume interno total deducido os espazos eximidos que varían segundo cada regulamento (mídese en toneladas Moorson que equivalen a 100 Pés cúbicos = 2,832 m<sup>3</sup>)
- GT: Gross tonnage. Toneladas de Arqueo Bruto, outra forma de medir o arqueo bruto.

O maior problema preséntase no transporte de mercancías unha vez saídas do porto, xa que o transporte por vía terrestre na Costa da Morte é moi deficitario.

#### *Ferrocarril:*

Como se reflicte no mapa 12, o **ferrocarril** unicamente pasa por A Laracha e nin sequera pola capital da mesma. O resto dos concellos non teñen acceso a esta tipoloxía de transporte.

#### *Estradas: Como chegar á Costa da Morte?*



Mapa 13. Principais Estradas da Zona 3 Costa da Morte. Fonte Web do Plan de Dinamización Turística da Costa da Morte.

Desde A Coruña tómase a AC-552:

- Para visitar Malpica debese chegar ata Carballo e tomar a AC-442.
- Para visitar Ponteceso desde a AC-442 tomase o desvío de Buño.
- En Ponteceso seguindo a AC-430, chégase ata Laxe e Cabana.


Desde Santiago de Compostela á Zona Norte (Carballo), sáese pola estrada AC-404 dirección Portomouro (14 quilómetros), e logo pola AC-1914, que leva a Carballo. (31.6 quilómetros).

Desde Santiago de Compostela á Zona Sur (Muxía/Vimianzo): tómase a mesma AC-404 ata o cruce coa AC-552, que leva ata Vimianzo.

Como mostran o mapa 12 e 13, unicamente hai autovía (AG-55) desde A Coruña ata Carballo, o resto de estradas son comarcais (AC), e nin sequera con elas se cubre todo o territorio, xa que case á metade das capitais dos municipios que compoñen a Zona 3 non se pode chegar a través de esta tipoloxía de estradas, estas son: Malpica, Laxe Camariñas e Muxía.

Ademais das redes de estradas nomeadas con anterioridade e reflectidas nos mapas 12 e 13, no 14 móstranse as pistas, camiños e sendeiros que se atopan na Zona da Costa da Morte, e como se debuxa no mesmo practicamente a totalidade das pistas e camiños se atopan na Zona Norte, principalmente en Carballo e A Laracha.

#### Infraestructuras dentro do GAC da Costa da Morte



Mapa 14. Pistas, camiños e sendeiros da Zona 3 Costa da Morte. Elaboración propia.

### Transporte público:

Debido a que se trata de pequenos núcleos de poboación, non existe **transporte público** urbano, si hai un servizo **comarcal** pero moi pobre. Laopinióncoruña.es publica o 2 de outubro do 2008: “O servizo de transporte público rexistra novos recortes en todos os municipios da Costa da Morte, un feito que se repite desde o pasado ano cando se produciu a segregación da empresa Arriva en tres liñas diferentes: Autos Vázquez, Aucasa e Monbús. (...) A liña máis prexudicada será a que parte da Coruña e chega a Fisterra, xa que se suprimirá un autobús diario, mentres que de Fisterra á Coruña redúcense dous buses os días laborables(...) Os domingos ademais será imposible viaxar desde A Coruña a Fisterra xa que non haberá ningún autobús, mentres que en dirección contraria haberá dous vehículos, un pola mañá e outro pola tarde. Cos novos horarios tamén se verán prexudicados todos os usuarios que teñan que realizar transbordos cara a Santiago con outra das liñas que opera na zona, Aucasa.

As comunicacións entre Muxía e A Coruña así como entre Camariñas e A Coruña, tamén se verán seriamente prexudicadas coa entrada en vigor das novas rutas. Desde Muxía o único autobús que funciona os sábados sairá ás 07.20 horas, cando a esa hora apenas existe demanda. En sentido contrario, da cidade herculina a Muxía, tamén se suprimirá unha liña os sábados, polo que o último autobús sairá ás 15.00 horas. (...)”

### Parque de vehículos:

Territorio	Total	Turismos	Motos	Furgonetas e camións	Autobuses	Tractores industriais	Outros
<b>Galicia</b>	17,56%	15,29%	45,86%	16,12%	-8,51%	36,18%	61,30%
<b>A Coruña</b>	18,30%	16,63%	49,55%	14,39%	-11,06%	40,05%	61,02%
<b>Zona3_Costa da Morte</b>	22,60%	19,57%	64,16%	22,74%	10,28%	51,74%	77,16%
Cabana de Bergantiños	16,92%	13,39%	50,00%	22,99%	-26,67%	100,00%	82,61%
Camariñas	25,90%	24,45%	23,81%	28,45%	133,33%	0,00%	56,14%
Carballo	23,58%	20,93%	65,81%	21,52%	2,38%	52,48%	74,32%
A Laracha	26,63%	22,80%	104,24%	22,88%	400,00%	127,78%	102,86%
Laxe	22,69%	20,05%	40,63%	23,94%	10,00%	45,45%	68,42%
Malpica	18,81%	17,48%	75,00%	12,76%	-23,08%	83,33%	61,54%
Muxía	20,79%	18,14%	85,71%	18,51%	-	10,00%	74,51%
Ponteceso	18,03%	15,76%	57,47%	20,10%	-20,00%	-25,00%	79,63%
Vimianzo	23,21%	17,31%	55,08%	33,73%	76,92%	88,24%	80,83%

Táboa 23. Taxa de variación do Parque de vehículos da Zona3, 2001-2006.  
Elaboración propia, fonte IGE.



Na táboa anterior móstrase a taxa de variación sufrida polo parque de vehículos da zona da Costa da Morte, Galicia e A Coruña, no período 2001-2006, segundo información subministrada directamente pola Dirección Xeral de Tráfico ao Instituto Galego de Estatística. A pesar de que o número de todos os tipos de vehículos incrementouse neste período, segue sen ser o suficiente, e máis despois do baixón de autobuses dos últimos anos (2007-2008) que se comenta na noticia anterior.

O número de autobuses en Muxía no ano 2006 é nulo e no total da Zona 3 é de 118, dos cales 43 son de Carballo.

### 2.2.1.5 Situación ambiental da zona costeira

É moi importante describir os déficits de infraestruturas ambientais, especialmente as relacionadas co ciclo da auga, así como o tratamento e mais a eliminación dos residuos, a dotación de espazos verdes, naturais, zonas protexidas, Rede Natura 2000 ou calquera outro obxecto de protección ambiental de especial interese no marco do Eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca (FEP).

#### A) TRATAMENTO DE RESIDUOS

##### *Puntos Limpos:*

Os puntos limpos son recintos que se sitúan no entorno das cidades, vilas, pobos e aldeas, para que os cidadáns poidan depositar neles os residuos para os que é preciso unha xestión específica, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou pola súa composición (pilas, disolventes e outros materiais perigosos).

Os obxectivos principais destas instalacións son:

- Recuperar os materiais contidos nos residuos para a súa reciclaxe, coma o papel, vidro, metais, etc.
- Evitar o vertido incontrolado de escombros e residuos voluminosos coma mobles ou electrodomésticos.
- Separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o medio ambiente coma os medicamentos, pilas, pinturas, etc.

O Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGa) da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, publica un listado de Puntos Limpos que se atopan na nosa comunidade autónoma, na súa última actualización o 14 de novembro de 2007, apunta que na provincia da Coruña xestionáanse 44 Puntos Limpos, dos cales 4 atópanse na Zona da Costa da Morte:

- Carballo: situado no Polígono Industrial de Bértoa, xestionado polo Concello. Atópase operativo, pero non acepta residuos doutros concellos.
- A Laracha: situado en Formigueiro – Vilaño, xestionado por GENEROSO ANGERIZ, S.L. Atópase operativo, pero non acepta residuos doutros concellos.
- Muxía: situado en Os Muíños, xestionado polo Concello. Atópase operativo e acepta residuos doutros concellos.
- Ponteceso: situado no Polígono Industrial de Tella, xestionado por ISOLUX CORSÁN SERVICIOS, S.A. Atópase operativo. Segundo datos reflectidos na páxina do SIRGa, non acepta residuos doutros concellos, pero nos consta que está conveniado con 3 concellos (Laxe, Cabana, Malpica de Bergantiños)

### *Programa de Recollida de Plásticos Agrícolas:*

Por outra banda, 52 concellos da provincia da Coruña participan no Programa de Recollida de Plásticos Agrícolas, dos cales 4 son compoñentes da Zona 3. Estes concellos son os mesmos posúen un Punto Limpo (Carballo, A Laracha, Muxía e Ponteceso)

A cantidade de plástico agrícola (plástico e bolsas de silo, plástico de invernadoiro) que se xera en Galicia ao longo dun ano é de aproximadamente 7.700 toneladas.

A práctica habitual do vertido ou da incineración de xeito incontrolado supón un problema medioambiental, que orixina un deterioro progresivo e acumulativo do contorno, tendo ademais en conta o impacto paisaxístico derivado da proliferación de puntos de abandono destes materiais.

Ante esta problemática, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible puxo en marcha o Programa de Recollida de Plástico Agrícola co obxecto de implantar un sistema de recollida dos plásticos agrícolas, tanto de silo coma de invernadoiro, e facilitarlle ós agricultores e gandeiros a súa xestión axeitada.

Os agricultores e gandeiros depositan os seus plásticos agrícolas no lugar indicado por cada concello. Os residuos acumulados deben ser exclusivamente plásticos agrícolas e estes deben estar o máis limpos posibles e atados ou recollidos de tal xeito que faciliten a súa recollida.

En Galicia existe unha planta de reciclaxe de residuos plásticos situada no concello do Pino (A Coruña). Nesta planta os residuos plásticos lixeiros e non perigosos recíclanse mediante un proceso mecánico no que se obtén granza. A granza plástica obtida comercialízase para utilizala como materia prima na fabricación de novos produtos plásticos, como bolsas de lixo e tubo de polietileno.

Existen outro tipo de residuos agrícolas, que poden ser moi prexudiciais para o medio e que tamén contan en Galicia cun sistema de recollida. Este é o caso dos **Envases Fitosanitarios**, que son aqueles recipientes que estiveron en contacto con calquera produto fitosanitario (herbicidas, insecticidas e funxicidas).

A Lei 10/1998 de residuos establece que os posuidores dos envases ou residuos de envases están obrigados, sempre que non procedan a xestionalos por si mesmo, a entregalos a un xestor de residuos para a súa valorización ou eliminación, ou a participar nun acordo voluntario ou convenio de colaboración que comprenda estas operacións.

Sigfito Agroenvases S.L. é a entidade autorizada pola Consellería de Medio Ambiente para coordinar a recollida e xestión dos envases e residuos de envases de produtos fitosanitarios. Esta entidade recolle envases baleiros (botellas, garrafas, bidóns de plástico, sacos e bolsas) identificados co logotipo de SIGFITO, xerados no ámbito agrícola: de produtos fitosanitarios e de produtos non fitosanitarios nin perigosos, comercializados polas empresas do mesmo sector. Non recolle produtos caducados

envasados nin envases con produto. O agricultor, unha vez enxaugados e aireados, ten que inutilizar os envases picándoo e pode depositalos soltos ou en bolsas de Sigfito nos puntos de venda ou cooperativas onde vexa este símbolo:

Unha empresa encargárase de recoller os envases no centro de agrupamento para transportar até a instalación de tratamento. Estes centros establécense a través de convenios voluntarios de colaboración.

Na provincia da Coruña hai 116 Centros de Agrupamento Colaboradores, dos cales 22 atópanse na Zona da Costa da Morte:

- o Cabana de Bergantiños: 1
- o Carballo: 7
- o A Laracha: 4
- o Laxe: 1
- o Muxía: 2
- o Ponteceso: 1
- o Vimianzo: 6

#### *Contedores Soterrados:*

Tras un pormenorizado estudio sobre a problemática existente debido á frecuente presenza de contedores de residuos (vidro, papel, orgánicos, briks, latas e plásticos) nas vías públicas, decidiuse desenvolver un sistema mecanizado, que consiste en soterrar os actuais contedores de superficie, para mellora-lo aspecto estético das vías urbanas. Estes contedores estarán destinados á recollida selectiva e ó almacenamento temporal de: papel e cartón, vidro, envases lixeiros (plásticos, latas, briks,...) e residuos orgánicos.

A xestión dos Contedores Soterrados será competencia do concello no que se sitúe o mesmo tal e como se contempla no convenio a asinar entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello en cuestión. A xestión inclúe o mantemento dos Contedores Soterrados así como a posterior evacuación dos residuos como sexa pertinente segundo a tipoloxía dos mesmos. Dos 129 sistemas de contedores soterrados que hai en Galicia, 4 atópanse na Zona 3: Carballo, A Laracha, Malpica e Ponteceso (un en cada concello)

O proxecto atópase cofinanciado pola Unión Europea, a través do seu Fondo de Cohesión.

#### *Vertedoiro de Residuos de Construción e Demolição:*

Outro proxecto cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo de Cohesión é a xestión de Vertedoiros de Residuos de Construción e Demolição (RCD)

Por vertedoiro o REAL DECRETO 1481/2001, de 27 de decembro entende unha instalación para a eliminación de residuos perante o seu depósito subterráneo ou o seu depósito en superficie, por períodos de tempo superiores a un ano cando o seu destino sexa a eliminación ou por períodos de tempo superiores a dous anos cando o seu destino final sexa a súa valorización. Os Residuos de Construción e Demolición non perigosos aparecen catalogados na Lista Europea de Residuos, publicada na Orde MAM 304/2002.

A autoridade municipal será o organismo competente para levar a cabo a explotación do vertedoiro, pero o habitual é que se subcontrate a unha empresa, clasificada como xestora de Residuos de Construción e Demolición, para que explote o mesmo.

En Galicia existen 21 vertedoiros de Residuos de Construción e Demolición, e unicamente 1 está na Zona da Costa da Morte, situado no concello de Carballo.

Tanto para decidir a situación dun vertedoiro de RCD como para fixar as súas características (capacidade, anos de vida útil,...), tense en conta a poboación, á que se pretende dar servizo, e o volume de residuos xerados. O emprazamento idóneo son canteiras abandonadas ou “vaguadas” que estean ben comunicadas.

Un Vertedoiro de RCD debe contar co seguinte equipamento: control do acceso, acondicionamento e impermeabilización do vaso, sistema de evacuación de augas pluviais e de percolación, control e extracción de lixivias, instalacións auxiliares (por exemplo de medida e control) e execución cuberta de selado.

#### *Clausura, selado e rexeneración dun vertedoiro:*

Esta actuación ten 3 fases:

- Clausura: o vertedoiro é clausurado polo Concello que busca outras alternativas máis respectuosas co Medio Ambiente para eliminar os residuos.
- Selado: execútanse as obras de selado do vertedoiro para eliminar a contaminación dos residuos e rexenérase ambientalmente a zona afectada polo vertedoiro.
- Seguimento e control ambiental: establécese un Plan de Seguimento e Control Ambiental co fin de:
  - *Verifica-la avaliación inicial dos impactos, concretando polo miúdo os parámetros de seguimento da calidade dos factores ambientais afectados.*
  - *Controla-la realización das medidas correctoras propostas no Estudio de Impacto Ambiental.*
  - *Proporcionar información sobre a calidade e eficacia das medidas correctoras aplicadas, así como, a non xeración de fontes contaminantes.*

Na relación de vertedoiros de residuos sólidos urbanos clausurados da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible aparecen un total de 188 vertedoiros clausurados en Galicia, dos cales 7 atopábanse na Zona da Costa da Morte, un en cada concello, salvo en Camariñas e Vimianzo, é dicir, en Cabana de Bergantiños, Carballo, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía e Ponteceso.


## B) HIDROGRAFÍA

No mapa 15 móstrase a hidrografía da Zona da Costa da Morte, resaltando os ríos, as canles, as presas e os encoros, cuncas, zonas intermareais e lagoas interiores.

Como se mostra no mesmo, na Zona da Costa da Morte unicamente hai un **encoro**, o Encoro de Lavandeira, situado en Vimianzo é de materiais soltos, con 15 metros de altura e un volume de 0,30 Hm<sup>3</sup>, o uso é industrial

Na Zona da Costa da Morte, estanse a realizar **aproveitamento hidroeléctricos** outorgados nos seus ríos, dous en Río Anllóns (neste río atopase outro máis está no municipio de Coristanco) e dous en Río Grande. Por outra banda, está outorgado outro aproveitamento hidroeléctrico no Río de Castro pero non está en explotación.

Hidrografía dentro do GAC da Costa da Morte



### “Humidais”:

Aínda que o termo humidal non se inclúe ata época recente na maioría dos dicionarios de linguas latinas, si aparece testemuñado na toponimia ou incluso recollido en escritos antigos. Cando na década dos anos setenta se incorpora o tecnicismo wetland, este tradúcese ó castelán ou incluso ó galego como “zona húmida”, relegando o acervo cultural e terminolóxico latino, moi superior ó dos países anglosaxóns, ademais de cometer un grave erro conceptual, xa que unha das características ecolóxicas dos sistemas húmidos é o seu carácter azonal, que pode diferencialos, a partir de compoñentes bióticos e parámetros abióticos, dos ecosistemas terrestres (zonais ou climáticos) e mariños. O termo “zona húmida” será amplamente utilizado a nivel lexislativo, así como en múltiples artigos de divulgación ou incluso de ámbito científico. Nos últimos anos e tras unha longa polémica, o termo de “zona húmida” foi substituído polo de “humidais”, cambio que coincide cunha importante reafirmación na consideración da importancia ecolóxica e paisaxística destes sistemas ecolóxicos.

A **valoración social** dos humidais experimentou nas últimas décadas un vertixinoso cambio. Os humidais pasaron de ser áreas improdutivas e insás, manifestamente mellorables, a constituír elementos clave na conservación da biodiversidade e do uso sostible do territorio. A gran riqueza e diversidade dos compoñentes bióticos e abióticos dos humidais fan que se encontren entre os ecosistemas máis complexos e produtivos do planeta. Posúen unha gran variedade de biótopos e hábitats intermedios entre os ambientes terrestre e acuático, e xogan, polo tanto, un importante papel na conservación da biodiversidade e no desenvolvemento económico.

A comunicación da Comisión (XI/721/94) ó Consello e ó Parlamento Europeo referente a “Uso prudente e conservación dos humidais” considera que os mesmos representan un dos hábitats máis importantes, máis ameazados e máis comúns en todos os países da Unión Europea.

Os humidais son ecosistemas de capital importancia, non só porque agora escasean e están ameazados, senón porque realizan funcións básicas, proporcionan recursos para moitos intereses e axentes como apoio a actividades humanas e constitúen un valioso patrimonio cultural e natural. Reflexo disto é que os humidais son o único grande ecosistema obxecto dun tratado internacional, o Convenio de Ramsar, elaborado hai vinte anos e no que todos os estados membros da UE son partes contratantes, agás Luxemburgo que, na actualidade, está en proceso de selo.


A desaparición de humidais é algo xeneralizado, pero as diferenzas na terminoloxía e tipos de datos entre países constitúen un obstáculo para a realización dunha análise profunda. No obstante, a información dispoñible indica que se perderon, aproximadamente, dúas terceiras partes dos humidais que existían en Europa.

Ningún humidal da Zona da Costa da Morte está situado na Lista de Ramsar, lista de humidais de importancia internacional, promovida pola Convención Ramsar e integrada ata a data por 1.500 humidais de todo o planeta, conta na actualidade con cinco espazos pertencentes ó territorio galego. A contribución de Galicia á lista

iniciouse en decembro de 1989, coa inclusión das rías de Ortigueira e Ladrido e o complexo húmido de Corrubedo, espazos ós que se sumarían posteriormente en 1993 a lagoa e areal de Valdoviño e o complexo intermareal Umia-Grove e, finalmente en 1994, a ría de Ribadeo.


Os mapas 16 e 17 pretenden reflectir dunha maneira fiel os humidais que se atopan na Zona da Costa da Morte, o mapa 17 é un recorte do mapa de humidais da Coruña que se atopa no Inventario dos Humidais de Galicia da Concellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o mapa 16 é unha aproximación ás contornos dos humidais, sendo outras zonas de humidais, zonas onde si hai un humidal, pero non temos datos do contorno exacto.

#### Humidais dentro do GAC da Costa da Morte



Mapa 16. Humidais da Zona 3 Costa da Morte. Elaboración propia.






Mapa 17. Humidais da Zona 3 Costa da Morte. Fonte: Inventario dos Humidais de Galicia da Concellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

### C) ESPAZOS NATURAIS E REDE NATURA 2000

A rede galega de espazos naturais protexidos representa o 12% da superficie total e recolle as figuras de “Humidal Protexido”, “Parque Nacional”, “Zona Especial de Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)”, “Paisaxe Protexida”, “Reserva Natural”, “Monumento Natural”, “Parque Natural”.

A rede europea NATURA 2000 inclúe aqueles Espazos Naturais dos Estados membros que, polos seus valores ou polo seu interese natural, cultural, paisaxístico, etc., sexa necesario asegurar a súa conservación xa que aínda non teñen unha protección específica, a través dunha dobre clasificación en espazos denominado LIC (Lugares de Importancia Comunitaria) e ZEPA (Zona Especial de Protección de Aves).

## Espacios naturais dentro do GAC da Costa da Morte



Mapa 18. Espazos Naturais da Zona 3 Costa da Morte. Elaboración propia.

Así mesmo, na Zona da Costa da Morte, dentro da proposta galega para a Rede Natura 2000, inclúense:

### *COSTA DA MORTE: LIC. Lugar de Importancia Comunitaria:*

Franxa costeira nos concellos de Arteixo, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Cee, Corcubión, Fisterra, Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso e Vimianzo, cunha extensión de 11.885 ha. Extenso tramo de costa entre o cabo Fisterra e a praia de Alba (Arteixo), que, con excepción dunha gran parte da ría de Camariñas e dos núcleos habitados máis importantes, abarca a totalidade do litoral noroccidental de Galicia e algúns dos treitos máis apartados e mellor conservados da costa galega.

Este LIC abarca arredor de 152 km de litoral, dos que sobre un 17% (26 km) se corresponde con depósitos areosos de praia-duna. Ademais, un 38% da área protexida (4.539 ha) ocupa augas mariñas, principalmente ao sur e sudeste de cabo Fisterra, no tramo Camariñas-Arou e na parte externa da ría de Corme e Laxe. Malia a existencia no pasado de múltiples factores degradadores, as diferentes zonas húmidas, como Traba e Baldaio, aínda conservan un gran valor, e atesouran importantes e moi variadas mostras de vexetación estuárica e palustre. Pola súa parte, os sistemas dunares están moi ben representados e inclúen múltiples macroformas sedimentarias e erosivas, algunhas pouco comúns ou case únicas no ámbito cántabro-atlántico ou español, como as dunas parabólicas, as dunas remontantes ou placas

eólicas (con mostras excelentes nos "montes brancos" das praias da Barra do Medio, en Ponteceso, e Trece-Santa Mariña, en Camariñas, que se elevan por encima dos 100 m de altura, así como en Lourido, Nemiña e Rostro, entre outras), as dunas colgadas (Razo, Santa Mariña) ou as barxanas (Trece). As praias e turbeiras fósiles (como as de Razo e Baldaio), as grandes extensións de coídos ou praias de coios (con exemplos singulares como o de Cuño, en Muxía), os numerosos complexos de covas mariñas ou furnas (como as de Muxía-Nemiña, Roncudo ou Sisargas), as rasas cuaternarias (cabo Santo Adrián, por exemplo) e a abundancia de megaformas e microformas graníticas (como en cabo Vilán e cabo Veo ou en punta Nariga) son elementos xeomorfolóxicos dun grande interese. Non en van este LIC engloba ata cinco puntos de interese xeolóxico (recoñecidos polo IGME) de importancia estatal ou autonómica: lagoa de Baldaio (C-110), rasas cuaternarias de cabo Santo Adrián (C-111), praia do Trece (placas eólicas) (C-112), penas abaladoiras de Muxía (C-113) - que abarca as praias de coios, rasa litoral e depósitos de praias e placas eólicas de Lourido- e coído de Cuño (C-114).

As especies faunísticas de maior interese son as gaivotas tridáctilas ('*Rissa tridactyla*') e Arao Común ('*Uria aalge ibericus*') que na súa práctica totalidade atópanse nos cantís de cabo Vilán e Illas Sisargas. Estas illas tamén acollen a principal colonia de gaivota escura ('*Larus \*fuscus*') de España. Na lagoa de Traba danse cita algunhas especies de aves de especial interese, varias das cales nidifican na área, como o carricero tordal ('*Acrocephalus arundinaceus*'). No cabo Fisterra pódense observar aves mariñas como a pardela pichoneta ('*Puffinus \*puffinus*') e o alcatraz atlántico ('*Sula bassana*'). Tamén é fácil divisar desde aquí mamíferos mariños como golfinhos ('*Delphinus delphis*') e arroaces reais ('*Tursiops \*truncatus*'). Outras especies usuais da Costa da Morte son: a nutria ('*Lutra lutra*'), o carricero común ('*Acrocephalus scirpaceus*'), a cerceta común ('*Anas crecca*'), o ánade azulón, ('*Anas platyrhynchos*'), a garza real ('*Ardea cinerea*'), o vuelvepedras común ('*Arenaria interpres*'), o correlimos tridáctilo ('*Calidris alba*'), o correlimos común ('*Calidris alpina*'), o correlimos gordo ('*Calidris canutus*'), o chorlitejo patinegro ('*Charadrius alexandrinus*'), o chorlitejo grande ('*Charadrius hiaticula*'), o escribano palustre ('*Emberiza schoeniclus*'), o colimbo grande ('*Gavia immer*'), o ostrero euroasiático ('*Haematopus ostralegus*'), a gaivota patiamarilla ('*Larus cachinnans*'), a agulla colipinta ('*Limosa lapponica*'), o zarapito real ('*Numenius arquata*'), o zarapito trinador ('*Numenius phaeopus*'), o corvo mariño moñado ('*Phalacrocorax ristotelis*'), o chorlito gris ('*Pluvialis squatarola*'), o archibebe claro ('*Tringa nebularia*') e o lagarto dos zarzales ('*Lacerta schreiberi*').

En canto á flora, matogueiras atlánticas (*Erica vagans*) e dunas con céspede de Malcomietalia. As especies de maior interese son: 'omphalodes' ('*Omphalodes littoralis*'), 'rumex' ('*Rumex \*rupestris*') e esfagno ('*Sphagnum pylaisii*')

### *COSTA DA MORTE (Norte): ZEPA. Zona Especial de Protección de Aves:*

Esta ZEPA está integrada por varias áreas diferenciadas: o complexo litoral de Baldaio (Carballo) -que inclúe o tramo costeiro ata Malpica (Carballo-Malpica de Bergantiños)-; as illas Sisargas (Malpica de Bergantiños); o tramo costeiro de punta da Nariga-punta Roncudo (Malpica de Bergantiños-Ponteceso), o estuario do Río Anllóns (Ponteceso-Cabana de Bergantiños); o complexo litoral de Traba (Laxe) e o tramo costeiro de Arou-cabo Vilán (Camariñas). Inclúe sectores de augas mariñas en todas as áreas, con algúns illotes e baixíos rochosos.

Sitúase na rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscíbese ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico húmido, con precipitacións no rango dos 945-1.748 mm anuais e temperaturas medias de 12,4-14,5 °C, cun número mínimo de 228 días libres de xeadas. O seu rango altitudinal oscila entre os 0 e os 188 m sobre o nivel do mar.

Franxa costeira moi recortada, principalmente rochosa e aberta, con excepción da ría de Corme-Laxe. Algunhas frontes e promontorios dan paso a pequenas serras e montes costeiros, como a serra da Pena Forcada, punta do Roncudo, punta da Nariga e monte Neme. Predominan os cantís mariños de altura media-baixa, que alcanzan o seu máximo nas illas Sisargas, con 96 m. É moi notable a presenza de praias de cantos (coídos), principalmente no contorno do cabo Vilán, e de covas mariñas (furnas) en toda a costa. Entre os varios sistemas dunares, que en parte se desenvolven sobre frechas litorais, destacan os de Baldaio (que se estende ao longo de 3,6 km de fronte costeira), Monte Branco, Traba e Trece-Santa Mariña. As lagoas litorais de Baldaio e Traba, o estuario do Río Anllóns e os medios asociados son zonas húmidas moi importantes desde o punto de vista xeomorfolóxico e presentan unha gran variedade de tipos de vexetación halófila e palustre.

### *CABO VILÁN: Sitio Natural de Interese Nacional*

Atópase no Concello de Camariñas, ao Norte da ría do mesmo nome, na Costa da Morte. Ten unha extensión de 6,4 ha .

O faro de Cabo Vilán sinala uns dos tramos máis perigosos da Costa da Morte, pero tamén dos máis fermosos. Erguido a 125 m de altitude e unido ao antigo edificio dos fareiros, posúe un potente canón de luz capaz de alcanzar as 28-30 millas mariñas (55km). O enclave xa foi declarado de Interese Nacional, no ano 1933 e desde sempre aparece descrito como rochosos e acantilado.

Dá vertixe asomarse aos ventosos cantís ou contemplar a punta partida do cabo no illote que se coñece co nome de Vilán de Fóra. é interesante efectuar a aproximación polo camiño máis difícil, o que se envorca sobre o mar na pista de terra e area que, desde Arou, pasa pola ensinada de O Trece entre os cabos Veo e Tosto. O areal de O Trece é un dos máis salvaxes e como o resto do traxecto permanece virxe, sen construcións humanas.

### *RIO ANLLÓNS LIC. Lugar de Importancia Comunitaria:*

Este lugar atópase entre os Concellos de Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Coristanco e Carballo, e conta cunha extensión de 162 ha.

Entre o seu nacemento na vertente dos montes de Xalo e a súa desembocadura na ría de Corme e Laxe, efectúa un percorrido de 54,4 km. Cun índice de sinuosidade de 1,43 polo que se pode catalogar como un río sinuoso, cun caudal medio de 9,931 m<sup>3</sup> e cun módulo específico de 22,98 l/seg. km<sup>2</sup>, o que lle permite clasificalo coma forte.

Posúe boas representacións de arboredo de costa dominado por ameneiro e unha intensa facturación na súa xeomorfoloxía. A conca divídese entre tres dominios: dominio de Malpica-Tui e Santiago, complexo de Ords, e dominio de Galicia central e occidental.

#### Hábitats:


- Bosques de ribeira con *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-padion*, *Alnion incanae* e *Salicion albae*).
- Cursos de auga entre montañas con *Ranunculion fluitantis* e *Callitricho-Batrachion*.
- Uceiras secas europeas.
- Toxais húmidos atlánticos de zonas tépedas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*

#### Fauna:

- Avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*)
- Martiño Peixeiro (*Alcedo atthis*)
- Papuxa montesa (*Sylvia undata*)
- Lavanco real (*Anas platyrhynchos*)
- Azor (*Accipiter gentilis*)
- Gabián (*Accipiter nisus*)
- Ouriolo (\**Oriolus oriolus*)
- Morcego grande de \*ferradura (*Rhinolophus ferrum-equinum*)
- Morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposideros*)
- Lontra (*Lutra lutra*)
- Tourón (*Mustela putorius*)
- Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*)
- Cobra de coar (*Natrix natrix*)

- Cobra de auga (*Natrix maura*)
- Lamprea (*Petromyzon marinus*)
- Vacaloura (*Lucanus cervus*)

## Río Anllóns



Mapa 19. Río Anllóns. Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible.

### 2.2.1.6 Riqueza Turística da Zona

Para comprender este nome de morte fai falta a memoria do mar. Na estatística figuran polo menos 150 traxedias marítimas durante o último século, pero se perdeu a conta dos sustos cotiáns na memoria colectiva deste pobo mariñeiro, por outra banda alegre e vital. Susto de morte debeu de ser para as lexións romanas contemplar o afundimento do sol máis aló do Finis Terrae, onde a mitoloxía grega situaba o país dos mortos. Fisterra é o final de moitos camiños, incluído o de Santiago. Ata aquí prolóngase a viaxe para cumprir os últimos ritos da peregrinación mentres o sol se desangra e no resto de Europa xa é de noite. A Costa da Morte ocupa a fachada litoral desde as proximidades da cidade da Coruña ata o cabo Fisterra. Contén as rías de Camariñas, a de Corme-Laxe e a de Lires; e, sobre todo, cantís abruptos nas puntas que delimitan unha sucesión de ensinadas abertas ao océano. A riqueza ambiental cífrase nos humidais (marismas e areas de Baldaio e lagoa de Traba), praias salvaxes (Balarés en Ponteceso, O Trece en Camariñas, Mar de Fóra en Fisterra e Rostro en Cee), as illas Sisargas fronte ao cabo San Adrián e outras puntas como Roncudo, Voitira ou o cabo Vilán. A competencia polo título de extremo máis occidental dirímese entre cabo Touriñán e Fisterra, pero parece ser que queda a medio camiño dos dous, na punta da Nave. Desde Carballo empréndese o desvío cara a Malpica e Ponteceso. Dunha a outra localidade, por pistas costeiras, resulta imposible abstraerse á beleza plástica dos miradoiros sobre as illas Sisargas, santuario de gaivotas. E xa na ría de Corme e Laxe, a ensinada da Insua coa grandiosa praia de Balarés ao carón, o Monte Branco no medio co seu chan de area, e a desembocadura do Anllóns ao fondo. O traxecto continúa por Laxe ata a praia de Traba. Ademais da lagoa, pódese escalar o monte á procura dos "penedos" ou peñascos: caprichosas formas pétreas esculpidas naturalmente. O desvío de Vimianzo ao pé do castelo, onde se representa durante o verán unha completa demostración en directo de diferentes traballos artesanais, conduce ata Camariñas.

Despois desta breve introdución sobre a paisaxe da Costa da Morte analizaremos aqueles espazos concretos de interese turístico da Zona:

#### A) PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE

Na actualidade non está vixente, pero o seu desenvolvemento deixou numerosa información e documentación na rede, sobre o turismo na Zona.

Os obxectivos principais do Plan de Dinamización Turística da Costa da Morte foron a posta en valor e uso turístico dos recursos da zona, sobre todo de tipo cultural e natural, e a creación de novos produtos a partir dos recursos existentes. Así mesmo, expúxose o deseño de políticas e estratexias de produto, prezo, promoción e comercialización, ao tempo que se realizaron actuacións para a mellora do medio ambiente. Por último, o Plan pretendía o fortalecemento e integración da oferta e da

estrutura empresarial mediante a posta en valor de proxectos nos que a participación empresarial axude á creación do seu propio tecido asociativo.

O Plan prevía a elaboración dun Plan de Calidade para que os establecementos de hostalería, restauración, comercio, servizos públicos e outros sectores puideran ofrecer os mellores servizos aos turistas que visitan a zona. Tamén se contemplaba a instalación de paneis indicativos de acceso en cada un dos municipios, e o deseño de rutas de sendeirismo e cicloturismo pola zona.

Estas e outras moitas accións fixeron do PDT da Costa da Morte unha acción conxunta da administración e o sector privado, intentando crear unha imaxe de marca do destino turístico da Costa da Morte e deixar tras de si acción en canto a rehabilitación de espazos para ser usados polos turistas.

Os concellos membros de este Plan de Dinamización Turística da Costa da Morte foron:

- o Concello da Laracha
- o Concello de Cabana
- o Concello de Camariñas
- o Concello de Carballo
- o Concello de Carnota
- o Concello de Cee
- o Concello de Corcubión
- o Concello de Coristanco
- o Concello de Dumbría
- o Concello de Fisterra
- o Concello de Laxe
- o Concello de Malpica
- o Concello de Muros
- o Concello de Muxía
- o Concello de Ponteceso
- o Concello de Vimianzo
- o Concello de Zas



E os organismos oficiais:

- o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio
- o Dirección Xeral de Turismo
- o Deputación da Coruña
- o Unión Europea. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
- o Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte
- o Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería da Coruña

## B) PARAXES DE INTERESE

### *Cabo de Santo Hadrián:*

Situado en Malpica, o cabo Santo Hadrián constitúe un excelente miradoiro sobre as illas Sisargas e mesmo, con potentes prismáticos, un bo punto de observación da súa fauna e flora.

Pero antes de chegar á punta váisenos a vista cara un pequeno santuario: a branca ermida de Santo Hadrián do Mar, á que case salpican as ondas os días de marusía.

Esta punta é o mellor punto de observación dos pasos migratorios de aves de setembro a outubro. De gran riqueza xeolóxica, ornitolóxica paisaxística, o cabo acolle a numerosas especies que procuran alimento no Continente: Corvus corone, Corvus monedula, Pica pica, Larus cachinnans e a Corvus corax.

### *Cabo Touriñán:*

Situado en Muxía o Cabo Touriñán é "o máis occidental da España peninsular (e non o de Fisterra, como tradicionalmente se pensaba).

A paisaxe nesta zona é áspera e desaborida, con vexetación almofadada, debido aos fortes e constantes ventos. Dende a atalaia onde se atopa o faro obsérvase toda a bravura do Atlántico."

"O litoral que bordea a península presenta unha morfoloxía moi accidentada, no que abundan os acantilados con pronunciadas pendentes e restingas de pedras que penetran no mar, convertendo esta zona nunha das máis perigosas de toda a costa. Alcánzanse os 9º17 17'54" de lonxitude oeste de Greenwich, lixeiramente superior á de Fisterra.

Foi testemuña do maior número de naufraxios, sobre todo no baixo denominado O Farelo, que se pode ver o descuberto fronte ó faro cando baixa a marea."

Por outra banda, dende o cabo Touriñán, e de setembro a novembro, pódense observar o constante paso migratorio de numerosas aves.



### *Cabo Vilán:*

Polo gran interese natural do Cabo Vilán, este xa foi nomeado no apartado de Situación Ambiental da Zona Costeira, de igual xeito faremos unha pequena mención neste apartado sobre este cabo situado en Camariñas.

Entre cabo Vilán e as illas Sisargas sitúase un tramo da Costa da Morte caracterizado pola negra estatística de multitude de naufraxios un dos cales, o do buque inglés 'Serpent', deu lugar á construción, en 1890, do actual faro.

Pero tamén nos atopamos nunha das paraxes de maior valor ecolóxico e grande fragilidade, declarado Sitio Natural de Interese Nacional no 1933, declaración que foi ratificada en 1975.

### *Desembocadura do Río Anllóns. Entre Cabana e Ponteceso:*

O Río Anllóns xa foi analizado en profundidade no apartado de Situación Ambiental da Zona Costeira, pola súa catalogación na Rede Natura 2000 de Lugar de Importancia Comunitaria. No presente apartado salientaremos a súa desembocadura, pola gran riqueza paisaxística que presenta.

### *Enseada de Ínsua:*

"Unha lingua de area divide en dous o esteiro do río Anllóns. A ámbalas dúas marxes da desembocadura amontóase a area dando lugar a un gran conxunto de dunas de case dous quilómetros de lonxitude e uns 400 metros de anchura media; esa area trepa polas abas do Monte Branco ata o Alto das Travesas.

Estamos fronte un espazo natural de grande riqueza paisaxística e ecolóxica. Ocupa unha superficie de máis de mil hectáreas e ten unha grande riqueza ornitolóxica de aves de paso e invernantes. Nos últimos tramos do Anllóns pódense ver e pescar angulas, lampreas, reos, salmóns e troitas."

### *Esteiro do Anllóns:*

As placas areentas de Monte Branco, a imponente figura da frecha areenta, os numerosos restos arqueolóxicos de toda a bisbarra, a presenza de miles de anátidas e limícolas ou a excelente gastronomía constitúen un reclamo de primeira magnitude para visitar este anaco de litoral da Costa da Morte.

As praderías submarinas de zoostera marina adornan a chaira intermareal sobre todo con baixamar. Por enriba, a salicornia invade a marisma xusto no nivel anterior ao que o fai o xunco. Máis preto das augas doces do Anllóns, as densas masas de carrizos poden acadar ata os tres metros de altura. Finalmente, e enriba dos corredores de dunas e tamén nas dunas fixas aséntanse a *Silene* de praia ou a endémica *Íberis procumbens*.

Unha grande parte da enseada está ocupada por gansos, cercetas e patos, pero as especies máis numerosas son as limícolas: Biluricos, píllaras, mazaricos, virapedras ou pilros, alternan cos máis escasos pero asiduos temporalmente a estas costas como

pentumeiros, mobellas, barnaclas ou tarros. Garzas, pernalongas, rascóns ou galiñolas atópanse todo o ano.

Como aves de presa sobresaen o ocasional esmerillón ou o lagarteiro. Nos acantilados, corvos grandes, corvos pequenos e chovas alternan con corvos mariños, gaivotas e carráns.

#### *Enseada de Trece:*

Situada en Camariñas e formada por trece pequenas calas que se funden co monte, a Praia virxe de Trece é un dos areais máis solitarios que podemos gozar en Galicia. De gran beleza, o azote continuo do Atlántico dálle un aspecto desértico, con especies de flora protexida como a Caramiña, na antigüidade presente en toda a costa galega e hoxe practicamente desaparecida que se adapta perfectamente a estas condicións extremas. Nos acantilados tamén podemos ver aves como o arao común e a gaivota tridáctila.

#### *Faro de Punta Ínsua:*

Na Punta Ínsua está enclavado o faro de Laxe, de 11 metros de altura, sobre un outeiro a 50 metros por enriba do nivel do mar. Emite escintileos que acadan 14 millas, con boa visibilidade.

#### *Faro de Punta Nariga:*

Situado en Asalo – Mens e construído a finais de 1997 por César Portela. Conta cun atlante do escultor Manolo Coia.

Pódese visualizar a máis de once millas entre Corme e Malpica. A un carón atópase Brántuas e Roncudo; ao outro, as illas Sisargas.

#### *Fervenza de Entrecruces:*

Na parroquia de Entrecruces (en Carballo) e pertencente ao río Taboada atopamos esta fervenza que polo seu caudal e lonxitude merece ser visitada. Rodeada dunha espesa vexetación, ten un gran valor paisaxístico e ecolóxico.

#### *Illas Sisargas:*

O illamento e a dureza do clima e do mar neste pequeno arquipélago da Costa da Morte, facilitou a estabilidade dunha das mellores colonias de aves mariñas de Galicia, algunhas das cales atópanse en serio perigo de extinción na nosa comunidade.

A acción do vento, case omnipresente en toda a zona, fai que o desenvolvemento arbóreo estea fortemente limitado. Con todo, isto non é atranco para a existencia,

ademais dunha pequena masa de pino de repoboación, de exemplares illados de moreiras brancas e figueiras.

Predomina a matogueira baixa coa presenza de algún endemismo do noroeste peninsular coma o *Cytisus psilosepalus*.

A importancia das Sisargas vén dada tamén pola presenza dunha das últimas poboacións nidificantes de aves mariñas de Galicia como a gaivota escura, a gaivota tridáctila ou o escasísimo Arao dos Cons, que ten aquí a súa segunda colonia en importancia de Galicia. Ademais existe unha importante poboación de corvo mariño cristado e andoriñón real.

### *Lagoa de Traba:*

A lagoa de Traba atópase situada en Laxe nunha ampla chaira litoral pechada por unha extensa barreira areenta sobre a que se xeraron importantes formacións dunares.

Dentro do sector pódese observar unha ampla gama de formas acantiladas. Cara o interior sobresaie o macizo granítico de Traba no que se encadea unha extensa variedade de formas rochosas. A lagoa de Traba atópase no fondo dunha depresión, entre o cordón de dunas e as praderías.

A súa orixe, ao igual que outras lagoas costeiras do litoral galego, foi debido á barra de area que se formou paralelo á praia e que impediu a saída directa das augas dos dous pequenos regatos que alimentan a lagoa, o Traba e o Rioval.

A lagoa, refuxio de caza, está rodeada practicamente na súa totalidade por unha densa extensión de carrizo, espadanas e xuncos. Existe tamén una ampla representación de especies somerxidas ou parcialmente somerxidas como as algas *Chara fragilis*, que tapiza o fondo da lagoa, *Anagallis* e *Eleocharis*.

O conxunto dunar que bordea a lagoa é de gran beleza, con casidas, Herbas de Namorar, linarias, Herbas de Prata e escrofularias, que lle confiren unha extraordinaria variedade cromática.

Destaca a presenza de aves coma o mergullón cristado, o rascón ou a folosa, esta última rara nidificante en Galicia.

Ademais cabe sinalar outras acuáticas máis comúns coma o alavanco, a galiñola, a galiñola negra, ou a garza.

Atopámonos tamén unha grande variedade de limícolas e curiosos visitantes ocasionais que lle confiren un especial interese ornitolóxico a este espazo natural, coma o bilurico atiamarelo pequeno, a gaivota chorona americana, a gaivota de Bonaparte, o pilro peitoral, o abetouro, etc.

### *Miradoiro de Aves 'José Luís Rabuñal Patiño':*

O Miradoiro de Aves José Luís Rabuñal Patiño, unha caseta de madeira perfectamente integrada na paisaxe, está situada na praia da Urxreira en Cabana de Bergantiños.

No seu interior, colocáronse uns paneis divulgativos que informan das rutas migratorias das aves que chegan ao esteiro do Anllóns, dos espazos que ocupa a avifauna no mesmo, das rarezas que se puideron observar nalgunha ocasión, de como recoñecer aves ou dos útiles para observalas.

### *Monte Branco:*

Trátase dunha duna que se converteu nun monte. Esta é a duna máis grande da Costa de Morte e a duna remontante máis grande de Europa. A súa altitude é de 204 metros. Encóntrase na Praia do Trece e no cabo Trece.

### *Parque do Anllóns e San Martiño:*

O parque de Anllóns en Carballo ten a súa continuación no parque San Martiño, outra zona verde situada detrás da igrexa parroquial que ampara outro tramo da canle do Anllóns. Durante as festas de San Xoán esta zona convértese repentinamente nun parque de atraccións que congrega a todos os nenos e mozos da bisbarra.

### *A parroquia de Soandres:*

Como esta parroquia da Laracha é tan grande, para achegarnos a ela podemos considerar dúas rutas: á Baixa de Soandres accédese collendo a estrada da Laracha a Cerceda. A 8 quilómetros hai un indicador que sinaliza o Mosteiro de Soandres, a 1 Km. Está no lugar de Priorato. Os lugares desta parte da parroquia, a máis poboada, espállanse por ámbalas vertentes do val do Anllóns, seguindo a estrada cara Cerceda ata o límite do municipio, un pouco antes da estación de Meirama.

A outra ruta, tamén de grande atractivo paisaxístico, sigue a estrada que partindo da parroquia de Golmar sobe cara Cerceda pola Alta de Soandres: saíndo da vila da Laracha pola estrada da Silva, aos 3 quilómetros chégase a Golmar, pola esquerda e mesmo a carón da igrexa está indicado "Alta de Sondres". A pista que de aquí arrinca segue o curso do río Acheiro para penetrar a partir do lugar da Xesta nas terras altas da parroquia. No cruce da Brea vemos un indicador á dereita que sinala Orraca e Montemaior e outro á esquerda para Saldante e o Mosteiro de Soandres, a onde se chega logo de 2 quilómetros aproximadamente.

Se seguimos cara Cerceda chegaremos pronto a Portodoso. Pasado este lugariño e a 1 quilómetro, cóllese pola esquerda o camiño que abeirando o Coto de Pedrouzo baixa tamén ao mosteiro; a referencia é unha granxa de ovellas que se divisa dende a estrada e pola que hai que pasar. Seguindo cara adiante outro quilómetro atopamos,

tamén á esquerda, unha pista de terra que vai ao lugar de Coence, xa en Cerceda, e que pasa pola braña coñecida como "Fonte de Miguel Belido", que é onde nace propiamente o río Anllóns.

#### *O Pozo da Forca:*

Situado e Riobó en Cabana de Bergantiños. Estamos fronte a cinco metros de ferverza labrada nos roquedos co paso dos anos. É un lugar cheo de lendas.

#### *Punta de Tabuído:*

Situada en Cabana de Bergantiños, sinala a entrada na enseada de Ínsua. Aquí nace o "bruar da Barra".

#### *Punta Roncudo:*

En Corme (Ponteceso). Debe o seu nome ao estraño ronquido que produce o mar ao romper nos acantilados. Os excelentes percebes de Cabo Roncudo son famosos en toda Galicia. As cruces lembran a coraxe que pode chegar a amosar o Atlántico neste lugar.

#### *O complexo dunar de Razo- Baldaio:*

O impresionante complexo dunar situado en Carballo é, xunto á lagoa salobre, o elemento máis característico desta área de elevadísima produtividade que sostén tanto a importantes concentracións de especies salvaxes, sobre todo aves acuáticas e mariñas e ao mesmo tempo serve de criadeiro de especies de interese pesqueiro e marisqueiro.

A barra areosa atópase parcialmente fixada por unha vexetación de amofilas, linarias, silenes, euforbias, etc. Entre a flora típica da marisma, onde se produce un encharcamento periódico provocado polos movementos mareais, desenvólvense xuncos e carrizos.

A base da cadea trófica, formada por moluscos e crustáceos, alimenta a unha abundantísima colonia de aves acuáticas como mazaricos, pilros, píllaras, avefrías, patos, garzas e galiñolas; Esporadicamente podemos atopar cisnes e cullereiros.

Os corvos mariños, os mascatos e as gaivotas son facilmente observados nos seus desprazamentos dende a praia. A esquiva lontra frecuente as augas da lagoa, especialmente na tardiña.

Pero Baldaio posúe unha especial importancia como criadeiro de especies de interese comercial, como robalizas, reos ou anguías e como tradicional lugar de explotación marisqueira.

### *O Río de Vaa:*

O Río de Vaa é unha das poucas correntes fluviais que verten na costa de Bergantiños. Nace ao pé do castro de Brión, percorre distintos lugares do Concello de Malpica e desemboca na ría de Esteiro (Seiruga, Barizo). Ao longo do seu percorrido move decenas de muíños.

No Río de Vaa atopamos un conxunto etnográfico constituído por catro muíños (un deles privado, aínda en funcionamento) e unha casa de labranza.

### *O Río Grande. En Camariñas, Vimianzo e Zas:*

"A excepción da parroquia de Ponte do Porto, que se conforma e desenvolve na súa ribeira, o seu curso a penas transcorre por terras de Camariñas; aínda que si a súa desembocadura, que se abre á ría de Camariñas ofrecendo ó visitante unha paisaxe de excepcional beleza.

O Río Grande é tamén un importante couto pesqueiro, cita obrigada para os amantes desta actividade."

### *O Santuario da Virxe da Barca:*

Situado en Muxía "o santuario de Nosa Señora da Barca é un dos primeiros de Galicia pola súa antigüidade e polo número de romeiros que acoden a el (máis de cincuenta mil nun só fin de semana). Foi declarada Festa de Interese Turístico Nacional e a súa antigüidade vai parella á data da fundación da primeira capela, cara o século XI ou XII.

Viaxeiros e escritores falan do santuario polo menos dende o século XVI, e poetas de todos os tempos cantaron ás súas pedras con grande inspiración. Poderíamos citar a Rosalía de Castro, López Abente, García Lorca..."

#### *O culto ás pedras:*

"A tradición do culto ás pedras parece estar moi enraizada na cultura celta e, aínda antes dela, dende os tempos do Neolítico cando se levantaron os dolmens.

As pedras oscilantes foron tamén obxecto de culto e de práctica de ritos esotéricos (só os limpos de corazón son capaces de facelas oscilar).

A Pedra de Abalar de Muxía está ligada ás tradicións xacobeas, que afirman que a Virxe María chegou a esta costa nunha barca de pedra para socorrer ao Apóstolo Santiago. Cando a Señora desapareceu, quedou alí a barca (Pedra dos Cadrís), o leme (Pedra do Leme) e a candeia (Pedra de Abalar).

Esta última ten case nove metros de longo e uns trinta centímetros de grosor. Os visitantes colócanse sobre ela para conseguir que oscile, cousa que fai emitindo un misterioso ronquido. Ao parecer a pedra 'abala' cando quere, hai veces que se colocan moitas persoas enriba e non 'abala', e outras 'abala' soa. Tamén din que cando 'abala' soa, predí algunha desgracia."

## C) ÁREAS DE RECREO

### *Cabana de Bergantiños:*

*Área Recreativa do Briño:* Ao lado dunha carballeira que garda infinitas historias e innumerables lendas.

*Miradoiro das Agrelas:* Situado na C-431, é un balcón habilitado para contemplar a Enseada da Ínsua. Dende el pódense contemplar o Monte Branco, a Barra, as illas da Tiñosa, Os Cagallóns, as carpinterías de ribeira, a praia do Curro, a desembocadura do río Anllóns, a vila de Corme, o Couto... Tamén é bo lugar para observar aves, sobre todo na temporada invernal. Conta cun merendeiro de mesas de granito e papeleiras.

### *Camariñas:*

*Área Recreativa do Couto de Pesca da Ponte do Porto:* situada na marxe dereita do Río Grande. Neste lugar atópase o couto de pesca da Ponte do Porto, de categoría 1º A, de 4,4 quilómetros de lonxitude e onde se pesca troita e reo. A zona foi acondicionada mediante a instalación de bancos, mesas e asadores.

*Zona de recreo da praia do Ariño:* Está situada na Praia do Ariño (Parroquia de Xaviña). Trátase dun lugar rodeado de árbores onde reina a tranquilidade para pasar un fermoso día en compañía da familia. Entre as características a destacar atopamos mesas e bancos de pedra con cadanseu asador.

### *Carballo:*

*Área recreativa de Barís:* Está situada nunha contorna forestal e fluvial, nas inmediacións do regueiro de Carracedo, nun precioso espazo natural, rodeado dunha singular carballeira e de diversa vexetación rupícola. Destaca o muíño rehabilitado, exemplo de arquitectura popular. É un espazo de lecer idóneo para merendar e gozar da paisaxe.

*Área recreativa do Taramollo:* Situada nunha contorna forestal e fluvial, nas inmediacións do río Bardoso, afluente do río Anllóns, nun espazo natural creado artificialmente coa construción dunha pequena piscina natural, pontes de madeira ... Conta cun bo equipamento (mesa, fontes, etc), en perfecta harmonía co medio natural. Resulta ideal para merendar e darse un baño nun acolledor e tranquilo ambiente natural.

*Miradoiro de Santa Irene:* O miradoiro de Santa Irene permite apreciar todo o esplendor da ría de Baldaio

### *A Laracha:*

*Área Recreativa de Gábenlle:* Esta ampla área recreativa da parroquia de Torás atópase a 500 m. da capital municipal, á beira do Río Anllóns. É unha desas paraxes





que presenta un grande atractivo, tanto paisaxístico coma nos deseños das súas construcións, xa que están feitas con materiais tradicionais: pedra e madeira.

*Miradoiro - Área recreativa de Sta. Marta:* A Área recreativa de Sta. Marta atópase entre as parroquias de Soandres e Coiro, no monte de Sta. Marta, a unha altura de 432 m. Éste é outro dos moitos espazos recuperados polo concello e hoxe convertido nunha ampla área de lecer, dende a que se pode gozar de impresionantes vistas do municipio e incluso da Costa da Morte. Ademais do atractivo paisaxístico e arqueolóxico deste miradoiro (xa que nel se atopan os restos arqueolóxicos da antiga capela de Sta. Marta) hai que engadir que dispón dos servizos propios dun área recreativa, como son: barbacoas, merendeiros coas súas mesas cubertas, descubertas, etc.

#### *Laxe:*

*Área recreativa da Braña:* Sitúase na praia de Soesto.

*Área recreativa de Boaña:* Ten diferentes áreas de xogos para os máis cativos.

*Área recreativa do Cabo da Area:* Situada xunto a unha lagoa e á piscina municipal.

#### *Malpica de Bergantiños:*

*Área recreativa do Río de Vaa:* no casal do río de Vaa atopamos un conxunto etnográfico constituído por catro muíños, un deles, privado (aínda en funcionamento que, ao longo do seu percorrido move ducias de muíños), e unha casa labrega. O fundador deste conxunto, así como dun serradoiro hidráulico, foi Lorenzo García Soto, veciño de Coristanco. O uso destes muíños era un privilexio concedido a comunidades eclesiásticas, á nobreza e aos concellos. Ata aquí viñan a moer habitantes da vila pontecesana de Corme. Grazas ao aproveitamento da auga esta aldea foi o primeiro lugar do Concello que contou con luz eléctrica a comezos do século XX. Nela, a lingua segue viva nas palabras como canle, aliviadoiro, gradilla, canela, rodicio, mesa, aguillón, moega, quenlla.

*Miradoiro do Monte Nariga:* atópase a 219 metros de altitude sobre o nivel do mar, nunha contorna forestal. Podemos visitalo nun lugar, segundo a toponimia, con forma de nariz, que recolle os ventos do nordés para convertilos en enerxía eléctrica mediante un parque eólico. Destacan as fermosas panorámicas das terras baixas de Bergantiños e os vales incrustados entre os bosques mixtos. Acceso: dende Malpica seguir a estrada a Ponteceso ata a parroquia de Mens, continuar pola estrada local ata o monte Nariga, onde se atopa o miradoiro.

*Miradoiro da Costa:* atópase a 159 metros de altitude sobre o nivel do mar, nunha contorna forestal, nas inmediacións do novo cemiterio. Destacan as fermosas panorámicas das terras baixas de Bergantiños, cos seus vales escondidos entre os bosques, e a silueta das magníficas Torres de Mens. Por unha banda podemos ollar o Monte de Beo, nas illas Sisargas, e a vila de Malpica entre as alturas da Atalaia e

Pedra Queimada. Na outra banda, os piñeiros e as terras sembradas de millo, as terras de Ponteceso e Carballo.

*Miradoiro da Dársena:* Situado no porto de Malpica de Bergantiños.

*Miradoiro do Fuso da Moura:* O Fuso da Moura atópase ao pé dun punto xeodésico que, situado no monte de Asalo (222 m), delimita os Concellos de Malpica e Ponteceso. É un espazo de lendas que fala de covas con tesouros, pero, sobre todo, lugar onde foron enterrados os nosos antepasados. Está rexistrado como un dos catro restos arqueolóxicos atopados no monte Nariga; a lenda cóntanos que o seu primitivo marco de pedra era o uso co que fiaba a moura.

*O Club Náutico de Malpica:* está aberto ao público os sábados polas mañás. Algunhas das actividades que alí se desenvolven son o submarinismo, saídas en kayak, cursos de vela, cursos de navegación (PER, PNB). Ademais de organizar actividades deportivas, o club tamén está implicado na dinamización do deporte na vila malpicana.. Actualmente conta con máis de 350 socios.

#### *Muxía:*

*Miradoiro de Monte Castro:* Situado na parroquia de Moraime, lugar de Xanzón, ubicado no cumio do Monte do Castro. De contorna marítimo-forestal. Dende este miradoiro contéplase boa parte do municipio de Muxía, a ría de Camariñas e as puntas de Cachelmo e Buitra. Hai aquí restos dos muros defensivos dun castro, de forma ovalada. Na tradición popular consérvanse referencias lendarias deste castro. O acceso dende Muxía: tómase a estrada en dirección a Negreira, ao pasar o río Moraime xírase á dereita. No lugar de Agreiras volvemos a xirar á dereita ata o núcleo de Castelos. Aquí hai un camiño que conduce ao Monte do Castro.

#### *Ponteceso:*

*Lugar da Carga:* En Anllóns, onde está a Ponte da Garga, declarada monumento de interese recreativo, histórico e zona arqueolóxica.

*Miradoiro de Monte Branco:* O Monte Branco é o punto onde se divisa Ponteceso. A desembocadura do Río Anllóns forma parte do inventario xeneral de espazos naturais de medio ambiente, caza e pesca fluvial da Xunta de Galicia co nome de Enseada de Ínsua, onde se amontoa a area e se forma un gran conxunto de dunas de casi dous quilómetros de lonxitude e uns catrocentos metros de anchura media; esa area sube polas ladeiras do Monte Branco ata o Alto das Travesas onde se divisa Cabana e Laxe.

*Miradoiro do Faro Roncudo:* Pódense observar moi boas vistas.

## D) RUTAS

### *Rutas a pe:*

Camiño de Santiago a Fisterra: Fisterra sempre suscitou a curiosidade dos peregrinos, desexosos de coñecer o fin da terra, o lugar onde o sol desaparece da vista. Esta ruta en catro etapas une Compostela con Muxía pasando por Fisterra, completando unha especie de epílogo do Camiño de Santiago. Ao chegar á meta o peregrino recibirá a Fisterrá, que acredita a súa chegada ao fin da terra.

A Carballa-Dombate: Ruta pola contorna do municipio de Cabana de Bergantiños, combinando as vistas paisaxísticas coa visita a lugares de interese prehistórico como o dolmen de Dombate e o castro de Borneiro. Parte da ruta coincide cun itinerario habitual na mocidade de Eduardo Pondal, un dos máis relevantes poetas galegos e autor da letra do noso himno.

Baio-Torres do Allo: Esta ruta parte de Baio e combina tramos urbanos con outros máis campestres. Igrexas, restos prehistóricos e robledales son algúns dos atractivos deste percorrido pola comarca de Terra de Soneira.

Camelle-Laxe: Ruta que enlaza dúas típicas vilas mariñeiras, Camelle e Laxe, a través dun percorrido por afiadados cantís, pero tamén por praias, dunas e lagoas: as dúas caras da Costa da Morte.

Malpica-Santo Hadrián-Santiso: A vila mariñeira de Malpica é o punto de partida e chegada desta ruta, que camiña xunto ao mar ofrecendo privilexiadas vistas do espazo natural das illas Sisargas.

Muxía-Monte Facho-Moraime: Esta ruta percorre a contorna da emblemática vila costeira de Muxía, camiñando primeiro por praias e dunas xunto ao mar e logo, subindo ao alto do monte Facho, para gozar das vistas da ría de Camariñas e do Cabo Touriñán.

### *Rutas sobre rodas:*

Camiño de Santiago a Fisterra: Fisterra sempre suscitou a curiosidade dos peregrinos, desexosos de coñecer o fin da terra, o lugar onde o sol desaparece da vista. Esta ruta en catro etapas une Compostela con Muxía pasando por Fisterra, completando unha especie de epílogo do Camiño de Santiago. Ao chegar á meta o peregrino recibirá a Fisterrá, que acredita a súa chegada ao fin da terra.

Carballo-Caión: Percorrido desde a capital de Bergantiños ata a vila mariñeira de Caión, con fermosas vistas dos extensos areais da costa carballeira e numerosas mostras de arte relixiosa.

Ruta dos dólmenes: Percorrido polos monumentos megalíticos máis representativos da Costa da Morte.

Ruta dos faros: Dúas etapas son necesarias para completar esta ruta que une Cabo Vilán e Fisterra seguindo a liña do litoral. Ao longo do percorrido atopamos as vilas

costeiras máis representativas da Costa da Morte (Muxía, Camariñas e Fisterra) e os faros que iluminan as puntas máis occidentais da península Ibérica.

Ruta dos pazos: Partindo das torres do Allo, a Ruta dos Pazos penétrase en Zas e Vimianzo, dous municipios da comarca de Terra de Soneira, ricos en restos históricos e especialmente en casas señoriais.

## E) PRAIAS

### *Cabana de Bergantiños:*

*Praia da Urxreira:* en Cesullas.

*Praia das Vacas:* atopámola no lugar de Taboído, Canduas cunha lonxitude de 200m. Praia en forma de enseada, de area branca e fina. Situada nunha contorna virxe e illada, contigua á praia de Maseiras. É unha praia ventosa e de ondada moderada; convén ter precaución coa resaca en certos tipos de mareas. Ideal para gozar do sol e da auga nas inmediacións do monte de Taboído, unha abraiante paraxe natural.

*Praia de Maseiras:* tamén en Taboído, Canduas. Praia de 180 metros de lonxitude en forma de media cuncha, situada nunha contorna virxe e illada, contigua á praia das Vacas. Composta de area branca e fina, é unha praia ventosa e con ondada moderada (ás veces forte). Ideal para gozar do sol e da auga na bonita paraxe natural do monte de Taboído.

*Praia de Rebordelo:* no lugar de San Pedro, en Canduas. O areal mais grande de Cabana de Bergantiños con 210 metros de lonxitude.

*Praia de San Pedro:* Tamén no lugar de San Pedro, Canduas, pero cunha lonxitude menor, de 155 metros e unha anchura de 25.

*Praia do Curro:* en Cesullas.

*Praia do Pendón:* en Taboído, Canduas. Minúscula cala en forma de media cuncha, situada nunha contorna virxe, illada e con acceso peonil, próxima ás praias das Vacas e de Maseiras. De area branca e fina, é unha pequena praia ventosa e cunha forte ondada, ideal para gozar do sol e do mar nun tranquilo e pouco masificada paraxe natural.

### *Camariñas:*

*Praia de Area Branca:* cunha lonxitude de 140 e anchura de 15 metros.

*Praia de Area da Vila:* Praia de contorna urbana situada xunto ao casco urbano de Camariñas. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de augas tranquilas e moi protexida. É unha praia na que a cotío fondean embarcacións. Ten unha lonxitude de 200 e unha anchura de 100 metros.

*Praia de Area Longa:* cunha lonxitude de 310 e anchura de 27 metros.



**Praia de Ariño:** situada na Terra de Soneira, parroquia de Xaviña. Duchas, ramplas, descenso discapacitados, sinalización estado do mar, servizo de limpeza diario e servizo de vixilancia, cunha lonxitude de 1160 e anchura de 30 metros

**Praia de Arou:** Situada en Camelle, praia de contorna urbana xa que se atopa no mesmo núcleo de Arou. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de augas tranquilas e pouco ventosa, o que facilita o baño. Ten unha lonxitude de 130 e unha anchura de 455 metros.

**Praia de Balea:** Conxunto de catro pequenas praias virxes: Reira, Area Longa, Balea e Pedrosa, de características moi similares situadas ao norte de Cabo Vilán.

**Praia de Camelle:** Praia de contorna urbana, situada no porto de Camelle. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de augas tranquilas e pouco ventosa, o que facilita o baño. A pesar da proximidade do porto trátase dun areal no que habitualmente fondean as embarcacións. Lonxitude: 180 m e anchura: 105 m.

**Praia de Lingunde:** Praia de contorna rústica. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de augas tranquilas e pouco ventosa, o que facilita o baño. Ten unha lonxitude de 100 e unha anchura de 15 metros.

**Praia de Lobeiras:** Praia de contorna virxe con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de forte ondada e moi ventosa o que dificulta o baño. É unha praia moi empregada polos mariscadores da zona. Pódese considerar unha praia perigosa. Lonxitude: 240 m e anchura: 25 m.

**Praia de Pedrosa:** Praia de contorna virxe e de difícil acceso. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de moita ondada e moi ventosa, o que fai que o baño na mesma sexa moi complicado. Ademais atópase moi illada. Lonxitude: 190 m e anchura: 35 m.

**Praia de Reira:** cunha lonxitude de 120 e anchura de 46 metros.

**Praia do Trece:** Praia de contorna virxe. Con forma de enseada e base de area de cor branca. Trátase dunha praia de forte ondada e moi ventosa na que o baño pódese facer moi perigoso. Está illada e o seu acceso é difícil podendo facerse tan só a pé e con moita precaución. Ten unha lonxitude de 1250 e unha anchura de 25 metros.

**Praia Lago Norte:** Praia de contorna virxe. Con forma de enseada e base de area de cor dourada. Trátase dunha praia de ondada moderada e ventosa. A policía local patrulla durante o verán. Dispón dun pequeno porto no que os mariñeiros fondean as embarcacións. Lonxitude: 350 m e anchura: 20 m.

**Praia de Santa Mariña:** cunha lonxitude de 70 e anchura de 25 metros.

### Carballo:

**Praia de Baldaio:** Lonxitude: 4000 m. Anchura: 200 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Alta. Grao de urbanización: Virxe



*Praia de Leira:* Lonxitude: 1000 m. Anchura: 15 m. Composición: Area fina e rochas. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe

*Praia de Pedra do Sal:* Lonxitude: 300 m. Anchura: 30 m. Composición: Area. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Semiurbana.

*Praia de Razo:* Lonxitude: 800 m. Anchura: 30 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Alta. Grao de urbanización: Semiurbana

#### *A Laracha:*

*Praia de Caión:* Esta fermosa praia do municipio da Laracha (é a 1ª praia da Costa da Morte) está situada nun lugar de gran beleza paisaxística, o núcleo urbano de Caión. Caracterízase polas súas augas limpas e tranquilas que se estenden ao longo do Paseo Marítimo dende Punta das Olas ata a Furna da Auga Redonda. Xa en anos anteriores obtivo o galardón de Bandeira Azul debido á boa calidade das súas augas e ao elevado número de servizos dos que dispón, xa que conta con todos os servizos propios dunha praia urbana: aseos e duchas, servizo de socorrismo, limpeza diaria mediante o sistema de recollida selectiva, zonas de aparcadoiro que se están ampliando cada ano, rampla de acceso a discapacitados/as, etc. Esta praia de augas tranquilas está moi concorrida en época estival non só polos veciños da Laracha e municipios limítrofes senón tamén por aquelas xentes que se desprazan desde toda Galicia ou polos turistas que gozan das súas vacacións neste encantador pobo, que é Caión. Non só é apta para tomar o sol e bañarse senón tamén para a práctica de deportes coma o fútbol-praia, o surf ou a realización de campionatos de natación. Conta cunha lonxitude de 800 m

*Praia Fluvial- Área Recreativa de Gábenlle:* A praia fluvial atópase a 500 m. da capital municipal, A Laracha, a ambas marxes do Río Anllóns nun amplo espazo recuperado dende hai varios anos polo Concello. O grande atractivo paisaxístico e o elevado número de servizos dos que dispón, fai desta área recreativa un dos lugares máis concorridos do municipio en época estival e incluso ao longo do ano. Os principais servizos dos que dispón son: zona de merendeiros con mesas cubertas e descubertas, grellas, aseos e parque infantil a ambas marxes do Río Anllóns, fonte, zona de aparcadoiro, etc. A praia fluvial ten continuidade co Paseo Fluvial construído recentemente na marxe dereita do río Anllóns, dende Gabenlle ata O Formigueiro (parroquia de Vilaño), nunha lonxitude superior aos 2 quilómetros. Ao longo do Paseo Fluvial atopámonos cos muíños de auga, tan característicos da xeografía galega, os que aumentan a enorme beleza desta área recreativa.

#### *Laxe:*

*Praia de Arnado:* Está situada en Boaña (Traba). Ideal para os amantes do descanso e a tranquilidade, porque se trata dunha recollida cala duns 90 metros e area fina, cun pequeno embarcadoiro, que dá paso á praia de Traba.

*Praia de Laxe:* Ao pé das casas, a gran praia de Laxe, aberta ao océano e cunha area fina e moi branca, deita as súas augas repousadas e limpas ao longo de case dous quilómetros de extensión. Está no mesmo centro urbano da vila de Laxe, e conta cos servizos propios dunha praia urbana: aparcadoiro, duchas, autobús, vixilancia, pasarelas, ramplas de acceso a discapacitados, paseo marítimo, limpeza diaria, cruz vermella, sinalización do estado do mar, hostalería e restauración moi próximas á praia, etc.

*Praia de Soesto:* Saíndo de Laxe cara Camariñas, atópase o agochado areal de Soesto, de reducidas dimensións (860 metros de extensión), máis retirado, máis tranquilo, de area fina e de augas mansas que rompen coa dureza da costa rochosa de mar aberto. Praia ideal para a práctica do surf. A última fin de semana de agosto ten lugar nas súas augas a celebración de probas deportivas pertencentes ao campionato de España.

*Praia de Traba:* atopámola en Boaña (Traba). Rodeada por un inmenso areal, de case tres quilómetros de lonxitude, con dunas, marismas e unha lagoa infestada de lendas e de gran valor medioambiental.

#### *Malpica de Bergantiños:*

*Praia de Area Maior:* En forma de enseada, situada nunha contorna semiurbana, no lado oposto do porto de Malpica, na minúscula península que acolle ao núcleo pesqueiro. De area branca e fina, é unha praia ventosa e con forte ondada, propicia para os deportes náuticos, especialmente, para o surf. Con mal tempo presenta importante resaca. Ideal para gozar, ademais da praia, do ambiente dunha vila mariñeira coma Malpica de Bergantiños. Bandeira azul e acceso discapacitados. Lonxitude 500 m e anchura 75 m.

*Praia de Barizo:* Lonxitude 210 m e anchura: 41 m.

*Praia de Beo:* De branquísima area, é un dos atractivos da parroquia de Vilanova. Acceso en coche e a pé, fácil. Lonxitude 250 m e anchura: 39 m.

*Praia de Canido:* Lonxitude 160 m e anchura: 10 m.

*Praia de Esteiro Xeiruga:* Lonxitude 550 m e anchura: 45 m.

*Praia de Reixa Grande:* Lonxitude 120 m e anchura: 3 m.

*Praia de Reixa Pequena:* Lonxitude 120 m e anchura: 4 m.

*Praia de Riás:* Lonxitude 1300 m e anchura: 15 m.

*Praia de San Miro:* Lonxitude 140 m e anchura: 8 m.

*Praia de Seaia:* En forma de enseada, con formacións dunares ao fondo. Posúe unha area branca moi fina, unha ondada moderada, cunha contorna sen urbanizar. É un lugar apropiado para a práctica do surf e a pesca deportiva. Con boas vistas das próximas Illas Sisargas. Lonxitude 290 m e anchura: 50 m.

### Muxía:

*Praia da Arnela:* Lonxitude: 90 m. Anchura: 40 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

*Praia da Cruz:* Lonxitude: 130 m. Anchura: 80 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Urbana.

*Praia das Raias:* Lonxitude: 130 m. Anchura: 15 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

*Praia de Area Maior:* Lonxitude: 630 m. Anchura: 30 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Rústica.

*Praia de Barreira:* Situada en Leis de Nemancos, ten unha lonxitude de 400 metros e unha anchura de 56 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Rústica.

*Praia de Bourreiros:* Lonxitude: 333 m. Anchura: 9 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Virxe.

*Praia de Espiñeiro:* Lonxitude: 320 m. Anchura: 12 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Rústica.

*Praia de Lago:* Lonxitude: 640 m. Anchura: 70 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Rústica.

*Praia de Loureiros:* Lonxitude: 225 m. Anchura: 7 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

*Praia de Lourido:* Situada en Moraime ten unha lonxitude de 520 metros e unha anchura de 46 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

*Praia de Moreira:* Lonxitude: 110 m. Anchura: 10 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

*Praia de Nemiña:* Lonxitude: 1460 m. Anchura: 30 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Rústica.

*Praia do Coto:* Lonxitude: 50 m. Anchura: 7 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

### Ponteceso:

*Praia da Arnela:* Lonxitude: 90 m. Anchura: 17 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Urbana.

*Praia da Barda:* Lonxitude: 900 m. Anchura: 13 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.

*Praia da Barra do Medio:* Lonxitude: 1070 m. Anchura: 30 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Virxe.



*Praia da Ermida:* Lonxitude: 250 m. Anchura: 36 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Rústica.

*Praia da Furna:* Lonxitude: 80 m. Anchura: 5 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Rústica.

*Praia de Balarés:* Lonxitude: 375 m. Anchura: 32 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Media. Grao de urbanización: Rústica.

*Praia de Morro:* Lonxitude: 120 m. Anchura: 10 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Rústica.

*Praia de Niñóns:* Lonxitude: 170 m. Anchura: 10 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Rústica.

*Praia de Osmo:* Lonxitude: 170 m. Anchura: 10 m. Composición: Area fina. Ocupación tempada estival: Baixa. Grao de urbanización: Rústica.

## F) ARQUEOLOXÍA

### *Cabana de Bergantiños:*

*Castro Celta de Borneiro:* Datado no 520 a. de C. Coñecido como "A Cidá". Trátase dun poboado de forma oval, rodeado de muros e fosos defensivos. As escavacións permiten observar a parte baixa de numerosas casas. Posiblemente a entrada atopábase na parte alta da vivenda, impedindo deste xeito a entrada de animais salvaxes.

*Castro de Anido:* Situado en Nantón, data do século V a.c., pero os seus restos case non se conservan, xa que enriba del construíuse un pazo.

*Castro de Anós:* En Guisande, Anós.

*Castro de Beres:* Situado en O Esto, dende o seu cumio observamos o Monte Neme e, ao oeste, o Monte do Faro.

*Castro de Corcoesto:* En Corcoesto.

*Castro de San Fins:* Situado en Cesullas. Data do século V a.c., e é de grandes dimensións. Construíuse unha ermida enriba del.

*Castro de Sinda:* En Cánduas. Só se conservan as murallas.

*Castro do Folgoso:* En Riobó.

*Castro do Piñeiro:* En Anós.

*Dolmen de Dombate:* Nunha pequena chaira no límite da bisbarra de Soneira, na que hai outros monumentos coma os de Pedra Cuberta e Casa dos Mouros, atópase o monumento megalítico de Dombate, moi próximo ao mar.

*Petroglífico da Piolla:* En Nantón. Gravado rupestre composto por unha cazoleta central e sete furados pequenos que a circundan. No exterior destes furados hai dúas aberturas simétricas aos lados do conxunto e unha un pouco máis grande e apartada.

### *Camariñas:*

*Castro da Croa:* O castro é un recinto fortificado dos poboamentos da Idade do Ferro en Galicia e que a cotío emprazábanse en lugares altos e de difícil acceso. Preto da aldea do mesmo nome, está situado no Monte da Croa. No seu estado actual, ruinoso, aprécianse a súa forma circular e a súa poderosa fortificación. Atópase profundamente alterado debido a dous camiños que se internan na coroa do castro, lugar no que se emprazaban as edificacións principais do poboado, e polas continuas accións agrícolas que removeron os extremos sur e oeste do depósito.

*Foxo dos Lobos:* Construción formada por dúas paredes de pedra granítica que converxen nun furado circular, ou foxo. A súa utilización está asociada ás batidas levadas a cabo por un elevado número de persoas que provocarían a fuxida do lobo ata a zona comprendida entre as dúas paredes, provocando finalmente a súa caída no foxo. Foxos deste tipo foron construídos dende o século XVI. En Galicia non se utilizan dende hai máis de 100 anos. O Foxo dos Lobos de Camariñas atópase en proceso de reconstrución.

*Mámoa de Reira:* A mámoa é un túmulo, unha acumulación artificial de terra e pedras levantada sobre un enterramento e que, nalgúns casos, pode conter no seu interior un dolmen. Este tipo de monumento funerario foi característico durante o período que abrangue entre o Neolítico e a Idade do Bronce.

### *Carballo:*

*Castro de Cances:* Aséntase no medio dunha leira, cun terraplén con tres liñas defensivas. O conxunto recibe o nome de Bico de Castro. Atópase entre os lugares de Serantes do Medio e Serantes de Abaixo.

*Castro de Torre Pardiñas:* Castro de pequenas dimensións situado en Razo. Presenta un forte sistema defensivo, o que fai supoñer que tivo esta función.

*Dolmen 'Pedra Moura':* Na parroquia de Aldemunde atopan os restos da 'Pedra Moura', dolmen que se cre que foi construído por unha moura, personaxe galega irmá das mouras irlandesas, que trouxo as pedras na cabeza ao tempo que fiaba nunha rocha e daba de mamar a un neno. Preto da Pedra Moura, na parroquia de Sofán, atópanse os castros de *Guntián* e de *Cotomil*, que amosan parte dos muros de defensa.

*Ponte Lubiáns:* Son poucos os restos de orixe romana que se conservan e dalgúns deles dubídase que sexan desta época, coma é o caso da Ponte Lubiáns, elevada sobre o río Rosende e entre os municipios de Carballo e Coristanco.



### *A Laracha:*

*Castro As Croas:* En Erboedo.

*Castro da Condessa:* En Lemaio.

*Castro de Condesuso:* En Soandres.

*Castro de Lestón:* En Lestón.

*Castro de Montesclaros:* Situado en Vilaño. Destacan os materiais arqueolóxicos recollidos: cerámica castrexa e romana, e unha tesoura de rapar.

*Castro das Motas:* En Vilaño.

*Castro de San Román:* En Cabovilaño.

*Castro de Santa Baia:* Emprazado en Soandres. Destaca pola súa situación estratéxica no alto dun monte escarpado, rodeado por un pequeno muro defensivo de cachote con parapetos.

### *Laxe:*

*Fornela dos Mouros:* Non temos novas de restos megalíticos en Laxe, pero na parroquia de San Simón de Nande, que limita coa de Traba polo leste, consérvase a anta coñecida como Fornela dos Mouros, situada na Costa do Aprazadoiro. Existen certas dúbidas de que esta construción, formada por tres chantos verticais e un cuberto, sexa un monumento megalítico, tanto polas reducidas dimensións como pola súa situación nun lugar pedregoso que dificulta os enterramentos, segundo manifesta Lema Suárez.

*Penedos de Traba:* O espazo natural das dunas e a lagoa complétase co sendeiro costeiro ata Camelle e cos montañosos Penedos de Traba, procesión de rochas zoomórficas nas que certos investigadores localizan as Aras Sistianas de sacrificios rituais, descritas polos xeógrafos do s. II Plinio e Ptolomeo. A abraiante paraxe deste bosque de pedra é obxecto de varias lendas sobre a súa orixe e antigos habitantes.

*Recinto castrense da Torre da Moa:* Antón Rodríguez Casal, na Carta arqueolóxica do partido xudicial de Carballo (1975), infórmanos dun recinto castrense no alto da Torre da Moa, con defensas naturais e cunha terraza cara ao poñente, na que se observan dous lenzos de muros que poderían corresponder a unha construción medieval. Alude tamén á abundancia de cerámica tardorromana e medieval.

### *Malpica de Bargantiños:*

*Castro de Brión:* Na parroquia de Leiolio.

*Dolmen Pedra da Arca:* Xigantesco dolmen próximo á aldea de Folgueira, tamén chamado Oratorio e Obradoiro. Está integrado por sete enormes pedras cravadas na

terra de forma irregular e descolocadas. Distínguense algúns petroglifos nas caras exteriores dos bloques graníticos. O corredor de entrada oríentase cara o Leste.

#### *Ponteceso:*

*Castro da Coteleira:* En San Martiño de Cores.

*Castro da Illa da Estrela:* En Santo Adrián de Corme-Aldea.

*Castro de Anllóns:* En San Fiz de Anllóns.

*Castro de Cerezo:* En San Tirso de Cospindo.

*Castro de Cores:* En San Martiño de Cores.

*Castro de Lestimoño:* En San Vicente da Graña.

*Castro de Nemeño:* En Santo Tomé de Nemeño.

*Castro de Niñóns:* En San Xoán de Niñóns.

*Castro de Tallo:* En Santo Andrés de Tallo.

*Castro de Xornes:* En San Xoán de Xornes.

*Castro do Monte do Castro - A Barda:* En Santo Adrián de Corme - Aldea.

*Mámoa das Gándaras:* En San Xulián de Brantuas.

*Mámoa das Modias:* En Santo Tomé de Nemeño.

*Mámoa de Monte das Minas:* En Santo Andrés de Tallo.

*Mámoa de Pardiñas:* En Santo Andrés de Tallo.

*Mámoa de Vilasuso:* En Santo Andrés de Tallo.

*Mámoa do Monte dos Regados:* En San Xoán de Xornes.

*Mámoa do Monte Espiño:* En San Xoán de Xornes.

*Mámoa do Monte Faro:* En San Xulián de Brantuas.

*Mámoa dos Torrados:* En San Martiño de Cores.

*Mámoas de Monte Carballa:* En San Tirso de Cospindo.

*Mámoas de Monte Lamoso:* En Santo Andrés de Tallo.

*Pedra da Serpe:* Pouco antes de chegar á vila de Corme hai unha estrada a man esquerda que se dirixe á praia da Ermida e á aldea de Gondomil, onde se atopa a coñecida Pedra da Serpe.

#### *Vimianzo:*

*Casota de Freáns:* Cronoloxía: 2500-2000 a.C. Tamén denominado 'Caseta dos Mouros'. Trátase dun dolmen ao que se accede por un camiño que parte da estrada

que vai a Santiago de Compostela e atravesa o conxunto de casas que conforma a aldea de Berdoias. Pola forma, a ausencia de corredor e a estrutura tumular, forma parte do grupo das arcas megalíticas, antecesoras das cistas da Idade do Bronce. Nas paredes aprécianse gravados en forma de pequenas covas e tamén de cruces.

*Castro das Barreiras:* Situado case á saída do núcleo de Vimianzo, na marxe esquerda da C-552 dirección A Coruña-Fisterra. Trátase dun recinto castrexo fortificado rodeado por unha muralla construída con terra e por un foso que servía de elemento defensivo aos habitantes do castro. Dende alí pódese ver o Monte Faro, que con 448 metros de altitude é o punto máis alto do Concello. Chama a atención a súa situación nun val, cando este tipo de asentamentos adoitaba aproveitar elevacións do terreo ou ladeiras de montañas, lugares máis sinxelos de defender en caso de ataque.

*Dolmen da Mina:* Cronoloxía: 4000-3000 a.C. Atopámolo na parroquia de Carantoña. Trátase dunha mámoa profanada, pois no 1936 foi obxecto de escavacións clandestinas realizadas por buscadores de tesouros. O mal estado deste túmulo pódenos servir para comprender na práctica a integración da anta no corpo da mámoa.

*Dolmen de Pedra Cuberta:* Cronoloxía: 4000-3000 a.C. Atopámolo na parroquia de Treos. Trátase dun dos monumentos megalíticos mellor coñecidos de Galicia grazas aos estudos que os arqueólogos alemáns Georg e Vera Leisner fixeron nos anos 30 sobre a decoración pictórica do corredor. Esta decoración está formada por debuxos de cor negra e vermella sobre fondo branco utilizado a xeito de imprimación, así como por representacións serpentiformes, onduladas, pequenos ídolos e círculos concéntricos. Descoñécese o significado exacto destas representacións. Nas escavacións dos Leisner atopáronse ademais dúas pequenas machadas de pedra.

*Dolmen Pedra da Arca ou 'Casa das Mouras':* Cronoloxía: 4000-3000 a.C. Na parroquia de Baíñas. Encadrada nunha gran mámoa de 28 x 30 metros. Nunha das paredes da cámara aparecen pegadas de gravados en forma de 'U' ou 'V' e tamén hai restos de pintura (manchas de cor vermella). É unha das antas máis grandes de Galicia tanto polo volume das lousas como pola amplitude do diámetro da súa mámoa. A tapa de cubrición pesa doce toneladas..

*Dolmen Pedra da Lebre:* Cronoloxía: 4000-3000 a.C. Na parroquia de Serramo. Estamos ante un dolmen de grandes proporcións. Tipolóxicamente pertence ó grupo dos monumentos de cámara poligonal e corredor corto. O grosor medio das grandes pedras está por enriba dos 70 cm.

*Dolmen Pedra Moura:* Cronoloxía: 4000-3000 a.C. Na parroquia de Serramo. A anta sitúase no centro dunha mámoa duns 15 metros de diámetro. Presenta pegadas de pintura no inicio do corredor.

*Necrópole suevo-romana de Tines.* Atopámola en Tines, un importante lugar histórico a xuzgar polos camiños que o percorreron na Antigüidade (o que viña de Zas e Villar con dirección a Vimianzo e o de Baíñas con dirección a Baio), e polos restos arqueolóxicos atopados no adro da igrexa e nos terreos lindantes. Estamos fronte

unha importantísima necrópole suevo-romana, con enterramentos datados dende o século I ao VIII d.C.

A necrópole foi descuberta casualmente durante a construción duns panteóns e o traslado da chamada 'Ermida Vella' ao templo parroquial. Foi o investigador Manuel Chamoso Lamas quen realizou a única e parcial excavación da necrópole de Tines no ano 1951. Este estudoso puido comprobar que, ademais da necrópole, moi probablemente houbo nese lugar unha vila romana con catro salas, pórtico e hipocausto.

En Tines atopouse tamén a coñecida como estela funeraria de Victorino, da época tardorromana, na que se pode distinguir un rostro humano toscamente gravado (unhas simples incisións que representan as cellas, os ollos e o nariz) e na parte inferior pódese ler: VICTORI/NVS/IN PACE/ANNORV/MLXX. Hai estudosos que consideran que se trata da primeira mostra epigráfica cristiãna de Galicia, datable a finais do século IV ou comezos do V. Hoxe en día, a estela de Victorino consérvase no Museo Arqueolóxico de A Coruña.

Ningún estudoso dubida da importancia do descubrimento da necrópole de Tines, pero os restos atopados durante as excavacións dos anos 50 quedaron completamente abandonados no propio adro da igrexa, sen ningunha clase de protección por parte das autoridades.

*Petroglifos de Pedrouzo:* En Berdoias.

## G) MUSEOS

### *Museo do Liño de Cabana de Bergantiños:*

Neste espazo exhibense as ferramentas utilizadas de vello para tratar o liño e pódense tamén contemplar moitas pezas tecidas con este material: colchas, sabas, panos...

### *Museo do Alemán de Camelle:*

Trátase dun orixinal museo ao aire libre creado por un peculiar alemán chamado Manfred Gnädinger, que chegou a Camelle (Camariñas) hai máis de trinta anos, e aí creou o seu edén de fantasía e soidade, o lugar que lle deu a paz interior que buscaba e ónde poder quedar e dar vida á súa obra.

### *Museo do Encaixe:*

A iniciativa municipal de crear unha entidade museística en Camariñas dedicada ao encaixe de palillos foi a resposta a unha serie de necesidades derivadas da grande riqueza en patrimonio etnográfico con que conta este municipio e, en xeral, a bisbarra de Soneira.



### *Museo Etnográfico de Camariñas:*

Este museo foi creado por iniciativa veciñal e aberto ao público o día 1 de abril de 1997. O seu fin primordial é amosar a cultura etnográfica da zona e o seu ámbito territorial e comarcal.

### *Museo de Bergantiños:*

O Museo de Bergantiños na actualidade é un Centro de Interpretación Turística da Costa da Morte, que ofrece ademais, dun xeito dinámico e didáctico, unha visión global do medio natural, cultural e económico de Carballo e da Costa da Morte.

Recolle unha interesante colección etnográfica con diferentes áreas temáticas: espazo xeográfico, auga, monte, relixiosidade, produtos da terra, etc.

### *Pazo da Cultura:*

Centro cultural e multiusos que na actualidade alberga un Teatro-Auditorio (sede do Festival Internacional de Teatro de Carballo), o Conservatorio Profesional de Música, sala de exposicións e unha área para a Terceira Idade.

### *Eco Museo Forno do Forte:*

O conxunto etnográfico do Forno do Forte recuperado pola Deputación Provincial de A Coruña mergúllanos na vida dos xornaleiros agrícolas que alternaban as súas tarefas coa produción de cacharros de barro.

Atópase no Concello de Malpica e alberga un antigo forno mancomunado no que se coce barro durante a Mostra de Olería que se celebra en agosto.

### *Expo Bergantiños:*

Exposición Permanente da Comarca de Bergantiños na que, ademais, se facilita información turística ao visitante. Está situado no Centro Comarcal de Bergantiños en Buño (Malpica). A entrada é gratuíta.

### *Museo do Alfar:*

Museo instalado tamén no Centro Comarcal de Bergantiños onde, ademais das salas dedicadas a exposicións temporais, se atopa o museo que rende homenaxe á olería e aos oleiros de Buño, cunha tradición que se remonta ao século XVI.

As pezas tradicionais de cerámica e as ferramentas de traballo acompañan unha abraiante representación dun forno tradicional e os tornos utilizados polos oleiros.

### *Museo Urbano Lugrís:*

A obra mural do pintor surrealista coruñés Urbano Lugrís, situada na Casa do Pescador da vila mariñeira de Malpica.

### *Museo Fotográfico de Ramón Caamaño:*

Ramón Caamaño nace en 1908 en Muxía e iníciase na fotografía no 1925, desenvolvendo o seu labor nas diferentes vilas e aldeas da Costa da Morte; mariñeiros, campesiños, naufraxios, paisaxes, romarías...foron os temas máis abordados por este popular retratista e paisaxista.

### *Museo de Artesanía ao Vivo:*

Atópase en Vimianzo. Nas súas instalacións pódense ver demostracións en vivo de artesáns (encaixe de bolillos, liño, coiro, cantería, cestería, sombreiros de palla, prata e azabache, barro, maquetas de barcos). A entrada é gratuíta.

## H) ALOXAMENTO

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (datos do 2007), na Zona da Costa da Morte hai 12 hoteis, 17 establecementos de turismo rural e 7 cámpings.

Os hoteis distribúense pola Zona 3 como se mostra na figura 31. Segundo o IGE, na Laracha, Ponteceso e Vimianzo non hai establecementos hoteleiros e dos 12 existentes 4 se atopan en Carballo.




Figura 31. Distribución dos establecementos hoteleiros na Zona 3, 2007.

*Elaboración propia, fonte IGE*



Os establecementos de turismo rural distribúense segundo a figura 32. Non aparece reflectido ningún establecemento deste tipo en Camariñas, e dos 17 establecementos existentes na Zona da Costa da Morte, 4 sitúanse en Carballo e 4 en Muxía. Por outra banda, unicamente hai cámpings en 3 dos 9 concellos que compoñen a Zona 3, os sete establecementos repártense do seguinte xeito: 3 en Carballo, 3 en Muxía e 1 en Malpica.




Figura 32. Distribución dos establecementos de turismo rural na Zona 3, 2007.

Elaboración propia, fonte IGE

Analizando a evolución que se produciu en aloxamento turístico na Zona da Costa da Morte no período 2003-2007 obtemos sempre taxas de variación positivas, salvo no número de prazas ofertadas nos cámpings da Zona 3. Aínda que o número total de cámpings (establecementos) non varía no período, o número de prazas si diminúe (en 62 prazas).

Se desagregamos a nivel municipal, a evolución no período 2003-2007, obtemos grandes diferenzas:

- Cabana de Bergantiños aumenta o seu número de hoteis, pasou de non ter oferta hoteleira a 2 hoteis (122 prazas), mentres o número de establecementos de turismo rural e cámpings non varía, 2 e 0 respectivamente.
- Camariñas ao igual que Cabana aumenta o número de oferta hoteleira, xa que de non situarse ningún hotel neste concello en 2003, en 2007 atópanse 2 con 44 prazas. Sen embargo, o número de establecementos de turismo rural diminuíu, xa que en 2003 contábase con 1 establecemento desta tipoloxía e no 2007, non hai ningún. Non se sitúan cámpings neste concello nos anos de análise.

- Carballo é o concello con maior oferta hoteleira, e aínda que no período non aumentou o número de hoteis, si o fixo o número de prazas hoteleiras, nun 18,75%. Os establecementos de turismo rural aumentaron nunha unidade (de 3 a 4), o que representa unha taxa de variación do 33,3%, pero as prazas non aumentaron na mesma proporción (27,8%). O número de cámpings no concello non variou, pero si o número de prazas, os cámpings aumentaron a oferta de prazas en cerca dun 6%.
- A Laracha non presenta oferta hoteleira no período, nin cámpings, pero duplica o número de establecementos de turismo rural, de 1 a 2, duplicando tamén o número de prazas.
- En Laxe o número de hoteis tamén se incrementa nun 100% (de 1 a 2), pero o número de prazas incrementouse en moita máis contía, nun 900% (de 6 a 60 prazas hoteleiras). En 2007 reflíctese un establecemento de turismo rural, que non se atopa no 2003. Non se sitúan cámpings neste concello nos anos de análise.
- En Malpica no 2003 sitúanse 3 establecementos de turismo rural, un cámping e ningún hotel. No 2007 o número de cámpings segue sendo 1 pero aparece 1 hotel e o 1 establecemento de turismo rural máis (un incremento do 33,3% en establecementos, que produciu un aumento superior en prazas, do 46,4%).
- Ponteceso presenta os mesmos datos en ambos anos, 2 establecementos de turismo rural con 24 prazas e ningún hotel nin cámping.
- En Vimianzo en 2003 non hai oferta de aloxamento en ningunha tipoloxía, e no 2007 unicamente se sitúa neste concello un establecemento de turismo rural con 12 prazas.




Figura 33. Taxa de variación do nº de establecementos na Zona 3, 2003-2007.

Elaboración propia, fonte IGE




Figura 34. Taxa de variación do nº de prazas ofertadas na Zona 3, 2003-2007.

Elaboración propia, fonte IGE

Se comparamos o aloxamento ofertado pola Zona da Costa da Morte co total de aloxamento en Galicia e A Coruña, tanto en número de establecementos (figura 33) como de prazas (figura 34), obtemos que salvo nos cámpings a taxa de variación é sempre superior na Zona 3, que no total da provincia e da comunidade autónoma. É salientable o caso das prazas hoteleiras, mentres que en Galicia e A Coruña o incremento non chega ao 30% na Zona da Costa da Morte o incremento é moi superior, cerca do 122%. Isto é debido ao incremento do 71,4% dos establecementos hoteleiros na Zona.

A modo de resumo, o Observatorio Socioeconómico de Carballo, realizou no ano 2005 unha Enquisa para a Priorización de Factores Clave no Desenvolvemento do Sector Turístico da Costa da Morte. Os resultados dun total de 9 enquisas realizadas atópanse na táboa 24 que se mostra a continuación:

<b>FACTORES CLAVE SECTOR TURÍSTICO COSTA DA MORTE</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>Total</b>
Mal estado das vías de comunicación e a mala sinalización.	0	2	7	25
O feísmo e deterioro medioambiental	1	0	8	25
Deficiente información ao turista	0	4	5	23
Falla de formación e especializada e próxima	0	4	5	23
Falla de actividades alternativas de ocio para os turistas	1	3	5	22
Baixa implicación das diferentes administracións públicas co sector	2	2	5	21
Promoción institucional insuficiente ou inadecuada	1	4	4	21
Importante fragmentación e desunión do sector	1	5	3	20
A alta estacionalidade; así como excesiva dependencia dos Anos Santos como focos de atracción turística	3	4	2	17
Falla de implicación da sociedade da Costa da Morte	0	4	3	17
A oferta ilegal	4	3	2	16
A alta dependencia do emprego no sector respecto das variacións nas entradas de viaxeiros	4	5	0	14
Rede de transportes deficiente	5	4	0	13
Imposibilidade nalgúns puntos xeográficos de conexión a internet	6	3	0	12
Política de impostos inadecuada	8	0	1	11
Factores determinantes				
Factores con menor incidencia				

Táboa 24. Enquisa para a Priorización de Factores Clave no Desenvolvemento do Sector Turístico da Costa da Morte, 2005. Fonte: Observatorio Socioeconómico de Carballo.

Finalizada esta profunda análise, estaremos en disposición de elaborar un diagnóstico correcto da situación (unha fotografía da realidade actual do sector) a través da metodoloxía DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades), que nos permitirá fundamentar as estratexias e eixes de actuación propostos no presente Plan Estratéxico Zonal da Costa da Morte.

## 2.2.2 Análise DAFO do territorio

Unha vez realizada a análise socioeconómica, e como xa comentamos anteriormente, faremos un diagnóstico a través da metodoloxía DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) nas tres dimensións clásicas: económica, ambiental e social.

A análise DAFO é a ferramenta estratéxica por excelencia máis utilizada. O beneficio que se obtén coa súa aplicación é coñecer a situación real en que se atopa a Zona da Costa da Morte, así como o risco e oportunidades que lle brinda a situación conxuntural e estrutural. O obxectivo da análise DAFO é identificar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que poidan afectar en maior ou menor medida á consecución dos obxectivos fixados coa participación das partes involucradas na actividade. A denominación da ferramenta DAFO venlle dada polas súas iniciais, que fan referencia aos seguintes conceptos:

- **D - Debilidades**, tamén chamadas puntos febles: son aspectos que limitan ou reducen a capacidade de desenvolvemento efectivo da estratexia da organización. Constitúen unha ameaza para a organización e deben ser controladas e superadas.
- **A - Ameazas**: defínese como toda forza do contorno que pode impedir a implantación dunha estratexia, reducir a súa efectividade, incrementar os riscos desta ou os recursos que se requiren para a súa implantación.
- **F - Fortalezas**, tamén chamadas puntos fortes: son capacidades, recursos, posicións alcanzadas e, consecuentemente, vantaxes competitivas que deben e poden servir para explotar oportunidades.
- **O - Oportunidades**: é todo aquilo que poida supor unha vantaxe competitiva para a organización, ou ben representar unha posibilidade de mellorara en termos xerais.

Análise DAFO	Fortalezas	Debilidades
Análise interna	Capacidades distintas Vantaxes naturais Recursos superiores	Recursos e capacidades escasas Resistencia ao cambio Problemas de motivación das persoas
	Oportunidades	Ameazas
Análise externa	Novas tecnoloxías Cambio nos hábitos sociais Posicionamento estratéxico	Cambios no contorno económico, social e ambiental Novos marcos legais

## Fortalezas

A Zona da Costa da Morte conta con 8 portos e 8 lonxas, cunha gran capacidade de comercialización.

Calidade do produto, moi ben situado na percepción do consumidor final.

Riqueza ambiental das costas. Actualmente a Zona da Costa da Morte atópanse catalogada como LIC (Lugar de Importancia Comunitaria) e como ZEPA (Zona Especial de Protección de Aves) a parte máis ao norte. Ademais o Río Anllóns tamén é catalogado como LIC e o Cabo Vilán como Sitio Natural de Interese Nacional.

Na actualidade estanse a desenvolver numerosos proxectos no territorio (Ex: LEADER).

Vertebración Social a través dos GAC e dos GDR (Grupo de Desenvolvemento Rural) con plena das asociacións do mar.

Experiencia en proxectos anteriores de desenvolvemento.

Capacidade hostaleira. A oferta hostaleira incrementouse considerablemente nos últimos anos

## Debilidades

Necesidade dunha maior competitividade que permita a supervivencia do sector (e dos postos de traballo) sen aumentar o esforzo pesqueiro (por exemplo a través da mellora da comercialización).

O produto máis vendido en volume (quilos) é a sardiña, especialización en peixe de menor valor. Necesidade de aumentar as vendas noutros produtos de maior valor, como o polbo e o percebe, que son que maior ingresos aportan nestas lonxas.

Carencia de equipamentos e infraestruturas, por exemplo, tecnolóxicas. Todos os buques con base nestas terras son de Caldeiro Nacional dedicados a maior parte deles a Artes Menores (un 86,43%).

Escasas estratexias ambientais que permitan a sustentabilidade dos recursos do mar. Algúns dos concellos que compoñen a Zona da Costa da Morte non contan con ningún sistema de recollida de residuos, e ningún conta cunha estratexia medioambiental especializada no mar.

Impacto medioambiental dos incendios producidos neste territorio, e dos “sentinazos” cun gran impacto directo no mar.

As Illas Sisargas son as únicas illas do litoral atlántico non incluídas no “Parque Nacional das Illas Atlánticas”.

## Oportunidades

Masa crítica de poboación e recursos, con dimensión para potenciar o mercado local.

Proximidade aos eixes de maior desenvolvemento de Galicia e centros de distribución.

Capacidade produtiva vinculada cos recursos naturais, e coa percepción dunha gran calidade.

Ampliación da protección ambiental (Rede Natura 2000, ZEPA-LIC)

Potencialidade do Turismo como motor económico, buscando a desestacionalización do mesmo.

Posibilidade de aumentar significativamente a oferta de ocio/deporte aventura.



## Ameazas

Poboación en decadencia: dispersión, envellecemento e descenso.

A metade da poboación emigrante da Costa da Morte emigra a outra comarca da mesma provincia

A contratación aumentou pero en menor medida que en Galicia e na Coruña. A contratación a mulleres diminuíu nos últimos anos (2002-2007). O 66% do paro rexistrado é feminino.

En xeral pode afirmarse que o nivel formativo na Zona da Costa da Morte é baixo. Escasa cualificación dos RRHH

Baixo nivel de empregabilidade, o 70% das empresas son persoas físicas, e o 86,61% unicamente teñen de 0 a 2 empregados.

Sector servizos pouco desenvolvido, sobre todo no tocante a servizos empresariais.

As vías internas de comunicación terrestre e na Costa da Morte son moi deficitarias.

Escasa sinalización.

Escasa información ao turista e falla de actividades alternativas de ocio




grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



## 2.3. proposta estratéxica de actuación plan estratéxico zonal (PEZ)



costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## 2.3 PROPOSTA ESTRATÉXICA DE ACTUACIÓN

### *Deseño da estratexia e obxectivos perseguidos*

#### Condicionantes de partida para o deseño da estratexia.

Tal e como podemos derivar da diagnose, a costa da morte en xeral e o territorio do GAC Zona 3 en particular, presenta un modo de vida vinculado directamente co medio mariño, tanto na actividade económica como na vertebración da súa sociedade. Así, o mar está presente nos principais sectores económicos da comarca, en dependencia directa ou indirecta co sector da pesca. Pero tamén o crecemento do sector da construción so pode explicarse pola proximidade ao mar e as praias. O produto turístico de sol e praia aínda sigue predominando na comunidade autónoma galega e a demanda de segunda residencia das zonas metropolitanas como A Coruña, posibilitou o devandito crecemento.

A incidencia do mar non so se deixa sentir na actividade económica. O patrimonio histórico, o etnográfico, o patrimonio cultural, nos permiten observar como o mar e a pesca son as sinais de identidade propias da Costa da Morte, e precisamente sobre a pesca e o mar trátase de artellar unha estratexia propia e específica para esta comarca costeira.

O Regulamento do FEP nos marca xa un primeiro nivel de reflexión estratéxica, sobre a base dos seguintes **obxectivos estratéxicos**:

- Consolidar a competitividade das zonas pesqueiras.
- Reorientar as actividades económicas, a través do turismo ecolóxico, sempre que non dean lugar ao aumento do esforzo pesqueiro.
- Diversificar as actividades a través da promoción da pluriactividade da xente do mar, mediante a creación de empregos adicionais noutros sectores: turístico, patrimonio cultural, social, etc.
- Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca.
- Axudar a pequenas infraestruturas e servizos relacionados coa pesca e o turismo en beneficio de pequenos municipios dedicados á pesca.
- Protexer o medio natural das zonas de pesca, co fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as zonas costeiras protexendo e mellorando o seu patrimonio natural e arquitectónico.

- Promover a cooperación interrexional e transnacional entre os grupos nas zonas de pesca:
- Establecemento de redes de contacto.
- Difusión de boas prácticas.
- Adquirir competencias e facilitar a preparación e aplicación da estratexia de desenvolvemento local e contribuír aos gastos de xestión.

A partires da reflexión estratéxica marcada pola utilización dos fondos FEP no Plan Estratéxico Zonal (PEZ), debemos tamén fixarnos no marco de reflexión estratéxica que establecen as **directrices de orientación do territorio para a Costa da Morte**, e que se concretan en:

- Asociar os desenvolvementos urbanísticos aos núcleos existentes e, en particular, ás cabeceiras municipais e aos portos pesqueiros tradicionais considerados como núcleos de identidade do litoral adecuando o seu uso para actividades de lecer, turismo e nautico - deportivas.
- Impulsar o desenvolvemento dunha nova oferta de hostalería e restauración para aproveitar o potencial turístico deste espazo sen vinculalo a crecementsos urbanísticos.
- Preservar a paisaxe e a calidade ambiental do territorio, e en especial dos ámbitos costeiros, como elemento clave de atracción e desenvolvemento para o futuro deste territorio.

Tamén cabe mencionar a importancia que as Directrices de Ordenación do Territorio conceden **á articulación do litoral**, sinalando como liñas mestras de traballo:

- O Litoral Verde, espazos do litoral marcados pola presenza de ecosistemas de moi alto valor ecolóxico, e onde a conservación do medioambiente natural, a restauración de elementos degradados e a vinculación destes espazos verdes coas áreas urbanas e rurais próximas son as prioridades de actuación, de xeito que se consigan atopar os incentivos necesarios para a súa conservación. Esta virá dada pola creación de infraestruturas e equipamentos necesarios para o disfrute destes espazos (conexións brandas como paseos, centros de interpretación é educativos, etc...), o establecemento de sistemas de control de accesos e a construción dunha oferta ampla e diversificada que impida unha sobre explotación.
- Especial importancia posúen ademais as praias no caso da costa da morte, preservando o seu carácter natural e salvaxe e a súa riqueza

biolóxica, conxugando este aspecto cun aproveitamento sostible das posibilidades de ocio e turísticas que son intrínsecas a estes espazos.

- A necesidade de converter a fronte litoral galega, e tamén a da costa da morte, nun gran percorrido a pe ou bicicleta, mediante itinerarios non agresivos coa natureza pero que permitan o uso e disfrute destes espazos por parte das persoas, e en especial da paisaxe do mar. É o que nas directrices se denomina Senda dos Faros. Neste aspecto tamén será clave un bo acceso a este sistema de sendas e itinerarios, que permita un acceso controlado e o menor impacto posible na natureza, logrando así recuperar a fronte litoral para uso público.
- Os centros de dinamización turística. A pesar do impacto urbanístico nalgúns espazos da costa galega, en xeral, o desenvolvemento turístico neste espazo é menor que en outras zonas do litoral español. Isto é debido en parte a que este destino turístico ten unha oferta de aloxamento pouco dinámica e de calidade (vinculada con segunda residencia ou aluguer de tempada). Este sistema está pouco integrado nos grandes sistemas comerciais turísticos. O estratexia a seguir neste caso é dotar ao litoral galego dun sistema moito mais dinámico, orientado a estancias curtas e de maior valor engadido. No caso da costa da morte e a pequena escala, proponse o desenvolvemento de pequenas instalacións hoteleiras vinculadas aos núcleos e portos existentes ou localizadas en edificacións tradicionais.
- Tamén na costa da morte existen núcleos de Identidade do Litoral, tal e como se sinala nas Directrices de Ordenación do territorio. Estes núcleos de Identidade son elementos clave desde os que se propón unha ambiciosa estratexia de posta en valor dos espazos costeiros, a través dos seus centros históricos, fitos singulares, núcleos tradicionais, polos de actividade turística, centros de servizos e pequenos portos, etc..., e onde o concepto de rede de nodos, cada un con identidade propia pero cunha identidade común como rede ou grupo, constitúe a base dun modelo territorial específico para a costa galega.

Unha vez analizados os marcos estratéxicos europeo e rexional, primeira referencia na construción da nosa estratexia, pasamos a analizar os procesos de desenvolvemento local que se están a dar no territorio da costa da Morte. Neste novo marco de programación comunitaria 2007-2013 podemos observar que a costa da morte enfróntase a un **novo reto estratéxico**: a oportunidade de canalizar diversas iniciativas públicas que, nados baixo distintas premisas e cunha orixe distinta nos seus obxectivos e estratexias, veñen a coincidir nun mesmo espazo territorial e nun mesmo espazo de tempo.

Entre os referentes mais importantes debemos sinalar:

- O **Pacto territorial de emprego**. Un Pacto Territorial é, en primeiro lugar, un instrumento de participación da administración local e dos axentes económicos e sociais nas políticas de emprego da Consellería de Traballo. Os Pactos Territoriais de Emprego supoñen esencialmente un incremento e unha planificación e xestión coordinada do conxunto dos recursos públicos que se destinan ao emprego nunha zona. A súa función é acercar o nivel de intervención ao ámbito local, no cal se desenvolven as diferentes políticas de emprego e a creación de marcos de coordinación. As diferentes actuacións en materia de políticas activas de emprego serán executadas polos mesmos axentes que na actualidade (concellos, axentes sociais e entidades con e sen ánimo de lucro). A función específica do Pacto Territorial é definir o marco no que se desenvolverán todas elas, *Plan de emprego* e así mesmo, poderá propoñer a execución de novas actuacións. Os Pactos Territoriais realizarán o análise socioeconómico da zona elaborando o análise DAFO e analizarán e avaliarán as políticas activas que se executen no seu ámbito, propoñerán os colectivos prioritarios e as actuacións de políticas activas en xeral. Dalgún xeito podemos afirmar que o pacto centralizará toda a información e as posibles vías de actuación que se desenvolvan na Costa da Morte en materia de emprego.
- O novo **Leader 2007-2013** e o proxecto específico de desenvolvemento rural para a Comarca de Bergantiños e que coincide maioritariamente co GAC na súa dimensión territorial e social. A metodoloxía do programa LEADER segue un enfoque de abaixo – arriba, xa que o plan de desenvolvemento é definido e aplicado polos axentes de cada territorio. Deste xeito, a peza central da metodoloxía LEADER ven constituída polos GDR, que son o conxunto de axentes públicos e privados que definen as necesidades e aplican o plan de desenvolvemento para o territorio e o adaptan ó mesmo, e que responderá ás necesidades e potencialidades que este presenta. Os elementos esenciais do novo programa son:
  - A organización dos actores locais en redes de cooperación (grupos de traballo, mesas sectoriais, etc.) nos que se integran por intereses comúns pemes, administracións locais, asociacións e particulares, como forma de propoñer, madurar e executar proxectos.
  - A estratexia adoptada para o desenvolvemento da comarca centrase na creación dun marco de cooperación público-privada que integre o maior número de actores locais posibles e significativos con potencialidades para provocar un proceso de desenvolvemento baseado nos

recursos da propia comarca e nunha comunicación transparente, de forma que se garanta a difusión a todos os axentes potencialmente beneficiarios.

- Consenso na repercusión económica e social da transformación e mellor comercialización dos seus produtos, es oportunidades que este supón para o medio rural en termos de renda e emprego.
  - A necesidade de garantir un nivel e calidade de vida homologable no medio rural ás áreas urbanas.
- No plano turístico destaca a execución no anterior marco comunitario dun Plan de Dinamización turística para a Costa da Morte, e que no seu remate ven a impulsar a creación dun **Consortio de Turismo**, específico para a Costa da Morte e que sobre a base de anteriores proxectos, terá como misión o deseño e execución dun Plan estratéxico de turismo para o noso territorio. Este proxecto está a dar os seus primeiros pasos pero está previsto que antes de que finalice o presente ano poda comezar a súa actividade, coa implicación de Xunta, Concellos, Deputación e outras entidades públicas e privadas de carácter local. Este Consortio constitúe así mesmo unha oportunidade única para coordinar todos os axentes e entidades con maior incidencia no sector turístico. As súas liñas de traballo principais articúlanse sobre:
- Infraestruturas
  - Produtos turísticos
  - Promoción e comercialización
  - Formación e calidade
  - Coordinación institucional
- Ademais dos 3 proxectos anteriores, destaca por riba de todos o recente **Plan da Costa da Morte 2006-2010**, que cunha perspectiva integral de actuación, vai a investir mais de 520 millóns de euros nesta comarca, especialmente en infraestruturas de comunicación que permitan superar o tradicional illamento deste territorio. Pero non só é unha oportunidade para as infraestruturas xa que nace cunha estratexia de actuación integral e integrada, na que os seus eixos de actuación son:
- Capital humano: actuación en emprego de calidade e formación das traballadoras/es.
  - Capital físico : estradas, portos, redes de saneamento e abastecemento, solo industrial, vivenda e patrimonio

cultural, equipamento sanitario, educativo, deportivo e asistencial.

- Iniciativas para dinamizar o crecemento económico na zona: actuacións en Pesca e acuicultura, Turismo, apoio as actividades económicas en xeral, dinamización do medio rural.

A escala local temos polo tanto proxectos en marcha nos eidos de emprego, infraestruturas, turismo e desenvolvemento rural. O Grupo de Acción Costeira e o Plan Estratégico Zonal deseñado deben de ocupar os espazos baleiros por estes programas, complementando aos mesmos e coordinando as súas actuacións con estes co fin de evitar duplicidades e mellorar a eficiencia no uso dos recursos públicos. Pero sobre todo, debe de coordinarse para garantir a necesaria concertación na estratexia seguida no territorio, de xeito que se permitan alcanzar inercias positivas de crecemento e obter sinerxías entre todos os programas mencionados.

Tal e como se comentará mais adiante, a necesidade de coordinación de todas estas actuacións é unha peza clave da estratexia. Para elo propónse unha coordinación articulada sobre tres niveis de intervención:

1. A nivel social, xa que moitas das entidades que forman parte do GAC tamén participan nos órganos de dirección, de asesoramento ou de participación dos outros programas.
2. A nivel técnico, de xeito que exista unha comunicación técnica permanente entre os responsables técnicos dos distintos programas.
3. A nivel político, a través dos responsables municipais, alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras que participan en todos os proxectos pola súa calidade de autoridade pública e liderazgo local, e que se constitúen en pezas clave para a comunicación horizontal, formal e informal, dos diferentes programas.

### A visión da organización: orientacións das mesas de traballo para a construción da estratexia.

Nas diferentes sesións de traballo realizadas polo GAC, tanto a nivel de Xunta Directiva como de Mesas Sectoriais, puxéronse en evidencia unha serie de aspectos positivos e negativos, tanto do sector do mar como do propio territorio, que marcarán a formulación estratéxica do grupo. Os aspectos de diagnose aquí presentados teñen como principal virtude que **foron consensuadas** polas entidades do GAC a través das diferentes mesas de traballo realizadas.



## ASPECTOS NEGATIVOS

### Do sector pesqueiro:

- Necesidade dunha maior competitividade que permita a pervivencia do sector (e dos postos de traballo) sen aumentar o esforzo pesqueiro.
- Carencia de equipamentos e infraestruturas (por exemplo, tecnolóxicas)
- Estratexias ambientais que permitan a sostenibilidade dos recursos do mar (por exemplo, rexeneración de espazos ou especies/marisqueo)
- Especialización en peixe de menor valor

### Do territorio:

- Envellecemento e dispersión poboacional (crise demográfica)
- Emigración
- Desemprego, en especial feminino
- Carencia de infraestruturas básicas (en parte contempladas no Plan de Desenvolvemento 2006-2010)
- Oferta turística e de ocio sen grandes “atractores” que ademais permitan desestacionalizar (oferta atomizada e fundamentalmente familiar)
- Urbanismo: carencia de marcos de planificación e xestión actualizados e deterioro da arquitectura e “imaxe” tradicional.
- Deterioro ambiental do espazo natural (incendios)
- Existe potencial emprendedor pero pouco estruturado en con falta de iniciativas (ideas de proxectos)
- Atomización do tecido empresarial (estrutura industrial familiar)
- Competencia da oferta de ocio e servizos da área metropolitana da cidade da Coruña

## ASPECTOS POSITIVOS

### Do sector pesqueiro

- Tamaño do sector ( elevado número de lonxas) e integración no territorio
- Calidade do produto, moi ben posicionado na percepción do consumidor final.
- Riqueza ambiental das costas.

- Posicionamento territorial: imaxe de calidade vinculada ao mar, tamén para pesca – turismo.

#### Do territorio

- Masa crítica de poboación e recursos, con dimensión para potenciar o mercado local.
- Proximidade aos eixos de maior desenvolvemento de Galicia (A9) e centros de distribución. Aínda que a vertebración das infraestruturas a nivel do interior da comarca é moi deficiente, dispor de dous aeroportos e accesos a vías de alta capacidade é fundamental para o desenvolvemento turístico.
- Capacidade produtiva vinculada cos recursos naturais, e de gran calidade.
- Protección ambiental (ZEP-LIC- Rede Natura 2000)
- Potencialidade do Turismo como motor económico si se logra a súa desestacionalización. Posibilidades de aumentar significativamente a oferta de ocio/deporte aventura.

Sobre esta diagnose estratéxica formulada polas mesas de traballo, establecéronse así mesmo unha serie de aspectos clave para a ter en conta no desenvolvemento do PEZ.

- Incidir especialmente no sector de pesca - mar pero sen intensificar o esforzo pesqueiro.
- Priorización aos proxectos produtivos, que xeren riqueza e emprego (cofinanciamento ata un 60%)
- Aproveitar recursos endóxeos, específicos destes territorios.
- Apostar polo turismo e a conservación dos recursos naturais.
- As inversións **non produtivas** tamén deben de apostar por aproveitar recursos infrautilizados do litoral (fábricas abandonadas, faros, etc..) e os recursos naturais.
- Xerar elementos “atractores” e que permitan establecer un feito diferencial da comarca (por exemplo, un grande evento)
- Xerar sinerxías con outros programas ou liñas de financiamento, que posibilite emerxer proxectos que poidan ser aproveitados pola iniciativa pública (o Pez como “xerme” de novas ideas para a comarca)
- Nos criterios de selección “graduar” a taxa de subvención en función de criterios específicos (por exemplo pesca ou xénero)
- Necesidade de dispor de **proxectos singulares ou estruturantes**.

## *Visión estratéxica de desenvolvemento do GAC da Costa da Morte.*

Para definir unha visión estratéxica propia deste programa partimos dunha reflexión xurdida nas mesas de traballo realizadas polo GAC: ¿Sería a Costa da Morte a mesma sen a actividade mariñeira?. Sen dúbida non, polo que **a preservación desta actividade** debe ser a pedra angular sobre a que construír a estratexia do programa.

Tamén é certo que esta actividade debe de ser entendida no sentido máis amplo e non só vinculada a actividade pesqueira. Sen incrementar o esforzo pesqueiro, pero garantindo unha actividade económica e social vinculada intrinsecamente co mar (no turismo, na cultura, na vertebración social, etc...), sempre dende unha óptica de desenvolvemento sostible que permita un crecemento a medio e longo prazo, e sobre todo, fixar poboación nun territorio cada vez máis envellecido e en franca regresión demográfica.

A modo de síntese, fórmase a seguinte **visión estratéxica** do modelo de desenvolvemento proposto no presente Plan:

*Impulsar o desenvolvemento económico da Costa da Morte, **garantindo a pervivencia da actividade económica e social vinculada co mar (en sentido amplo) como sinal de identidade principal** e motor da actividade económica, social e cultural da comarca. Esta estratexia basease en 3 **prioridades estratéxicas de actuación**, e que resumen os vectores básicos de desenvolvemento territorial: MAR + MEDIOAMBIENTE + TURISMO.*

*A súa vez e sobre a base do establecido no FEP e na Orde de Subvención para GAC, a estratexia desenvolverase arredor das seguintes liñas estratéxicas de actuación: mellora da competitividade do sector pesqueiro, o apoio ao capital emprendedor, a conservación e posta en valor do medioambiente natural e a vertebración da sociedade, actuando como factores catalizadores da estratexia a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación e a participación social.*

Esta visión susténtase e concreta nos seguintes **obxectivos estratéxicos**:

1. **Manter a actividade económica, social e cultural vinculada co mar**, como base para un sinal de identidade propio da comarca. Neste sentido, o reforzo do sector pesca a través da mellora da comercialización configúrase como o

proxecto prioritario e mais importante<sup>1</sup>. E sempre contando coa xente do mar, xa que si non participan no proxecto, si non se asume como propio polo sector, dificilmente poderá alcanzar resultados a medio e longo prazo e so funcionará mentres se dispoña de fondos europeos de apoio.

2. **Reforzar o medioambiente natural** como base para o desenvolvemento sostible do territorio, seguindo as indicacións das directrices de ordenación do territorio, e principalmente actuando:
  - Nos ecosistemas de maior valor do litoral, facilitando os usos sociais e turísticos, dun xeito controlado e sostible.
  - Na apertura da fronte litoral da costa da morte a través da creación de sendas e paseos.
  - Nas praias como elemento de especial valor na construción da oferta turística.
  - Mantendo os elementos típicos vinculados coa pesca dos núcleos urbanos e rurais.
3. Necesidade de establecer elementos “atractores” e que reforen o feito diferencial e o sentido de pertenza a un territorio. Esta atracción debe de construírse sobre o concepto de **pesca - mar - natureza** ou sobre feitos culturais ou históricos.
4. **Mellorar a vertebración social do territorio**, con acción concretas que reforen a mobilización social, pero tamén con mecanismos de coordinación social entre os diferentes proxectos que inciden no desenvolvemento territorial da costa da morte.
5. O **enfoque de xénero** como un enfoque transversal, pero pola importancia da muller na comarca, o PEZ deberá de desenvolver unha liña de actuación específica en materia de xénero. Neste sentido cumpre destacar a implicación na sociedade das mulleres do sector da pesca mar (redeiras, mariscadoras, armadoras, etc...).

---

<sup>1</sup> O punto inicial que marca a traxectoria posterior de prezos do peixe fresco é a lonxa (o peixe só cobra valor unha vez iníciase a comercialización). O sector produtor destaca pola súa escasa actividade comercial, de maneira que non se involucra na cadea comercial, limitándose a depositar a súa mercancía na lonxa e esperar á súa poxa.

O armador carece de capacidade para repercutir os custos no prezo do produto, xa que non existe ningún mecanismo que lles permita facelo. Xa que logo, o prezo do peixe non é resultado duns custos previos, senón que ata que non pasa pola lonxa, o seu valor económico é nulo, o que dificulta a repercusión dos custos da fase extractiva.




grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



## 2.4. eixos de actuación e accións

plan estratéxico zonal (PEZ)



costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## 2.4 EIXOS ESTRATÉXICOS DE ACTUACIÓN PROPOSTOS POLO GAC DA COSTA DA MORTE.

### *Estruturação das actuacións do PEZ*

As diferentes liñas de acción propostas polo GAC da Costa da Morte articularanse sobre a base dos eixos estratéxicos establecidos na Guía de Candidatura. O Plan estratéxico proposto polo presente GAC traballará en todos os eixos de carácter vertical ou sectorial.

Con respecto aos eixos de carácter transversal, desenvolverase un **programa específico no eido da Igualdade de Oportunidades** entre homes e mulleres. Ademais, os gastos de promoción e sensibilización estarán orientados especialmente ao fomento da participación e a cooperación social, polo que non se considera necesario desenvolver un eixo específico de traballo. Por último sinalar que o fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías será un criterio transversal aplicado a todos e cada un dos proxectos que se presenten a través do GAC Costa da Morte, si ben reforzaremos o uso das novas tecnoloxías co desenvolvemento dun programa específico vinculado coa I+D.

Deste xeito, os **eixos estratéxicos** seleccionados polo GAC Costa da morte son 5:

- Eixo 1.** Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.
- Eixo 2.** Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.
- Eixo 3.** Mellora do contorno natural e a calidade ambiental
- Eixo 4.** Promoción da cohesión social.
- Eixo 5.** Fomento da igualdade de oportunidades.

Arredor destes eixos estratéxica organizaremos os cursos de acción, isto é, as diferentes **Liñas de Actuación ás que se presentarán os proxectos concretos**, e construíndo a estrutura orzamentaria do proxecto arredor destes 5 eixos. Estas Liñas de Actuación constitúen o primeiro nivel de desagregación do PEZ e no que se define o orzamento dispoñible para unha tipoloxía de proxecto ou outra. Tamén permitirá comparar a adecuación de proxectos concretos cos obxectivos xerais do PEZ, definíndose tamén **a nivel de Liña de actuación o límite de intensidade máxima de**

**axuda** do FEP. A súa vez, estas liñas de actuación poderán ser de carácter **produtivo ou non produtivo**.

Tamén a través das liñas de actuación os proxectos poderán optar a ser definidos como **proxectos singulares ou estruturantes**<sup>1</sup>. Unha actuación estruturante é un gran proxecto que dinamice a zona e que ampare e sirva de plataforma para outros máis pequenos, que se verán beneficiados por esta actuación. Dentro da definición estratéxica do GAC da Costa da Morte, poderán optar a definirse como **proxectos estruturantes os proxectos encadrados no eixo estratéxico 1 “Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro”**, sempre con carácter prioritario xa que é o que incide maiormente no propio sector. Tamén poderán dispor de proxectos estruturantes **os eixos 2 e 3**, promoción económica e mellora do contorno natural e medioambiental, respectivamente.

Antes de pasar a definir o esquema de actuacións previsto, sinalar que con carácter xeral, os proxectos produtivos e non produtivos poderán ser subvencionados ata un importe máximo de **200.000 euros en valores absolutos**, e do **60%** de cofinanciamento FEP para proxectos produtivos e **100%** para proxectos non produtivos. O importe máximo de subvención poderá elevarse ata os **500.000 euros en caso de proxectos estruturantes**.

As diferentes liñas de actuación abrirán o prazo de convocatoria de xeito simultáneo e poderán aprobar axudas ata que exista crédito orzamentario nas diferentes liñas de acción. En caso de que unha liña esgótese rapidamente e noutras exista remanente poderá plantexarse unha modificación substancial do PEZ e realizar unha modificación orzamentaria entre liñas estratéxicas, sempre que sexa aprobado pola Consellería de Pesca e Asuntos marítimos e sen que se desvirtúen os obxectivos iniciais do proxecto.

A Continuación pasaranse a explicar os obxectivos xerais de cada un dos eixos estratéxicos e as principais liñas de actuación dos mesmos.

<sup>1</sup> Unha actuación que pola súa incidencia nos diferentes eixos constitúa a peza clave para o desenvolvemento do territorio.

## EIXO ESTRATÉXICO 1: FORTALECIMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO

### Obxectivo Xeral.

No diagnóstico realizado púxose en evidencia a necesidade de reforzar o sector pesqueiro e toda actividade relacionada coa pesca e o mar como sinal de identidade da comarca. Esta é a principal prioridade de todo o Plan estratéxico deseñado, pero como factor limitante temos que ter en conta que non se pode apoiar o esforzo pesqueiro, é dicir, maior número de capturas ou maior números de persoas exercendo a actividade produtiva.

Nesta medida de actuación non se busca diversificar a actividade mariñeira e que as persoas reorienten a súa actividade cara outros sectores. A través desta liña de actuación búscase o **mantemento da actividade pesqueira**, que sexa mais competitiva e que os beneficios da actividade redunden maioritariamente nas persoas que traballan no sector, pero a través de:

- A mellora da comercialización
- A mellora das actividades de apoio (redes e outros subministracións, envasado, seguridade alimentaria...)
- A través de actividades de I+D+i

### Liñas de actuación.

A estratexia de actuación prevista nos leva a definir as seguintes liñas de actuación, separando as actividades de comercialización directa que se realizan dende as lonxas e cos propios pescadores e armadores, do que son as actividades complementarias dentro da cadea da pesca, como poden ser as redeiras, a comercialización de produtos do mar seme - elaborados, conservas tradicionais, etc. Tamén se crea unha liña específica para proxectos vinculados con proxectos de I+D+i.

- **Liña 1:** Proxecto de mellora da comercialización do sector pesqueiro a través das Lonxas da Costa da Morte
- **Liña 2:** Mellora das actividades vinculadas coa cadea pesqueira (Clúster).
- **Liña 3:** Proxectos de I+D vinculados co Mar: "Costa da Morte innovadora".



### **Destinatarios/as finais:**

Como é unha medida dirixida principalmente ao sector pesqueiro e con medidas de corte produtivo, os beneficiarios finais serán as propias confrarías de pescadores da comarca, as empresas ou persoas vinculadas ou que comercializan os seus produtos a través das lonxas de peixe e marisco da comarca, as empresas que forman parte da cadea do sector da pesca, tanto na súa vertente de actividades de soporte (por exemplo redeiras) como as entidades de transformación ou comercialización de produtos do mar. As actividades a subvencionar non poderán intensificar o esforzo pesqueiro.

### **Estrutura económica do eixo estratéxico**

A estrutura económica do Eixo 1, fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, e a seguinte:

- Orzamento total: 1.840.000 euros (24, 73% do total do orzamento para actividades, descontados os gastos de xestión e sensibilización)
- Actividades Produtivas: 1.800.000 euros
- Actividades non produtivas: 40.000 euros
- Orzamento por Liñas de actuación:
  - Mellora da comercialización a través das Lonxas da Costa da Morte: 800.000 euros
  - Mellora das actividades vinculadas coa cadea pesqueira (Clúster): 600.000 euros
  - Proxectos de I+D vinculados co Mar: "Costa da Morte innovadora": 400.000 euros
- Posibilidade de proxectos estruturantes: Si

## Liña 1.1: Proxecto de mellora da comercialización do sector pesqueiro a través das Lonxas da Costa da Morte

### OBXECTIVO XERAL

---

Integrala comercialización dos produtos do mar como una actividade dos produtores (pescadores/as) e das confrarías, como elemento aglutinador dos mesmos. Trátase pois de realizar unha integración vertical cara adiante do primeiro eslavón da cadea de comercialización da pesca.

### DESCRICIÓN DA ACCIÓN

---

O desenvolvemento de accións de apoio a comercialización é unha actividade todavía incipiente por parte das confrarías galegas. Xa existe algunha experiencia pero orientada fundamentalmente a establecer un canal directo co consumidor final e aproveitar o uso de internet para establecer este canal. Un caso concreto pode ser Lonxanet, pero non existen experiencias previas en Galicia de comercialización directa aos grandes canais de distribución.

Co nacemento das lonxas e o proceso de poxa a mediados do século pasado, se produzo unha separación entre o proceso de produción (extracción) e o proceso de comercialización, de xeito que tradicionalmente, o pescador/a remata coa súa faena cando entregas as caixas de pescado para a súa poxa na lonxa. Ao mesmo tempo, as confrarías cobran unha porcentaxe do volume de peixe que se move a través das lonxas e, polo tanto, os seus ingresos dependen directamente do volumen de movemento a través da lonxa, e polo tanto, do esforzo pesqueiro.

O sector da pesca non é alleo aos procesos de globalización e competitividade que se ten dado en todos os sectores económicos. De feito, as importacións de peixe son xa unha realidade. Ademais, a súa situación ao comezo da cadea fai que os pescadores non poidan repercutir os incrementos de custo sobre a cadea de distribución e o prezo final, xa que nos tramos iniciais da cadea, o marxe de manobra é sensiblemente inferior. Ademais, a cadea de comercialización e distribución case non aporta valor ao produto (fundamentalmente conservación) e sen embargo é a que obtén un maior marxe en termos económicos.

Cumpre polo tanto un novo cambio de mentalidade no sector, establecer un camiño que posibilite que as persoas que aportan un maior valor en termos de actividade tamén sexan as que teñen un maior retorno económico.

Os recentes cambios normativos no proceso de comercialización do peixe (sen necesidade de poxa) permiten ademais un proceso de “fidelización” dos clientes que antes non era factible.

A posta en marcha dun proxecto de comercialización na costa da morte terá ademais outros beneficios en sectores estratéxicos da comarca como é o turismo. Por exemplo, establecendo canais locais de comercialización que garantan a calidade do produto nos establecementos turísticos e un control do prezo axeitado.

As actuación previstas para o desenvolvemento do proxecto susténtanse nos seguintes elementos:

- Inversións para a comercialización: infraestruturas de distribución, axentes comerciais e comunicacións, plataformas tic
- Selección de canais de comercialización e fidelización dos clientes
- Identificación e trazabilidade do produto.
- Inversións en loxística (acordos con operadores, non inversión en vehículos nin en novas lonxas)

A xestión da actividade pode estruturarse nas seguintes fases:

- Fase 1: Deseño do plan de negocio. O deseño do Plan de negocio poderá ser solicitado dende as confrarías, como traballo técnico previo (estudo de viabilidade) e polo tanto como actividade non produtiva.
- Fase 2: Implementación empresarial. Elección de fórmula xurídica, creación da estrutura de comercialización e probas piloto.
- Fase 3: Comercialización, ou fase de plena operatividade

#### CRONOGRAMA

---

- Fase 1: Xaneiro a Xuño de 2009
- Fase 2: Xullo a decembro de 2009
- Fase 3: xaneiro 2010 ata a finalización do programa

#### LOCALIZACIÓN

---

O proxecto afectará as oito lonxas da costa da morte: Baldaio, Caión, Camariñas, Corme, Laxe, Malpica, Muxía e Río Anllóns.

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Empregos directos xerados
- % de mulleres empregadas
- Volume de mercancía xestionado polo proxecto ao final do mesmo (anual)
- Canais de comercialización / clientes atendidos
- Especies comercializadas

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 1: fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: 800.000 euros

Proxectos non produtivos: 40.000 euros (deseño do modelo de negocio)

Total: 840.000 euros

## Liña 1.2: Mellora das actividades vinculadas coa cadea pesqueira (Clúster).

### OBXECTIVO XERAL

---

Mellorar a competitividade do sector pesca a través da mellora da competitividade das actividades complementarias do sector. Na medida que as actividades complementarias e os servizos de apoio sexan mais competitivos, poderanse manter mais facilmente os postos de traballo do sector do mar.

### DESCRICIÓN DA ACCIÓN

---

Para a determinación das empresas ou promotores potenciais de proxectos, establecerase unha análise clúster do sector da pesca. Así, enténdense por sectores complementarios de apoio aquelas actividades vinculadas directamente coa pesca, como por exemplo:

- Redeiras
- Industria naval, en especial asteleiros tradicionais e artes de pesca selectivas.
- Empresas de comercialización e envasado de produtos do mar, por exemplo empresas de fabricación de conservas tradicionais.
- Empresas de seguridade alimentaria

Os proxectos non poderán supor en ningún caso un maior esforzo pesqueiro, e poderán contribuír a recuperar a cultura e tradición mariñeira da zona, por exemplo, a través dos talleres e asteleiros de embarcacións tradicionais e en xeral, a recuperación da cultura mariñeira.

Tamén se apoiarán os proxectos de mellora da comercialización dos produtos do mar, tales como conservas tradicionais, salazóns, produtos locais seme - elaborados, e en xeral, todas aquelas operacións que teñan como resultado un incremento do valor engadido e un incremento de calidade no produto do mar.

Un caso especial merece a atención do proxecto, que é o caso da actividade de reparación e construción de redes. Actualmente este oficio está integrado maioritariamente por mulleres, que se enfrontan ademais a un progresivo intrusismo na actividade. Esta actividade faise normalmente de xeito autónomo, si ben xa se están a dar pasos na creación de cooperativas de redeiras.

Unha das posibilidades de traballo a través dos GAc e a creación de cooperativas estables desta actividade, e de selo caso, a creación dunha gran cooperativa en cada un dos GAC, así como a posibilidade dunha grande federación galega coas 7 cooperativas dos GAC de toda Galicia.

En todo caso, e dentro da costa da morte, vaise incentivar a profesionalización do sector a través de:

- Apoio a creación de iniciativas empresariais de redeiras, preferentemente cooperativas
- Apoio aos investimentos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.
- Apoio a identificación de novos campos de actividade (redes no sector da construción, ocio, etc...)
- Apoio as tarefas de comercialización das redeiras (canais de comercialización)
- Campañas de sensibilización entre armadores/clientes.

Este proxecto poderá desenvolverse acompañado de actuacións de apoio e asesoramento a través do Grupo de acción Costeira, así como actividades de apoio a través do programa de igualdade previsto no PEZ (eixo 5).

Nalgún caso, pero especialmente no caso das redeiras, tamén podería ser necesario definir un estudo de viabilidade ou de mercado previo. Este estudo podería ser canalizado como actividade non produtiva a través das asociacións de redeiras. Nese caso, parte do orzamento da medida previsto para actividades produtivas pasaría a non produtivas.

## CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente iniciando a súa actividade durante o 2009 e rematando no ano 2012 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

## LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte".

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Empregos directos xerados.
- Mulleres empregadas
- Proxectos creados de mellora de comercialización
- Proxectos creados do subsector-redeiras / cooperativas constituídas
- Inversións en industria mariñeira tradicional

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 1: fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: 600.000 euros

Proxectos non produtivos: a priori non

Total: 600.000 euros

## Liña 1.3: Proxectos de I+D vinculados co Mar: “Costa da Morte innovadora”

### OBXECTIVO XERAL

---

Apoiar os procesos de I+D+i no sector pesqueiro. Estes procesos estarán orientados a mellorar os aproveitamentos dos produtos do mar na cadea de comercialización elaboración e envasado, a xestión de residuos dos barcos e da actividade mariñeira, ou tamén a conservación de bancos/especies, e en xeral, a utilización de patentes ou competencias investigadoras de centros tecnolóxicos ou universidades.

### DESCRINCIÓN DA ACCIÓN

---

Tomando como base experiencias anteriores de I+D no sector pesca, trataríanse de desenvolver proxectos concretos de I+d+i. Tomando como referencia o proxecto **Marketech**, desenvolvido por CETMAR, propóñense a continuación diferentes áreas sobre as que traballar desde o PEZ da costa da morte, apoiando a creación de empresas ou procesos de mellora das xa existentes nas que o proxecto se centre en:

1. Tratamento e manipulación da pesca a bordo.
2. Tecnoloxías de conservación con frío.
3. Trazabilidade: Etiquetado de produtos e xestión da información asociada a estes.
4. Detección precoz de problemas microbiolóxicos.
5. Aproveitamento e valorización de subprodutos e coprodutos.
6. Redución do impacto da pesca sobre o ecosistema.
7. Enfoque ecolóxico da pesca.

Estas sete liñas de actuación identificadas no proxecto Marketech terán encaixe no seu desenvolvemento concreto, ben como experiencias piloto, ben no seu escalado para a súa aplicación a escala industrial polas empresas da Costa da Morte. Como poderá observarse, ningunha das liñas de traballo incide nun maior esforzo pesqueiro.

### CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente iniciando a súa actividade durante o 2010 por necesitar un maior grao de maduración e rematando no ano 2013 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)



## LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 “Costa da Morte”.

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Iniciativas empresariais xeneradas
- Patentes ou innovacións aplicadas. Tecnoloxías utilizadas.
- Postos de traballo (desagregación por xénero)
- Impactos no sector (beneficiarios/usuarios das tecnoloxías)

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 1: fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: 400.000 euros

Proxectos non produtivos: a priori non

Total: 400.000 euros

## *EIXO ESTRATÉXICO 2: PROMOCIÓN ECONÓMICA, CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.*

### **Obxectivo Xeral.**

O obxectivo final do eixo 4 pasa por incrementar a capacidade económica das comunidades costeiras en xeral. Estas comunidades non so enfrontanse aos retos clásicos do sector pesqueiro: perda de recursos, reestruturación da flota pesqueira, perda de postos directos,... A perda da competitividade deste sector tamén afecta ao territorio, que a súa vez está sometido a diversos procesos de degradación:

- Falta de emprego alternativo para os pescadores e as súas familias.
- Emigración e desemprego, especialmente acusado na costa da morte
- Presión urbanística, en especial de segundas vivendas e oferta de aloxamento turístico de calidade media - baixa e baixa.
- Degradación ambiental
- Os dous últimos tamén inciden necesariamente nunha perda da competitividade do sector turístico da costa da morte.

Como podemos observar no apartado de diagnose (apartado 2.2), o caso da costa da morte é un caso exemplarizante de necesidade de diversificación da actividade no territorio, pero seguindo a estratexia proposta no PEZ, esta diversificación non pode dar as costas ás xentes do mar nin ao propio medio mariño.

Por este motivo, o segundo eixo de traballo trata de reforzar outros sectores económicos, pero sen perder a relación co mar, potenciando o principal elemento singular do territorio: o medio mariño.

Deste xeito configúranse como pezas clave da estratexia a aposta polo turismo de calidade, vinculado co mar, así como a recuperación de infraestruturas ociosas que se atopan ociosas ou infrautilizadas no borde litoral (faros, antigas fábricas, edificios singulares, etc...). Tamén se aposta por xerar elementos atractores e diferenciais, desde o apoio a mercados tradicionais ata a creación de eventos específicos e singulares (festivais e concursos artísticos, recuperación de festas tradicionais ou potenciación das xa existentes).

Nembargante, debemos deixar unha porta aberta a creación de actividade económica fora do sector turístico, co fin de diversificar a actividade no territorio e tamén os riscos da estratexia proposta si potenciamos excesivamente o sector turístico. Por este motivo, crease unha liña de actuación, de carácter multisectorial, orientada á creación de empresas que aproveiten recursos endóxeos en xeral, non necesariamente vinculados á competitividade da pesca ou ao turismo.

Neste eixo tamén se aposta pola implicación dos proxectos non produtivos, proxectos que terán unha especial importancia na posta en valor na creación de espazos públicos vinculados ao turismo e ao mar, e en especial, coa posibilidade de crear un proxecto estruturante de grande dimensión e “tematizado” co mar en termos globais.

### **Liñas de actuación.**

O eixo estratéxico 2 divídese a súa vez en 5 liñas estratéxicas:

- Espazos temáticos do Mar
- Hostalería do mar
- Pesca Turismo
- Programa de apoio a novos emprendedores/as (multisectorial)
- Programa de Eventos e Mercados na Costa da Morte

### **Destinatarios/as finais:**

Maioritariamente estarán orientados a apoiar proxectos empresariais, e polo tanto, produtivos. Poderán traballar nesta liña as empresas do sector turístico que queiran potenciar a súa oferta e capacidade competitiva, así como as empresas vinculadas directamente coa pesca e o mar e que busquen diversificar a súa actividade. No caso dos proxectos non produtivos, as actuacións deberían de estar lideradas polas administracións locais e confrarías.

### **Estrutura económica do eixo estratéxico**

A estrutura económica do Eixo 2, Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación, é a seguinte

- Orzamento total: 2.759.300 euros (37, 09% do total do orzamento para actividades, descontados os gastos de xestión e sensibilización)
- Actividades Produtivas: 2.259.300 euros
- Actividades non produtivas: 500.000 euros
- Orzamento por Liñas de actuación:

- Espazos temáticos do Mar: 700.000 euros
  - Hostalería do mar: 500.000 euros
  - Pesca Turismo: 800.000 euros
  - Programa de apoio a novos emprendedores/as (multisectorial): 609.300 euros
  - Programa de Eventos e Mercados tradicionais na Costa da Morte: 150.000 euros
- Posibilidade de proxectos estruturantes: Si

## Liña 2.1 Espazos temáticos do mar

### OBXECTIVO XERAL

---

Crear a lo menos un gran equipamento vinculado co patrimonio cultural e histórico do mar, que sexa un referente e verdadeiro atractor de turistas e visitantes, vinculado á oferta turística, cultural e de ocio da comarca.

### DESCRICIÓN DA ACCIÓN

---

Un dos problemas da costa da morte e a carencia de grandes infraestruturas e equipamentos orientados ao turismo e ocio. Xa existen algúns puntos vinculados coa tradición e os recursos da comarca (museo do encaixe de camariñas, casa do oleiro, ecomuseo de Malpica, etc...) e tamén importantes edificios históricos (castelo de Vimianzo) así como museos xeneralistas e de arte (Bergantiños, Torre-Pujales, Eduardo Pondal,...).

Nembargante, existen aínda poucos espazos vinculados co mar. Ademais, os principais elementos etnográficos e do patrimonio están fora do ámbito de intervención deste GAC (Lonxa Turística de Fisterra, Muíños de marea en Muros, Museo marítimo de Corcubión, castelo de San Carlos en Fisterra, etc).

A través desta medida trátase de poñer en valor o patrimonio marítimo da comarca a través da creación de infraestruturas culturais, educativas ou simplemente tematizadas cara o mar. Estas infraestruturas poderán ademais ser contempladas como proxectos produtivos ou non produtivos, podendo participar na creación dos mesmos a iniciativa privada (por exemplo, a rehabilitación dunha casa de labranza ou unha vivenda mariñeira, conxuntamente coa rehabilitación dunha parte da casa como museo etnográfico), ou tamén pequenos museos ou coleccións etnográficas preexistentes. Na medida en que participe a iniciativa privada será mais fácil a sustentabilidade do proxecto.

En todo caso, cabe tamén a posibilidade de definir un gran proxecto estruturante, un gran centro temático vinculado co mar e que incorpore diferentes iniciativas, públicas e privadas, tales como:

- Centro de interpretación ou Museo
- Hostalería e restauración
- Tendas típicas da zona (encaixe, alfarería, produtos mariñeiros....)

Para poder definir un proxecto estruturante será capital a localización dunha infraestrutura de certa dimensión no borde litoral, por exemplo unha antiga fábrica, faro, pazo, castelo, etc... Tamén como unha idea a priori poden ser moi interesantes os asteiros tradicionais, sobre os que se pode pivotar un proxecto destas características.

Un dos traballos de sensibilización do GAC que están previstos é a catalogación de todos os espazos do litoral, susceptibles de aproveitamento turístico e de ocio.

## CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente iniciando a súa actividade durante o 2010 pola súa dimensión e rematando no ano 2013 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

## LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte", prioritariamente na franxa mais próxima ao litoral.

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Infraestruturas recuperadas
- Nº visitantes previsto
- Emprego xerado

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 2, Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: 500.000 euros

Proxectos non produtivos: 200.000 euros

Total: 700.000 euros

## Liña 2.2 Hostalería do mar

### OBXECTIVO XERAL

---

Apoio aos establecementos turísticos (restaurantes e aloxamento) para mellorar a súa competitividade, incluíndo un plan de asistencia técnica in-situ e axudas á inversión. O obxectivo é recuperar o “tipismo” destes elementos da oferta turística, de xeito que teñan unha maior capacidade de atracción e tamén unha maior desestacionalización en mercados próximos.

### DESCRICIÓN DA ACCIÓN

---

Actualmente a oferta de aloxamento na costa da morte podemos cualificala como insuficiente, centrada fundamentalmente en casas de turismo rural e hoteis de dúas estrelas ou menos (aínda que un par de aloxamentos dispoñen de 3 estrelas, e non hai ningún de 4).

Mais aló da categoría dos establecementos actuais, a costa da morte ten un potencial especial para crear unha oferta turística de calidade media e media alta, con establecementos e restaurantes que podan ser reclamos turísticos en si mesmos.

A oferta turística virá facilitada pola dispoñibilidade de aeroporto a menos dunha hora (realmente dous aeroportos, Coruña e Santiago), o que facilita a comercialización de paquetes turísticos de estadias curtas pero de alto valor engadido.

Esta oferta de aloxamento xa está acompañada dun medio natural extraordinario, pero debería de completarse cunha oferta de restauración acorde. A día de hoxe é relativamente sinxelo acceder a bos produtos do mar nos restaurantes típicos da zona, pero que poderíamos acoutar a uns 12-15 restaurantes de certa calidade (relación produto -vistas/ambiente -prezo). Estes restaurantes poderíamos cualificalos dentro dunha gama media en canto valoración global, si ben cunha excelente calidade de produto pola proximidade do mar. Os demais restaurantes da comarca non dispoñen da infraestrutura física nin dos medios necesarios para realizar unha oferta dunha calidade mínima para competir nun mercado turístico cada vez mais competitivo.

A través desta actuación propónse incrementar a calidade da oferta turística principal (aloxamento e restauración) creando unha pequena oferta de gran calidade (e polo tanto con capacidade atractora) pero sobre todo, incrementando o nivel xeral medio da oferta turística. Unha das principais dificultades destas empresas é o seu pequeno

tamaño, o que dificulta o acceso ao financiamento, e tamén o acceso á formación e cualificación dos seus recursos humanos.

O PEZ propón unha actuación innovadora, intentando pechar o círculo de necesidades destas empresas a través de:

- Un programa formativo individualizado, seguindo a liña dos plans PEMEGA que inclúa visitas presenciais e un plan de mellora para os establecementos turísticos.
- Unha liña de financiamento específica para o desenvolvemento destes plans de mellora.

Debemos de ter en conta que xa existiu un plan de dinamización turística e que estase a por en marcha o Consorcio de Turismo, que tamén desenvolverá a súa actividade neste campo, polo que se crearán sesións de traballo específicas con este organismo, e mecanismos de coordinación específicos que garantan unha acción coordinada.

## CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente sendo unha das primeiras liñas en iniciar a súa actividade (2009) polo seu interese para a comarca e rematando no ano 2011 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

## LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte"

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Empresas atendidas / Plans realizados
- Incremento do nº de visitantes
- Emprego xerado / mantido



## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 2, Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: 500.000 euros

Proxectos non produtivos: non previstos

Total: 500.000 euros

## Liña 2.3 Pesca-Turismo

### OBXECTIVO XERAL

---

Desenvolver proxectos que reforcen o sector turístico da costa da morte, desenvolvidos con carácter prioritario por traballadores/as do mar, de xeito que podan diversificar a súa actividade e xerar rendas complementarias.

### DESCRICIÓN DA ACCIÓN

---

Tradicionalmente enténdese a pesca turismo como unha actividade desenvolvida por armadores ou confrarías de pesca que embarca nos seus buques a turistas para que participen e vivan unha experiencia real de traballo no mar.

As experiencias preexistentes que xa se están desenvolvendo na actualidade amosan certas dificultades na xestión deste tipo de produto turístico, especialmente derivados de normativas legais ante a carencia de normativa específica para regular esta actividade. Con todo, o GAC da costa da morte considera que o turismo en xeral é a principal vía de diversificación da actividade mariñeira, pero que debe ampliarse o ámbito de definición da Pesca-Turismo (conceptualmente) a toda aquela actividade turística desenvolvida polo sector pesqueiro - mar.

Así, unha oferta de restauración ou aloxamento de calidade, no marco de casas tradicionais mariñeiras, ou incluso habilitando espazos específicos para este fin dentro das zonas portuarias ou do litoral, contribúe ao concepto de pesca-turismo. Neste caso, os turistas poden participar tamén en experiencias que se desenvolven en terra (comercialización, reparación de redes, construción de aparellos, etc...). Trátase polo tanto de ofrecer “experiencias reais” vinculadas co sector pesqueiro.

Mención especial teñen as embarcacións tradicionais. A experiencia da pesca pode ser aínda mais gratificante dende embarcacións tradicionais dedicadas especialmente a este fin. Pero sobre todo, os asteleiros tradicionais e a carpintería de ribeira constitúen un recurso de primeira magnitude para a diversificación turística. En primeiro lugar a propia actividade en si mesmo é un recurso, xa que os turistas poderían participar na construción dos buques, ben como suxeitos pasivos (simples observadores) ou ben mediante pequenos cursos ou actividades didácticas que lles permitisen participar en pequena escala na construción naval. Pero, en segundo lugar, estes asteleiros están normalmente en espazos singulares, con acceso directo ao mar e, en moitos casos, a edificación que sostén a actividade construtiva pode ter valor arquitectónico. Conxugar os diferentes usos destes espazos constitúe unha liña de traballo a sondar polo PEZ da Costa da Morte.

Tamén entrarán aquí actividades de corte mais clásico, como o turismo rural azul, dende o aloxamento á restauración, e no que se primará a construción arquitectónica típica dos pobos mariñeiros. Por último, tamén poderían entrar aquí os proxectos turísticos vinculados co ocio e o mar como poden ser os deportes de aventura (buceo, surf, etc...).

## CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente iniciando a súa actividade durante o 2009 pola súa dimensión e rematando a mediados do ano 2013 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

## LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Empresas creadas.
- Turistas usuarios/as
- Homes e mulleres do mar promotores de proxectos.
- Infraestruturas recuperadas para uso turístico

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 2, Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: 800.000 euros

Proxectos non produtivos: non previstos

Total: 800.000 euros

## Liña 2.4 Programa de apoio a novos emprendedores/as (multisectorial)

### OBXECTIVO XERAL

---

Apoiar os procesos de creación de empresas que podan desenvolver os homes e mulleres do sector pesca/mar, así como a **xóvenes residentes nas vilas e entornos das zonas de pesca con carácter xeral e cun enfoque multisectorial.**

### DESCRINCIÓN DA ACCIÓN

---

Dado que o PEZ pode solo fixar a priori as grandes liñas de intervención, non podemos prever con seguridade a tipoloxía de proxectos que van a presentar os promotores/as de proxectos. Ben e certo que a priori as liñas definidas anteriormente en materia de Turismo, I+D, Comercialización e algunhas que comentaremos mais adiante como a medioambiental ou a social, deberían de cubrir un amplo campo de traballo para os potenciais promotores.

Con todo, é imposible determinar todas as posibles combinacións e ideas que se poden propor desde o territorio, cando ademais o obxectivo último do programa non é traballar especificamente en comercialización ou turismo senón lograr unha diversificación económica para a xente do mar. Por este motivo crease esta liña de financiamento, que posibilite a promoción de proxectos multisectoriais neste colectivo, e no que a premisa de partida é que sexan viables técnica e economicamente ademais de que sexan promovidos ou impliquen ás xentes do mar.

Darase tamén prioridade aos proxectos promovidos por mulleres, de xeito que as mulleres de pescadores ou traballadoras do mar, ou aquelas que desenvolven tarefas non remuneradas no sector, podan desenvolver un proxecto empresarial e polo tanto se visibilíze o seu traballo.

Dada a incertidumbre de poder axustar mellor esta partida, si non se presentasen proxectos noutros sectores, esta partida podería servir para reforzar os proxectos presentados nos campos de turismo e a comercialización de produtos do mar (liñas 1.1, 1.2 e 2.3)

### CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente iniciando a súa actividade durante o 2010 e rematando a finais do ano 2012 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

## LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte"

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Empresas creadas.
- Emprego xerado
- Promotores de proxectos (desagregación por sexo e colectivo)
- Volume de inversión

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 2, Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: 609.300 euros

Proxectos non produtivos: non previstos

Total: 609.300 euros

## Liña 2.5 Programa de Eventos e Mercados na Costa da Morte

### OBXECTIVO XERAL

---

Reforzar a identidade turística e cultural da costa da morte a través do apoio a actividades de gran impacto social ou cultural, ou ben, de mercado carácter tradicional.

### DESCRICIÓN DA ACCIÓN

---

Baixo este epígrafe búscase apoiar os eventos de gran impacto social e mediático que teñen lugar na costa da morte, reforzando o seu carácter tradicional ou complementando a oferta existente.

Entre as ideas xurdidas nas mesas de traballo podemos destacar o apoio aos mercados tradicionais existentes na comarca co fin de reforzar a súa vertente tradicional ou xerando oferta complementaria de ocio e servizos arredor destes.

Pero tamén poderían apoiarse eventos culturais que podan ter un impacto desde un punto de vista social e turístico. Estamos pensando na celebración de festivais e certames de carácter cultural (música, fotografía, pintura, etc...) ou o apoio a eventos que complementen os mais significativos da comarca, como son as Mostras de cerámica de Buño e de encaixe de Camariñas.

A priori serán axudas para proxectos produtivos xa que búscase o retorno económico deste tipo de eventos para garantir a súa sostibilidade.

### CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente incentivaranse nos períodos estivais (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

### LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte"

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Eventos realizados
- Nº de visitantes
- Impactos nos medios de comunicación

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 2, Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: 150.000 euros

Proxectos non produtivos: non previstos

Total: 150.000 euros

## EIXO ESTRATÉXICO 3: MELLORA DO CONTORNO NATURAL E A CALIDADE AMBIENTAL

### **Obxectivo Xeral.**

Tal e como xa se ten comentado na formulación da estratexia, todas as actividades que se desenvolvan arredor do litoral deben de ter claramente marcado un enfoque de sustentabilidade ambiental, de xeito que non se hipotequen as condicións para o desenvolvemento futuro do territorio.

Ademais, na percepción dos turistas e dos visitantes da costa da morte, prevalece a idea dunha terra cun alto valor ambiental e natural e cunha paisaxe extraordinaria. A proba da importancia deste medio natural é a inclusión da Costa da Morte como ZEPVN – LIC (Lugar de Interés Comunitario), así como a catalogación ZEPVN do río Anllóns e a ZEPA Costa da morte Norte, incluídas dentro da rede de espazos naturais Rede natura 2000, e nos que no apartado de diagnóstico realizado pode obterse mais información.

Tamén as directrices de ordenación do territorio inciden na importancia do medioambiente natural para este espazo territorial, a través de:

- Litoral verde (espazos ambientais singulares)
- Praias
- Sendas e camiños peonís (Senda dos faros)

Nesta estratexia é básico compatibilizar os usos do fronte litoral e destes espazos con usos mais sociais, culturais ou turísticos, sen que o medioambiente se vexa ameazado. A experiencia de xestión de espazos naturais en toda a Unión Europea nos confirma que é posible, si ben no borde litoral presenta unha maior dificultade pola presión urbanística.

Dentro da estratexia prevista propónse traballar na incentivación de empresas medioambientais, con carácter xeral, de xeito que se podan promover iniciativas económicas neste campo. Pero a parte mais importante do orzamento estará dirixida a proxectos de corte non produtivo.



Entre as liñas de actuación destaca inicialmente a creación de rutas e sendeiros, especialmente no borde litoral, precisamente polo seu valor para compatibilizar usos. As liñas de actuación mais importantes dende un punto de vista orzamentario pasan pola conservación de praias e espazos naturais e, complementariamente, a recuperación do patrimonio histórico e cultural vinculado con estes espazos naturais ou a paisaxe tradicional. Todos estes elementos serán explicados en maior profundidade en cada unha das fichas das liñas de actuación.

Por último, este eixo de traballo complementábase co desenvolvemento dun programa de voluntariado ambiental, que posibilite a implicación da sociedade local na conservación do patrimonio natural.

### **Liñas de actuación.**

O eixo estratéxico 3 divídese a súa vez en 5 liñas estratéxicas:

- Proxectos empresariais medioambientais
- Rutas e sendeiros
- Patrimonio histórico e Cultural: Rehabilitación de infraestruturas e espazos ociosos no litoral.
- Conservación de espazos naturais, praias e espazos forestais.
- Programa de voluntariado ambiental

### **Destinatarios/as finais:**

A diferenza dos dous eixos anteriores, estará orientado a entidades públicas e sen ánimo de lucro polo que maioritariamente serán proxectos non produtivos.

### **Estrutura económica do eixo estratéxico**

A estrutura económica do Eixo 3, mellora do contorno natural e a calidade ambiental, é a seguinte

- Orzamento total: 1.960.000 euros (26,34% do total do orzamento para actividades, descontados os gastos de xestión e sensibilización)
- Actividades Produtivas: 300.000 euros
- Actividades non produtivas: 1.660.000 euros
- Orzamento por Liñas de actuación:
  - Proxectos empresariais medioambientais: 300.000 euros
  - Rutas e sendeiros: 350.000 euros

- Patrimonio histórico e Cultural: Rehabilitación de infraestuturas e espazos ociosos no litoral. 600.000 euros.
  - Conservación de espazos naturais, praias e espazos forestais: 600.000 euros
  - Programa de voluntariado ambiental: 110.000 euros
- Posibilidade de proxectos estruturantes: Si

## Liña 3.1: Proxectos empresariais medioambientais

### OBXECTIVO XERAL

---

Apoio económico ás empresas que desenvolvan a súa actividade no campo do medioambiente, dende a xestión dos propios espazos naturais a actividades de xestión de residuos pasando polo uso turístico do medio natural (guías da natureza é excursións, actividades educativas, etc...) . Tamén poden ter cabida aqueles proxectos de I+D vinculados coa xestión do medioambiente.

### DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

---

Nas mesas de traballo puxéronse exemplo claros de proxectos que sería importante apoiar no campo do medioambiente: novas enerxías, tratamento de residuos (especialmente vinculados co mar), tratamento ambiental das infraestruturas portuarias e guías da natureza.

Pero nesta medida tamén poden ter cabida os proxectos vinculados coa I+D+i do medioambiente mariño, e que a través do proxecto xa comentado **Marketech** se identifican como:

- o Tecnoloxías de sensores.
- o Predición. Utilización de novos sistemas de medida e mellora de modelos de simulación.
- o Tecnoloxías de tratamento de augas de lastre.
- o Deseño e aplicación de indicadores de impacto das actividades humanas sobre o medio.
- o Tecnoloxías asociadas á xestión de vertidos de hidrocarburos.

### CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente dende mediados do 2009 ata mediados de 2013 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

### LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 “Costa da Morte

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Empresas creadas
- Emprego xerado (desagregación por sexos)
- Identificación promotores (desagregación por sexo)
- Empresas de novas tecnoloxías creadas
- Empresas creadas relacionadas coa xestión ou interpretación do medio natural
- Empresas de xestión de residuos

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 3, mellora do contorno natural e a calidade ambiental.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: 300.000 euros

Proxectos non produtivos: non previstos

Total: 300.000 euros

## Liña 3.2: Programa de Rutas e sendeiros

### OBXECTIVO XERAL

---

Desenvolver un entramado de sendeiros e rutas de longo recorrido que vertebran todo o borde litoral para o seu aproveitamento de ocio e turismo, poñendo especial énfase na busca de lugares de alto valor paisaxístico. Ademais poderán conectarse os espazos de litoral con espazos interiores do municipio que posúan un alto valor etnográfico ou natural, vinculando estes lugares do interior dos municipios co borde litoral e viceversa.

### DESCRICIÓN DA ACCIÓN

---

Os sendeiros, tanto a pe como en bicicleta, teñen demostrada a súa efectividade na posta en valor dos espazos naturais desde o punta de vista do aproveitamento social e turístico, sen que necesariamente teñan que causar un alto impacto medioambiental.

Actualmente so existen na comarca dous sendeiros de pequeno percorrido, os PRG 38 “Ruta da Costa da Morte” e o novo roteiro PRG 70 “Laxe – A Ínsua”. Estes sendeiros teñen un percorrido reducido e o primeiro deles presenta problemas de mantemento segundo a Federación Galega de Montañeiros. Tamén está prevista a construción pola Xunta de Galicia dun sendeiro de gran percorrido por todo o borde litoral, sen que polo momento se teñan iniciado as obras de acondicionamento. En todo caso, as actuacións aquí contempladas deberían de completar as actuacións xa executadas e as previstas.

As rutas e sendeiros creados no marco do PEZ poden incluír dende o deseño do trazado e a execución material do mesmo (desbroce, acondicionamento, etc...) ata a sinalización dos espazos naturais ou turísticos singulares no seu percorrido. Tamén se deberá de compatibilizar os usos peonís cos usos en bicicleta, cada vez mais utilizados entre a poboación.

### CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente dende mediados do 2009 ata mediados de 2013 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

## LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte"

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Km de recorrido habilitado (bicicleta e a pe)
- Sinais colocadas
- Usuarios/as dos sendeiros

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 3, mellora do contorno natural e a calidade ambiental.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: non previstos

Proxectos non produtivos: 350.000 euros

Total: 350.000 euros

### Liña 3.3: Patrimonio histórico e Cultural. Rehabilitación de infraestruturas e espazos ociosos no litoral

#### OBXECTIVO XERAL

Recuperar os espazos urbanos e rurais dende un punto de vista do patrimonio histórico e cultural, recuperando a paisaxe tradicional dos pobos mariñeiros. Esta actuación estará dirixida a núcleos de poboación situados na franxa costeira.

#### DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Dentro da recuperación do medioambiente e do contorno natural tamén debemos de considerar a recuperación dos espazos de carácter mais urbano, e que perderon a súa tipoloxía típica mariñeira pola presión do desarrollismo urbanístico dos últimos anos. A través desta medida preténdese recuperar aqueles espazos públicos directamente vinculados coa tradición mariñeira destes municipios.

Trátase polo tanto de actuar sobre rúas, prazas públicas e espazos urbanos próximos aos portos, para recuperar o carácter mariñeiro destes pobos. Ademais podería valorarse a implementación dun programa de axuda e apoio público á recuperación das fachadas mariñeiras das casas, que sería executado a través das áreas de Urbanismo dos concellos, preferentemente en todos os concellos de xeito simultáneo. Estas axudas poderían complementar axudas actuais doutras administracións. As intervencións urbanas tamén poderán actuar sobre a iluminación artística ou a homoxeneización do mobiliario urbano.

Tanto nesta liña de actuación como na inmediatamente posterior, unha pola vertente das infraestruturas e outra polo espazo natural, pode ser interesante desenvolver un proxecto de propostas de actuación para as **Illas Sisargas**. Estas illas posúen un importante papel medioambiental e como recurso turístico, pero son de propiedade privada e están fora do ámbito do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Polas conversacións mantidas nas mesas de traballo, está iniciado un expediente de compra por parte do Ministerio de Medioambiente e da Xunta de Galicia, polo que haberá que esperar a coñecer o resultado do mesmo. En todo caso, pode ser interesante comezar a desenvolver un Plan de Conservación e usos das Illas, financiado como actuación elixible no marco do PEZ.

En resumo, esta liña de actuación incidirá positivamente no atractivo turístico do lugar pero tamén na recuperación das sinais de identidade propias destes concellos e no sentimento e orgullo de pertenza da poboación local.

## CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente dende inicios do 2010 pola necesidade dun maior grao de maduración dos proxectos ata mediados de 2013 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

## LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte"

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- M2 de espazo público rehabilitado
- Axudas concedidas para a rehabilitación de fachadas.
- Nº de intervencións sobre espazos públicos
- Poboación afectada.

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 3, mellora do contorno natural e a calidade ambiental.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: non previstos

Proxectos non produtivos: 600.000 euros

Total: 600.000 euros



### Liña 3.4: Programa de conservación de espazos naturais, praias e espazos forestais.

#### OBXECTIVO XERAL

---

Mellora da conservación dos espazos naturais, espazos forestais e en especial, as praias da costa da morte. As actuacións previstas poderán contemplar traballos técnicos específicos ou a reforestación de espazos afectados polo lume, ata intervencións para recuperar o aspecto natural das praias (rexeneración vexetal, control de accesos, pequenas infraestruturas, etc)

#### DESCRICIÓN DA ACCIÓN

---

Un medioambiente natural coidado e posto en valor pode chegar a constituír o principal activo deste territorio litoral, si ben exposto á presión urbana aínda con menos intensidade que outras zonas do litoral galego mais densamente poboadas.

Nesta liña entrarían proxectos de intervención directa nos espazos naturais tales como a creación de accesos, sinalización, rexeneración ambiental, pequenos equipamentos (espazos de observación de aves por exemplo), etc... Tamén poderían desenvolverse proxectos específicos de reforestación xa que nos últimos anos, a costa da morte ten sido unha das zonas mais castigadas polos incendios forestais de Galicia.

Pero sobre todo, o proxecto debe de servir para recuperar **as praias como punto singular do medio natural** costeiro e espazo privilexiado para compatibilizar usos turísticos e sociais coa conservación da natureza.

Actualmente algunhas praias da costa da morte dispoñen da marca “bandeira azul” (Caion e Razo) pero a bandeira azul adaptase mellor a praias de corte mais urbano e con profusión de servizos. No caso da costa da morte preténdese reforzar o carácter natural das mesmas e definir unha estratexia de recuperación e conservación axeitada, mantendo os usos de ocio e turismo.

#### CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente dende mediados do 2009 ata mediados de 2013 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

## LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 “Costa da Morte”

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Praias recuperadas / intervención sen praias
- Superficie arborada recuperada
- M2 de espazo natural recuperado/intervido
- Equipamentos construídos

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 3, mellora do contorno natural e a calidade ambiental.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: non previstos

Proxectos non produtivos: 600.000 euros

Total: 600.000 euros

### Liña 3.5: Programa de voluntariado ambiental.

#### OBXECTIVO XERAL

---

Implantar un programa de voluntariado ambiental, en colaboración cos concellos, durante o ciclo de vida do proxecto pero con seguimento mais aló da finalización do mesmo. O obxectivo final é implicar a poboación na protección e defensa do medioambiente, sensibilizando á mesma ademais da importancia dos espazos naturais na xestión económica, social e turística da comarca.

#### DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

---

Os custos do proxecto estarán destinados para realizar as campañas de información, elaboración de materiais de divulgación tales como folletos, a habilitación de seguros e a adquisición de materiais para voluntarios, así como os custos de organización. Este programa deberá de estar impulsado polas entidades locais e as confrarías de pescadores como entidades de dereito público, e ter unha certa periodicidade no tempo nas súas actuacións de xeito que se impulse a súa sustentabilidade temporal.

Entre as actividades posibles dentro do programa de voluntariado están:

- Campañas de recollida de lixo e residuos sólidos en espazos naturais.
- Campos de traballo ambientais
- Campañas de sensibilización entre a poboación local
- Control e vixilancia de aves en espazos naturais.
- Programas de información e interpretación ambiental.

#### CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente con maior intensidade nos 6 meses centrais do ano (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

#### LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte, centrándose en espazos naturais, litoral e espazos fluviais.

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Persoas voluntarias participantes
- Persoas atendidas
- Programas implementados.

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 3, mellora do contorno natural e a calidade ambiental.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: non previstos

Proxectos non produtivos: 110.000 euros

Total: 110.000 euros

## EIXO ESTRATÉXICO 4: PROMOCIÓN DA COHESIÓN SOCIAL.

### Obxectivo Xeral.

Como complemento aos 3 eixos de acción principais que forman a estratexia (comercialización – turismo – medioambiente), é necesario crear un eixo de acción que de soporte á estratexia e que traballe de forma transversal na base dos 3 eixos anteriores. Esta base é a cohesión social e a vertebración do territorio, xa iniciada no propio deseño do Grupo de acción costeira e que está presente no substrato teórico da xestión do eixo 4 do FEP.

Algunhas confrarías xa están impulsando proxectos educativos e culturais sobre a base dos recursos mariños e a tradición e cultura propia desta comarca. E o caso da confraría de laxe e o proxecto **Mardelaxe**, que está a desenvolver proxectos educativos e culturais sobre a base do turismo mariñeiro e a pesca/mar en xeral. Así, organizan talleres para nenos e actividades no entorno do porto e da confraría, exposición de documentais, aulas de interpretación mariña, etc...

Por último e tal e como se reflectiu na diagnose, o envellecemento poboacional é moi elevado na Costa da morte e o retorno na emigración e o desemprego están xerando problemas de inclusión social. A creación de equipamentos vinculados coa atención as persoas (equipamentos sociais) pero sobre todo, a creación dun tecido empresarial vinculado á prestación de servizos sociais, son obxecto tamén deste eixo estratéxico.

### Liñas de actuación.

O eixo estratéxico 4 divídese a súa vez en 3 liñas estratéxicas:

- Apoio a empresas de servizos sociais e creación de equipamentos
- Rede Cultural
- Programa educativo sobre a cultura mariñeira

### Destinatarios/as finais:

Ese eixo ten unha presenza maioritaria dos proxectos non produtivos xa que os proxectos culturais e educativos previstos non xerarán retornos directos. Pero no caso da creación de servizos e equipamentos sociais **primarase a creación de empresas** para poder xerar un pequeno tecido empresarial neste emerxente sector de actividade. Tamén existirá orzamento en proxectos non produtivos para apoiar as actuacións que en materia social podan impulsar os concellos ou as confrarías.

### **Estrutura económica do eixo estratéxico**

A estrutura económica do Eixo 4, promoción da cohesión social, é a seguinte

- Orzamento total: 630.700 euros (8,48% do total do orzamento para actividades, descontados os gastos de xestión e sensibilización)
- Actividades Produtivas: 300.000 euros
- Actividades non produtivas: 330.700 euros
- Orzamento por Liñas de actuación:
  - Apoio a empresas de servizos sociais e creación de equipamentos: 450.700 euros
  - Rede Cultural: 90.000 euros
  - Programa educativo sobre a cultura mariñeira: 90.000 euros
- Posibilidade de proxectos estruturantes: Non

## Liña 4.1: Apoio a empresas de Servizos Sociais e creación de equipamentos.

### OBXECTIVO XERAL

---

Creación de equipamentos sociais de atención as persoas, en especial as persoas maiores, tendo preferencia aqueles impulsados pola iniciativa privada. O obxectivo final e mellorar a rede de equipamentos de servizos sociais e impulsar o tecido empresarial nunha actividade económica aínda emerxente.

### DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

---

A liña de actuación presenta orzamentos tanto para proxectos produtivos como non produtivos. Dentro das axudas de carácter produtivo poderán apoiarse iniciativas moi diversas e que cubran todo o abano de servizos sociais:

- Escolas infantís
- Servizos de axuda no fogar.
- Centros de día e centros residenciais de atención a persoas maiores
- Infraestruturas e equipamentos públicos para persoas maiores (equipamento deportivo ao aire libre para persoas maiores).
- Centros sociais e de actividades para persoas maiores.

Neste último caso e a modo de idea inicial podería colaborar coas confrarías de pescadores para impulsar centros sociais e de actividades para persoas maiores que pertencen ao sector de pesca - mar en espazos das propias confrarías ou lugares infrautilizados do espazo portuario, sempre que o marco legal o posibilite.

### CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente dende mediados do 2009 ata mediados do 2013 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

### LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte.

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Infraestruturas creadas.
- Empresas creadas / apoiadas
- Persoas atendidas (desagregación por sexos e idade)

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 4, promoción da cohesión social.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: 300.000 previstos

Proxectos non produtivos: 150.700 euros

Total: 450.700 euros



## Liña 4.2: Programa de creación dunha rede cultural.

### OBXECTIVO XERAL

---

Impulsar a vertebración social da costa da morte a través dos referentes culturais vinculados co mar e coa pesca, poñendo en valor a tradición e a historia da costa da morte e o seu patrimonio cultural, de xeito que se potencien as sinais de identidade do territorio.

### DESCRICIÓN DA ACCIÓN

---

Na costa da morte existe unha numerosa e diversa tradición cultural vinculada co mar, dende a cultura dos naufraxios ata todo tipo de lendas e tradicións vinculadas co medio mariño. A través desta liña de actuación preténdese desenvolver un proxecto cultural propio da comarca e vinculado co mar, podendo incluír diversas tipoloxías culturais: teatro, música, fotografía, pintura...

Trátase ademais de potenciar o uso dos numerosos “contenedores” culturais existentes no territorio (centros sociais e veciñais, auditorios, salas de exposición, etc...) de xeito que se poda crear unha rede estable de traballo entre todos os concellos da comarca. Ademais buscarase a implicación da sociedade civil neste tipo de eventos, por exemplo a través de concursos ou dunha rede de teatro amateur que represente obras de autores locais.

Unha modalidade que tamén poderá ser estudiada é a de actividade cultural “na rúa” nos meses estivais, de xeito que a cultura tamén se converta nun recurso turístico mais. Por último, outra liña que se podería desenvolver é a catalogación sistemática do numeroso patrimonio etnográfico existente na comarca, ou a recuperación da memoria recente a través da recompilación entre os veciños de fotografías antigas e a xestión dunha exposición itinerante polos concellos (tomando como exemplo a recuperación do arquivo Pacheco na cidade de Vigo ou proxectos semellantes noutras cidades galegas).

En todo caso, o desenvolvemento concreto do proxecto cultural e a elección das diversas alternativas aquí propostas deberá ser desenvolvido nun documento específico polos departamentos de cultura dos concellos e coa participación das asociacións culturais da costa da morte, polo que o proxecto será de carácter non produtivo.

### CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente dende mediados do 2009 ata mediados do 2013 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

## LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte.

## INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- Proxectos culturais desenvolvidos.
- Municipios afectados
- Persoas asistentes aos diferentes eventos.

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 4, promoción da cohesión social.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: non previstos

Proxectos non produtivos: 90.000 euros

Total: 90.000 euros

### Liña 4.3: Programa educativo sobre a cultura mariñeira.

#### OBXECTIVO XERAL

---

Lograr unha maior sensibilidade cara o mar e o sector pesqueiro como principal fonte de recursos e sinal de identidade da costa da morte. O proxecto terá como público obxectivo os escolares de toda a comarca, pero en época estival poderían desenvolverse talleres espaciais orientados a visitantes e turistas.

#### DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

---

Seguindo o esquema de traballo da confraría de Laxe, trataríase de desenvolver proxectos educativos tales como:

- Aulas da natureza vinculadas co medio mariño
- Talleres específicos de traballo sobre o mar e a pesca (por idades)
- Talleres de divulgación científica (en colaboración coa Universidade ou os centros educativos)
- Talleres de formación a formadores
- Visitas guiadas
- Conferencias e coloquios

Estes proxectos poderán estar impulsados polos departamentos de educación dos concellos e tamén polas propias confrarías de pescadores, a por suposto por ambas entidades de xeito simultáneo.

#### CRONOGRAMA

---

Toda a duración do PEZ, mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero previsiblemente dende mediados do 2009 ata mediados do 2013 (ver cronograma xeral no apartado 2.7)

#### LOCALIZACIÓN

---

Proxectos con domicilio social e localización física no territorio delimitado polo GAC da zona 3 "Costa da Morte".

#### INDICADORES

---

Os indicadores obxectivo que se establecen a priori para o control do proxecto son:

- o Actividades realizadas
- o Persoas participantes.
- o Concellos e confrarías implicadas
- o Centros educativos participantes

## EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

---

Eixo estratéxico 4, promoción da cohesión social.

## ORZAMENTO DA ACCIÓN

---

Proxectos produtivos: non previstos

Proxectos non produtivos: 90.000 euros

Total: 90.000 euros

## EIXO ESTRATÉXICO 5: FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

### **Introducción**

Nas comunidades pesqueiras existe unha importante segregación por xénero nas actividades económicas. Así, mentres as tripulacións dos barcos son maioritariamente masculinas, as mulleres realizan tarefas que teñen lugar en terra e requiren destreza e tempo como é o caso das redeiras; ou participan nas tarefas pesqueiras cerca da costa a pé (marisqueiras) ou con pequenas embarcacións. Tamén xogan un papel importante no proceso de comercialización das capturas e no procesamento dos produtos do mar.

Tamén é certo que as mulleres xa están a participar na xestión empresarial do sector pesqueiro. Na súa calidade de empresarias, as mulleres perciben, administran e controlan unha parte significativa do volume de negocio, aínda que en porcentaxe inferior aos dos homes. Nembargante, as mulleres seguen a ter maior presenza nas actividades “micro” pero rara vez na parte mais grande de capturas.

O implicación da muller en todas as fases do PEZ da costa da morte será un obxectivo prioritario, buscando aumentar a súa participación intensiva nos proxectos que se podan desenvolver, e tamén, na toma da decisións.

### **Obxectivo Xeral.**

Desenvolver un conxunto de actuacións que poñan en valor o papel da muller no desenvolvemento social e económico da costa da morte, que facilite a igualdade de oportunidades no desenvolvemento persoal das mulleres, non tanto no acceso ao emprego xa que se está abordando dende os Pactos de Emprego como dende un punto de vista social e persoal das propias mulleres. Buscarase impulsar o movemento asociativo feminino e a realización de accións formativas específicas para o desenvolvemento de competencias e habilidades transversais.

### **Descrición das liñas de actuación**

O eixo estratéxico 5 presenta unha única liña de actuación, no que se conxugan unha serie de actuacións sobre a idea central dun programa que reforce as políticas de igualdade na Costa da Morte, en especial entre as mulleres que traballan en maior vinculación co mar e a pesca en xeral. Isto non quere dicir que a Igualdade de Oportunidades non sexa un criterio transversal a todo o proxecto, tal e como se

comentará mais adiante, senón que pola súa importancia **debe de dispor dun programa específico.**

Este programa buscará unha actuación integral e integrada sobre as demandas das mulleres, pero prestará especial atención a poñer en valor o papel da muller no desenvolvemento de actividades económicas vinculadas co mar, coa pesca e co apoio ao movemento colectivo feminino.

A modo de idea previa, e que será desenvolvida polo miúdo para a presentación de proxectos e iniciativas concretas para o seu financiamento polo eixo 4, apúntanse a continuación algunhas das liñas de actuación xurdidas nas mesas de traballo:

- Vertebración do movemento social feminino a través de axudas as asociacións de mulleres para o desenvolvemento de actividades propias.
- Formación específica en materia de xénero e accións de reforzo do empoderamento feminino. Non se propoñen actuacións de carácter laboral xa que estas se están a traballar no marco do pacto territorial de emprego.
- Servizos de información especificamente orientados ás mulleres, ben xa existentes ou de nova creación.
- Apoio ou creación de mesas de traballo sobre a muller a través das concellerías sectoriais. Tamén se propón a posibilidade de crear unha mesa ou grupo de traballo entre os diferentes proxectos de desenvolvemento local que se están a desenvolver (Leader, Consorcio de Turismo, Pacto de emprego, etc...), para facer un seguimento coordinado das políticas de xénero que se están a desenvolver en cada un deles.
- Desenvolvemento de programas de conciliación tales como Bancos de tempo, que poden desenvolverse en colaboración coa administración autonómica.
- Estudos de xénero específicos que poñan en valor o papel da muller na costa da morte e especialmente o papel da muller no sector da pesca – mar.

#### OUTRAS MEDIDAS DE IGUALDADE CONTEMPLADAS NO PROXECTO

Debemos de comentar tamén que o criterio de xénero é un criterio común en todas e cada unha das liñas de actuación. Así, no caso dos proxectos non produtivos establécese como criterios de valoración:

- IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E COLECTIVOS DESFAVORECIDOS: A puntuación máxima deste criterio é de 10 puntos. Valorarase o impacto positivo que o proxecto teña sobre as mulleres, tanto dende a perspectiva do promotor/a, como desde a perspectiva do número de mulleres empregadas no proxecto, así como o número de mulleres que ocupen postos de responsabilidade e dirección no proxecto.

No caso de proxectos produtivos o criterio de valoración será o seguinte:

- PROMOCIÓN DO PROXECTO POR MULLERES OU PORCENTAXE DE REPRESENTACIÓN DE MULLERES NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN. Valorarase tanto a participación de mulleres como promotoras do proxecto, como a participación de mulleres nos órganos de dirección das entidades promotoras.
- EMPREGO FEMININO XERADO. Valorarase a creación de emprego feminino vinculado á execución do proxecto.
- EXISTENCIA OU COMPROMISO DE EXECUCIÓN DUN PLAN DE IGUALDADE DE XÉNERO. Valorarase a existencia dun Plan de Igualdade de xénero nas empresas que xa estean creadas ou o compromiso expresado no plan de empresa para as empresas que se vaian a crear, de implantar dito Plan.

Por último sinalar que dentro do **Plan de xestión e funcionamento do programa**, está previsto un **servicio de asesoramento empresarial** especialmente destinado a reforzar que as mulleres promovan proxectos ao abeiro do PEZ, apoiando e asesorando as potenciais emprendedoras en todos os aspectos que necesiten, incluíndo a elaboración do Plan de empresa.

#### **Destinatarios/as finais:**

Os proxectos contemplados nesta medida terán o carácter de non produtivos e o colectivo destinatario serán inicialmente as entidades públicas, pero as beneficiarias finais serán preferentemente as mulleres que traballan no sector da pesca e tamén as mulleres de pescadores.

#### **Cronograma**

Toda a duración do Plan e mentres existan dispoñibilidades orzamentarias, pero buscarase o inicio destas actuacións dende un primeiro momento de xeito que vaian acompañadas coa execución global do PEZ.

### **Localización**

Ámbito territorial definido polos municipios integrados no GAC da Zona 3 “costa da morte”

### **Indicadores**

- Número de proxectos desenvolvidos
- Asociacións de mulleres apoiadas
- Servizos de información creados
- Asistentes a accións formativas.
- Servizos de conciliación creados.

### **Estrutura económica do eixo estratéxico**

A estrutura económica do Eixo 5, de fomento da igualdade de oportunidades, é a seguinte

- Orzamento total: 250.000 euros (3,36% do total do orzamento para actividades, descontados os gastos de xestión e sensibilización)
- Actividades Produtivas: Non
- Actividades non produtivas: 250.000 euros
- Orzamento por Liñas de actuación:
  - Programa de apoio a muller na costa da morte: 250.000 euros
- Posibilidade de proxectos estruturantes: Non



## CADRO RESUMEN DOS EIXOS ESTRATÉXICOS DE ACTUACIÓN E LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS.

ORZAMENTO DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS	ORZAMENTO		% SOBRE O TOTAL		
	7.423.259,00 €	PRODUCTIVOS	NON PRODUCTIVOS	TOTAL	%
<b>Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.</b>	1.795.949,78 €	39.909,99 €		<b>1.835.859,77 € 24,73%</b>	
<i>Mellora da comercialización a través das Lonxas da Costa da Morte</i>	798.199,90 €	39.909,99 €			
<i>Mellora das actividades vinculadas coa cadea pesqueira (Cluster).</i>	598.649,93 €				
<i>Proxectos de I+D vinculados co Mar: "Costa da Morte innovadora"</i>	399.099,95 €				
<b>Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.</b>	2.254.216,30 €	498.874,92 €		<b>2.753.091,22 € 37,09%</b>	
<i>Espazos temáticos do Mar</i>	199.549,98 €	498.874,92 €			
<i>Hostalería do mar</i>	498.874,94 €				
<i>Pesca Turismo</i>	798.199,90 €				
<i>Programa de apoio a novos emprendedores/as (multisectorial)</i>	607.929,00 €				
<i>Programa de Eventos e Mercados na Costa da Morte</i>	149.662,48 €				
<b>Mellora do contorno natural e a calidade ambiental</b>	299.324,96 €	1.656.264,75 €		<b>1.955.589,71 € 26,34%</b>	
<i>Proxectos empresariais medioambientais</i>	299.324,96 €				
<i>Rutas e sendeiros</i>		349.212,45 €			
<i>Rehabilitación de infraestruturas e espazos ociosos no litoral</i>		598.649,91 €			
<i>Conservación de espazos naturais, praias e espazos forestais.</i>		598.649,91 €			
<i>Programa de voluntariado ambiental</i>		109.752,48 €			
<b>Promoción da cohesión social.</b>	299.324,96 €	329.955,87 €		<b>629.280,83 € 8,48%</b>	
<i>Apoio a empresas de Servizos Sociais e de equipamentos sociais.</i>	299.324,96 €	150.360,90 €			
<i>Rede Cultural</i>		89.797,49 €			
<i>Programa educativo sobre a cultura mariñeira</i>		89.797,49 €			
<b>Fomento da igualdade de oportunidades.</b>	- €	249.437,46 €		<b>249.437,46 € 3,36%</b>	
<i>Programa da Muller na Costa da Morte.</i>		249.437,46 €			
<b>TOTAL</b>	<b>4.648.816,00 €</b>	<b>2.774.443,00 €</b>			

## GASTOS DE XESTIÓN E FUNCIONAMENTO

### Introdución

Tal e como se propón na guía de candidatura, dentro deste epígrafe serán subvencionables os gastos das actividades directamente executadas polo GAC, que como máximo serán o 20% do total do orzamento establecido en cada Plan estratéxico zonal.

Este gastos comprenderán:

1. **Gastos de funcionamento:** como máximo será o 10% do total asignado no PEZ. Estes gastos comprenden custos de explotación dos grupos, gastos de persoal técnico contratado polo GAC, asistencia técnicas para a xestión do programa e custos de auditorías.
2. **Gastos de sensibilización e promoción:** como máximo será o 10% do total asignado no PEZ. Estes gastos comprenden actos de publicidade e divulgación tales como publicacións, web do proxecto, xornadas informativas, congresos, seminarios, estudos e traballos técnicos e outras que teñan como finalidade a difusión do PEZ e das actuacións de desenvolvemento local contempladas neste, así como actividades que teñan como obxecto o intercambio de experiencias e a formación, incluso no estranxeiro.

Estes gastos están financiados ao 100% e serán ingresados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos nos termos establecidos no convenio de colaboración. No caso do GAC da costa da morte e do Plan estratéxico elaborado optouse por situar estes gastos nos umbrais recomendados na Guía de candidatura, e así, os gastos de xestión representan o 20% do total do PEZ, repartíndose nun 10% nos gastos de funcionamento e noutro 10% os gastos de sensibilización e promoción.

Ademais dos gastos necesarios para a xestión de calquera programa, o orzamento de sensibilización e promoción considérase vital para o funcionamento dos GAC, e un factor para o apalancamento dos programas e liñas de actuación deseñadas. Ademais, o feito de que sexan executados directamente polo GAC contribuirá a un maior impacto dobre o territorio, ao estar así dirixidos a todos e cada un dos municipios de actuación e todas as entidades do GAC e do territorio en xeral.

O orzamento total segue o seguinte esquema:

- Gastos de funcionamento e xestión: 1.855.815 euros (20% do total do programa), que se dividen a súa vez en:
  - Gastos de funcionamento: 927.907,50 euros (10% do total do programa)
  - Gastos de promoción e sensibilización: 927.907,50 euros (10% do total do programa).

## GASTOS DE FUNCIONAMENTO

Os gastos necesarios para o funcionamento operativo do grupo veñen derivados de tres tipoloxías de gasto:

- Gastos de persoal do equipo de traballo, incluíndo dietas e desprazamentos por todo o territorio
- Gastos de asistencia técnica externa.
- Gastos xerais das instalacións de traballo do equipo de xestión.

A estrutura de xestión está xa comentada en apartados anteriores, establecéndose unha estrutura básica composta por un Director/a – Xerente, un técnico económico-financieiro e especializado en xestión e un administrativo/a ou auxiliar como persoa de apoio. Este equipo de traballo estará reforzado a través de asistencias técnicas externas puntuais.

	total	Salario traballador/a
Director/a -xerente	46.000,00 €	34.586,47 €
técnico	39.000,00 €	29.323,31 €
administrativo	26.600,00 €	20.000,00 €

Con respecto aos gastos de asistencia técnica externa, estas cubrirán determinadas funcións do GAC e do equipo de traballo, especialmente nos momentos punta de traballo, como poden ser os momentos de certificación de gasto, así como as funcións permanentes de avaliación e auditoría.

	orçamento anual
Asistencia técnica e asesoramento	30.000,00 €
Evaluación e auditoría de gasto	25.674,45 €

Por último os gastos xerais son os gastos operativos de funcionamento, incluíndo os gastos xerais de suministros, aluguer de instalacións e salas (si fose necesario), anuncios en prensa derivados da xestión, etc...

	mensuais	anuais
Gatos de xestión	1.546,51 €	18.558,15 €

Todos os gastos arriba indicados establecen a súa distribución seguindo unha proporcionalidade lineal entre xaneiro de 2009 a decembro de 2013, poñéndose no escenario mais desfavorable e supoñendo que o grupo fai uso da prórroga debido a utilización da reserva de eficacia.

#### ORZAMENTO TOTAL DE GASTOS DE FUNCIONAMENTO

	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	TOTAL
Equipo de traballo (persoal)	111.348,90 €	111.348,90 €	111.348,90 €	111.348,90 €	111.348,90 €	558.000,00 €
Asistencia externa (avaliación, auditoría e asistencia técnica)	55.674,45 €	55.674,45 €	55.674,45 €	55.674,45 €	55.674,45 €	279.000,00 €
Gastos xerais de funcionamento	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	93.000,00 €
<b>tos de funcionamento</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>927.907,50 €</b>

## GASTOS DE SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN

Os gastos de sensibilización e promoción considéranse pezas estratéxicas para lograr os obxectivos do programa, xa que deben de servir para concretar ou definir en maior profundidade algunha das liñas de traballo establecidas, alumeando as posibles zonas de sombra que se podan crear na definición do seguinte proxecto, e canalizando axeitadamente as inversións que se van a realizar, de xeito que se maximizen os resultados das mesmas.

A continuación pasaremos a concretar brevemente os programas e servizos pensados a priori para a execución deste grupo de gasto.

### ACTUACIÓNS DE PUBLICIDADE E DIVULGACIÓN.

Con carácter xeral é necesario sempre divulgar e promocionar a existencia de proxectos de desenvolvemento local que ofrecen axudas, pero neste caso, a importancia da divulgación é aínda moito maior xa que é importante que todos os potenciais promotores de proxectos podan acceder a coñecer polo miúdo o PEZ e como alienar os seus proxectos de inversión cos obxectivos do PEZ.

Dentro desta tipoloxía de gasto nos atopamos diversas actuacións posibles:

- Elaboración da páxina WEB do GAC e do PEZ, de xeito que poda accederse a toda a información referente ao proxecto, realizar consultas telemáticas, ou atopar as noticias mais relevantes da comarca e que podan ser de interese para o Plan. Ademais, esta web contará con servizos de boletín, axenda (para concertar citas co persoal técnico) e un repositorio de documentos de utilidade para promotores/as de proxectos. Este espazo web tamén poderá servir como centro de teleformación das accións de formación previstas.
- Realización dunha campaña de promoción en toda a comarca, a través de medios publicitarios xeneralistas (prensa local, vallas, radio e televisión local). Nas mesas de traballo realizadas polo GAC púxose de manifesto a necesidade e utilidade desta campaña, especialmente para dar a coñecer o significado do eixo 4 entre a poboación das zonas costeiras, xa que estas poden considerar que si non se dan axudas directas ao desenvolvemento da súa actividade productiva, estas non van a ser de utilidade.

Estímase un orzamento global de 37.116,30 euros anuais en este epígrafe de gastos, o que resulta un orzamento total no programa de 185.581,50 euros, o que supón un 20% do gasto.

## FORMACIÓN

Como acompañamento aos potenciais promotores de proxectos, está previsto un paquete de accións formativas de apoio na posta en marcha das iniciativas empresariais na comarca. Terán preferencia no acceso á formación os traballadores/as do sector pesqueiro que promovan ou participen en proxectos no marco do programa ou desexen diversificar a súa actividade.

Establécense así mesmo dúas tipoloxías formativas, unha primeira orientada especificamente á creación de empresas e unha segunda orientada a profundizar en diversas áreas da xestión empresarial: finanzas para non financeiros, marketing e vendas, loxística e distribución, etc.... O programa de formación previsto inclúe tamén un reparto entre formación presencial e un paquete de produtos formativos a través de teleformación, dispoñibles durante todo o ciclo de vida do proxecto.

Por último sinalar que como medida específica de xénero, para as mulleres participantes no programa establecerase un programa de formación-acción, durante toda a duración do PEZ e que facilitará, ademais da formación, un asesoramento permanente por parte de consultoría especializada que lles axudará no proceso de definición do seu plan de empresa. Este programa de formación seguirá un sistema parecido ao programa LANZA do Igape, pero especialmente orientado a mulleres, aínda que tamén terán preferencia en xeral todos os traballadores do sector pesca-mar.

O orzamento global destinado á Formación é de 185.581,50 euros, o que supón un 20% dos gastos previstos de sensibilización e promoción.

## ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS

Durante as sesións celebradas polas mesas sectoriais e a Xunta directiva da asociación, púxose de manifesto a necesidade de realizar estudos en profundidade sobre algúns elementos críticos na construción dunha estratexia propia para a Costa da Morte. Non establécese a priori unha distribución entre os diferentes estudos e traballos técnicos, pero se detallan a continuación algunhas das ideas que xurdiron nas mesas de traballo e que constituirán a base dos traballos a realizar en materia de consultoría e asistencia técnica. Tampouco se prevé abarcar todos e cada un destes traballos técnicos, pero quérese reflectir aquí a relación de todas as ideas xurdidas nas mesas de traballo e que logo serán seleccionadas e priorizadas pola Xunta directiva do GAC para o seu desenvolvemento.

- **Catalogación de infraestructuras ociosas e definición de proxectos de posta en valor.** A través desta medida preténdese realizar unha catalogación exhaustiva daqueles elementos do patrimonio que puideran ser susceptibles de recuperación polo seu valor arquitectónico ou histórico. Tamén buscarase ir un paso mais adiante e que con cada elemento catalogado se puidera facer unha proposta de intervención (a nivel de idea de proxecto), tendo en conta que poderían realizarse intervencións no marco do propio proxecto ou tamén fora do mesmo (por exemplo, co programa de escolas obradoiro ou obradoiros de emprego). Para a súa execución podería asinarse un convenio de colaboración co Colexio de Arquitectos de Galicia, co fin de implicar a este colectivo tan importante na búsqueda de solucións e propostas para o patrimonio histórico da costa da Morte.
- **Plan Director de conservación de espazos naturais e paisaxe.** Ao igual que no caso anterior, trátase de desenvolver un plan específico para a conservación de espazos naturais de valor medioambiental ou paisaxístico, especificamente dentro da franxa litoral. Buscarase especialmente a parte propositiva do Plan, de xeito que tamén se poidan aproveitar os resultados dos traballos no marco do proxecto.
- **Espazo de innovación para a Costa da morte.** Sobre a base do establecido no PEZ, un dos obxectivos do mesmo e converter á costa da morte nun espazo orientado á innovación. Por este motivo, buscarase identificar as posibilidades de apoiar a innovación entre o tecido empresarial, en especial no sector do mar da costa da Morte. Trátase de utilizar unha metodoloxía de traballo xa utilizada a nivel sectorial en numerosas actividades económicas de Galicia (viño, madeira, medioambiente, servizos sociais, etc...) pero agora sobre unha base territorial claramente delimitada, estimulando que se xeneren espazos de cooperación entre empresas locais e equipos de investigación das universidades galegas. A execución desta actividade podería realizarse a través dun convenio de colaboración con entidades especializadas como FEUGA.
- **Deseño dun plan de calidade, conservación e recuperación das praias.** No seo do equipo de traballo tense valorado que o selo “bandeira azul” non serve para as praias da Costa da Morte, xa que utilizan un sistema de calidade que prima a disposición de servizos e accesibilidades mais propio de praias urbanas. Isto está moi ben para praias de carácter urbano pero non serve para as praias salvaxes e naturais da costa da morte, si ben estas últimas posúen un nivel de calidade de area e auga moi superior. A través do PEZ buscarase identificar un sistema de calidade para as praias, que posibilite unha xestión integrada de estas pezas estratéxicas da oferta turística e natural da costa da Morte. Este proxecto deberá desenvolverse en estreita coordinación co futuro Consorcio de Turismo e poderá

desenvolverse tamén en colaboración co GAC de Zona 4 “Seo Fisterra” pola súa proximidade xeográfica.

- **Deseño dun plan de marketing e comercialización do produto turístico pesca-mar.** Aínda que vai a constituír igualmente unha das liñas de traballo principais do PEZ, a través deste traballo buscaríase identificar un paraugas común para toda a oferta que actualmente está pouco estruturada e dispersa. Este proxecto deberá desenvolverse en estreita colaboración co futuro Consorcio de Turismo e poderá desenvolverse en colaboración co GAC de Zona 4 “Seo Fisterra” pola súa proximidade xeográfica.
- **Elaboración dun Plan de Mobilidade** específico para a costa da morte, que analizase polo miúdo e a través de enquisas específicas as necesidades de desprazamento dentro da comarca (intra-zonais) e cos principais núcleos de poboación e comarcas adxacentes. Ademais, se analizarían as causas do movemento (traballo, ocio, etc...) e se realizarían propostas específicas nos reordeamentos de liñas e frecuencias. Nembargante, este traballo tamén podería realizarse en colaboración coa Consellería de política territorial da Xunta de Galicia.

O orzamento global de todos estes estudos e traballos técnicos é de 371.163 euros, o que supón o 40% desta categoría de gasto.

## SEMINARIOS E CONGRESOS

Aproveitando a execución do PEZ, realizaránse unha serie de seminarios técnicos de carácter anual, que serviran para debater sobre as posibilidades de desenvolvemento da costa da morte. Durante os 5 anos de execución do PEZ realizaránse 4 seminarios e un Congreso internacional (o congreso terá maior duración e maior capacidade de convocatoria).

Os 4 seminarios versarán sobre cada un dos eixos estratéxicos de actuación do PEZ, a priori:

- Seminario sobre o turismo e a pesca, ou Turismo nas zonas litorais de forte tradición pesqueira.
- Seminario sobre conservación de espazos naturais
- Seminario sobre o papel da muller nas comunidades costeiras
- Seminario sobre a cohesión social e a vertebración das comunidades costeiras.
- Congreso sobre comercialización de produtos do mar.



Todas estas actividades contarán con poñentes de recoñecido prestixio e tamén con intercambio de experiencias con comunidades costeiras con intereses similares ou experiencias de interese.

O orzamento estimado para esta actividade é de 92.790,75 euros, o que supón o 10% desta liña de actuación.

### REDE TRANSNACIONAL

Como parte final da estratexia do Pez en canto a actuacións de promoción e sensibilización, anualmente definiranse un programa de visitas de intercambio a outros territorios, nos que poderá participar calquera entidade asociada ao GAC e tamén colectivos de interese na execución do PEZ (por exemplo, vistas de coñecemento de experiencias de comercialización).

Así mesmo, o orzamento destinado tamén servira para que o GAC da Costa da Morte participe en cantas iniciativas e redes se organicen a nivel dos estados membros ou da Unión Europea sobre a base do eixo 4 e dos grupos de acción costeira.

O orzamento estimado para esta actividade é de 92.790,75 euros, o que supón o 10% desta liña de actuación.

A continuación preséntase a estrutura de gastos de xestión e funcionamento:

		2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	TOTAL
10% GASTOS DE SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN	Actuacions de publicidade e divulgación	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	185.581,50 €
	Estudos e traballos técnicos	74.232,60 €	74.232,60 €	74.232,60 €	74.232,60 €	74.232,60 €	371.163,00 €
	Formación	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	185.581,50 €
	Xornadas/Seminarios e Congresos	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	92.790,75 €
	Rede trasnacional	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	92.790,75 €
<b>total gastos sensibilización e promoción</b>		<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>927.907,50 €</b>
		2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	TOTAL
10% GASTOS DE FUNCIONAMENTO	Equipo de traballo (persoal)	111.348,90 €	111.348,90 €	111.348,90 €	111.348,90 €	111.348,90 €	558.000,00 €
	Asistencia externa (avaliación, auditoría e asistencia técnica)	55.674,45 €	55.674,45 €	55.674,45 €	55.674,45 €	55.674,45 €	279.000,00 €
	Gastos xerais de funcionamento	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	93.000,00 €
<b>total gastos de funcionamento</b>		<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>927.907,50 €</b>



grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



## 2.5. criterios de valoración de proxectos plan estratéxico zonal (PEZ)

costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## 2.5.CRITERIOS DE VALORACIÓN DE PROXECTOS

### *Introdución*

O desenvolvemento dos criterios de selección de proxectos pretende que sexa un medio de crear un consenso en torno a unha estratexia de desenvolvemento local da zona pesqueira da Costa da Morte. Estes criterios deben facilitar o logro dos obxectivos establecidos, xa que ditos criterios son froito da estratexia de desenvolvemento do Grupo de Acción Costeira, que os elaborou en función do contexto concreto existente na zona, partindo da base da diagnose realizada e documentada nas páxinas anteriores.

### *Ámbito de aplicación dos criterios de valoración*

Os criterios de valoración de proxectos serán utilizados para a avaliación e posterior selección dos proxectos que se presenten en cada convocatoria de axudas.

Sen embargo hai que destacar como elemento inicial que o Grupo de Acción Costeira no seu orzamento ten reflexados 4 tipos de gastos de diferente natureza, a saber:

- a) Os gastos de xestión do Grupo, que a súa vez divídense en:
  - a. Gastos de funcionamento
  - b. Gastos de sensibilización e promoción
- b) Os gastos de subvención de proxectos, que se dividen en:
  - a. Gastos en inversión produtivas
  - b. Gastos en inversión non produtivas

Polo tanto os criterios de valoración definidos nos apartados seguintes, so serán de aplicación á valoración dos proxectos que se presenten ( tanto produtivos como non produtivos) pero nunca aos gastos de xestión do Grupo, xa que estes gastos non están sometidos a unha concorrencia competitiva como acontece na selección dos proxectos.

No gráfico que se amosa a continuación aparecen, por unha banda a distribución do fondo entre os distintos tipos de gastos, e por outra banda as porcentaxes

máximas de cofinanciación (grao de investimento ou intensidade da axuda) polo Fondo Europeo de Pesca a estes tipos de gastos:

	Gastos de xestión do Grupo		Gastos de subvención de proxectos	
	Gastos de Funcionamento	Gastos de promoción e sensibilización	Productivos	Non Productivos
<b>Distribución do Fondo</b>	10%	10%	Máis do 50%	Menos do 30%
	Total 20%		Total 80%	
<b>Grao de financiamento máximo</b>	100%		60%	100%

### Definición dos proxectos

Os proxectos que presenten os solicitantes das axudas poden ter un carácter produtivo ou non produtivo. Con carácter previo á definición dos criterios de valoración, explicaremos a continuación en que consisten estas dúas tipoloxías de proxectos.

#### Proxectos non produtivos

Terán a consideración de proxectos non produtivos os que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter os proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio de que se trate e sempre que tradicionalmente poidan ser promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro. Neste caso o elemento determinante do proxecto é a súa rendibilidade social.

Como conclusión sinalar pois, que o elemento determinante para calificar un proxecto de non produtivo, non vai ser a natureza da entidade (xa que poden ser

entidades sen ánimo de lucro de carácter privado) senón a non persecución dun ánimo de lucro.

### Proxectos produtivos

Terán a condición de proxectos produtivos, aquelas actividades que deben favorecer una actividade de lucro potencial para o promotor do proxecto. En xeral, poderían identificarse con proxectos de orientación empresarial ou profesional e que por tanto deberían proporcionar unha autosuficiencia económico-financeira a longo prazo.

As entidades públicas en ningún caso serán promotoras de proxectos de carácter produtivo.

### *Procedemento de uso dos criterios de valoración*

A Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, do 17 de xullo de 2008 pola que se convoca o concurso de selección de Grupos de Acción Costeira, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 144 do luns 28 de xullo de 2008, establece no artigo 15 como contido mínimo do Plan Estratéxico Zonal (PEZ) a fixación dos criterios de valoración de proxectos, como parte integrante da proposta estratéxica de actuación do PEZ.

Os criterios polo tanto son establecidos polo GAC no presente documento, nembargantes estes haberán de axustarse aos criterios de valoración mínimos fixados na Orde anteriormente citada, xa que son de obrigado cumprimento.

O GAC “Costa da Morte”, como entidade colaboradora da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos na xestión das axudas, será quen de avaliar e seleccionar as accións e proxectos presentados polos promotores para desenvolver o territorio de actuación segundo uns criterios de valoración que haberán de ser obxectivos e ter unha puntuación determinada previamente, que faga posible a selección daqueles proxectos que obteñan a maior puntuación, posto que as axudas se conceden nun réxime de concorrencia competitiva ao abeiro da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Polo tanto, aqueles proxectos que obteñan unha maior puntuación serán seleccionados, tendo en conta o límite establecido no artigo 15.1.C. da Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 17 de xullo de 2008, polo que os proxectos produtivos haberán de representar máis do 50% do orzamento do Plan. Tendo en conta esta circunstancia, e que os gastos de xestión do grupo supoñen un 20% do total do orzamento, podemos facer unha primeira aproximación á porcentaxe adicada aos proxectos non produtivos que será inferior ao 30% do total do orzamento.

Os criterios de valoración de proxectos para os proxectos non produtivos son diferentes aos criterios de valoración de proxectos produtivos, xa que a finalidade dos mesmos é diferente.

Estes criterios valoración podémosos subdividir entre aqueles que se aplican a todo tipo de proxectos (tanto produtivos como non produtivos), e aqueloutros que son de aplicación específica e acumulativa para os proxectos de carácter produtivo.

A Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos citada supra, establece unha serie de criterios, xerais e específicos, que haberán de respectar tódolos grupos. Nembargantes, cada grupo pode establecer criterios a maiores e tamén é libre de fixar a súa baremación, sempre respectando os obxectivos do eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca (FEP).

O feito de que os proxectos presentados sexan sometidos a un proceso de selección, esixirá aos membros do GAC un esforzo suplementario no fomento da presentación e difusión dos criterios, como garantía de obxectividade e transparencia.

Preténdese acadar que cando se publique pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos a Orde de convocatoria das axudas para a execución dos plans estratéxicos zonais, éstas se transformen en incentivos ao desenvolvemento, a mobilización e a cohesión. Nembargantes, cando esta publicación sexa efectiva, **o Grupo de Acción Costeira “Costa da Morte” a través da Xunta Directiva, poderá realizar as modificacións oportunas de cara á adaptación do presente plan á Orde.**

Toda estratexia de desenvolvemento parte duns obxectivos a acadar, para o cal o proceso de selección de proxectos constitúe unha importante ferramenta. Os proxectos máis interesantes serán aqueles que máis contribúan á mellor consecución dos obxectivos previstos polo eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca na liña da estratexia prevista no presente documento.

Como consecuencia da obrigada concorrencia competitiva que ten que haber no proceso de selección de proxectos derivada da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, existirá un prazo de presentación de proxectos que terá unha duración determinada (que será establecida pola Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pola que se convoquen axudas a proxectos de execución do PEZ), polo que se utilizará como metodoloxía de selección a análise multicriterio.

## A utilización da análise multicriterio

A matriz multicriterio é unha ferramenta utilizada para a toma de decisións en base a factores cualitativos ou a múltiples factores non homoxéneos que interveñen nun suceso e que permiten comparar obxectivamente diferentes proxectos dentro dunha mesma liña de actuación, favorecendo así o proceso de selección.

Os pasos a seguir pola Xunta Directiva para a avaliación dos proxectos que se presenten en cada convocatoria son os seguintes:

1. Listar o conxunto de posibles proxectos sobre os que se tomará a decisión:
  - Estes serán todos aqueles que se presentaron no modelo oficial de solicitude nos prazos establecidos pola Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pola que se convocan as axudas a proxectos de execución do PEZ.
  - Desagregar os proxectos entre produtivos e non produtivos.
2. Definir os criterios obxectivos, tanto para proxectos produtivos como para non produtivos, que servirán para avaliar os proxectos:
  - Estes son definidos polo Grupo no presente documento, mantendo sempre os criterios mínimos establecidos na Orde do 17 de xullo de 2008 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
3. Fixar o baremo de puntuación de cada criterio:
  - Establécese unha puntuación para cada criterio e subcriterio en función da importancia que para o GAC teñan estes.
  - **As variables de viabilidade son filtro.** Isto implica que si os proxectos non obteñen unha puntuación mínima (establecida na correspondente matriz) os proxectos non poderán ser subvencionados, aínda que acaden unha puntuación merecedora de subvención por outros criterios de valoración.
  - **Ademais haberá de obterse unha puntuación mínima de 40 puntos**, tanto para os proxectos non produtivos como para os produtivos, por debaixo da cal o proxecto non será subvencionado.
  - **A puntuación máxima non superará os 100 puntos.**
  - **A Xunta Directiva do presente GAC poderá variar a baremación dos criterios da matriz en función do establecido pola Orde de**



**axudas e en función da potenciación das distintas liñas de actuación que cada ano se prevexan levar a cabo.**

4. Constituír a matriz de puntuación cos criterios adoptados polo GAC:
  - Construírse unha matriz para proxectos produtivos e outra para proxectos non produtivos.
5. Calcular o total de puntos de cada proxecto mediante a suma dos valores dos criterios que lle corresponden:
  - Estes puntos **determinarán a porcentaxe de cofinanciación** que lle corresponde a cada proxecto segundo as bandas de puntuación-subvención establecidas na matriz.
  - **As bandas de puntuación-subvención para os proxectos produtivos serán distintas das bandas para proxectos non produtivos, debido a distinta intensidade de axuda para uns e outros.**
  - **Para os proxectos non produtivos as bandas son:**
    - i. Se o proxecto acada unha puntuación entre 40 e 55 puntos a porcentaxe de cofinanciación resultante será do 75% dos gastos elixibles do proxecto.
    - ii. Se o proxecto acada unha puntuación entre 56 e 70 puntos a porcentaxe de cofinanciación resultante será do 80% dos gastos elixibles do proxecto
    - iii. Se o proxecto acada unha puntuación entre 71 e 80 puntos a porcentaxe de cofinanciación resultante será do 90% dos gastos elixibles do proxecto
    - iv. Se o proxecto acada unha puntuación maior de 81 puntos a porcentaxe de cofinanciación resultante será do 100% dos gastos elixibles do proxecto.
  - Para os proxectos **produtivos** as bandas son:
    - i. Se o proxecto acada unha puntuación entre 40 e 55 puntos a porcentaxe de cofinanciación resultante será do 30% dos gastos elixibles do proxecto.
    - ii. Se o proxecto acada unha puntuación entre 56 e 70 puntos a porcentaxe de cofinanciación resultante será do 40% dos gastos elixibles do proxecto

- iii. Se o proxecto acada unha puntuación entre 71 e 80 puntos a porcentaxe de cofinanciación resultante será do 50% dos gastos elixibles do proxecto

Se o proxecto acada unha puntuación maior de 81 puntos a porcentaxe de cofinanciación resultante será do 60% dos gastos elixibles do proxecto.

### *Criterios para a avaliación e selección de proxectos:*

Os criterios definidos no presente documento permitirán á Xunta Directiva avaliar e seleccionar os proxectos presentados dun xeito obxectivo, respectando así a libre concorrència obrigada ao abeiro da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Estes criterios son diferentes para os distintos proxectos segundo a súa natureza sexa non produtiva ou produtiva.

A continuación aparecen os criterios e subcriterios desglosados e explicados para cada tipo de proxecto.

### *Criterios de valoración de proxectos non produtivos*

#### **1. VIABILIDADE TÉCNICA DO PROXECTO**

A viabilidade técnica do proxecto virá xustificada adecuadamente no Plan Xestión, documento que deben presentar todos os promotores de proxectos non produtivos xunto coa solicitude de axuda.

A puntuación mínima que un proxecto ten que acadar neste criterio é de **20 puntos**, desglosándose estes en puntuacións mínimas dos subcriterios “proxecto técnico-arquitectónico” (12 puntos mínimo) e “compromiso económico e porcentaxe de cofinanciación” (8 puntos mínimo).

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **25 puntos**.

No antedito Plan de Xestión recollerase entre outras circunstancias:

#### **1. PROXECTO TÉCNICO – ARQUITECTÓNICO**

Valorarase a calidade técnica e arquitectónica da solución construtiva, no seu caso. Tamén valorarase os prazos de execución do proxecto e a tecnoloxía utilizada.

**Debido a importancia absoluta deste criterio na valoración do conxunto do proxecto, este actuará como valor filtro, é dicir, que a non obtención por un proxecto da puntuación mínima establecida na matriz, implicará automaticamente o rexeitamento da solicitude, aínda que polo resto dos criterios supere a puntuación mínima necesaria de 40 puntos.**

**A puntuación mínima de este subcriterio será de 12 puntos, sen prexuízo do establecido no apartado “A utilización da análise multicriterio”.**

## 2. COMPROMISO ECONOMICO E PORCENTAXE DE COFINANCIACIÓN

Valorarase o compromiso que adquira a entidade promotora do proxecto de aportación firme, xa que como se sinalou nos apartados anteriores do presente documento, a intensidade de axuda para os proxectos non produtivos e como máximo do 75%. Logo o resto da financiación será asumida polo promotor.

Así mesmo valorarase con maior puntuación se o compromiso de cofinanciación é maior, tanto en términos absolutos como relativos.

**Este subcriterio, no mesmo sentido que o anterior, é filtro, polo que daremos por reproducido o sinalado para o mesmo.**

**A puntuación mínima de este subcriterio será de 8 puntos, sen prexuízo do establecido no apartado “A utilización da análise multicriterio”.**

## 3. PLAN DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

Valorarase as accións de difusión e comunicación do proxecto, tales como a realización de xornadas informativas, a participación da cidadanía na configuración do proxecto, ...

## 4. PLAN DE RECURSOS HUMANOS/ CREACIÓN DE EMPREGO

Valorarase o número de empregos creados, así como a calidade dos mesmos, tendo maior puntuación o emprego estable fronte ao temporal. Tamén terán unha prioridade na puntuación os empregos a tempo completo fronte aos contratos a tempo parcial.

Asimesmo valorarase a elaboración dun plan de recursos humanos.

## 2. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO

O impacto sobre o territorio é un criterio complexo polo que procedese de cara a súa valoración a desagregalo nos subcriterios de impacto económico, social, medioambiental e territorial.

A puntuación máxima que un proxecto non produtivo pode acadar por este criterio é de **10 puntos**.

### 1. ECONÓMICO

Valorarase a implicación doutras entidades e en especial da iniciativa privada. A maior número de entidades participantes maior puntuación, sobre todo cando acheguen financiación privada ao proxecto.

### 2. SOCIAL

Valorarase a poboación afectada, o incremento da calidade de vida das poboacións da zona pesqueira e a vertebración social prevista no proxecto.

### 3. MEDIOAMBIENTAL

Valorarase a incidencia positiva nos recursos naturais e medio ambientais, así como tamén a incidencia do proxecto nos espazos naturais protexidos clasificados en parques, reservas naturais, áreas mariñas protexidas, monumentos naturais, paisaxes protexidas e tamén con respecto ás zonas periféricas de protección e as áreas de influencia socioeconómica segundo a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural. Todo o anterior sen prexuízo tamén da incidencia dos espazos naturais protexidos segundo a lexislación autonómica, recollidos na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, e que se clasifican en reserva natural, Parque nacional, Parque natural, Monumento natural, Humidal protexido, Paisaxe protexida, Zona de especial protección dos valores naturais, Espazo natural de interese local e Espazo privado de interese natural.

Concretamente valoraranse positivamente as inciativas locais de cara a planificación e proxección de espazos naturais de interese local e de espazos privados de interese natural.

Valorarase así mesmo a incidencia nos espazos protexidos da Red Natura 2000, compostos polos Lugares de Importancia Comunitaria, Zonas Especias de Conservación e polas Zonas de Especial Protección para as Aves.

#### 4. TERRITORIAL

Valorarase a incidencia supramunicipal do proxecto. Obterán maior puntuación aqueles proxectos que abarquen máis dun municipio dos incluídos no ámbito de actuación territorial do GAC.

### 3. APROVEITAMENTO DOS RECURSOS ENDÓXENOS

Valorarase o aproveitamento de infraestruturas ociosas ou infrautilizadas (sobre todo no borde litoral), a incidencia do proxecto no patrimonio histórico - cultural e a súa valorización, e nos produtos locais e demais recursos da zona de pesca "Costa da Morte".

En definitiva pretende unha actuación na zona na que sexan protagonistas os recursos da propia zona pesqueira da Costa Morte.

A puntuación máxima deste criterio é de **10 puntos**.

### 4. CARÁCTER INNOVADOR/DINAMIZANTE

Valorarase a singularidade e novidade do proxecto ou o novo enfoque de proxectos xa existentes.

Tamén se valorará a utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación e o desenvolvemento da sociedade da información.

A puntuación máxima deste criterio é de **10 puntos**.

### 5. SOSTIBILIDADE DO PROXECTO

Valorarase a garantía de pervivencia do proxecto mais aló do ano 2013, en que finalizan as axudas.

Tamén valorarase a sostibilidade no sentido dunha maior puntuación daquelas actuacións que non comprometan os recursos necesarios para as futuras xeracións.

A puntuación máxima deste criterio é de **10 puntos**.

## **6. CAPACIDADE DE TRANSFERENCIA A OUTROS TERRITORIOS**

Valorarase a posible exportación do proxecto a outros territorios e a transferibilidade de coñecementos que poida desencadear o mesmo.

A puntuación máxima deste criterio é de **5 puntos**.

## **7. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E COLECTIVOS DESFAVORECIDOS**

O criterio de igualdade e colectivos desfavorecidos está desglosado en dous subcriterios. Por un banda o impacto do proxecto sobre o colectivo feminino, e por outra o impacto sobre os colectivos desfavorecidos.

A puntuación máxima deste criterio é de **10 puntos**.

### **1. IMPACTO SOBRE O COLECTIVO FEMININO**

Valorarase o impacto positivo que o proxecto teña sobre as mulleres, tanto dende a perspectiva do promotor/a, como desde a perspectiva do número de mulleres empregadas no proxecto, así como o número de mulleres que ocupen postos de responsabilidade e dirección no proxecto.

### **2. IMPACTO SOBRE OS COLECTIVOS DESFAVORECIDOS**

Valorarase a inclusión no proxecto de colectivos que teñan menos oportunidades na sociedade actual, como son as persoas con algunha discapacidade, as persoas en risco de exclusión social,...

## **8. ADECUACIÓN COA ESTRATEXIA ESTABLECIDA POLO GAC NO PEZ**

Este criterio ten unha importancia decisiva posto que valorará a coherencia do proxecto coas liñas deseñadas polo Grupo no presente documento (Plan Estratéxico Zonal). Canto mais acorde sexa coas liñas estratéxicas do PEZ maior puntuación obterá o proxecto.

Os proxectos estruturantes ou vertebradores, que son aqueles en que pola súa dimensión e características son factores de dinamización da zona e creadores de

sinerxias positivas para outros proxectos, serán os que máis posibilidades teñan de acadar unha boa puntuación neste criterio, posto que pola súa dimensión poder ser quen de aglutinar o maior número obxectivos que persegue o presente documento.

A puntuación máxima deste criterio é de **20 puntos**.

### A matriz multicriterio para proxectos non produtivos:

A continuación amosase a matriz multicriterio elaborada a partir dos criterios e subcriterios antes definidos e explicados.

Na presente matriz podemos observar os criterios e subcriterios definidos no apartado anterior, así como unha columna indicando o valor mínimo (filtro) de determinados criterios e subcriterios que pola súa importancia teñen este carácter. Cando o valor é 0 puntos quérese salientar que dito criterio non é filtro e polo tanto poderá obterse á axuda aínda que se acade 0 puntos, tendo en conta que o valor mínimo total da suma das puntuacións de todos os criterios haberá de ser de 40 puntos.

Na matriz tamén podemos ver unha columna referida ao valor máximo de cada criterio. Entendese pois que un proxecto non poderá acadar máis puntuación por un criterio que a establecida como máxima na respectiva columna. Con isto pretendese que os proxectos teñan que incidir en máis de un criterio para poder acadar unha boa puntuación.

Por último, na parte dereita da matriz, aparecen as bandas de puntuación, cuxa misión é asinar, segundo a puntuación outorgada ao proxecto, unha porcentaxe determinada de cofinanciación ou subvención, que oscila entre o 75% e o máximo do 100%.

**MATRIZ MULTICRITERIO:  
PROXECTOS NON PRODUTIVOS**

**PLAN ESTRATÉXICO ZONAL (PEZ) "COSTA DA MORTE"**

Nº	CRITERIOS	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO	VALOR OTORGADO	BANDAS DE Puntuación	% DE COFINANCIACIÓN
<b>1</b>	<b>VIABILIDADE TÉCNICA DO PROXECTO</b>	20	25			
1.1	PLAN DE XESTIÓN					
	1.1.1. PROXECTO TECNICO-ARQUITECTONICO	12				
	1.1.2. COMPROMISO ECONOMICO E PORCENTAXE DE COFINANCIACIÓN	8				
	1.1.3. PLAN DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN				<b>BANDAS DE Puntuación</b>	<b>% DE COFINANCIACIÓN</b>
	1.1.4. PLAN DE RECURSOS HUMANOS / CREACIÓN DE EMPREGO					
<b>2</b>	<b>IMPACTO SOBRE O TERRITORIO</b>	0	10		1. De 40 a 55 puntos	75%
2.1.	ECONOMICO				2. De 56 a 70 puntos	80%
2.2.	SOCIAL				3. De 71 a 80 puntos	90%
2.3.	MEDIOAMBIENTAL				4. Mais de 81 puntos	100%
2.4.	TERRITORIAL					
<b>3</b>	<b>APROVEITAMENTO DOS RECURSOS ENDÓXENOS</b>	0	10			
<b>4</b>	<b>CARÁCTER INNOVADOR/DINAMIZANTE</b>	0	10			
<b>5</b>	<b>SOSTIBILIDADE DO PROXECTO</b>	0	10			
<b>6</b>	<b>CAPACIDADE DE TRANSFERENCIA A OUTROS TERRITORIOS</b>	0	5			
<b>7</b>	<b>IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E COLECTIVOS DESFAVORECIDOS</b>	0	10			
7.1.	IMPACTO SOBRE O COLECTIVO FEMININO					
7.2.	IMPACTO SOBRE OS COLECTIVOS DESFAVORECIDOS					
<b>8</b>	<b>ADECUACIÓN COA ESTRATEXIA ESTABLECIDA POLO GAC NO PEZ</b>	0	20			
	<b>TOTAL</b>	<b>40</b>	<b>100</b>			



## Criterios de valoración de proxectos produtivos

### 1. VIABILIDADE

A viabilidade técnica do proxecto virá xustificada adecuadamente para os proxectos produtivos no Plan de Empresa, documento que deben presentar todos os promotores de proxectos xunto coa solicitude de axuda.

A puntuación mínima que un proxecto ten que acadar neste criterio é de **25 puntos**, desglosándose en puntuacións mínimas dos subcriterios “viabilidade técnica” (15 puntos mínimo) e “viabilidade económica-financeira” (10 puntos mínimo). Esta puntuación mínima actúa pois como filtro debido a importancia deste criterio. Polo tanto, aqueles proxectos que non acaden a puntuación mínima na viabilidade (tanto técnica como económica –financeira) serán rexeitados aínda que acaden a puntuación mínima de 40 puntos para que o proxecto sexa subvencionable.

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **30 puntos**.

No antedito Plan de Empresa recollerase entre outras circunstancias as seguintes referidas á viabilidade do proxecto:

#### 1. VIABILIDADE TÉCNICA

Valoraranse diversos aspectos como:

1. O equipo técnico adscrito ao proxecto
2. A experiencia do promotor en proxectos similares
3. A calidade da proposta arquitectónica, de ser o caso.
4. O uso de patentes e a aplicación de procesos de I+D+I no proxecto.

Dada a gran importancia de este criterio compre ter unha puntuación mínima de **15 puntos** para poder ser beneficiario das axudas, sen prexuízo da obriga asimesmo de acadar un total dun mínimo de 40 puntos.

#### 2. VIABILIDADE ECONÓMICA - FINANCEIRA

Valoraranse diversos aspectos como:

1. O escaso risco da inversión: ratios aceptables de viabilidade económico - financeira (VAN, TIR)
2. A prestación de garantías financeiras que avalen o proxecto
3. Payback
4. Umbral de rendabilidade

Dada a gran importancia de este criterio compre ter unha puntuación mínima de **10 puntos** para poder ser beneficiario das axudas, sen prexuízo da obriga asimesmo de acadar un total dun mínimo de 40 puntos.

### 3. VIABILIDADE COMERCIAL

Valoraranse aspectos tales como ter un plan comercial e de marketing e a realización dun estudo de mercado.

### 4. CREACIÓN NOVA EMPRESA

Valorarase de xeito distinto a creación dunha nova empresa (maior puntuación) que a modernización ou traslado dunha xa existente.

Ademais valorarase a creación de empresas por emprendedores menores de 35 anos.

## 2. CREACIÓN DE EMPREGO:

O criterio de creación de emprego valora a creación de postos de traballo, tanto se a creación prodúcese a través de contratacións estables como temporais, aínda que recibirán un maior valoración as contratacións estables, posto que a calidade do emprego é un dato importante.

Ademais, dacordo coa filosofía do eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca, perséguese a ocupación de traballadores do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola noutros sectores que non impliquen un aumento do esforzo pesqueiro, logo a contratación de este tipo de traballadores aumentará a puntuación obtida pola valoración deste criterio.

Por último a incorporación dos mozos ao mercado laboral é unha constante na que temos que facer un esforzo, polo que tamén valorarase que o emprego creado vaia dirixido a este colectivo.

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **11 puntos**.

Este criterio esta desagregado nos seguintes subcriterios:

### 1. CREACION POSTOS DE TRABAJO ESTABLES

A valoración da creación de postos estables estará directamente relacionada co número de postos creados, seguindo a seguinte escala:

- a) De 1 a 5 postos creados: 2 puntos
- b) De 6 a 10 postos creados: 3 puntos
- c) Máis de 10 postos creados: 4 puntos

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este subcriterio é de **4 puntos**.

### 2. CREACION POSTOS DE TRABAJO TEMPORAIS

A valoración da creación de postos temporais estará directamente relacionada co número de postos creados, seguindo a seguinte escala:

- a) De 1 a 5 postos creados: 1 puntos
- b) Mais de 6 postos creados: 2 puntos

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este subcriterio é de **2 puntos**.

### 3. TRABALLADORES DO MAR

A valoración deste criterio é a seguinte:

- a) Se no proxecto se van empregar profesionais procedentes do sector pesqueiro, marisqueiro ou acuícola sumará 3 puntos.
- b) Se non ten traballadores do sector 0 puntos.

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este subcriterio é de **3 puntos**.

#### 4. MOCIDADE

A valoración deste criterio é a seguinte:

- a) Se  
no proxecto se contempla a contratación de persoal de idade menor de 25 anos: 2 puntos
- b) Se  
non: 0 puntos

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este subcriterio é de **2 puntos**.

### **3. INCLUSIÓN DO PROMOTOR EN COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EMPREGO EN COLECTIVOS DESFAVORECIDOS:**

O presente criterio pretende valorar dúas cousas; por unha banda que o propio promotor do proxecto pertenza a un colectivo desfavorecido, e por outra banda que o proxecto asuma o emprego de persoal pertencente a colectivos desfavorecidos.

Os colectivos desfavorecidos serán as persoas con algún tipo de discapacidade (xa sea física ou psíquica) e persoas en risco de exclusión social.

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **5 puntos**.

### **4. UTILIZACIÓN DE FACTORES PRODUTIVOS DA ZONA:**

A utilización de factores produtivos da zona é un criterio que pretende fomentar o desenvolvemento local dende a propia zona de pesca “Costa da Morte”, é dicir a potenciación dos recursos endóxenos da zona.

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **9 puntos**.

Valoraranse diversos aspectos como:

- a) A utilización de materias primas procedentes da zona:
- b) O emprego de man de obra procedente da zona
- c) A utilización de capital da zona
- d) A contratación con empresas provedoras locais ou zonais.

### **5. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO:**

Este criterio valora o impacto determinado que o proxecto terá previsiblemente no territorio de actuación ou desenvolvemento do mesmo, que sempre deberá ser o acotado polo ámbito territorial da zona pesqueira 3 “Costa da Morte”.

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **5 puntos**.

Este criterio de impacto desagregámolo nos subcriterios: impacto sobre o territorio económico, social, nos concellos, medioambiental e cultural:

#### **1. ECONÓMICO**

Valorarase a potenciación e fomento de sectores relacionados co mar (sempre que non impliquen aumento do esforzo pesqueiro) e incidir en sectores estratéxicos ou de maior dinamismo da comarca, especialmente no sector turístico e na comercialización, en definitiva na diversificación do sector pesqueiro.

#### **2. SOCIAL**

Valorarase a mellora da calidade de vida da poboación da zona, a prestación de novos servizos ou a mellora dos existentes, a intensificación de equipamentos e o fomento da implicación da sociedade local no proxecto.

#### **3. CONCELLOS**

Valorarase que o impacto se produza nun ou mais concellos da zona de pesca. Cantos máis concellos abarque o proxecto maior puntuación.

#### 4. MEDIOAMBIENTAL

Valorarase todo tipo de accións ou proxectos dirixidos a posta en valor dos recursos medio ambientais como:

- i. O uso de tecnoloxías respectuosas co medio ambiente (especialmente o mariño)
- ii. Valorarase a incidencia positiva nos recursos naturais e medio ambientais, así como tamén a incidencia do proxecto nos espazos naturais protexidos clasificados en parques, reservas naturais, áreas mariñas protexidas, monumentos naturais, paisaxes protexidas e tamén con respecto ás zonas periféricas de protección e as áreas de influencia socioeconómica segundo a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural. Todo o anterior sen prexuízo tamén da incidencia nos espazos naturais protexidos segundo a lexislación autonómica, recollidos na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, e que se clasifican en reserva natural, Parque nacional, Parque natural, Monumento natural, Humidal protexido, Paisaxe protexida, Zona de especial protección dos valores naturais, Espazo natural de interese local e Espazo privado de interese natural.

Concretamente valoraranse positivamente as iniciativas locais de cara a planificación e proxección de espazos naturais de interese local e de espazos privados de interese natural.

Valorarase así mesmo a incidencia nos espazos protexidos da Red Natura 2000, compostos polos Lugares de Importancia Comunitaria, Zonas Especias de Conservación e polas Zonas de Especial Protección para as Aves.

- iii. A mellora da xestión de residuos.
- iv. A implantación de sistemas de produción respectuosos co medio ambiente.
- v. As certificacións de calidade medioambiental.
- vi. A sostibilidade ambiental do proxecto.

#### 5. CULTURAL

Valorarase o mantemento e a recuperación de elementos tradicionais, etnográficos, arquitectónicos, patrimonio histórico, cultura mariñeira,...

## **6. CARÁCTER INNOVADOR/DINAMIZANTE:**

O criterio do carácter innovador ou dinamizante do proxecto pretende valorar aqueles proxectos que incidan ou afecten positivamente a xeneralización e uso intensivo das novas tecnoloxías e a profundización na sociedade da información.

Por outra banda non solamente vaise valorar o uso de novas tecnoloxías, se non tamén a singularidade do proxecto e a contribución ou colaboración con entidades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+I), especialmente do sector do mar.

A puntuación máxima que un proxecto pode acadar por este criterio é de **10 puntos**.

Este criterio desglosase nos seguintes subcriterios:

### **1. UTILIZACION NOVAS TECNOLOXÍAS (INCLUIDA TIC'S)**

Valorarase a utilización das novas tecnoloxías, especialmente daquelas relacionadas coa sociedade da información e comunicación.

### **2. SINGULARIDADE DO PROXECTO:**

Valorarase que non exista ningún proxecto de semellantes características no territorio de actuación, ou ben que existindo se adopte un enfoque totalmente innovador.

### **3. COLABORACIÓN CON ENTIDADES DE I+D+I OU APROVEITAMENTO DE PATENTES:**

Valorarase a colaboración no proxecto de entidades de I+D+I como universidades, empresas de investigación, ...

## **7. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES:**

A igualdade de oportunidades é un criterio de gran importancia, polo que a súa puntuación máxima é de **10 puntos**.

Ademais hai que ter en conta que é un eixe transversal do PEZ polo que tódolos proxectos terán que ter unha certa incidencia sobre o mesmo, e deberán incorporar medidas específicas de igualdade de xénero.

Este criterio desglosase nos subcriterios seguintes:

1. PROMOCIÓN DO PROXECTO POR MULLERES OU PORCENTAXE DE REPRESENTACIÓN DE MULLERES NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Valorarase tanto a participación de mulleres como promotoras do proxecto, como a participación de mulleres nos órganos de dirección das entidades promotoras.

2. EMPREGO FEMININO XERADO

Valorarase a creación de emprego feminino vinculado á execución do proxecto.

3. EXISTENCIA OU COMPROMISO DE EXECUCIÓN DUN PLAN DE IGUALDADE DE XÉNERO.

Valorarase a existencia dun Plan de Igualdade de xénero nas empresas que xa estean creadas ou o compromiso expresado no plan de empresa, para as empresas que se vaian a crear, de implantar dito Plan.

4. ADECUACIÓN DO PROXECTO ÁS MEDIDAS DE ACCESIBILIDADE

Valorarase a accesibilidade do proxecto, máis aló das normas de obrigado cumprimento na materia (Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras)

5. PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS

Valorarase a porcentaxe de persoas implicadas no proxecto pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

## 8. ADECUACION COA ESTRATEXIA DO PEZ

A adecuación coa estratexia do PEZ é un criterio de trascendental importancia, polo que a puntuación máxima do mesmo é de **20 puntos**.



Valorarase a coherencia do proxecto cos obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico Zonal.

Este criterio desglosase nos seguintes subcriterios:

#### 1. TRANSFERIBILIDADE

Valorarase a potencialidade de exportación do proxecto a outros territorios, permitindo a transferencia dos coñecementos adquiridos.

#### 2. DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR DO MAR

Valorarase todas aqueles iniciativas que, directa ou indirectamente, favorezan a diversificación do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, implicando unha diminución progresiva do esforzo pesqueiro e a adquisición de novas capacidades polos profesionais do mar que teñan como obxectivo un desenvolvemento sostible das zonas de pesca.

#### 3. PROXECTO ESTRUCTURANTE OU VERTEBRADOR

Valoraranse aqueles proxectos que pola súa envergadura e implicacións sectoriais teñan un carácter estruturante ou vertebrador do territorio, que impulse a xeración de sinerxias na zona de actuación e actúe como elemento dinamizador.

#### 4. PROXECTO DE BAIXA ESTACIONALIDADE

Valorarase positivamente aqueles proxectos que sexan susceptibles de desenvolverse ao longo de todo o ano, e non solamente en épocas determinadas como o período estival.

### A matriz multicriterio para proxectos produtivos:

A continuación amosase a matriz multicriterio elaborada a partir dos criterios e subcriterios antes definidos e explicados.

Na presente matriz podemos observar os criterios e subcriterios definidos no apartado anterior, así como unha columna indicando o valor mínimo (filtro) de determinados criterios e subcriterios que pola súa importancia teñen este carácter. Cando o valor é 0 puntos quérese salientar que dito criterio non é filtro e polo tanto poderá obterse á axuda aínda que se acade 0 puntos, tendo en conta que o valor

mínimo total da suma das puntuacións de todos os criterios haberá de ser de 40 puntos.

Na matriz tamén podemos ver unha columna referida ao valor máximo de cada criterio. Entendese pois que un proxecto non poderá acadar máis puntuación por un criterio que a establecida como máxima na respectiva columna. Con isto preténdese que os proxectos teñan que incidir en máis de un criterio para poder acadar unha boa puntuación.

Por último, na parte dereita da matriz, aparecen as bandas de puntuación, cuxa misión é asinar, segundo a puntuación outorgada ao proxecto, unha porcentaxe determinada de cofinanciación ou subvención, que oscila entre o 30% e o máximo do 60%.

**MATRIZ MULTICRITERIO:  
PROXECTOS PRODUCTIVOS**

**PLAN ESTRATÉXICO ZONAL (PEZ) "COSTA DA MORTE"**

Nº	CRITERIOS	VALOR MÍNIMO	VAL. MÁX.	VALOR OUTORGADO	BANDAS DE PUNTUACIÓN	% DE COFINANCIACIÓN
1	<b>VIABILIDADE:</b>	25	30			
	1.1. TÉCNICA	15				
	1.2. ECONÓMICA-FINANCIERA	10				
	1.3. COMERCIAL					
	1.4. CREACIÓN NOVA EMPRESA					
2	<b>CREACIÓN DE EMPREGO</b>	0	11			
	2.1. CREACION POSTOS ESTABLES		4			
	2.2. CREACION POSTOS TEMPORAIS		2			
	2.3. TRABALLADORES DO MAR		3			
	2.4. MOZOS		2			
3	<b>INCLUSIÓN DO PROMOTOR EN COLECTIVOS DESFAVORECIDOS ou EMPREGO EN COLECTIVOS DESFAVORECIDOS</b>	0	5			
4	<b>UTILIZACIÓN DE FACTORES PRODUCTIVOS DA ZONA</b>	0	9			
5	<b>IMPACTO SOBRE O TERRITORIO</b>	0	5			
	5.1. ECONOMICO					
	5.2. SOCIAL					
	5.3. CONCELLOS					
	5.4. MEDIOAMBIENTAL					
	5.5. CULTURAL					
6	<b>CARÁCTER INNOVADOR/DINAMIZANTE</b>	0	10			
	6.1. UTILIZACION NOVAS TECNOLOXÍAS (INCLUIDA TIC's)					
	6.2. SINGULARIDADE DO PROXECTO					
	6.3. COLABORACIÓN CON ENTIDADES DE I+D+I OU APROVEITAMENTO DE PATENTES					
7	<b>IGUALDADE DE OPORTUNIDADES</b>	0	10			
	PROMOCIÓN DO PROXECTO POR MULLERES OU					
	7.1. PORCENTAXE DE REPRESENTACIÓN DE MULLERES NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN.					
	7.2. EMPREGO FEMININO XERADO					
	7.3. EXISTENCIA OU COMPROMISO DE EXECUCIÓN DUN PLAN DE IGUALDADE DE XÉNERO.					
	7.4. ADECUACIÓN DO PROXECTO AS MEDIDAS DE ACCESIBILIDADE					
	7.5. % PARTICIPACIÓN DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS					
8	<b>ADECUACION COA ESTRATEXIA DO PEZ</b>	0	20			
	8.1. TRANSFERIBILIDADE					
	8.2. DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR DO MAR					
	8.3. PROXECTO ESTRUCTURANTE OU VERTEBRADOR.					
	8.4. PROXECTO DE BAIXA ESTACIONALIDADE					
	<b>TOTAL</b>	<b>40</b>	<b>100</b>	<b>100</b>		

BANDAS DE PUNTUACIÓN	% DE COFINANCIACIÓN
1. De 40 a 55 puntos	30%
2. De 56 a 70 puntos	40%
3. De 71 a 80 puntos	50%
4. Mais de 81 puntos	60%




grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



## 2.6. plan financeiro plan estratéxico zonal (PEZ)



costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca

**Gasto Público para o Eixo 4 do FEP: MODELO DE DISTRIBUCIÓN LINEAL ANUAL PARA TODO OS FONDOS FEP**

Eixos		Tipo de proxecto	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
SECTORIAIS OU VERTICAIS	1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.	Produtivos			359.189,96 €	359.189,96 €	359.189,96 €	359.189,96 €	359.189,96 €	1.795.949,78 €
		Non Produtivos			7.982,00 €	7.982,00 €	7.982,00 €	7.982,00 €	7.982,00 €	39.909,99 €
	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación	Produtivos			450.843,26 €	450.843,26 €	450.843,26 €	450.843,26 €	450.843,26 €	2.254.216,30 €
		Non Produtivos			99.774,98 €	99.774,98 €	99.774,98 €	99.774,98 €	99.774,98 €	498.874,92 €
	3. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental	Produtivos			59.864,99 €	59.864,99 €	59.864,99 €	59.864,99 €	59.864,99 €	299.324,96 €
		Non Produtivos			331.252,95 €	331.252,95 €	331.252,95 €	331.252,95 €	331.252,95 €	1.656.264,75 €
	4. Promoción da cohesión social	Produtivos			59.864,99 €	59.864,99 €	59.864,99 €	59.864,99 €	59.864,99 €	299.324,96 €
		Non Produtivos			65.991,17 €	65.991,17 €	65.991,17 €	65.991,17 €	65.991,17 €	329.955,87 €
HORIZONTAIS OU TRANSVERSAIS	5. Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías.	Produtivos			- €	- €	- €	- €	- €	- €
		Non Produtivos			- €	- €	- €	- €	- €	- €
	6. Fomento da igualdade de oportunidades	Produtivos			- €	- €	- €	- €	- €	- €
		Non Produtivos			49.887,49 €	49.887,49 €	49.887,49 €	49.887,49 €	49.887,49 €	249.437,46 €
	7. Fomento da cooperación e da participación	Produtivos			- €	- €	- €	- €	- €	- €
		Non Produtivos			- €	- €	- €	- €	- €	- €
TOTAL PROXECTOS	PRODUTIVOS			929.763,20 €	929.763,20 €	929.763,20 €	929.763,20 €	929.763,20 €	929.763,20 €	4.648.816,00 €
	NON PRODUTIVOS			554.888,60 €	554.888,60 €	554.888,60 €	554.888,60 €	554.888,60 €	554.888,60 €	2.774.443,00 €
	TOTAL			1.484.651,80 €	1.484.651,80 €	1.484.651,80 €	1.484.651,80 €	1.484.651,80 €	1.484.651,80 €	7.423.259,00 €
Total Gastos de Xestión				371.163,00 €	371.163,00 €	371.163,00 €	371.163,00 €	371.163,00 €	371.163,00 €	1.855.815,00 €
Total del Plan Estratéxico Zonal					1.855.815,00 €	1.855.815,00 €	1.855.815,00 €	1.855.815,00 €	1.855.815,00 €	9.279.075,00 €

*Nota: neste caso solo se incluen os orzamentos do Fondo europeo da pesca*

### CADRO ECONÓMICO RESUMO DO PLAN ESTRATÉXICO ZONAL DO GAC 3: COSTA DA MORTE

	TOTAL FINANCIAMENTO FEP	TOTAL COFINANCIAMENTO	GASTO TOTAL ELEXIBLE	ANOS	DISTRIBUCIÓN %
PROXECTOS PRODUCTIVOS	4.648.816,00 €	3.099.210,67 €	7.748.026,67 €	2009	30,97%
PROXECTOS NON PRODUCTIVOS	2.774.443,00 €	924.814,33 €	3.699.257,33 €	2010	17,26%
GASTOS DE XESTIÓN	1.855.815,00 €	- €	1.855.815,00 €	2011	17,26%
<b>total</b>	9.279.074,00 €	4.024.025,00 €	13.303.099,00 €	2012	17,26%
				2013	17,26%

#### DISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO DO FONDO EUROPEO PESCA SEGÚN A SENDA FINANCEIRA

	2009	2010	2011	2012	2013
PROXECTOS PRODUCTIVOS	1.439.878,98 €	802.234,40 €	802.234,40 €	802.234,40 €	802.234,40 €
PROXECTOS NON PRODUCTIVOS	859.328,99 €	478.778,61 €	478.778,61 €	478.778,61 €	478.778,61 €
GASTOS DE XESTIÓN	574.802,00 €	320.253,25 €	320.253,25 €	320.253,25 €	320.253,25 €
<b>total</b>	2.874.009,92 €	1.601.266,27 €	1.601.266,27 €	1.601.266,27 €	1.601.266,27 €

**Gasto Público para o Eixo 4 do FEP: MODELO DE DISTRIBUCIÓN LINEAL ANUAL PARA TODO O GASTO ELEXIBLE**

Eixos		Tipo de proxecto	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL	Gasto Público	Gasto Privado	Gasto Total	% FEP
SECTORIAIS OU VERTICAIS	1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización	Produtivos			718.379,91 €	718.379,91 €	718.379,91 €	718.379,91 €	718.379,91 €	3.591.899,56 €	1.795.949,78 €	1.795.949,78 €	3.591.899,56 €	50%
		Non Produtivos			8.868,89 €	8.868,89 €	8.868,89 €	8.868,89 €	8.868,89 €	44.344,44 €	39.909,99 €	4.434,44 €	44.344,44 €	90%
	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación	Produtivos			901.686,52 €	901.686,52 €	901.686,52 €	901.686,52 €	901.686,52 €	4.508.432,59 €	2.254.216,30 €	2.254.216,30 €	4.508.432,59 €	50%
		Non Produtivos			110.861,09 €	110.861,09 €	110.861,09 €	110.861,09 €	110.861,09 €	554.305,47 €	498.874,92 €	55.430,55 €	554.305,47 €	90%
	3. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental	Produtivos			119.729,99 €	119.729,99 €	119.729,99 €	119.729,99 €	119.729,99 €	598.649,93 €	299.324,96 €	299.324,96 €	598.649,93 €	50%
		Non Produtivos			368.058,83 €	368.058,83 €	368.058,83 €	368.058,83 €	368.058,83 €	1.840.294,16 €	1.656.264,75 €	184.029,42 €	1.840.294,16 €	90%
	4. Promoción da cohesión social	Produtivos			119.729,99 €	119.729,99 €	119.729,99 €	119.729,99 €	119.729,99 €	598.649,93 €	299.324,96 €	299.324,96 €	598.649,93 €	50%
		Non Produtivos			73.323,53 €	73.323,53 €	73.323,53 €	73.323,53 €	73.323,53 €	366.617,64 €	329.955,87 €	36.661,76 €	366.617,64 €	90%
HORIZONTAIS OU TRANSVERSAIS	5. Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías.	Produtivos												
		Non Produtivos												
	6. Fomento da igualdade de oportunidades	Produtivos												
		Non Produtivos			55.430,55 €	55.430,55 €	55.430,55 €	55.430,55 €	55.430,55 €	277.152,74 €	249.437,46 €		277.152,74 €	90%
	7. Fomento da cooperación e da participación	Produtivos												
		Non Produtivos												
	TOTAL PROXECTOS	PRODUTIVOS			1.859.526,40 €	1.859.526,40 €	1.859.526,40 €	1.859.526,40 €	1.859.526,40 €	1.859.526,40 €	9.297.632,00 €	4.648.816,00 €	4.648.816,00 €	9.297.632,00 €
NON PRODUTIVOS				616.542,89 €	616.542,89 €	616.542,89 €	616.542,89 €	616.542,89 €	616.542,89 €	3.082.714,44 €	2.774.443,00 €	308.271,44 €	3.082.714,44 €	90%
TOTAL				2.476.069,29 €	2.476.069,29 €	2.476.069,29 €	2.476.069,29 €	2.476.069,29 €	2.476.069,29 €	12.380.346,44 €	7.423.259,00 €	4.957.087,44 €	12.380.346,44 €	60%
Gastos de Funcionamento do GAC				185.581,50 €	185.581,50 €	185.581,50 €	185.581,50 €	185.581,50 €	185.581,50 €	927.907,50 €	927.907,50 €	- €	927.907,50 €	100%
Gastos de Difusión e Sensibilización				185.581,50 €	185.581,50 €	185.581,50 €	185.581,50 €	185.581,50 €	185.581,50 €	927.907,50 €	927.907,50 €	- €	927.907,50 €	100%
Total Gastos de Xestión				371.163,00 €	371.163,00 €	371.163,00 €	371.163,00 €	371.163,00 €	371.163,00 €	1.855.815,00 €	1.855.815,00 €	- €	1.855.815,00 €	100%
Total del Plan Estratégico Zonal				2.847.232,29 €	2.847.232,29 €	2.847.232,29 €	2.847.232,29 €	2.847.232,29 €	2.847.232,29 €	14.236.161,44 €	9.279.075,00 €	4.957.087,44 €	14.236.161,44 €	65,18%

*Nota: estímase que os proxectos estarán cofinanciados ao 50% de media no caso dos proxectos produtivos e 90% no caso dos non produtivos*

## Orzamento por liñas de actuación

ORZAMENTO DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS		ORZAMENTO		% SOBRE O TOTAL	
7.423.259,00 €		PRODUTIVOS	NON PRODUTIVOS	TOTAL	%
<b>Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.</b>		1.795.949,78 €	39.909,99 €	<b>1.835.859,77 € 24,73%</b>	
<i>Mellora da comercialización a través das Lonxas da Costa da Morte</i>		798.199,90 €	39.909,99 €		
<i>Mellora das actividades vinculadas coa cadea pesqueira (Cluster) .</i>		598.649,93 €			
<i>Proxectos de I+D vinculados co Mar: "Costa da Morte innovadora"</i>		399.099,95 €			
<b>Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.</b>		2.254.216,30 €	498.874,92 €	<b>2.753.091,22 € 37,09%</b>	
<i>Espazos temáticos do Mar</i>		199.549,98 €	498.874,92 €		
<i>Hostalería do mar</i>		498.874,94 €			
<i>Pesca Turismo</i>		798.199,90 €			
<i>Programa de apoio a novos emprendedores/as (multisectorial)</i>		607.929,00 €			
<i>Programa de Eventos e Mercados na Costa da Morte</i>		149.662,48 €			
<b>Mellora do contorno natural e a calidade ambiental</b>		299.324,96 €	1.656.264,75 €	<b>1.955.589,71 € 26,34%</b>	
<i>Proxectos empresariais medioambientais</i>		299.324,96 €			
<i>Rutas e sendeiros</i>			349.212,45 €		
<i>Rehabilitación de infraestruturas e espazos ociosos no litoral</i>			598.649,91 €		
<i>Conservación de espazos naturais, praias e espazos forestais.</i>			598.649,91 €		
<i>Programa de voluntariado ambiental</i>			109.752,48 €		
<b>Promoción da cohesión social.</b>		299.324,96 €	329.955,87 €	<b>629.280,83 € 8,48%</b>	
<i>Apoio a empresas de Servizos Sociais e de equipamentos sociais.</i>		299.324,96 €	150.360,90 €		
<i>Rede Cultural</i>			89.797,49 €		
<i>Programa educativo sobre sobre a cultura mariñeira</i>			89.797,49 €		
<b>Fomento da igualdade de oportunidades.</b>		- €	249.437,46 €	<b>249.437,46 € 3,36%</b>	
<i>Programa da Muller na Costa da Morte.</i>			249.437,46 €		
<b>TOTAL</b>		<b>4.648.816,00 €</b>	<b>2.774.443,00 €</b>		



## GASTOS DE XESTIÓN DO GAC

		2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	TOTAL
10% GASTOS DE SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN	Actuacions de publicidade e divulgación	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	185.581,50 €
	Estudos e traballos técnicos	74.232,60 €	74.232,60 €	74.232,60 €	74.232,60 €	74.232,60 €	371.163,00 €
	Formación	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	37.116,30 €	185.581,50 €
	Xornadas/Seminarios e Congresos	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	92.790,75 €
	Rede trasnacional	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	92.790,75 €
<b>total gastos sensibilización e promoción</b>		<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>927.907,50 €</b>
10% GASTOS DE FUNCIONAMENTO	Equipo de traballo (persoal)	111.348,90 €	111.348,90 €	111.348,90 €	111.348,90 €	111.348,90 €	558.000,00 €
	Asistencia externa (avaliación, auditoría e asistencia técnica)	55.674,45 €	55.674,45 €	55.674,45 €	55.674,45 €	55.674,45 €	279.000,00 €
	Gastos xerais de funcionamento	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	18.558,15 €	93.000,00 €
<b>total gastos de funcionamento</b>		<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>185.581,50 €</b>	<b>927.907,50 €</b>

Gasto Público para o Eixo 4 do FEP: MODELO DE DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS FEP SEGUINDO A GUÍA DE CANDIDATURA

Eixos		Tipo de proxecto	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
SECTORIAIS OU VERTICAIS	1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización	Produtivos			556.259,99 €	309.922,50 €	309.922,50 €	309.922,50 €	309.922,50 €	1.795.949,78 €
		Non Produtivos			12.361,33 €	6.887,17 €	6.887,17 €	6.887,17 €	6.887,17 €	39.909,99 €
	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación	Produtivos			698.199,00 €	389.004,40 €	389.004,40 €	389.004,40 €	389.004,40 €	2.254.216,30 €
		Non Produtivos			154.516,66 €	86.089,58 €	86.089,58 €	86.089,58 €	86.089,58 €	498.874,92 €
	3. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental	Produtivos			92.710,00 €	51.653,75 €	51.653,75 €	51.653,75 €	51.653,75 €	299.324,96 €
		Non Produtivos			512.995,31 €	285.817,41 €	285.817,41 €	285.817,41 €	285.817,41 €	1.656.264,75 €
	4. Promoción da cohesión social	Produtivos			92.710,00 €	51.653,75 €	51.653,75 €	51.653,75 €	51.653,75 €	299.324,96 €
		Non Produtivos			102.197,32 €	56.939,65 €	56.939,65 €	56.939,65 €	56.939,65 €	329.955,87 €
HORIZONTALS OU TRANSVERSAIS	5. Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías.	Produtivos			- €	- €	- €	- €	- €	- €
		Non Produtivos			- €	- €	- €	- €	- €	- €
	6. Fomento da igualdade de oportunidades	Produtivos			- €	- €	- €	- €	- €	- €
		Non Produtivos			77.258,33 €	43.044,79 €	43.044,79 €	43.044,79 €	43.044,79 €	249.437,46 €
	7. Fomento da cooperación e da participación	Produtivos			- €	- €	- €	- €	- €	- €
		Non Produtivos			- €	- €	- €	- €	- €	- €
TOTAL PROXECTOS	PRODUTIVOS			1.439.878,98 €	802.234,40 €	802.234,40 €	802.234,40 €	802.234,40 €	802.234,40 €	4.648.816,00 €
	NON PRODUTIVOS			859.328,95 €	478.778,60 €	478.778,60 €	478.778,60 €	478.778,60 €	478.778,60 €	2.774.443,00 €
	TOTAL			2.299.207,93 €	1.281.013,00 €	1.281.013,00 €	1.281.013,00 €	1.281.013,00 €	1.281.013,00 €	7.423.259,00 €
Total Gastos de Xestión				574.802,06 €	320.253,29 €	320.253,29 €	320.253,29 €	320.253,29 €	320.253,29 €	1.855.815,00 €
Total del Plan Estratéxico Zonal				2.874.009,99 €	1.601.266,29 €	1.601.266,29 €	1.601.266,29 €	1.601.266,29 €	1.601.266,29 €	9.279.075,00 €

ANOS	DISTRIBUCIÓN %
2009	30,97%
2010	17,26%
2011	17,26%
2012	17,26%
2013	17,26%

*Nota : neste caso solo se incluen os orzamentos do Fondo europeo da pesca. Esta senda financeira marca os importes máximos que se poden subvencionar cada ano*

*Os remanentes non executados poden incorporarse nos exercicios sucesivos.*



grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



## 2.7. Cronograma plan estratéxico zonal (PEZ)

costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca

LINAS DE ACTUACIÓN	2009				2010				2011				2012				2013			
	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T
<b>Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.</b>																				
<i>Mellora da comercialización a través das Lonxas da Costa da Morte</i>																				
<i>Mellora das actividades vinculadas coa cadea pesqueira (Cluster).</i>																				
<i>Proxectos de I+D vinculados co Mar: "Costa da Morte innovadora"</i>																				
<b>Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.</b>																				
<i>Espazos temáticos do Mar</i>																				
<i>Hostalería do mar</i>																				
<i>Pesca Turismo</i>																				
<i>Programa de apoio a novos emprendedores/as (multisectorial)</i>																				
<i>Programa de Eventos e Mercados na Costa da Morte</i>																				
<b>Mellora do contorno natural e a calidade ambiental</b>																				
<i>Proxectos empresariais medioambientais</i>																				
<i>Rutas e sendeiros</i>																				
<i>Patrimonio histórico e Cultural: Rehabilitación de infraestruturas e espazos ociosos no litoral</i>																				
<i>Conservación de espazos naturais, praias e espazos forestais.</i>																				
<i>Programa de voluntariado ambiental</i>																				
<b>Promoción da cohesión social.</b>																				
<i>Apoio a empresas de Servizos Sociais.</i>																				
<i>Creación de equipamentos sociais</i>																				
<i>Rede Cultural</i>																				
<i>Programa educativo sobre sobre a cultura mariñeira</i>																				
<b>Fomento da igualdade de oportunidades.</b>																				
<i>Programa da Muller na Costa da Morte.</i>																				
<b>ACCIONS DE PROMOCIÓN E SENSIBILIZACION</b>																				
<i>Actuacions de publicidade e divulgación</i>	<b>tarefas continuas</b>																			
<i>Estudos e traballos técnicos</i>																				
<i>Formación</i>																				
<i>Xornadas/Seminarios e Congresos</i>																				
<i>Rede trasnacional</i>																				
<b>XESTION DO PROXECTO</b>																				
<i>Equipo de traballo (persoal)</i>	<b>tarefas continuas</b>																			
<i>Asistencia externa (evaluación, auditoría e asistencia técnica)</i>																				
<i>Gastos xerais de funcionamento</i>																				




grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



## 2.8. Plan de xestión plan estratéxico zonal (PEZ)



costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## 2.8. PLAN DE XESTIÓN

O plan de xestión do Grupo de Acción Costeira “Costa da Morte” é a parte integrante do PEZ encargada de definir todo o proceso de xestión que o Grupo, como entidade colaboradora da Consellería do Mar, ten que desenvolver para acadar o obxectivo do eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca, a saber, o desenvolvemento sostible da zona de pesca número 3 “Costa da Morte”.

Este proceso de xestión abarca desde a propia xestión do Grupo, á avaliación e selección dos proxectos que se presenten ao abeiro da Orde de axudas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a contratación que precise facer o Grupo tanto de persoal como asistencias técnicas externas ao mesmo.

### *Principios de actuación do Grupo*

No cumprimento dos obxectivos do eixe 4 do FEP o Grupo de Acción Costeira ten un papel fundamental como dinamizador, xestor e impulsor de proxectos de desenvolvemento local. Por este motivo e tendo en conta o carácter público dos fondos que o financian, a actuación do Grupo deberá garantir os principios de colaboración, imparcialidade, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Eses principios plasmaranse, entre outras, nas seguintes normas de actuación do Grupo:

- Colaboración coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertencen ou non a Asociación, así como con outros GAC e Grupos pertencentes a outros programas europeos, especialmente cos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR).
- Promover ou participar en proxectos de cooperación transnacional e interterritorial fóra e dentro da Comunidade Autónoma de Galicia
- Impulsar e integrarse nunha futura rede galega, nacional e europea de grupos de acción costeira.
- Dinamizar, promover, por en valor a zona pesqueira da Costa Morte e sensibilizar a todos os axentes, así como implicalos nas accións e actividades levadas a cabo polo GAC, facilitando a participación da sociedade no desenvolvemento do PEZ.

- Publicidade, tanto das convocatorias e regras para a selección de proxectos como dos proxectos subvencionados, así como para as contratacións que deba facer a Asociación.  
Así mesmo aplicar as regras de información e publicidade sobre as axudas do FEP a que se refire o Capítulo II do Título V do Regulamento (CE) Nº 1198/2006 do Consello, de 27 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Pesca, así como o Plan de comunicación e sensibilización do PEZ
- Transparencia, materializada en expedientes completos, na ausencia de acordos ocultos, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que lles afecten e na sinatura por persoa delegada en representación do cargo do órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.
- Libre concorrência, sen máis limitacións que as que se deriven da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación, por parte da Asociación, dos recursos humanos ou materiais.
- Obxectividade ou autolimitación da discrecionalidade, mediante a aplicación aos proxectos das normas recollidas no presente documento, en particular dos criterios obxectivos para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidos e feitos públicos, do réxime de axudas e demais normativa de aplicación ao programa, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.
- Igualdade, de modo que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais nin se traten igual situacións diversas.
- Non discriminación, de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas da Asociación para a xestión do programa, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos.
- Eficacia, en canto que as actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos do programa, cuantificando as decisións e analizando as súas posibles consecuencias.
- Eficiencia, de xeito que cun menor custo se contribúa a un maior beneficio socioeconómico, en especial entre mulleres e mozos/as, a fin de acadar a mellor proporción entre o rendemento, a utilidade dos investimentos e os gastos de xestión do Grupo.
- Atender ao público na sede do GAC, no calendario e horario de atención ao público, e en particular aos promotores de proxectos de execución do Plan. A oficina ou oficinas estarán identificadas en lugar visible mediante un

cartel ou placa axeitados, de modo que non sexa confundible con ningunha dependencia administrativa ou empresarial.

- Asesorar aos posibles beneficiarios de axudas sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquel, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas compatibles ou complementarias.
- Informar aos posibles beneficiarios sobre as obrigas que asumirán no caso de percibir algunha axuda con cargo ao plan, así como sobre a forma de xustificación do cumprimento das condicións para a concesión das subvencións, dos requisitos para a verificación desta e do sistema de pagamentos.
- Tramitar diligentemente os expedientes, dende que o promotor presente a solicitude no GAC, até que este lle traslade á Consellería do Mar a proposta de resolución sobre a selección.
- Comprobar o cumprimento e a efectividade das condicións ou dos requisitos determinantes para a concesión de subvencións aos promotores de proxectos.
- Asegurar unha correcta asignación dos fondos previstos para cada anualidade e a súa distribución entre proxectos produtivos e non produtivos.
- Comunicarlle á Consellería do Mar as variacións na escritura de constitución, estatutos, regulamento de réxime interior, composición dos órganos de decisión do GAC, enderezo, correo electrónico e outros datos similares referidos ao GAC.

## *Proceso de avaliación e selección de proxectos*

### *Presentación de solicitudes*

O proceso de avaliación e selección dos proxectos comeza, logo de ter establecidos os criterios e a súa baremación, por presentar por parte dos promotores as correspondentes solicitudes de axuda aos proxectos que plantexen desenvolver na zona pesqueira número 3 “Costa da Morte”.

As solicitudes de axudas presentaranse na sede do GAC, sita no Centro Comarcal de Bergnatiños, segundo consta nos Estatutos aprobados polo Grupo.



Estas solicitudes formalizaranse nos impresos oficiais que figuran anexos á Orde<sup>1</sup> da Consellería do Mar pola que se convocan as axudas a proxectos de execución do plan estratéxico zonal.

Xunto coas solicitudes, o promotor do proxecto deberá aportar a documentación referida no artigo 11 da Orde do 27 de agosto de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plan estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, e se procede á convocatoria para o ano 2009.

O prazo para a presentación de solicitudes ven establecido no artigo 10 da Orde do 27 de agosto de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plan estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, e se procede á convocatoria para o ano 2009.

### Rexistro das solicitudes e documentación

Na sede do GAC haberá un rexistro onde constará a entrada e saída de todos os documentos que ou ben teñan como destinatario ou ben expida o propio Grupo.

Os asentos mínimos que conterá o rexistro serán: número correlativo que corresponda, data de ingreso/saída, procedencia/destino do mesmo e un extracto do seu contido.

A documentación relacionada cos proxectos deberá de formalizarse por cuadruplicado e sempre con documentos orixinais, de feito que un orixinal o conserve o promotor do proxecto, e os tres restantes para o Grupo, co obxecto de poder tramitar todas as esixencias descritas neste documento. Así mesmo, toda a documentación aportada polos promotores deberá ser orixinal ou copia compulsada, dependendo do tipo de documento. O equipo técnico poderá visar a documentación orixinal presentada polo promotor a estes efectos.

Toda a documentación xerada pola xestión do programa permanecerá nas dependencias do GAC durante un período mínimo de 5 anos, dende a finalización do programa.

<sup>1</sup> Orde do 27 de agosto de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plan estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, e se procede á convocatoria para o ano 2009.

## Contido mínimo dos proxectos

Xunto coa solicitude e demais documentación esixida na Orde de axudas da Consellería do Mar, o promotor deberá de presentar o correspondente proxecto a executar na zona pesqueira número 3 “Costa da Morte”, en orde a poder ser avaliado conforme aos criterios anteriormente citados.

O proxecto, segundo sexa produtivo ou non produtivo, deberá de ir acompañado dun Plan de Empresa ou dun Plan de Xestión respectivamente.

PROXECTOS	PRODUTIVOS	NON PRODUTIVOS
CONTIDO MÍNIMO	PLAN DPE EMPRESA	PLAN DE XESTIÓN

Tanto o Plan de Empresa como o Plan de Xestión, serán presentados polo solicitante de axudas (promotor) nos impresos oficiais que están a súa disposición na páxina web do programa, [www.accioncosteira.es](http://www.accioncosteira.es), debendo cubrir todos os campos requiridos dun xeito claro, actual, global, realista e avalado.

Por outra banda, a explicación detallada de cómo cubrir estes formularios, atopase na Guía do Promotor de Proxectos, que tamén está aloxada e a disposición de calquera interesado na páxina web oficial do programa.



A continuación achéganse os modelos de Plan de Empresa e Plan de Xestión que actualmente están vixentes. Non obstante, compre que o promotor descargue da web do programa a última versión do documento actualizada.



## ANEXO

### MEMORIA E ORZAMENTO

#### PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE EMPRESA PROXECTOS PRODUCTIVOS

Nome e denominación do proxecto

Europa inviste na pesca sustentable

Mariña - Ortegal • Golfo - Ártabro • Costa da Morte • Seo de Fisterra, Ría de Muros - Noia • Ría de Arousa • Ría de Pontevedra • Ría de Vigo - A Guarda



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo Europeo de Pesca

## 0. RECOMENDACIÓNS PARA CUBRIR A MEMORIA

A información facilitada a través da memoria descriptiva utilizarase para valorar o proxecto e, no caso de que a axuda sexa aprobada, procederase á súa baremación para determinar a porcentaxe de subvención. Por esta razón, recoméndase dedicar o tempo necesario para cubrir cada un dos apartados.

Esta información deberá ser:

<b>Clara</b>	A información e redacción ofrecida debe ser clara, concisa, veraz e comprobable.
<b>Actual</b>	No caso de que a empresa estea constituída, a memoria debe ser un documento onde se recolla información e datos recentes.
<b>Global</b>	A memoria abarcará todas as áreas de actividade empresarial, co fin de que esta sexa completa. Os datos sobre o proxecto e a actividade que non se inclúan na memoria non poderán considerados na valoración e baremación do proxecto. Dependendo das características do solicitante ou da actividade, é posible que non proceda cubrir algúns dos apartados da memoria.
<b>Realista</b>	Os datos que se inclúan na memoria deberán reflectir rigorosamente a realidade do proxecto. A inclusión de datos falsos ou incertos non suporá un incremento da axuda e poderá ser motivo da denegación ou revogación desta.
<b>Avalada</b>	Todas as páxinas, así como a declaración responsable que figura na última delas, serán asinadas polo solicitante, o que avalará a veracidade da información facilitada

Ante calquera dúbida, recoméndase **contactar coa Xerencia do Grupo de Acción Costeira** correspondente. Os datos de contacto son os seguintes:

### GAC 1: A MARIÑA – ORTEGAL

Praia 1 – Celeiro (Confraría)  
27863 Concello de Viveiro (LUGO)  
Tlf.: 982570371 Fax: 982570307  
[gac1@cetpec.es](mailto:gac1@cetpec.es)



### GAC 2: GOLFO ÁRTABRO

Casa do Mar 3.<sup>a</sup> planta. Avda. do Porto, s/n  
15160 Concello de Sada (A CORUÑA)  
Tlf.: 981 669532 - 981 776455 Fax: 981776456 - 981673574  
[info@terradasmarinas.com](mailto:info@terradasmarinas.com)  
<http://gacgolfoartabro.blogspot.com>



### GAC 3: COSTA DA MORTE

Lugar A Camposa, s/n BUÑO  
15111 Concello de Malpica de Bergantiños (A CORUÑA)  
Tlf.: 981711070 Fax: 981707399  
[gaccostadamorte@yahoo.es](mailto:gaccostadamorte@yahoo.es)



Europa inviste na pesca sustentable

#### GAC 4: SEO DE FISTERRA E RÍA DE MUROS-NOIA

**Sede Muros:** Rúa Real, n.º 29, 2.º

15250 Concello de Muros (A CORUÑA)

Tlf.: 981867822 Fax: 981867822

**Sede Noia:** Rúa Fray Luis Rodríguez, 9 – baixo

15200 Concello de Noia (A CORUÑA)

Tlf.: 981842093 Fax: 981825402

[gerencia@riamuros-noia.com](mailto:gerencia@riamuros-noia.com)



#### GAC 5: RÍA DE AROUSA

González Besada, s/n

36620 Concello de Vilanova de Arousa (PONTEVEDRA)

Tlf.: 986 554 021-986 554 082 Fax: 986554069

[secretaria@vilanovadearousa.es](mailto:secretaria@vilanovadearousa.es)

[www.camaravilagarcia.com/lateral.php?id\\_seccion=191&id\\_idioma=2](http://www.camaravilagarcia.com/lateral.php?id_seccion=191&id_idioma=2)



#### GAC 6: RÍA DE PONTEVEDRA

Avda. de Ourense, s/n Edificio do Concello de Marín  
(PONTEVEDRA)

Tlf.: 986 108 144 Fax: 986 108 009

[adrproderpontevedra@mundo-r.com](mailto:adrproderpontevedra@mundo-r.com)



#### GAC 7: RÍA DE VIGO- A GUARDA

Rúa República de Cuba, 4, planta 2.ª

36940 Concello de Cangas (PONTEVEDRA)

Tlf.: 686 98 90 08 Fax: 986366149

[cemma@arrakis.es](mailto:cemma@arrakis.es)



Para elaborar a memoria, tamén se poderá acudir ás axencias de desenvolvemento local dos diferentes concellos. Igualmente, recoméndase ler detidamente a convocatoria de axudas e o documento *Guía do promotor/a de proxectos do Eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca* dispoñibles na web [www.accioncosteira.es](http://www.accioncosteira.es).

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

<b>Nome e denominación do proxecto:</b>	<b>Nome curto/comercial:</b>
<b>Título:</b>	
<b>Identificación do/s promotor/es:</b>	
<b>Localización do proxecto empresarial:</b>	

## REPRESENTANTE LEGAL

<b>Nome e apelidos</b>	<b>NIF</b>
<b>Sinatura</b>	

Europa inviste na pesca sustentable

## 1 DESCRICIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL E PRESENTACIÓN DOS PROMOTORES

### 1.1 Presentación xeral e experiencia dos promotores do proxecto (Máximo 1 páxina)

### 1.2 Obxectivos xerais do proxecto

### 1.3 Breve descrición do proxecto (Máximo 1 páxina)

### 1.4 Aspectos innovadores do proxecto

Europa inviste na pesca sustentable

1.5 Xustificación da viabilidade do proxecto a 5 anos

1.6 Breve descrición do contorno

1.7 Contribución do proxecto ao desenvolvemento do sector pesca-mar e do territorio



## 2 LOCALIZACIÓN DA EMPRESA

### 2.1 Localización prevista e criterios de elección

### 2.2 Descrición de terreos, edificios e instalacións

### 3 DESCRICIÓN DO PRODUTO OU SERVIZO

3.1 Descrición do produto ou servizo. Definición do proceso de produción ou prestación do servizo

(Máximo 1 páxina)

3.2 Consideracións técnicas sobre o proceso de produción ou prestación de servizo: consideracións tecnolóxicas e utilización de novas tecnoloxías. Innovacións previstas no sistema de produción

(Máximo 1 páxina)

3.3 Principais provedores, sistema de aprovisionamento, subcontratacións e consideracións loxísticas. Indicar se está previsto colaborar con empresas locais

(Máximo 1 páxina)

### 3.4 Sistema de calidade previsto

### 3.5 Valoración do custo de produción ou de prestación de servizo.

	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
Liña A					
Liña B					
Liña C					
Liña D					
Liña E					
<b>TOTAL DE CUSTOS</b>					

## 4 MERCADO

4.1 Breve análise da situación do sector de actividade. Tamaño do sector, crecemento, tendencias no sector etc.

(Máximo 2 páxinas)

4.2 Principais competidores e produtos substitutivos

4.3 Vantaxes competitivas e calidades distintivas do produto/servizo. Aspectos diferenciais fronte á competencia

4.4 Clientes potenciais e mercado ao que se dirixe. Cota de mercado prevista ao longo do tempo

(Máximo 1 páxina)

Europa inviste na pesca sustentable

#### 4.5 Sistema de distribución e comercialización previsto

#### 4.6 Accións de publicidade e promoción

#### 4.7 Determinación do prezo de venda. Política de prezos

#### 4.8 Estimación de vendas anuais

	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
Liña A					
Liña B					
Liña C					
Liña D					
Liña E					
<b>TOTAL DE VENDAS</b>					

## 5 RECURSOS HUMANOS

### 5.1 Postos de traballo xerados co proxecto.

(Indicar características conforme á guía promotor)

### 5.2 Organigrama do proxecto

### 5.3 Implicación da xente do mar no desenvolvemento do proxecto

## 6 ASPECTOS FORMAIS DO PROXECTO

### 6.1 Determinación da fórmula xurídica (só para proxectos de nova creación)

### 6.2 Autorizacións e permisos necesarios para o inicio de actividade

### 6.3 Patentes, marcas ou licenzas. Colaboración con entidades de I+D+i

### 6.4 Normativa sectorial que regula o desenvolvemento da actividade e medidas para garantir o seu cumprimento

## 7 CRONOGRAMA TEMPORAL PARA A POSTA EN MARCHA

7.1 Indicar as principais actividades que se van realizar no marco do programa do Fondo Europeo de Pesca, así como o nivel de investimentos ou recursos en cada fase



## 8 DESCRICIÓN DOUTROS ASPECTOS COMPLEMENTARIOS QUE PERMITAN A VALORACIÓN DO PROXECTO NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO ZONAL

### 8.1 Aproveitamento de recursos endóxeos e factores produtivos da zona

### 8.2 Impacto do proxecto no territorio: impacto sobre o territorio, económico, social, medioambiental ou cultural

### 8.3 Igualdade de oportunidades e inclusión de colectivos en situación de desvantaxe social

### 8.4 Outra información de interese sobre aspectos específicos do plan estratéxico zonal que permitan a súa valoración polo GAC



## ANEXO

### PLAN ECONÓMICO E FINANCEIRO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE EMPRESA PROXECTOS PRODUTIVOS

Nome e denominación do proxecto

Europa inviste na pesca sustentable

Mariña - Ortegál • Golfo - Ártabro • Costa da Morte • Seo de Fisterra, Ría de Muros - Noia • Ría de Arousa • Ría de Pontevedra • Ría de Uigo - A Guarda



MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo Europeo de Pesca

## 1. PLAN DE INVERSIONES. DESCRIPCIÓN DOS INVERSIONES SUBVENCIONABLES

Neste apartado detallaranse os investimentos necesarios para o desenvolvemento do proxecto. Inclúranse exclusivamente os investimentos reais vinculados directamente co proxecto, excluído o IVE.

Todos os gastos deberán ser elixibles, de acordo co establecido na Orde do 27 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, e se procede á convocatoria para o ano 2009 e no regulamento de xestión do FEP e demais normativa vixente.

### 1.1 Inversiones para os que solicita a axuda

CONCEPTO	ANO 1		ANO 2		ANO 3		ANO 4		ANO 5	
	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE
<b>Adquisición de edificios (A)</b>										
Naves										
Locais e/ou oficinas										
Inmobles para uso turístico										
<b>Construción, rehabilitación de edificios (B)</b>										
Naves										
Locais e/ou oficinas										
Inmobles para uso turístico										
<b>Instalacións (electricidade, fontanería etc.) (C)</b>										
<b>Acondicionamento da contorna / urbanización (D)</b>										
<b>Vehículos e elementos de transporte interno (E)</b>										
<b>Maquinaria (F)</b>										
Máquinas fixas										
Máquinas móbiles										
Electrodomésticos										
Outros bens de equipo										
<b>Outro inmovilizado material (G)</b>										
Equipamento diverso (mobiliario, útiles, ferramentas...)										
Equipos informáticos										
<b>Outro inmovilizado inmaterial (H)</b>										
Programas informáticos										
Dereitos de patentes										

Europa inviste na pesca sustentable



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo  
Europeo  
de Pesca

Outros investimentos ou gastos (I)									
Licenza (de obra, apertura etc.)									
Redacción de proxectos – dirección de obras									
Outros (especificar): .....									
<b>TOTAL DE INVESTIMENTOS SEN IVE (A+B+C+D+E+F+H+I)</b>									
<b>TOTAL IVE</b>									
<b>TOTAL DE INVESTIMENTOS CON IVE</b>									

	Total (€)	TOTAL sen IVE (€)
Total gasto subvencionable		
% de financiamento solicitado	%	%
IMPORTE DE AXUDA SOLICITADA		

En caso de que o proxecto realice outros investimentos para os que **NON** se solicita axuda ao abeiro do FEP, deberá tamén indicarse.

Capítulo	Concepto	Importe total (€)	Importe sen IVE (€)

Europa inviste na pesca sustentable

## COMENTARIOS E CONSIDERACIÓNS SOBRE O PLAN DE INVESTIMENTOS

Europa inviste na pesca sustentable



GOBIERNO DE ESPAÑA



MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo Europeo de Pesca

## 2. PLAN DE FINANCIAMENTO

### 2.1 Información sobre as fontes de financiamento que se empregarán para executar os investimentos previstos

CONCEPTO	ANO 1		ANO 2		ANO 3		ANO 4		ANO 5	
	total	% s/total	total	% s/total	total	% s/total	total	% s/total	total	% s/total
<b>Autofinanciamento (A)</b>										
Recursos propios										
Achegas ao capital social										
Capitalización da prestación por desemprego										
Outros: .....										
<b>Financiamento externo (B)</b>										
Prestamos										
Créditos										
Outras subvencións										
Outros (especificar): .....										
<b>TOTAL DE FINANCIAMENTO (A+B)</b>										

Europa inviste na pesca sustentable



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## 2.2 Información sobre o financiamento externo: prestamos

	Préstamo 1	Préstamo 2	Préstamo 3
Tipo de préstamo:			
Entidade:			
Importe:			
Prazo de amortización:			
Anos de carencia:			
Tipo de xuro (%):			
Situación actual (solicitado ou aprobado):			

## 2.3 SUBVENCIONES

*En caso de ter obtido algunha outra subvención para o desenvolvemento do proxecto, compatible coas axudas do FEP, indicar:*

### Subvención 1

NOME DA SUBVENCIÓN OU ORDE QUE A REGULA	
ORGANISMO QUE CONCEDE	
CONVOCATORIA	
ORZAMENTO TOTAL	
SUBVENCIÓN CONCEDIDA	
SITUACIÓN ACTUAL DA AXUDA (indicar se está en execución,	

Europa inviste na pesca sustentable



solicitada, aprobada ou denegada)

### Subvención 2

NOME DA SUBVENCIÓN OU ORDE QUE A REGULA	
ORGANISMO QUE CONCEDE	
CONVOCATORIA	
ORZAMENTO TOTAL	
SUBVENCIÓN CONCEDIDA	
SITUACIÓN ACTUAL DA AXUDA (indicar se está en execución, solicitada, aprobada ou denegada)	

### COMENTARIOS E CONSIDERACIÓNS SOBRE O PLAN DE FINANCIAMENTO

Europa inviste na pesca sustentable



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo  
Europeo  
de Pesca

### 3. CUSTOS FIXOS

	ANO 1	ANO 2	ANO 3	ANO 4	ANO 5
SERV. EXTERIORES					
Alugueres					
Reparacións					
Servizos prof. independentes					
Axudas de custo					
Seguros					
Material de oficina					
Subministración					
Teléfono					
Publicidade					
Outros (especificar)					
GASTOS DE PERSOAL					
TRIBUTOS					
GASTOS FINANCEIROS					
Comisións					
Xuros dos préstamos					
AMORTIZACIÓNS					
TOTAL DE CUSTOS DE ESTRUTURA					

COMENTARIOS E CONSIDERACIÓNS SOBRE O PLAN DE FINANCIAMENTO

Europa inviste na pesca sustentable

## 4. CONTA DE RESULTADOS PROVISIONAL

Previsión dos gastos e ingresos que se xerarán coa actividade para a que se solicita axuda.

CONTA DE RESULTADOS	ANO 1	ANO 2	ANO 3	ANO 4	ANO 5
+ VENDAS (segundo apartado 4 da memoria)					
- CUSTO DE FABRICACIÓN DAS VENDAS (segundo apartado 3 da memoria)					
<b>= MARXE BRUTA</b>					
- GASTOS COMERCIAIS					
- GASTOS DE DISTRIBUCIÓN					
- OUTROS GASTOS					
<b>= BAI (Beneficio antes de intereses e impostos)</b>					
- Gastos financeiros					
<b>= BAI</b>					
- Impostos					
<b>= Resultado (beneficio neto ou perda)</b>					

### COMENTARIOS E CONSIDERACIÓN GLOBAIS SOBRE A CONTA DE RESULTADOS

## 5. OUTROS DATOS DE INTERESE SOBRE O PLAN ECONÓMICO E FINANCEIRO

## ANEXO

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

DNA./DON.....DNI.....en  
representación de.....CIF.....en relación coa  
actividade para a que solicitou a subvención ao abeiro da convocatoria da axuda do Eixe 4  
do Fondo Europeo de Pesca,  
DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE ANTE O GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA,  
QUE OS DATOS REFLECTIDOS NA PRESENTE MEMORIA, ASÍ COMO A  
DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A SOLICITUDE DA AXUDA, SON CERTOS.  
E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a presente declaración  
en.....a.....de.....

(sinatura e selo)

Asdo.:.....  
DNI.....



## ANEXO

### MEMORIA E ORZAMENTO

PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN  
PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

Nome e denominación do proxecto

Europa inviste na pesca sustentable

Mariña - Ortegal • Golfo - Ártabro • Costa da Morte • Seo de Fisterra, Ría de Muros - Noia • Ría de Arousa • Ría de Pontevedra • Ría de Vigo - A Guarda



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

<b>Razón social</b>		<b>NIF</b>
<b>Domicilio social</b>		<b>Poboación</b>
<b>Municipio</b>	<b>Provincia</b>	<b>Código postal</b>
<b>Teléfono</b>	<b>Fax</b>	<b>Enderezo de correo electrónico</b>
<b>Tipo de entidade</b> (entidade pública local, confraría de pescadores, asociacións do sector pesqueiro ou asociación de utilidade pública)		
<b>Ámbito territorial de actuación da entidade:</b> (especificar)	<b>Ano de creación da entidade</b> (non procede en caso de administracións públicas)	<b>Número de membros asociados</b> (non procede en caso de administracións públicas)

## REPRESENTANTE LEGAL

<b>Nome e apelidos</b>	<b>NIF</b>
<b>Cargo</b>	<b>Sinatura</b>

## 1 DESCRICIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

### 1.1 DESCRICIÓN DOS FINS DA ENTIDADE

### 1.2 EQUIPO DE XESTIÓN DA ENTIDADE

*Indicar o cadro de persoal e medios de que dispón a entidade. No caso do persoal, indicar se dispón de persoal contratado, se son temporais ou indefinidos e a porcentaxe de mulleres. Indicar o organigrama da entidade.*



### 1.3 EXPERIENCIA DA ENTIDADE EN XESTIÓN DE PROXECTOS OU ACTIVIDADES DE CARACTERÍSTICAS SIMILARES

Título do proxecto 1	
Resumo dos obxectivos	
Orzamento	
Organismos financiadores ou participantes. Indicar a porcentaxe de subvención	
Ano de execución	
Resultados alcanzados	

Título do proxecto 2	
Resumo dos obxectivos	
Orzamento	
Organismos financiadores ou participantes. Indicar a porcentaxe de subvención	
Ano de execución	
Resultados alcanzados	

Título do proxecto 3	
Resumo dos obxectivos	
Orzamento	
Organismos financiadores ou participantes. Indicar a porcentaxe de subvención	
Ano de execución	
Resultados alcanzados	

#### 1.4. COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN OU ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE

*(Non cubrir no caso de Administracións públicas)*

#### 1.5 OUTRAS ENTIDADES PARTICIPANTES NO PROXECTO

#### 1.6 OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE SOBRE A ENTIDADE SOLICITANTE

*(Cubrir só se é necesario)*

## 2 DESCRICIÓN DO PROXECTO OU PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE SE VAI DESENVOLVER

### 2.1 OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO E BREVE DESCRICIÓN DESTE (Máximo 1 páxina)

## 2.2 DIAGNOSE DE PARTIDA QUE XUSTIFIQUE A NECESIDADE DE INTERVENCIÓN (Máximo 1 páxina)

## 2.3 ENCADRAMENTO NO PLAN ESTRATÉXICO ZONAL E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO NO MARCO DO PEZ (Marcar cun x)

MEDIDA NA QUE SE ENMARCA O PROXECTO	
Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro	
Promoción económica	
Mellora do contorno natural e a calidade ambiental	
Promoción da cohesión social	
Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías	
Fomento da igualdade de oportunidades	
Fomento da cooperación e da participación	

## XUSTIFICACIÓN

## 2.4 LOCALIZACIÓN DO PROXECTO E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

## 2.5 PROGRAMA DETALLADO DAS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA DESENVOLVER O PROXECTO

### 2.5.1 Descrición das actividades do proxecto (Máximo 5 páxinas)

### 2.5.2 Memoria técnica do proxecto (Máximo 5 páxinas)

### 2.5.3 Dispoñibilidade de terreos ou inmobles

### 2.5.4 Análise de impacto ambiental do proxecto e consideracións medioambientais

2.5.5 Necesidade de permisos, rexistros ou cumprimento de normativa específica para o desenvolvemento do proxecto

2.5.6 Resultados esperados e indicadores  
(Máximo 1 páxina)

### 3 PROGRAMA DE XESTIÓN E CARACTERIZACIÓN DO PROXECTO

#### 3.1 EQUIPO TÉCNICO DO PROXECTO E ORGANIGRAMA (Máximo 1 páxina)

#### 3.2 SUBCONTRATAÇÕES E ASISTENCIA TÉCNICAS PREVISTAS

#### 3.3 PLAN DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DO PROXECTO

#### 3.4 SISTEMA DE CONTROL DO PROXECTO

### 3.5 ASPECTOS INNOVADORES DO PROXECTO

(Máximo 1 páxina)

### 3.6 UTILIZACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS

### 3.7 SUSTENTABILIDADE DO PROXECTO

### 3.8 APROVEITAMENTO DE RECURSOS ENDÓXENOS DA ZONA

### 3.9 IMPLICACIÓN DA XENTE DO SECTOR MAR-PESCA E IMPACTO NESTE SECTOR OU NO TERRITORIO

Europa inviste na pesca sustentable



### 3.10 PARTICIPACIÓN SOCIAL E IMPLICACIÓN DO TECIDO SOCIAL NO PROXECTO

### 3.11 CAPACIDADE DE TRANSFERENCIA

### 3.12 OUTRAS CONSIDERACIÓNS QUE POSIBILITEN A SÚA VALORACIÓN DE ACORDO COS OXECTIVOS DO PLAN ESTRATÉXICO ZONAL

*(Cubrir só se é necesario)*

## 4 CRONOGRAMA

Data de inicio:	
Data de finalización prevista:	

*Indicar o calendario de execución do proxecto por actividades, de acordo coa descrición realizada no apartado anterior (apartado 2.5.1)*

--



## ANEXO

### PLAN ECONÓMICO E FINANCEIRO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

Nome e denominación do proxecto

Europa inviste na pesca sustentable

Mariña - Ortegal • Golfo - Ártabro • Costa da Morte • Seo de Fisterra, Ría de Muros - Noia • Ría de Arousa • Ría de Pontevedra • Ría de Vigo - A Guarda



GOBIERNO DE ESPAÑA



MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo Europeo de Pesca

## 1. ORZAMENTO DO PROXECTO POR ACTIVIDADES

NOME DA ACTIVIDADE	TIPO DE INVESTIMENTO OU GASTO	Orzamento con IVE	Orzamento sen IVE
<b>Actividade 1</b>			
<b>Actividade 2</b>			
.....			
TOTAL DO PROXECTO			
% DE SUBVENCIÓN SOLICITADA			
IMPORTE DA SUBVENCIÓN			

Nota: o IVE é gasto elixible só para as entidades que non poden recuperalo.

### NOTA:

#### Tipoloxía de investimento

- Bens inmobles
- Obras
- Materiais e equipamento
- Outros investimentos

#### Tipoloxía de gasto

- Estudos e traballos técnicos
- Formación
- Publicidade e comunicación
- Viaxes e desprazamentos
- Outros gastos

#### Tipoloxía de gasto de persoal

- Salario bruto
- Seguridade social

## 2. ORZAMENTO DETALLADO POR TIPOS DE GASTO

### 2.1 CADRO DE INVESTIMENTOS

CAPÍTULO	CONCEPTO	Orzamento con IVE	Orzamento sen IVE
Bens inmobles	TERREOS (MÁX. 10 %)		
	EDIFICIOS		
Obras	Construción ou rehabilitación		
	Infraestruturas		
	Acondicionamento do contorno		
	Outros (especificar)		
Materiais e equipamento	Maquinaria		
	Materiais		
	Equipamento		
	Mobiliario		
Outros investimentos	Informática		
	Audiovisual e comunicacións		
	Outros (especificar)		

*Nota: o IVE é gasto elixible só para as entidades que non poden recuperalo.*

### 2.2 CADRO DE GASTOS

CAPÍTULO	CONCEPTO	Orzamento con IVE	Orzamento sen IVE
Estudos e traballos técnicos	Estudos e traballos técnicos		
	Asistencia técnica		
Formación	Aluguer de locais		
	Docentes		
	Material formativo e didáctico		
Publicidade e comunicación	Publicidade en medios		
	Material divulgativo		
	Internet/web		
	Publicacións		
Viaxes e desprazamentos	Viaxes		
	Axudas de custo e desprazamentos		
Outros gastos	Especificar		

*Nota: o IVE é gasto elixible só para as entidades que non poden recuperalo.*

Europa inviste na pesca sustentable

### 2.3 CADRO DE PERSOAL

DENOMINACIÓN DO POSTO	TITULACIÓN	SALARIO BRUTO MENSUAL	SEGURIDADE SOCIAL MENSUAL	CUSTO TOTAL MENSUAL	N.º DE PERSOAS	DURACIÓN DO CONTRATO	CUSTO TOTAL SUBVENCIONABLE
<b>Total</b>							

### 2.4 CADRO RESUMO DO ORZAMENTO DO PROXECTO

Orzamento do proxecto	Importe sen IVE	Importe con IVE	% subvención	Importe da subvención solicitada
INVESTIMENTOS				
GASTOS				
PERSOAL				
<b>IMPORTE TOTAL</b>				

*Nota: o IVE é gasto elixible só para as entidades que non poden recuperalo.*

Europa inviste na pesca sustentable



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo  
Europeo  
de Pesca

### 3. CADRO DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO

#### 3.1 CADRO DE FINANCIAMENTO XERAL

Fontes de financiamento		Importe en euros	% sobre o total
ACHEGA DA ENTIDADE SOLICITANTE			
Financiamento externo	Subvención FEP solicitada		
	Achegas doutras entidades (1)		
	Outras subvencións públicas		
	Préstamos		
Total do orzamento do proxecto			

(1) En caso de incorporar achegas doutras entidades, deberá xuntar a documentación que xustifique e garanta as achegas.

Europa inviste na pesca sustentable

### 3.2 ACHEGA ECONÓMICA DA ENTIDADE SOLICITANTE

<b>ACHEGA ECONÓMICA</b>	Importe total	
<b>ACHEGA MEDIANTE PERSOAL PROPIO (2)</b>	Importe total	

DENOMINACIÓN DO POSTO	TITULACIÓN	SALARIO BRUTO MENSUAL	SEGURIDADE SOCIAL MENSUAL	CUSTO TOTAL MENSUAL	N.º DE PERSOAS	DURACIÓN DO CONTRATO	CUSTO TOTAL SUBVENCIONABLE
<b>Total</b>							

(2) En caso de ser entidades públicas, non poden imputarse salarios de persoal funcionario. En ningún caso pode imputarse gasto de persoal financiado a través doutras subvencións.

*Outras consideracións e detalles sobre a achega propia*

Europa inviste na pesca sustentable



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo  
Europeo  
de Pesca



### 3.3 OUTRAS SUBVENCÍONS SOLICITADAS

En caso de ter obtido algunha outra subvención para o desenvolvemento do proxecto, compatible coas axudas do FEP, indicar:

NOME DA SUBVENCIÓN OU ORDE QUE A REGULA			
ORGANISMO QUE CONCEDE			
CONVOCATORIA		ORZAMENTO TOTAL	
		SUBVENCIÓN CONCEDIDA	
SITUACIÓN ACTUAL DA AXUDA <i>(Indicar se está en execución, solicitada, aprobada ou denegada)</i>			

NOME DA SUBVENCIÓN OU ORDE QUE A REGULA			
ORGANISMO QUE CONCEDE			
CONVOCATORIA		ORZAMENTO TOTAL	
		SUBVENCIÓN CONCEDIDA	
SITUACIÓN ACTUAL DA AXUDA <i>(Indicar se está en execución, solicitada, aprobada ou denegada)</i>			

Europa inviste na pesca sustentable



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## Requisitos dos solicitantes

Os promotores de proxectos deberán cumprir unha serie de requisitos dependendo do tipo de investimento, produtivo ou non produtivo, para o que soliciten a axuda. Estes requisitos están recollidos no artigo 3 da Orde do 27 de agosto de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plan estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, e se procede á convocatoria para o ano 2009.

Ademais, na Guía do Promotor de proxectos explicase cada un destes requisitos dun xeito pormenorizado.

## A instrución do procedemento de concesión de axudas

O GAC, como entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control das axudas do eixe 4 do FEP, realiza a fase de instrución no procedemento de concesión de axudas.

## Emenda de solicitudes

De existir algún erro ou omisión na presentación das solicitudes por parte dos promotores, o equipo técnico do GAC requiriralles, por calquer medio fehaciente que asegure a recepción da notificación, para que procedan á corrección ou aportación da documentación omitida no prazo de dez días hábiles, coa indicación de que se non o fixesen se lles terá por desistidos na súa petición.

Se o promotor non procede a súa rectificación no prazo indicado, a súa solicitude será arquivada por considerar que este desistiu da súa solicitude, sen prexuízo que presente outra solicitude en vindeiras convocatorias de axudas.

## Informe de subvencionalidade

Logo da presentación correcta da solicitude, o equipo técnico do GAC ten que emitir un informe de subvencionalidade, que será asinado polo Xerente, do gasto conforme aos artigos 5, 6 e 7 da Orde do 27 de agosto de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plan estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, e se procede á convocatoria para o ano 2009.

Se o proxecto non cumpre cos criterios de subvencionalidade non poderá ser seleccionado.

## Acta de non inicio

O equipo técnico do GAC, como instrutor do procedemento, deberá realizar unha comprobación *in situ* de que os proxectos e actividades para os cales se solicitou a axuda non se iniciaron. A estas efectos ten que levantar un acta de non inicio entre o día 1 e o 15 de abril de cada ano e, no caso de existir unha segunda convocatoria, o prazo será entre o día 1 e o 10 de outubro de cada ano.

Esta acta será asinada polo Xerente do Grupo, e en ningún caso se subvencionarán proxectos iniciados con anterioridade ao levantamento da acta de non inicio.

## Avaliación e baremación das solicitudes

Unha vez realizadas as fases anteriores, o equipo técnico do GAC, avaliará e baremará os proxectos correctamente presentados, atendendo aos criterios obxectivos establecidos no presente Plan Estratéxico Zonal. O GAC poderá apoiarse en equipos de expertos externos á organización para levar a cabo esta avaliación, nos termos establecidos no Convenio de Colaboración.

Ademais velarase por unha correcta asignación de fondos previstos para cada anualidade e a súa distribución entre investimentos produtivos e non produtivos, e elevará á Xunta Directiva as propostas de resolución provisional de concesión de axuda.

## Selección e proposta

A Xunta Directiva é o órgano de xestión do GAC e será o órgano competente de revisar a proposta de resolución realizada polo equipo técnico, seleccionando os proxectos que considere prioritarios para a execución do presente plan estratéxico zonal de conformidade cos criterios (matriz de valoración) establecidos neste, e realizará a proposta de resolución definitiva que elevará á Consellería do Mar

O GAC, a través da Xunta Directiva, selecciona os proxectos, actuando como entidade colaboradora da Consellería do Mar, que será quen de resolver definitivamente a concesión das axudas.

Para alcanzar a máxima imparcialidade, os membros do órgano de decisión deberán absterse de participar en debates e votacións de aqueles proxectos nos que teñan unha interese directa ou indirecta, por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco ata o terceiro grao por consanguinidade, afinidade ou adopción, amizade íntima ou enemidade manifesta.

A Xunta Directiva non poderá propoñer proxectos por contía superior ao crédito dispoñible para o exercicio correspondente e no suposto de proxectos plurianuais, a subvención para os vindeiros anos estará condicionada a existencia de crédito nos exercicios correspondentes.

O GAC informará aos interesados da existencia do Rexistro Público de subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Tamén deberá contemplar a posibilidade de que os interesados fagan valer o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d do apartado 2 do artigo 15 da Lei Orgánica 15/1999.

A proposta de resolución definitiva deberá ser elevada á Consellería do Mar antes do 30 abril de cada ano, e no caso de producirse unha segunda convocatoria, antes do 15 de outubro de cada ano.

Ademais, a proposta de resolución definitiva deberá ser publicada no taboleiro de anuncios da sede do GAC, coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

Para aqueles proxectos que non sexan seleccionados deberá realizarse un informe-explicación xustificando as motivacións da súa exclusión. O GAC en todo momento presentará o debido asesoramento e acompañamento para que, no seu caso, poidan presentarse novamente en convocatorias sucesivas. O interesado deberá formular por escrito ao Presidente do GAC a solicitude de asesoramento.

### *Concesión das axudas*

A resolución das axudas concedidas aos solicitantes-promotores de proxectos será competencia da Consellería do Mar, que resolverá segundo a proposta de resolución definitiva logo de realizar un control das actuacións realizadas nas fases anteriores.

Polo tanto a Consellería do Mar non fai unha dobre avaliación superposta ao GAC, senón que se limita a comprobar a elixibilidade do gasto e a corrección no proceso de avaliación e selección.

Unha vez ditada a resolución pola Consellería do Mar, esta notificarase aos interesados.

A resolución conterá unha relación de solicitantes aos que se concede a subvención e desestimarás expresamente o resto das solicitudes, sen prexuízo que poidan presentarse ás convocatorias dos vindeiros anos.

O prazo máximo para a resolución do procedemento de concesión de axuda será de catro meses contados desde as datas establecidas para ter en conta as solicitudes que compiten en cada período de resolucións. Transcorrido o dito prazo sen recibir comunicación ao respecto, os solicitantes poderán entender como desestimada a súa solicitude.

### *Acceptación da concesión da axuda:*

Os solicitantes seleccionados deberán comunicar de modo expreso á Consellería do Mar a aceptación ou reixetamento da axuda nas condicións expresadas na resolución de concesión. A falta de manifestación expresa do beneficiario, entenderase tacitamente aceptada a axuda, segundo o disposto no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.


A aceptación da axuda implicará a aceptación das cláusulas establecidas na resolución de concesión, sen prexuízo da posible modificación da mesma, nos casos taxados no artigo 16 da Orde do 27 de agosto de 2009 da Consellería do Mar.

De xeito orientativo, as posibles modificacións serían:

- Por cambios de titularidade
- Por cambios no proxecto, no orzamento ou no financiamento
- Pola ampliación do prazo de execución e xustificación do proxecto

Con respecto ás fases do procedemento de concesión (instrución, selección e proposta e concesión), será de aplicación complementaria, ao descrito no presente plan estratéxico, a *Descrición de sistemas de xestión e control das operacións financiadas polo eixe 4 do FEP* elaborada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

A continuación amosase de xeito gráfico o ciclo das axudas:



Lenda:

Solicitante Promotor

Equipo técnico do GAC

Xunta Directiva do GAC

Consellería do Mar

## Obrigas dos beneficiarios:

A aceptación da concesión de axuda levará a aceptación das obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, das expresadas no artigo 4 da Orde do 27 de agosto de 2009 da Consellería do Mar, e particularmente das contidas na resolución de concesión, sen prexuízo do resto de normativa aplicable.

Os beneficiarios haberán de adoptar as medidas de difusión e publicidade seguintes:

- Instalación dunha placa ou cartel cos logotipos das administracións que cofinancian o proxecto e a referencia ao “Fondo Europeo de Pesca 2007-2013”, co lema Europa inviste na pesca sustentable.



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE  
Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Europeo  
de Pesca

Europa inviste na pesca sustentable

[www.accioncosteira.es](http://www.accioncosteira.es)

- En todas as publicacións, carteis e calquera outra información ofrecida en calquera medio, sexa papel ou electrónico, incluírán de xeito claro e visible a participación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Pesca.

Ademais, co fin de acadar un desenvolvemento sostible a longo prazo, a actividade subvencionada haberá de estar destinada aos fins concretos para os que foi concedida a subvención por un período, dende a derradeira certificación do GAC, non inferior a 5 anos.

Recordar tamén que as obrigas dos beneficiarios están explicadas en profundidade na Guía do Promotor de proxectos elaborada pola Consellería do Mar e dispoñible en formato dixital na páxina web oficial do programa. ([www.accioncosteira.es](http://www.accioncosteira.es))



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE  
Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Europeo  
de Pesca

Ademais existe de cara a súa utilización polo propio Grupo de Acción Costeira un Manual de identidade corporativa que está aloxado na páxina web oficial do programa.

### *Gastos de xestión do Grupo*

O GAC, como entidade colaboradora na xestión das axudas, terá a súa disposición un **20% do total do orzamento** establecido neste documento para atender os gastos de xestión que teña como consecuencia da súa labor de xestión e dinamización do territorio.

Estes gastos de xestión están divididos en gastos de funcionamento e gastos de sensibilización e promoción, serán **financiados ao 100%** e serán ingresados pola Consellería do Mar nos termos establecidos no convenio de colaboración que firmou o GAC coa Consellería do Mar o 11 de agosto de 2009.

Os gastos de xestión do Grupo deberán ser xustificados segundo as regras xerais establecidas no presente documento para os beneficiarios de axudas a proxectos, sen prexuízo do establecido na Orde de axudas da Consellería do Mar.

### *Gastos de funcionamento*

Estes gastos acadarán un **máximo do 10%** do total orzamento asignado no PEZ e comprenden custos de explotación dos grupos, gastos de persoal técnico contratado polo GAC, asistencia técnica para a xestión do programa e custos de auditorías.

Estes gastos en recursos persoais e materiais son esenciais para que o GAC poida desenvolver correctamente a súa labor.

Desglosaremos estes gastos en:

- a) Persoal, que terá a cualificación suficiente para asumir o peso principal da xestión do programa.
- b) Asistencia á xestión en aspectos puntuais necesarios para a correcta aplicación do programa.
- c) Subministracións exteriores.
- d) Material informático, telemático e de reprografía.
- e) Gastos relativos á sede do GAC (aluguer, acondicionamento, equipamento ...).
- f) Gastos vinculados ao traballo en rede.
- g) Outros gastos necesarios para realizar as funcións que lle corresponden como entidade colaboradora da Consellería do Mar, tales



como axudas de custo e desprazamento, gastos asociados ás reunións dos órganos de decisión do GAC, a excepción de calquera tipo de retribución por asistencia a elas.

### Gastos de sensibilización e promoción

Estes gastos comprenden actos de publicidade e divulgación tales como publicacións, web do proxecto, xornadas informativas, congresos, seminarios, estudos e traballos técnicos e outras que teñan como finalidade a difusión do PEZ e das actuacións de desenvolvemento local contempladas neste, así como actividades que teñan como obxecto o intercambio de experiencias e a formación, incluso no estranxeiro.

Os gastos de sensibilización e promoción serán como **máximo o 10%** do total orzamento asignado no PEZ.

Estes gastos podémolos desagregar en:

- a) Actos de publicidade e divulgación, tales como publicacións, xornadas informativas, congresos, seminarios técnicos e outras que teñan como finalidade a difusión do PEZ e das actuacións de desenvolvemento local contempladas no mesmo.
- b) Estudos, informes e traballos técnicos.
- c) Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e a páxina web do GAC.
- d) Actividades que teñan como obxecto o intercambio de experiencias e a formación, incluso no estranxeiro, viaxes, presenza en feiras e eventos.
- e) Proxectos sectoriais colectivos, de coordinación, accións conxuntas.
- f) Accións de formación vinculadas á aplicación da estratexia.
- g) Valorización do patrimonio cultural inmaterial.

### Contabilidade do Grupo

O Grupo de Acción Costeira “Costa da Morte” deberá levar unha contabilidade independente, onde se reflexarán todas as accións que desenvolva respecto dos gastos, compromisos e pagamentos relacionados cos gastos de xestión mencionados nos apartados anteriores.

Esta esixencia é consecuencia do carácter de entidade colaboradora na xestión das axudas do Grupo de Acción Costeira.

Por outra banda, en consecuencia co disposto anteriormente, levará de xeito separado o seguimento das axudas concedidas aos beneficiarios para a execución de proxectos de desenvolvemento do presente Plan Estratéxico Zonal.

### *Procedemento de contratación*

O Grupo de Acción Costeira, dentro do Plan de Xestión, terá que establecer cal será o procedemento para a contratación, tanto do persoal técnico ao servizo do Grupo, como de asistencias técnicas necesarias para levar a cabo determinados procesos de control, seguimento e auditoría.

### **Persoal**

O proceso para a dotación dos postos de traballo do equipo técnico descrito no apartado de descrición técnica do grupo, poderá realizarse por dúas vías:

- a) A través dunha encomenda de xestión a algunha das entidades integrantes do GAC ou do territorio.

Esta encomenda de xestión haberá de formalizarse a través do pertinente convenio de colaboración entre o Grupo e a entidade encomendada, que definirá os dereitos e obrigas das partes.

En todo caso a entidade encomendada haberá de ter experiencia na xestión de programas europeos ou de desenvolvemento local.

- b) Mediante un proceso de selección que garanta os principios de publicidade, mérito, capacidade e igualdade, a través dunha convocatoria pública.

Ademais o Grupo velará polo cumprimento dos principios de transparencia no proceso de selección, imparcialidade, independencia e discrecionalidade técnica do órgano de selección do persoal.

Para o correcto cumprimento dos principios mencionados o Grupo de Acción Costeira desenvolve o seguinte procedemento de contratación de persoal:

- **Fase de proba escrita.** Levarase a cabo polos aspirantes unha proba escrita, que se centrará en materias relacionadas con programas europeos, desenvolvemento local e normativa de subvencións e territorio de actuación da Asociación.  
Esta proba terá unha valoración do 60% da puntuación total.
- **Fase de méritos.** Por último, levarase a cabo unha valoración da experiencia e á formación, segundo o que establezan as bases do proceso de selección. A experiencia e formación valoraranse sempre e cando sexan específicas e estean vinculadas con programas de desenvolvemento local. **Esta fase terá unha valoración do 25% da puntuación total do proceso selectivo.**
- **Fase de entrevista.** Posteriormente á proba escrita, os aspirantes realizarán unha entrevista temática.  
Esta fase terá unha valoración do 15% da puntuación total do proceso selectivo.

O persoal seleccionado a través do procedemento previsto anteriormente estará suxeito ao ordenamento laboral e en ningún caso se considerará existente unha relación contractual coa Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

### Outros gastos asociados ao funcionamento do Grupo

O Grupo de Acción Costeira, como entidade colabora da Consellería do Mar na xestión de subvencións do Fondo Europeo de Pesca, está sometido a unha serie de limitacións na contratación externa derivadas da lexislación de contratos do sector público.

Segundo o disposto na Lei de Contratos do Sector Público (Lei 30/2007), dividiremos os contratos que celebre o Grupo en dous grupos:

1. Contratos cuxo importe sexa igual ou superior a 5.150.000 euros no caso de obras e a 206.000 euros no caso de servizos vinculados a un contrato de obras. (segundo nivel de intensidade)
  - Estes contratos están suxeitos a regulación armonizada.
  - Os contratos serán contratos privados.

- En materia de **preparación** deben observar as regras sobre especificacións técnicas, condicións especiais de execución e información sobre certas condicións dos artigos 101, 102 a 104. (Art. 121).
  - En materia de **adxudicación** deben observarse as mesmas regras que nos contratos administrativos con algunha adaptación en menos (Arts. 174 e 177).
2. Os demais contratos que celebre o Grupo estarán sometidos ao nivel máis baixo de intensidade da Lei (carto nivel de intensidade)
- Os contratos serán contratos privados
  - Son de aplicación as regras xerais do Libro I
  - En materia de adxudicación rexerán as seguintes regras (artigo 176).
    - a) Principios de publicidade, concorrência, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.
    - b) Directriz de adxudicación á oferta economicamente máis vantaxosa.
    - c) Elaboración de instrucións internas en materia de contratación que aseguren a efectividade daqueles principios e da anterior directriz.
    - d) Os principios de publicidade e concorrência materializaranse na publicación de anuncios na sede do GAC, nos medios de comunicación de maior difusión na zona pesqueira e na concesión dun prazo mínimo de dez días para a presentación de ofertas

En todo caso, procederase á difusión, a través da futura web do Grupo, de toda a actividade contractual que leve a cabo.

Por outra banda, segundo o disposto no parágrafo 3 do artigo 29 da Lei 9/7007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o gasto subvencionable exceda de 30.000 €, no caso de obras, ou de 12.000 €, no caso de subministracións ou servizos, o Grupo deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores.




grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



## 2.9. sistema de control plan estratéxico zonal (PEZ)



costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira

Control



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## 2.9. SISTEMA DE CONTROL

### *Seguimento de proxectos:*

Para acadar os fins e obxectivos previstos no presente documento, o equipo técnico do GAC deberá realizar inspeccións periódicas, visitando as actuacións que se estean levando a cabo, de cara a realizar un control das mesmas e informar ante calquera eventualidade ou modificación do estipulado na resolución da subvención.

Perséguese con isto facilitar o seguimento e control do Plan Estratéxico Zonal, así como responder ante calquera tipo de inspección ou auditoría.

Esta laboral poderase encomendar a equipos técnicos externos especialistas en auditoría de programas e proxectos europeos.

O seguimento dos proxectos polo GAC non exclúe calquera outro control que poidan levar a cabo tanto a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos como a Unión Europea.

O seguimento dos proxectos non esgota a súa importancia na corrección de deficiencias ou na detección de irregularidades, se non que é un instrumento trascendental para coñecer o alcance e grao de consecución dos obxectivos plantexados.

### *Xustificación das axudas*

Os GAC como entidades colaboradoras da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos na xestión das subvencións, será quen de velar polo cumprimento da correcta xustificación das axudas concedidas, comprobando in situ a realidade do investimento e a consecución dos fins para o que se concederon.

Os beneficiarios haberán de xustificar a concesión da subvención mediante os seguintes documentos:

- Solicitud de pagamento
- Facturas orixinais ou documentos probatorios de valor equivalente, que serán devoltas ao promotor debidamente estampilladas indicando que foron imputadas a un proxecto ao abeiro do FEP.

- Documentación acreditativa do pagamento en favor dos acredores:
  - Como regra xeral, presentárase o xustificante bancario de pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en conta, certificación bancaria, etc) no que conste o número de factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura
  - Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís (cheque, pagaré, letra de cambio, etc.) achegarase copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) na que conste claramente que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.
  - Para os efectos da súa xustificación, as facturas que se paguen de xeito fraccionado haberán de incluírse no expediente nunha única solicitude de pagamento.
  
- Xunto coa primeira solicitude de pago deberá achegar a documentación acreditativa da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os que se executa o proxecto, ou da dispoñibilidade dos mesmos durante o período mínimo equivalente ao que se vai exixir a permanencia do investimento, así como o resto da documentación que especificamente se relacione na resolución de concesión.
- Os permisos, inscricións e/ou licenzas requiridas pola normativa autonómica ou local para o tipo de actividade de que se trate deberán presentarse, a máis tardar, xunto coa última solicitude de pagamento.
- No caso dunha actuación que requira proxecto técnico visado polo colexio oficial correspondente, o promotor deberá xuntar á primeira xustificación unha copia do resumo do orzamento por capítulos e da memoria do mesmo. Neste suposto, presentaranse certificacións de obra asinadas por técnico competente.
- Cando a subvención se conceda para a adquisición de maquinaria e equipamento, no momento da xustificación deberase de xuntar unha relación dos equipos subvencionados na que conste marca, modelo e número de serie ou referencia equivalente para a súa identificación.
- Cando a subvención se conceda para realizar estudos, proxectos técnicos, planos e documentos similares, o promotor entregará un exemplar en soporte informático adecuado para posibilitar a súa difusión. Tamén deben achegarse copias se hai edición de libros, folletos, guías, etc. Se a

subvención se concede para seminarios ou actividades semellantes entregarase unha copia dos temas tratados e as conclusións.

- O beneficiario deberá acreditar, se é o caso, que aplicou á actividade subvencionada os rendementos financeiros xerados polos fondos librados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos segundo o disposto no artigo 17.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Comprobada a correcta aplicación e xustificación das axudas polo GAC, este remitiralle á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, unha lista dos beneficiarios coa documentación acreditativa da inversión e pagamentos realizados polos promotores a terceiros.

Ademais o GAC, como entidade colaboradora, fará unha comprobación material da inversión, emitindo a estes efectos un **acta de conformidade**.

Cada certificación presentada polo GAC á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos deberá de ir acompañada dun **informe de auditoría** que certifique os seguintes extremos:

- **Que as subministracións de bens, as prestacións de servizos e, en xeral, a actividade subvencionada cuxo custo se certifica foron efectivamente realizadas.**
- **Que os gastos declarados en cada certificación son elixibles, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagados.**
- **Que o GAC conserva e custodia a documentación xustificativa das operacións certificadas, e garante que a mesma será posta a disposición dos órganos de control que a soliciten.**

O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a insuficiencia da mesma será comunicada polo Grupo á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos no momento de ser detectada e poderá levar consigo o reintegro da subvención segundo o procedemento legalmente previsto.

### *Pagamento das axudas*

O pagamento das axudas realizarase directamente pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ao promotor sen pasar o circuío financeiro polo GAC co obxectivo de evitar tensións financeiras dos Grupos.



Co obxectivo de que os promotores non teñan que soportar toda a carga do investimento ata a completa xustificación, poderanse realizar pagamentos parciais cando se cumpran simultaneamente os seguintes requisitos:

---

**1. Superar o 25 % do total subvención**

**2. Non superar o 80 % do total da subvención**

**3. A suma do pagamento parcial non será inferior a 12.000 €**

**4. Presentar un aval solidario de entidade de crédito que cubra o importe do pagamento e interese legal do diñeiro xunto cos xuros e por un período mínimo de 9 meses seguintes á finalización do prazo de xustificación**

**5. Xustificación documental dos gastos e investimentos realizados**

---

Non poderán realizarse pagamentos da subvención ata que o beneficiario non se atope ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teña pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da

Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Tampouco será subvencionable calquera gasto efectivamente pagado con posterioridade o 31 de decembro de 2015.

## *Mecanismos de control das axudas*

### Dos beneficiarios

Os beneficiarios das axudas, están sometidos a control na xestión das axudas concedidas, debendo o Grupo comunicar a aqueles dito sometemento, cuxa aceptación é condición sine qua non para o goce da axuda.

No caso de incumprimento de calquera das obrigas mencionadas por parte dos promotores, este haberán de proceder a devolver, total ou parcialmente, as



cantidades aboadas logo de seguiremos o procedemento de reintegro regulado no Título II da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

O reintegro da subvención é independente das sancións, que no seu caso, resulten esixibles.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos será o órgano competente para esixir ben o beneficiario, ben ao GAC, o reintegro de subvencións, cando se dean as causas previstas nas bases reguladoras e no artigo 33 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Especificamente son causas de reintegro da subvención, entre outras, as seguintes:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impidisen.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da lei de subvencións de Galicia, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da lei de subvencións de Galicia.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da lei de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores,



cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.
- Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención

## Do GAC

O Grupo tamén está suxeito ás actuación de comprobación que realicen, como consecuencia da súa condición de entidade colaboradora, tanto a a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, como calquera outros órganos de control competentes, sexan autonómicos, estatais ou comunitarios, na súa labor de comprobación e control financeiro.

En particular, o GAC queda sometido ao control e verificación, en canto a xestión das axudas, da Comisión das Comunidades Europeas e do Organismo Intermediario, así como ao control financeiro da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e a fiscalización do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas.

O Grupo como consecuencia do exposto anteriormente, achegará toda a información e documentación solicitada por estes órganos.

Asimesmo o Grupo está suxeito á normativa comunitaria de xestión, seguimento e control establecida no Regulamento (CE) nº 498/2007, da Comisión, do 26 de marzo de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello relativo ao Fondo Europeo de Pesca, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras.

Por outra banda, o Grupo ten a obriga de conservar e, no seu caso, por a disposición dos órganos sinalados anteriormente, a documentación administrativa, os libros de contabilidade e todos os documentos xustificativos referidos aos gastos realizados e á efectividade do pagamento, nos termos que sinala o artigo 87 do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello relativo ao Fondo Europeo de Pesca, alomenos durante os cinco anos seguintes ao peche do programa operativo.



Ademais o Grupo elaborará informes anuais de seguimento, e remitiraos á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, sobre a xestión do plan durante o ano anterior. Estes informes deben recoller, polo menos, os acordos da asemblea xeral ou doutros órganos de decisión relativos á xestión do programa, especificamente sobre os aspectos das contas anuais vinculados ao programa, a relación de proxectos subvencionados e rexeitados e o grao de execución dos primeiros, as actuacións de dinamización do territorio, as altas e baixas de socios, o rexeitamento de candidatos a ser socios e as incidencias observadas. Antes de remitilo á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, dito informe debe ser sometido a aprobación pola Asemblea Xeral do GAC.

### *Normativa de aplicación*

A normativa aplicable á xestión das axudas do Fondo Europeo de Pesca, sen carácter taxativo, e a seguinte:


- a) Orde do 17 de xullo de 2008 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pola que se convoca o concurso para a selección de GAC.
- b) Orde .... (en espera da súa publicación) da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pola que se convocan axudas para a execución dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aos grupos de acción costeira.
- c) O presente plan estratéxico zonal do GAC “Costa da Morte” para a zona pesqueira número 3.
- d) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- e) A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- f) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- g) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega
- h) Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca.
- i) Regulamento (CE) nº 498/2007 da Comisión, do 26 de marzo de 2007, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello relativo ao Fondo Europeo de Pesca.
- j) Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Avaliación e seguimento do PEZ

O seguimento e avaliación das accións a desenvolver no PEZ teñen como obxectivo determinar o grao de eficacia da execución e dos recursos empregados a través da utilización dunha serie de indicadores.

Unha parte fundamental da preparación dos programas é o establecemento de obxectivos e a asignación dos recursos entre as diversas actuacións con vistas a unha consecución óptima dos mesmos.

Existe unha relación entre as decisións de asignación e os obxectivos, que se presenta desde o nivel inferior ao superior.



- As realizacións de carácter físico reflicten os progresos da execución
- Os resultados son os efectos inmediatos sobre os beneficiarios directos das actuacións.
- O impacto constitúe a base principal para avaliar o éxito ou fracaso da actuación xa que fai referencia ao obxectivo último da intervención.

## Os indicadores

O seguimento da execución do PEZ e a avaliación da súa eficacia en relación cos obxectivos establecidos, requiren a utilización dunha serie de indicadores, que deben definirse previamente á execución do PEZ.

A continuación se relacionan distintos tipos de indicadores:

1. Os indicadores **de realización** fan referencia a actividade que se quere por en marcha. Pódese medir en unidades materiais ou económicas.

Estes indicadores amosan a comparación entre o planificado no presente documento e o efectivamente acadado logo da súa execución.

2. Os indicadores **de resultados** fan referencia aos efectos directos e inmediatos producidos pola execución dunha actuación. Estes indicadores facilitan información sobre os cambios na conduta, capacidade ou rendemento dos beneficiarios directos e poden ser de índole material.

3. Os indicadores **de impacto** fan referencia as consecucións do programa máis aló dos efectos inmediatos sobre os beneficiarios directos. Polo tanto inciden nunha poboación mais ampla.

### Utilización dos indicadores para a avaliación

Os indicadores representan unha fonte fundamental de información na que debe basearse a avaliación. O traballo de avaliación pode dividirse en tres fases principais:

- Avaliación previa
- Avaliación intermedia
- Avaliación posterior

Cada unha destas fases debe referirse a unha serie de cuestións específicas relativas ao rendemento do programa, polo tanto os indicadores estarán suxeitos a avaliacións específicas nas diferentes fases co obxecto de poder realizar reaxustes nos obxectivos plantexados inicialmente.

### Cadro de mando do PEZ “Costa da Morte”

Sobre a base das accións expresadas anteriormente neste documento, procédese a recopilar algúns dos indicadores que se utilizarán para avaliar o presente Plan Estratégico Zonal.

Estes indicadores veñen recollidos en cadros, por eixes estratéxicos de actuación, e desglosados nas distintas liñas de actuación.



### Eixe 1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización

Liñas estratéxicas	1.1. Mellora da comercialización a través das Lonxas da Costa da Morte	1.2. Mellora das actividades vinculadas coa cadea pesqueira (Cluster)	1.3. Proxectos de I+D vinculados co Mar: "Costa da Morte innovadora"
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Empregos directos xerados</li> <li>2. % de mulleres empregadas</li> <li>3. Volume de mercancía xestionado polo proxecto ao final do mesmo (anual)</li> <li>4. Canais de comercialización / clientes atendidos</li> <li>5. Especies comercializadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Empregos directos xerados</li> <li>2. Mulleres empregadas</li> <li>3. Proxectos creados de mellora de comercialización</li> <li>4. Proxectos creados do subsector-redeiras / cooperativas constituídas</li> <li>5. Inversións en industria mariñeira tradicional</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Iniciativas empresariais xeneradas</li> <li>2. Patentes ou innovacións aplicadas. Tecnoloxías utilizadas</li> <li>3. Postos de traballo (desagregación por xénero)</li> <li>4. Impactos no sector (beneficiarios/usuarios das tecnoloxías)</li> </ul>

## Eixe 2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación

Liñas estratéxicas	2.1. Espazos temáticos do Mar	2.2. Hostalería do mar	2.3. Pesca Turismo	2.4. Programa de apoio a novos emprendedores/as (multisectorial)	2.5. Programa de Eventos e Mercados na Costa da Morte
--------------------	-------------------------------	------------------------	--------------------	--	---

Indicadores	1. Infraestruturas recuperadas	1. Empresas atendidas /Plans realizados	1. Empresas creadas	1. Empresas creadas	1. Eventos realizados
	2. Nº visitantes previsto	2. Incremento do nº de visitantes	2. Turistas atendidos	2. Emprego xerado	2. Nº de visitantes
	3. Emprego xerado	3. Emprego xerado / mantido	3. Homes e mulleres do mar promotores de proxectos	3. Promotores de proxectos (desagregación por sexo e colectivo)	3. Impactos nos medios de comunicación
			4. Infraestruturas recuperadas para uso turístico	4. Volume de inversión	



### Eixe 3. Mellora do contorno natural e a calidade ambiental

Liñas estratéxicas	3.1. Proxectos empresariais medioambientais	3.2. Rutas e sendeiros	3.3. Patrimonio histórico e Cultural: Rehabilitación de infraestruturas e espazos ociosos no litoral	3.4. Conservación de espazos naturais, praias e espazos forestais	3.5. Programa de voluntariado ambiental
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Empresas creadas</li> <li>2. Emprego xerado (desagregación por sexos)</li> <li>3. Identificación promotores (desagregación por sexo)</li> <li>4. Empresas de novas tecnoloxías creadas</li> <li>5. Empresas creadas relacionadas coa xestión ou interpretación do medio natural</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Km de recorrido habilitado (bicicleta e a pe)</li> <li>2. Sinais colocadas</li> <li>3. Usuarios dos sendeiros</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. M2 de espazo público rehabilitado</li> <li>2. Axudas concedidas para a rehabilitación de fachadas</li> <li>3. Nº de intervencións sobre espazos públicos</li> <li>4. Poboación afectada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Praias recuperadas</li> <li>2. Superficie arbolada recuperada</li> <li>3. M2 de espazo natural intervindo</li> <li>4. Equipamentos construídos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Persoas voluntarias participantes</li> <li>2. Persoas atendidas</li> <li>3. Programas implementados</li> </ul>

#### Eixe 4. Promoción da cohesión social

Liñas estratéxicas	4.1. Apoio a empresas de Servizos Sociais e creación de equipamentos	4.2. Creación dunha rede cultural	4.3. Programa educativo sobre a cultura mariñeira
Indicadores	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Infraestructuras creadas</li> <li>2. Empresas creadas / apoiadas</li> <li>3. Persoas atendidas (desagregación por sexos)</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Proxectos culturais desenvolvidos</li> <li>2. Municipios afectados</li> <li>3. Persoas asistentes aos diferentes eventos</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Actividades realizadas</li> <li>2. Persoas participantes</li> <li>3. Concellos e confrarías implicadas</li> <li>4. Centros educativos participantes</li> </ol>

## Eixe 5. Fomento da igualdade de oportunidades

Liñas estratéxicas

5.1. Programa da Muller na Costa da Morte

Indicadores

1. Número de proxectos desenvolvidos
2. Asociacións de mulleres apoiadas
3. Servizos de información creados
4. Asistentes a accións formativas
5. Servizos de conciliación creados

## Metodoloxía de avaliación

Para poder recoller e cuantificar os datos ou os indicadores anteriormente expostos, é necesario establecer a forma e os instrumentos que se empregarán.

1. **Cuestionarios de avaliación** entre os axentes implicados no proxecto e entre os beneficiarios directos das actuacións.
2. **Entrevistas persoais** aos beneficiarios directos, de forma estruturada ou semiestruturada e adaptadas as necesidades de cada unha das actuacións a avaliar.
3. **Círculos de calidade** aplicados entre o equipo técnico.
4. **Grupos de discusión** entre as persoas participantes e colaboradoras do programa.
5. **Avaliación de Xénero.**

A medición afecta non soamente as accións relacionadas cos participantes ou beneficiarios directos do programa, se non tamén as accións relativas ao persoal técnico, as entidades implicadas e colaboradoras co mesmo e ao propio entorno.

## Mecanismos previstos para o control das actuacións

Os mecanismos de control son aqueles procedementos que se utilizarán para realizar unha diagnose da eficacia do proxecto, polo tanto permitirán introducir axustes de mellora no programa para que o impacto do mesmo sobre o entorno aumente.

Os medios de control a empregar serán:


1. **Avaliación externa** é a realizada por unha entidade allea ao proxecto e polo propio GAC. Ambas aportarán unha visión obxectiva do impacto sobre o entorno e do cumprimento dos obxectivos fixados.
2. **Avaliación interna** refírese á medición do funcionamento das accións e ao funcionamento do equipo de traballo como tal. Esta debe responder a un criterio temporal continuo, ao longo de todo o desenvolvemento do

programa. Por conseguinte realizaranse avaliacións periódicas do cumprimento dos obxectivos do programa, de forma que o desenvolvemento do mesmo se vaia axustando ás necesidades e situacións cambiantes que poida presentar a zona obxecto de aplicación do programa, dando conta á poboación local da marcha do mesmo.

Para levar estes controis articularanse os seguintes mecanismos:

- **Reunións periódicas do equipo de traballo interno** co fin de establecer o cumprimento de obxectivos e fomentar a coordinación.
- **Informes de execución** nos que consten os progresos realizados na consecución dos obxectivos. Dentro de eles haberá:
  - Informes trimestrais que conterán unha memoria de análise cualitativo e cuantitativo do realizado por medidas (nº de empregos creados, aportacións á estratexia, etc.), os estados de pagos e compromisos, e os listados de pagos efectuados por medidas e beneficiarios finais.
  - Informes anuais que incluírán a descrición das medidas levadas a cabo, as axudas aprobadas, os pagos realizados, o grao de avance das accións e o seu impacto, os indicadores físicos e financeiros necesarios para avaliar o programa e no caso de xurdir dificultades, que requiran cambios a acordar pola Xunta Directiva, para á aplicación do Convenio de Colaboración, mención as mesmas.

## DIAGRAMA XERAL DO PROCESO DE XESTIÓN DOS PROXECTOS






grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



### 3. descripción técnica do grupo



costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira

Descripción



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## 3. DESCRIPCIÓN TÉCNICA DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA.

### Introducción.

Cando se pon en marcha un proxecto, independentemente da complexidade do mesmo, debemos sempre ter en conta a necesidade de levar a cabo o recrutamento do persoal necesario para a execución das funcións que o proxecto conleva.

Tendo en conta o anterior, non debemos esquecer a importancia e o peso que o persoal, considerado como o capital humano dunha organización, debe ter na globalidade do proxecto a executar.

En moitas ocasións, o factor humano é un elemento ao que non se lle presta a importancia que se debera, o que pode provocar e provoca en moitos dos casos un fracaso á hora de alcanzar os obxectivos ou expectativas planificadas inicialmente.

Con todo isto, o que se trata de intentar é unha sensibilización de cara a tentar que en todo proceso de selección de persoal se consiga un óptimo encaixe entre o perfil persoal e profesional das diferentes candidaturas e o perfil profesional e persoal do posto ofertado. Desto depende en grande medida o éxito e consecución dos obxectivos establecidos inicialmente. A diferenza entre as organizacións pasa pola diferenciación no seu capital humano, de tal modo que podemos chegar a afirmar que cada organización é dun xeito ou doutro en función de quen integra as súas liñas de traballo.

### 3.1. Equipo técnico do Grupo.

Á hora de describir a estrutura do Grupo de Acción Costeira 3. Costa da Morte, debemos ter en conta que existen diferentes niveis e de natureza ben diferentes en canto a capacidade de execución, asunción de responsabilidades e nivel de seguimento e control, posto que estruturalmente podemos identificar tres niveis

Por un lado debemos falar do nivel executivo, que está formado polos órganos de goberno e con plena facultade para a asunción de responsabilidade en materia de toma de decisións fundamentalmente.


Un segundo nivel, caracterizado fundamentalmente pola súa capacidade de execución, do programa, e asesoramento en un primeiro nivel aos órganos goberno do GAC, como é o equipo técnico e nun terceiro nivel, cunha perspectiva transversal e global o asumido pola asistencia técnica, que garantirá fundamentalmente que as distintas fases de execución se desenvolvan conforme ás normas establecidas (Ordes publicadas pola Consellería de Pesa e Asuntos Marítimos e leis de aplicación vixentes), o FEP, dende as fases máis orixinarias como é a constitución do GAC, pasando por fases intermedias de execución, seguimento e control ata fases futuras de avaliación do executado, para facer balance de todo o percorrido do programa.



## Organigrama do GAC.

A estrutura do grupo estará constituída polos órganos directivos do Grupo de Acción Costeira, como son:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) A Xunta Directiva.
- c) A Presidencia.
- d) A Vicepresidencia.



## Funcións da Asemblea Xeral.

1. Coñecer e aprobar, se procedese, a conta xeral de ingresos e gastos anualmente, así como o orzamento anual de gastos e ingresos da entidade para o exercicio seguinte, modificando as cotas e establecendo derramas extraordinarias.
2. Censurar a xestión da Xunta Directiva, da Presidencia ou de calquera membro desta.
3. O nomeamento das persoas integrantes da Xunta Directiva.
4. Acordar, no seu caso, a contía das cotas de ingreso e periódicas, así como a súa forma de pago.

5. A disposición ou alleamento dos bens do GAC.
6. A solicitude de declaración de utilidade pública.
7. A constitución dunha federación ou a integración nela, se xa existise.
8. A modificación dos presentes estatutos.
9. A disolución do GAC.
10. A resolución dos recursos presentados contra a decisión da Xunta Directiva pola non admisión de novas entidades asociadas ao GAC..

### **Funcións da Xunta Directiva.**

1. Resolver o procedente sobre cantas cuestións afecten a boa marcha da entidade e sexan sometidas á súa consideración pola Asemblea Xeral ou se poidan suscitar con carácter de rogo ou pregunta por calquera das persoas representantes das entidades asociadas.
2. Promover a administración da asociación de conformidade cos Estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral.
3. Nomeamento das persoas administradoras e representantes.
4. Propor á Asemblea admitir, suspender ou dar de baixa a membros do GAC con suxeición ao previsto nos Estatutos.
5. A expulsión de persoas asociadas.
6. Cumprir e facer cumprir as normas estatutarias, de carácter regulamentario, no seu caso, e os acordos que adopte a Asemblea Xeral.
7. Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias, regulamentos e normativas internas e suplir as súas posibles omisións, sen prexuízo de someter as súas decisións á primeira Asemblea Xeral que se celebre.
8. Aprobar as normas regulamentarias.
9. Estudio e informe dos orzamentos e contas anuais.
10. Presentar anualmente á Asemblea Xeral:
  - a. Informe económico - financeiro anual
  - b. A conta xeral de ingresos e gastos, explicativa da marcha da entidade durante o exercicio.
  - c. Orzamento anual de gastos e ingresos.
11. Estudio, planificación e control das actividades económicas e financeiras da asociación.
12. Organizar, coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre as persoas representantes das persoas asociadas, designando comisións de estudio e traballo.
13. Planificar os programas e actividades que desenvolva pola asociación.
14. Coñecer e aprobar, se procedese, a memoria de actividades sociais realizadas e das que se pretendan realizar.
15. Adoptar e executar accións de goberno e administración do GAC.
16. A xestión como entidade colaboradora de subvencións para a realización de proxectos dirixidos ao cumprimento dos fins da asociación e recollidos no capítulo IV do Título IV do Regulamento 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca.
17. A avaliación e elevación das propostas de resolución dos proxectos presentados ao abeiro das convocatorias de axudas realizadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
18. Contratación do persoal e expedientes de contratación. Para o desenvolvemento destas actuacións a Xunta Directiva poderá constituír mesas

de contratación cuxa composición será como mínimo de cinco membros, que deberán formar parte da Xunta Directiva do GAC. Formará parte en todo caso desta mesa a Presidencia do GAC ou Vogal en quen delegue.

19. Asesoramento á Presidencia.
20. En xeral, desenvolver cantas accións se dirixan ao mellor cumprimento dos obxectivos e fins sociais, sempre que non estean atribuídos á Asemblea Xeral.
21. A admisión de novas persoas asociadas ao GAC.
22. O nomeamento de Secretario/-a e Tesoureira/-o, que poderá ser membro da Xunta Directiva ou externo.

### **Funcións da Presidencia.**

1. A Presidencia asume a representación legal da entidade para todos os efectos, tanto en xuízo como fóra dela, e ostenta o voto de calidade en caso de empate nas votacións.
2. Correspóndelle dirixir, ordenar e arbitrar os debates, tanto na Xunta Directiva como na Asemblea Xeral, así como:
  - a) Convocar e fixar a orde do día das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, presidíndoas.
  - b) Ordenar os gastos e pagos da entidade, asinando, xunto coa Tesourería, os talóns, recibos e outros documentos análogos.
  - c) Autorizar coa súa firma cantos escritos e comunicacións esixa a marcha da entidade, así como visar os documentos autorizados pola Secretaría, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
  - d) Executar os acordos sociais e asumir e realizar cantas encomendas se lle confíen, tanto por acordo da Xunta Directiva como pola Asemblea Xeral.
  - e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
  - f) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpor reclamacións administrativas e ante a xurisdicción ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas, exercitar accións e opor excepcións.
  - g) A xefatura do cadro de persoal da entidade.
  - h) Redactar a memoria social anual da entidade.
  - i) A comunicación permanente e relación a cantos asuntos sexan de competencia do GAC coas Administracións Públicas.

### **Funcións da Vicepresidencia.**

1. O/a vicepresidente/a substituirá o/a presidente/a en caso de ausencia, enfermidade ou vacante, e desempeñará as funcións que nel delegue o/a presidente/a.
2. O/a vicepresidente/a cesa polos mesmos motivos que o/a presidente/a. Así mesmo, élle aplicable todo o previsto no apartado 3 do artigo anterior en canto sexa compatible.

## Organigrama de Xestión.

O equipo técnico de traballo está formado por persoas, profesionais, con diferentes niveis de formación e experiencia en liña coas funcións e responsabilidades que asumen na execución dos seus postos.

Á hora de deseñar o equipo de traballo, o máis importante é o encaixe entre os perfís de cada un dos postos que integran o equipo e os perfís persoais e profesionais das persoas que ocuparán os mesmos, de tal xeito, que se alcance a máxima harmonía entre uns e os outros.

Tendo en conta o anterior, a estrutura funcional ou de xestión, definida para a asunción das tarefas e responsabilidades e a execución e seguimento do Plan Estratégico Zonal (en diante PEZ), está composta polos seguintes postos de traballo, por orde de maior responsabilidade a menor responsabilidade:

- Xerente.
- Técnico/a Contable.
- Administrativo/a.

Seguidamente pasamos a describir as fichas de requisitos dos postos de traballo.

### **Ficha de requisitos do posto de Xerente.**

#### *Nivel de Formación.*

- Licenciatura, Diplomatura.
- Dominio de ferramentas ofimáticas.

#### *Experiencia.*

- En xestión e coordinación de equipos de traballo.
- No posto como responsable da execución de programas financiados pola CEE, superior a 3 anos.
- En planificación e xestión económica.
- Busca de fontes de información.

#### *Perfil actitudinal e aptitudinal.*

- Capacidade dinamizadora.

- Riguroxidade.
- Capacidade de relación.
- Capacidade de liderazgo.
- Capacidade de organización e coordinación.

### **Ficha de requisitos do posto de Técnico/a Contable.**

#### *Nivel de Formación.*

- Licenciatura, Diplomatura (Administración de empresas), Ciclo Superior de Formación Profesional en Administración e Finanzas, Ciclo Medio en Xestión Económica
- Dominio de ferramentas ofimáticas e aplicacións de xestión contable.

#### *Experiencia.*

- En xestión económica e contable.
- No posto
- Valorarase a experiencia no posto en programas financiados pola CEE.

#### *Perfil actitudinal e aptitudinal.*

- Capacidade de análise.
- Riguroxidade.
- Traballo en equipo.
- Capacidade de organización e planificación

### **Ficha de requisitos do posto de Administrativo/a.**

#### *Nivel de Formación.*

- Ciclo Superior de Formación Profesional en Administración e Finanzas, Ciclo Medio en Xestión Económica
- Dominio de ferramentas ofimáticas.

#### *Experiencia.*

- En xestión administrativa e tratamento de documentos.
- No posto superior a 2 anos
- Valorarase a experiencia no posto en programas financiados pola CEE.

*Perfil actitudinal e aptitudinal.*

- Traballo en equipo.
- Capacidade de organización e planificación.

A continuación descríbense a misión, funcións e responsabilidades de cada un dos seguintes postos.

**Xerencia.**

Misión.

Será a persoa encargada e responsable da coordinación do persoal de cara a garantir a planificación das actuacións e a execución das mesmas, tanto na súa vertente técnica como de xestión, cumprindo en todo momento coas directrices establecidas polo programa e garantindo a suficiencia e correcta xestión financeira e materializando os acordos tomados tanto pola Xunta Directiva da Asociación.

**Funcións e responsabilidades**

1. Participar na selección do persoal necesario e encargado da execución do programa.
2. Garantir a óptima coordinación do equipo de traballo do Programa de Grupos de Acción Costeira.
3. Liderar e levar a iniciativa nas labores de busca e propostas de iniciativas en relación cos distintos ámbitos de actuación do eixe 4: innovación, igualdade, formación, medio ambiente, social, turismo, etc. que poidan ir orientadas a mellora e posta en valor dos recursos cos que conta a zona.
4. Levar a cabo accións de sensibilización da poboación e dos diferentes colectivos con masa crítica na zona, de cara a propiciar a animación e participación para acadar a maior implicación posible de todos os sectores e colectivos da Comarca.
5. Garantir a difusión e publicidade do programa e as accións a levar a cabo financiadas polo programa a través do eixe 4 do FEP.
6. Supervisar as labores de administración e xestión financeira dos fondos de cara a realizar as imputacións de inversión correspondentes dentro das directrices establecidas pola orde e axudas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, o plan financeiro do PEZ e ao abeiro do Fondo Europeo de Pesca (en diante FEP).

7. Informar á Xunta Directiva e á Asemblea da Asociación se fose requirido sobre o funcionamento e xestións realizadas polo equipo de traballo do Programa dos Grupos de Acción Costeira.
8. Elevar á Xunta Directiva da Asociación todos os informes que sexan elaborados previamente polo equipo de traballo, e que requiran o visto e prace do citado Órgano de Goberno.
9. Remitir á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, en tempo e forma, os informes sobre o grao de execución do programa, a listaxe de axudas concedidas, a situación dos expedientes aprobados, informes de elixibilidade dos proxectos e canta documentación relativa ao programa sexa requirida..
10. Programar e coordinar as campañas de publicidade e difusión do proxecto.
11. Contactar coas empresas proveedoras para levar a cabo a valoración de ofertas e a toma de decisión á hora de contratar os correspondentes servizos.
12. Propiciar e posibilitar entre os asociados do GAC o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito do desenvolvemento zonal e rexional.
13. Promover a cooperación interrexional e transnacional con outras asociacións ou organizacións que teñan os mesmos obxectivos.
14. Coordinar a execución das labores asumidas pola Asistencia técnica.
15. Apoiar tecnicamente e ofrecer asesoramento a entidades e persoas interesadas en promover proxectos ao abeiro do PEZ.
16. Calquera outra que se considere necesaria para o óptimo desenvolvemento das accións vinculadas coa execución do programa.

### **Técnico/a contable**

Misión.

Planificar e desenvolver as labores contables e fiscais, así como o control e posta ao día das contas económicas, tendo en conta as directrices económicas estipuladas na orde de axudas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e segundo o FEP.

### **Funcións e responsabilidades.**

1. Colaborar coa asistencia técnica no proceso de xestión e contabilización gastos imputados ao programa, baseándose no principio de elixibilidade.
2. Elaborar os informes técnicos de cada unha das solicitudes de cada proxecto que solicite subvención, especificando a súa viabilidade e a presentación de todos os documentos que sexan necesarios para ditar resolución favorable ou desfavorable sobre a concesión da mesma.

3. Garantir que cada un dos proxectos e solicitudes que se presenten se adapten ás medidas contempladas no Programa.
4. Elaborar, ao final de cada ano, un informe onde se describan as medidas levadas a cabo, as axudas aprobadas, os pagamentos realizados, o grao de avance das accións e o seu impacto en xeral, facendo mención a todos os indicadores físicos e financeiros necesarios para avaliar o programa. O citado informe tamén deberá facer mención ás dificultades xurdidas durante a aplicación do convenio establecido e que requiren cambios e axustes.
5. Informar ao Xerente sobre a viabilidade ou non das iniciativas presentadas
6. Supervisar a execución das actuacións financiadas dentro do Programa.
7. Xestionar a información fiscal e liquidación de impostos.
8. Xestionar a tesourería.
9. Realizar xestións e trámites necesarios coas administracións públicas e asociados do grupo.
10. Redactar informes de elexibilidade.
11. Realizar as certificacións de execución de obras, visitas presenciais de xustificación, etc.
12. Realizar funcións de control de xestión.
13. Elaborar os informes de auditoría e as actas de conformidade que certifique os gastos nos que incorran as entidades promotoras para enviar a Consellería.
14. Calquera outra que se considere necesaria para a óptima rendemento dos recursos económicos a xestionar no programa.

### **Administrativo/a.**

#### Misión.

Levar a cabo a elaboración dos documentos necesarios e tratamento da documentos externos, para unha óptima xestión dos mesmos.

#### **Funcións e responsabilidades.**


1. Colaborar co/a Técnico/a Contable para facilitar a información cando así o requira a asistencia técnica.
2. Realizar a xestión administrativa en directa colaboración coa asistencia técnica, e baixo a supervisión do/a Técnico/a Contable Analista Financeiro, que supervisará o seu traballo e marcará as tarefas a realizar diariamente.



3. Levará o rexistro de entrada e saída de documentos,
4. Xestionar e mantemento do arquivo.
5. Controlar e verificar as facturas emitidas polos provedores.
6. Realizará os desprazamentos precisos para realizar a recollida do correo, rexistros oficiais, etc.
7. Realizará o control de almacén para detectar as necesidades de material de oficina.
8. Realizará as compras precisas para a reposición do material de oficina.
9. Será quen de velar polo perfecto estado de conservación dos equipos e instalacións, informando sobre posibles incidencias e levando a cabo as xestións necesarias para a localización das empresas proveedoras e proceder a súa solución.
10. Realizar xestións e trámites necesarios coas administracións públicas e asociados do grupo.
11. Recepción de chamadas telefónicas e atención a persoas interesadas.
12. Calquera outra que se considere necesaria para a óptima xestión administrativa do programa.

### Organigrama integrado do grupo e de xestión.

A continuación preséntase o organigrama no cal se integra por unha banda o organigrama do grupo, constituído polos órganos de goberno e de decisión, e o organigrama de xestión, formado polo persoal técnico da asociación que asumirá as tarefas do día e día na execución do programa, ambos fusionados como un todo e unha estrutura única que garanta o nivel de calidade na xestión e goberno da asociación, co obxectivo de prestar un servizo óptimo ás entidades interesadas.



### Organigrama de control (Asistencia Técnica).

Co obxectivo de asegurar a consecución dos obxectivos que pretende a Asociación, constituída e así acordado polos órganos directivos da mesma, a Asociación que pretende dar lugar ao GAC da Costa da Morte (GAC 3), conta coa colaboración dun equipo de persoal técnico, externo, que velará pola correcta execución das distintas fases do programa, dende a constitución como GAC, ata as funcións de xustificación e elexibilidade dos gastos:

A asistencia técnica ao proxecto articularase ao redor dos seguintes eixes de traballo:

- a) Asesoramento e apoio á Coordinación Xeral do proxecto.
  - Formación e asesoramento ao equipo de traballo da Coordinación Xeral.
  - Deseño e concreción do Plan de actuacións do proxecto.
  - Revisión do cumprimento das obrigas de información e publicidade.
  - Asesoramento nos procesos de contratación.
  - Apoio nos procesos de certificación de gasto.
  
- b) Asesoramento, apoio e reforzo das tarefas do órgano de seguimento e control do proxecto.

- Asistencia nas funcións de control e seguimento.
  - Apoio na supervisión das declaracións de gasto.
  - Deseño e elaboración dun cadro de mando do proxecto.
  - Asesoramento nos procesos de reprogramación.
  - Apoio na interlocución coa Autoridade de Xestión.
- c) Secretariado técnico e administrativo do proxecto.
- Apoio para a constitución do GAC.
  - Apoio no funcionamento do GAC.
  - Servizo de asesoramento e información ao GAC.
- d) Avaliación externa do proxecto
- Deseño e presentación do procedemento de traballo e as ferramentas a utilizar
  - Medición dos resultados e do impacto
    - o Con respecto aos distintos eixes de actividade do Proxecto, disporase dunha batería de indicadores, tendo especialmente en conta a tipoloxía de actividades.
    - o Aplicarase un sistema de recollida de datos, definido no Plan de Traballo, con proposta de modelos e de técnicas de recollida de información.
    - o Entre os indicadores contarase con aqueles que permitan recoller información sobre os efectos positivos do programa nos municipios así como a eficacia e o grado de alcance da difusión.
  - Técnicas de recollida de información
    - o Visitas técnicas de verificación de actuacións.
    - o Cuestionarios de valoración
    - o Círculo de Calidade
    - o Grupos de discusión.
  - Informes de avaliación.
    - o Informe de Avaliación inicial, con respecto á primeira fase do proxecto.
    - o Informe de Avaliación Intermedia, que recollerá a descrición e a valoración segundo os criterios definidos e medición dos resultados e do impacto ata o momento na fase de execución do proxecto, baseándose nos datos das fontes primarias e secundarias de información sobre o Proxecto.
    - o Informe de Avaliación Final, que recollerá a información sobre a execución do proxecto considerando a totalidade da fase de execución, tendo en conta os criterios descritos e a medición dos resultados, impacto e sustentabilidade

Nestes informes incluírase unha segunda parte na que recolleranse as conclusións e recomendacións, que poidan servir aos órganos de xestión do proxecto para identificar os puntos débiles e fortes da execución do proxecto, propostas para mellora de cara á obtención de resultados finais.

- Avaliación específica de xénero


Xunto coa actividade de avaliación xeral do Proxecto desde EOSA, por medio de persoal especializado, propónse facer unha **avaliación específica de xénero**, que consistirá nun proceso de reflexión e análise dos datos obtidos a través dunha perspectiva de xénero.

Esto permite integrar a perspectiva de xénero e os seus aspectos teórico - prácticos nas propias ferramentas de recollida de datos tanto cualitativos como cuantitativos e no marco metodolóxico desde o que interpretar e perfeccionar o proxecto.

O obxectivo é valorar se a perspectiva de xénero inclúese en todas as fases do proxecto e avaliar como, en que medida e que efectos tivo a súa incorporación transversalmente na execución.

Así mesmo posibilita unha reflexión cunha dobre finalidade: facer recomendacións de mellora, facilitar a identificación de modificacións a introducir nas actividades, na asignación de recursos e no método de traballo.

Este equipo estará constituído por un grupo de profesionais con importante experiencia na redacción de Plans Estratéxicos, en Procedementos e Procesos e Administración Pública.



## *Infraestruturas e medios técnicos do Grupo.*

A Asociación que aspira ao seu recoñecemento GAC, que levará a cabo a elaboración, difusión e promoción do seu PEZ, levará a cabo a xestión dos fondos asignados a súa zona e avaliará os proxectos que lle presenten as entidades promotoras, contará para a execución das súas funcións, dos medios físicos e tecnolóxicos necesarios para garantir uns resultados óptimos acorde coas normas que así o establecen.

Con tal obxecto, a asociación, ten solicitada a utilización das instalacións do Centro da Fundación Comarcal de Bergantiños, situado na Ctra. Buño – Malpica, Km 0,5 – Buño. Malpica de Bergantiños (A Coruña). Teléfono de contacto: 981 107 300. Fax: 981 711 070.



Centro da Fundación Comarcal de Bergantiños

E-mail: [fbergantinos@comarcasdeg Galicia.com](mailto:fbergantinos@comarcasdeg Galicia.com). de titularidade autonómica, socio da entidade e no que se dispón de espazos de uso público, baixo previa petición, con superficie e mobiliario suficiente para poder utilizalos con esta finalidade, así como do uso, no baixo, dun despacho para a executar as funcións de xestión e administrativas que a execución do programa esixa.



Despacho da asociación no Centro da Fundación Comarcal de Bergantiños

O baixo das instalacións está ademais dotado dun espazo adicado a oficina destinado ao persoal xestor do programa equipado con mobiliario de oficina, equipos informáticos e os equipos periféricos necesarios para a asunción das súas funcións.



Oficina da Asociación no Centro da Fundación Comarcal de Bergantiños

Para concluír coas instalacións da planta baixa, coas que conta a Asociación, o centro dispón dunha Sala de Xuntas de uso público, baixo a correspondente e pertinente solicitude, con capacidade para 14 persoas equipada con TV, canón proxector e pantalla proxectora.



Sala de Xuntas do Centro da Fundación Comarcal de Bergantiños

No terceiro andar, tamén se conta coa posibilidade de utilizar o Salón de Actos con capacidade para 80 persoas.



Salón de actos do Centro da Fundación Comarcal de Bergantiños


As instalacións, destacan por estar totalmente adaptadas nos seus servizos, de cara a facilitar o acceso e disfrute das mesmas por persoas con eivas, o que permite unha sinxela e factible accesibilidade ás mesmas, pois están equipadas con elevador adaptado e rampas de acceso, que permiten os desprazamentos tanto horizontalmente como verticalmente polos distintos andares, da instalación.

A continuación móstrase un plano da distribución do interior do centro, describindo pormenorizadamente dos espazos por andar.


**DISTRIBUCIÓN INTERIOR DO CENTRO**

- 1 Recepción , Información
- 2 Vendas
- 3 Exposición permanente
- 4 CETADEC, Área de negocios
- 5 Despacho xerente
- 6 Sala de xuntas
- 7 Sala de vídeo
- 8 Restaurante, Cafetería
- 9 O Alfar, exposición de cerámica
- 10 Sala multiusos
- 11 Aseos


Planta -1




Planta +1



Planta acceso



Planta +2





## Relación de equipos informáticos e medios técnicos.

Os equipos informáticos cos que contará a asociación son, en principio catro, tres de sobre mesa e un portátil para utilizar en presentacións e actos fóra do local.

A continuación faise unha descrición técnica de cada un deles, ademais do resto de medios cos que conta a asociación (Rede de telecomunicación, transporte, etc.)

- Ordenador PC, procesador AMD Athlon(TM) XP 2600+, monitor noc TFT de 17 pulgadas, teclado e rato inalámbricos Logitech. Windows XP Home Edition, Microsoft Office.
- Ordenador PC marca Hewlett Packard Vectra, procesador Intel Pentium III, monitor HP de 15 pulgadas, teclado e rato HP. Windows XP Professional, Microsoft Office.
- Ordenador PC, procesador Intel Pentium III, monitor Philips TFT de 15 pulgadas, teclado e rato Genius. Windows XP Professional, Microsoft Office.
- Ordenador PC, procesador AMD Athlon(TM) 64 X2 Dual Core Processor 4200+, monitor Philips TFT de 17 pulgadas, teclado e rato inalámbricos Logitech. Windows XP Professional, Openoffice.

Todos dispoñen de conexións sen fíos para rede e internet ADSL.

### *Equipos periféricos.*

- Impresora laser - color, Minolta Magicolor 2300 DL.
- Impresora laser branco e negro, HP Laserjet 1320.
- Equipo multifunción marca Canon iR2016 (impresora - fotocopiadora branco e negro).
- Escaner Primax Colorado 1200p.

### *Rede.*

- 3 unidades SAI PowerWalker.

### *Medios de telecomunicación.*

- Teléfono / Fax, Novofax OL110.
- Teléfono móbil Sony Ericsson.

### *Medios de transporte.*

- Automóbil Citroën C4, Diesel, 5 portas. (por medio de renting).

Ademais as salas do Centro Comarcal da Fundación conta con pantalla e proxección e canón.

Para garantir a xestión conforme á LOPD 15/1999 do 13 de decembro e seu novo regulamento da mesma aprobado o 21 de decembro de 2007, a asociación está provista dunha trituradora de papel para levar a cabo a destrución de calquera documento que conteña información de carácter persoal.

### 3.2 Experiencia do Grupo / territorio na xestión de proxectos de desenvolvemento local e programas europeos.

A asociación da Comarca de Bergantiños constituída para optar a ser seleccionado dentro do programa promovido polo FEP e a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos a nivel autonómico, como Grupo de Acción Costeira da Zona 3, correspondente á zona da Costa da Morte, conta cun dilatado bagaxe e unha considerable e importante experiencia, tanto na xestión de programas de desenvolvemento local como de diferentes programas europeos.

A continuación pasamos a facer unha breve descrición dos programas e actividades realizadas nos últimos anos podemos citar os seguintes, sobres os que destacaremos os obxectivos, ámbito e nalgún deles as medidas, proxectos e contías correspondentes aos mesmos.

#### Programas nos que participou a Fundación Comarcal de Bergantiños.

##### *Programa “PRODER”.*

É un programa de diversificación económica das zonas rurais obxectivo.

O principal obxectivo deste programa era o de impulsar o desenvolvemento endógeno e sostible da comarca.

O ámbito de actuación abarcou os concellos de Carballo, Coristanco, A Laracha, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.

O período de programación comprendeu as anualidades 1996 – 19999, sendo xestionado directamente polo equipo da Fundación Comarcal de Bergantiños.

A través da execución do programa Proder, puxéronse en marcha 27 proxectos cun investimento total de 568.723.460 pesetas. O balance xeral en relación coas medidas aplicadas foi o seguinte:

En relación coas medidas concedidas e aplicadas a Bergantiños, o balance xeral é o seguinte:

- **MEDIDA 2. VALORACIÓN DO PATRIMONIO LOCAL.**

Renovación e desenvolvemento de núcleos sen predominio da actividade agraria.

Tratábase da dotación de equipamentos e servizos necesarios para mellorar as condicións de vida e benestar da poboación.

Nº PROXECTOS	INVESTIMENTO EN PTS.
14	295.939.039

▪ **MEDIDA 3. INVERSIONES TURÍSTICAS NO ESPACIO RURAL. AGROTURISMO.**

Fomento dos investimentos no medio rural e das posibilidades de obtención de rendas complementarias para os agricultores.

Nº PROXECTOS	INVERSIÓN EN PTS.
4	68.945.940

▪ **MEDIDA 4. INVERSIONES TURÍSTICAS NO ESPACIO RURAL. TURISMO LOCAL.**

Fomento dos investimentos no medio rural, actividades de promoción do turismo rural.

Nº PROXECTOS	INVERSIÓN EN PTS.
3	65.501.715

▪ **MEDIDA 5. CREACIÓN DE PEQUEÑAS EMPRESAS, ACTIVIDADES DE ARTESANÍA E SERVICIOS.**

Medida dirixida principalmente aos sectores secundario e terciario. Pretendíase aproveitar os recursos locais (agrarios, artesanais...), a través da súa transformación e comercialización.

Perseguíase a creación de empresas de servizos que achegaran experiencia de estudos de mercado, novas tecnoloxías e capital humano especializado que influíra no desenvolvemento das empresas da Comarca.

Nº PROXECTOS	INVERSIÓN EN PTS.
6	108.597.107

▪ **MEDIDA 6. SERVICIOS ÁS EMPRESAS NO MEDIO RURAL.**

- Apoio técnico.
- Sensibilización da poboación.
- Fomentar proxectos.

Nº PROXECTOS	INVERSIÓN EN PTS.
1	29.739.659

## RELACIÓN DE INICIATIVAS.

MEDIDAS	ACCIÓNS
MEDIDA 2	Urbanización dotación de servicios e axardinamento da praza do Recheo (Concello de Ponteceso)
	Recuperación do contorno fluvial no San Martiño (Concello de Carballo)
	Acondicionamento do contorno da Fonte da Garga (Concello de Ponteceso)
	Restauración da Igrexa de Santiago de Mens (Concello de Malpica)
	Restauración do Mosteiro de Soandres (Concello de A Laracha)
	Área de ocio en Gabenlle (Concello de A Laracha)
	Praza de San Cristovo (Concello de Carballo)
	Praza no contorno do Igrexario de Montemaior (Concello de A Laracha)
	Acondicionamento do rego da balsa e Praza na Casilla (Concello de Carballo)
	Urbanización de parcela para parque municipal (Concello de Coristanco)
Área recreativa na Rocheira (Concello de Coristanco)	
MEDIDA 3	Itinerario turístico comarcal. A Costa da Morte en Bergantiños
	Establecemento de turismo rural en Tella
	Establecemento de turismo rural en Barizo. Casa da Sebe
	Establecemento de turismo rural en Verdes
MEDIDA 4	Establecemento de turismo rural en Pontella. San Arpón
	Ampliación camping Os Delfíns
	Establecemento de turismo rural en Riotorto
MEDIDA 5	Taller de confección. Peletería Coristanco
	Pirotecnia Artefogo
	Adquisición maquinaria. Cooperativa Coreber
	Alugamento de vehículos. Costa Azul. Rent a car
	Fabriación de utensilios industria naval. Mechanis
	Campo de golf en San Miguel de Vilela
MEDIDA 6	Funcionamento Grupo

## BALANCE XERAL PRODER BERGANTIÑOS.

MEDIDAS	Nº PROXECTOS	INVESTIMENTO (PTAS).	CREACIÓN DE TRABALLO	POSTOS DE
M.2. Valoración do patrimonio local	14	295.939.039		
M.3. Investimentos turísticos no espacio rural; turismo rural	4	68.945.940	3	
M.4. Investimentos turísticos no espacio rural: turismo local	3	65.501.175	2	
M.5. Creación de pequenas empresas, Actividades de Artesanía e Servicios	6	108.597.107	31	
M.6. Servicios ás empresas no medio rural	(1 Gastos de funcionamento)	29.739.659		
<b>TOTAL</b>	<b>568.723.460</b>		<b>36</b>	

### *Programa “PLEIADES”.*

Este programa posúe unha orientación eminentemente de cooperación interrexional.

Como obxectivo pretendía o desenvolvemento económico de índole cultural.

O tipo de medidas que englobaba:

Posta en marcha de itinerarios culturais baseados no patrimonio etnográfico, cultural e natural, que contribuíran ao desenvolvemento das rexións participantes.

O proxecto conlevou a colaboración con rexións de países, entre outros, como, Suecia, Irlanda, Reino Unido, Holanda, Francia.

### *Programa “RELATED”.*

Proxecto encadrado no marco do programa Leonardo Da Vinci.

O seu obxectivo era o de xerar accións de formación profesional, centrándose, en particular na cooperación entre universidades e empresas, propiciando a aprendizaxe no uso das novas tecnoloxías en colaboración con rexións de países como Alemaña, Finlandia e Bélxica.

### *Programa “CAMINA”.*

Programa orientado cara o obxectivo básico da inserción laboral da muller.

Integraron o programa os concellos de: Carballo, Coristanco, A Laracha, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.

O proxecto “Camina” foi elaborado polas Axencias de Desenvolvemento Local dos concellos e a coordinación do Centro de Información á Muller do Concello de Carballo e contou co apoio técnico da Fundación Comarcal de Bergantiños.

Este proxecto foi presentado ante a Deputación Provincial da Coruña dentro da Subvención Global do Fondo Social Europeo.

### *Proxecto “Turmas”.*

O Proxecto “Turmas. Turismo e Medio Ambiente Sostible” encádrase dentro da Iniciativa Comunitaria Interreg III-A; o seu obxectivo principal é lograr unha vida san e saudable das poboacións implicadas, en harmonía coa natureza, cooperando no fortalecemento da súa capacidade endóxena para lograr o desenvolvemento sostible, mediante o intercambio de coñecementos e experiencias.

### *Programa “Inserta”.*

O programa INSERTA é unha das vías de creación de emprego que contribúe ao cumprimento dos obxectivos da Fundación ONCE. Este programa está destinado a conseguir a contratación de persoas con eivas, por empresas solventes alleas ao entorno da Fundación ONCE.

O programa basease en establecer acordos de colaboración entre a Fundación ONCE e calquera empresa que teña o propósito de contratar a persoas con eivas

### *Programa “Insertamos”*

O programa é unha iniciativa que ten por finalidade favorecer a inserción laboral de desempregados na área de atención ás persoas.

### *Programa “Proxímitas Plus”.*

O programa Proxímitas busca ofrecer unha instrución medioambiental e potenciar a creación de postos de traballo. Para elo, ofrece á totalidade do alumnado dos diferentes municipios da provincia participantes nos cursos unha formación teórico - práctica sólida, co fin de favorecer a inserción laboral de estas persoas.



### *Proxecto “Xiana”*

O programa XIANA, está orientado a promover o fomento do emprego e a inclusión social, cofinanciado pola Deputación da Coruña e a Unión Europea. O proxecto XIANA (Xestión Integral, Accesibilidade, Novas Tecnoloxías e Adaptabilidade no mercado laboral).

Un dos obxectivos do proxecto é a dinamización da base económica do medio rural, fomentando actividades encamiñadas a mellorar o nivel de servizos, o benestar da cidadanía, fomentando a igualdade de oportunidades, prestando especial atención aos colectivos máis desfavorecidos. Tamén se persegue reforzar o papel dos núcleos de poboación rural como dinamizadores da economía, e como elementos de cohesión social.

### *Programa “LEADER +.*

O obxectivo do programa Leader + é incitar e axudar aos axentes do mundo rural a reflexionar sobre o potencial do seu territorio nunha perspectiva a máis longo prazo. Así mesmo, dita iniciativa pretende fomentar a aplicación de estratexias orixinais de desenvolvemento sostible integradas, de calidade e destinadas á experimentación de novas formas de:

- valorización del patrimonio natural e cultural,
- mellora do contorno económico a fin de contribuír á creación de emprego,
- mellora da capacidade de organización das respectivas comunidades.

### *Programa “AGADER”.*

O programa Agader, é un programa de desenvolvemento rural concibido como un instrumento dirixido e co obxectivo de propiciar a diversificación económica e o desenvolvemento do medio rural, baseado nos principios do desenvolvemento endógeno, integrado e sostible.

O período de programación comprendeu as anualidades 2000 – 2006.

A Fundación Comarcal participou na xestión deste programa coa aportación de persoal e medios técnicos a través dun convenio asinado coa Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños, entidade á que lle foi concedida a xestión do programa por resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

O programa actualmente está na fase de control e seguimento, sendo o balance actual do estado de execución o seguinte:

MEDIDAS	Nº PROXECTOS	INVESTIMENTOS (€)
A.001. Asistencia técnica - Gastos de funcionamento	6 (Gastos de funcionamento)	613.009,76
A.002. Prestación de servicios ás empresas		
A.003. Renovación, desenvolvemento e mellora dos núcleos de poboación rural e do seu entorno	8	2.640.887,72
A.004. Valorización da produción agraria	2	446.035,33
A.005. Fomento das pequenas empresas, actividades de artesanía e de servicios	24	4.667.967,55
A.006. Valorización do patrimonio rural e local	10	1.687.314,81
A.007. Fomento dos investimentos turísticos no medio rural: agroturismo e turismo local	9	2.006.112,96
<b>Total</b>	<b>12.061.328,13</b>	

Exemplo de díptico para a difusión do programa AGADER na Comarca de Bergantiños.



INFORMACIÓN


FUNDACIÓN [  ] BERGANTIÑOS

Centro Comarcal de Bergantiños  
A Camposa s/n Buño  
15111 Malpica de Bergantiños  
Telf: 981 711 070 / 981 707 300  
Fax: 981 711 070 / 981 707 399  
e-mail: fbergantiños@cetadec.net

Atención ó público de luns a venres de 9:00 a 14:00

# AGADER

PROGRAMA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA  
E DESENVOLVEMENTO RURAL



Asociación de Desenvolvemento  
da Comarca de Bergantiños



Fondo  
Europeo  
de Pesca



## PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Por Resolución do presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de data 16 de abril de 2002, publicada no DOG do 24 de abril, concedeuse á Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños o programa de desenvolvemento denominado AGADER que foi concibido como un instrumento para a diversificación económica e o desenvolvemento do medio rural, baseado nos principios de desenvolvemento endógeno, integrado e sostido.

### > ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O programa poderá financiar iniciativas que se leven a cabo nos seguintes concellos da comarca de Bergantiños: Carballo, Coristanco, Laracha, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.

### > BENEFICIARIOS

- > Empresarios individuais
- > Sociedades mercantís
- > Sociedades Agrarias de Transformación
- > Cooperativas
- > Sociedades Laborais
- > Entes públicos de carácter local
- > Fundacións
- > Asociacións

### > REQUISITOS

A > O proxecto deberá adecuarse á natureza das medidas ás que pretende acollerse, axustándose, en tódolos casos, ó réxime de axudas contidas nos Convenios asinados cos organismos intermediarios.

B > O proxecto debe ser viable técnica, económica e financeiramente.

C > Non ter iniciado o investimento antes de solicitar a axuda.

D > Respetar as disposicións vixentes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

E > Respetar a normativa urbanística vixente e dispor das autorizacións do Concello correspondente para instalar, ou no seu caso, ampliar a actividade da que se trate.

F > Xerar ou manter emprego.

G > Contribuír á corrección dos desequilibrios territoriais e productivos da zona.

### > MEDIDAS FINANCIABLES

1. Asistencia técnica e gastos de funcionamento
2. Prestación de servizos ás empresas
3. Renovación, desenvolvemento e mellora de núcleos de poboación rural e do contorno
4. Valorización da produción agraria
5. Fomento de pequenas empresas, actividades de artesanía e de servizos
6. Valorización do patrimonio rural e local
7. Fomento dos investimentos turísticos no medio rural

### > CONTÍA

Actividades ou investimentos de carácter productivo  
Con carácter xeral a axuda máxima non poderá superar a cantidade de 250.000 € por beneficiario, establecéndose a porcentaxe de axuda en función dos criterios de baremación do programa.

Actividades ou investimentos de carácter non productivo  
Ata o 100% do investimento subvencionable coas seguintes limitacións:

> Infraestruturas públicas:	500.000 €
> Restauración e recuperacións:	500.000 €
> Inmateriais:	100.000 €
> Cooperación interterritorial:	1.000.000 €

### > SOLICITUDES

Os promotores interesados en solicitar as axudas deberán dirixirse as oficinas da Unidade Técnica de Xestión do programa, localizada no Centro Comarcal de Bergantiños, A Camposa s/n, Buño (Malpica de Bergantiños) de luns a venres en horario de 9 a 14 h.

### > PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para presentación de solicitudes remata o 31 de outubro de 2006.




grupos de  
acción costeira  
2007-2013

costa  
da morte  
zona 3



## 6. políticas de igualdade de oportunidades



costa da morte. zona 3  
plan estratéxico zonal (PEZ)

Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo  
Europeo  
de Pesca

## 6. POLÍTICAS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

### Principio de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.

Defínese “Xénero”, ao conxunto de expectativas que a sociedade deposita en relación aos distintos comportamentos que deberían ter homes e mulleres. Por Ex: en canto á asignación de responsabilidades, espérase que os homes manteñan maior protagonismo no mundo do traballo, mentres que as mulleres agárdase que exerzan esa responsabilidade no ámbito doméstico (aínda que dispoñan dun traballo retribuído). Polo tanto, o xénero é unha circunstancia social, que depende das distintas culturas e crenzas. Cando homes e mulleres establecen as súas interaccións en función das expectativas sociais, denomínase relacións de xénero.

As formas de comportamento concrétnanse a través de roles, que non son outra cousa que os papeis que xogan na vida social. Representan as distintas funcións que exercemos a diario. Por exemplo, ser esposa, nai, empregada, marido ou traballador. O xénero ou expectativa social concrétnase a través de roles. Por exemplo, socialmente enténdese “mellor” que unha traballadora (rol) pida un permiso por enfermidade de unha filla, que un empregado (rol) solicite o mesmo permiso.

Á hora de falar de Igualdade de Oportunidades, tamén temos que definir qué se entende por “Estereotipos”. Podemos entender por estereotipos ao conxunto de ideas e crenzas que circulan socialmente e logran adquirir rango de realidade, aínda que, se nos detivéramos sobre os seus contidos veríamos que se basean máis en prexuízos que nunha análise rigurosa. Convivimos a diario con multitude de estereotipos, sobre razas, grupos de poboación e dende logo, sobre homes e mulleres.

O conxunto de roles e estereotipos, asignado a homes e mulleres tivo consecuencias para ambos:

- As mulleres permaneceron, tradicionalmente, apartadas da participación social e política, por crer que a atención das persoas, no ámbito doméstico e familiar, restáballes eficacia no seu traballo.
- Os homes ocuparon o espazo público, no emprego, a política e a economía como ámbitos prioritarios de actividade, permanecendo alonxados da cobertura das necesidades afectivas e de coidado que se desenvolven no seo das familias.

Esta visión de roles tivo outras consecuencias no sector laboral:

O acceso á promoción, no mercado de traballo, están supeditados ás responsabilidades familiares. Sigue sendo habitual en moitas entrevistas de selección introducir preguntas sobre esta materia, “cando ditas responsabilidades familiares deberían ser compartidas”.

- O mercado de traballo demanda maior dispoñibilidade de homes, o que resta tempo para a atención de ámbito doméstico, pero sen embargo, non podemos esquecer que o rol da paternidade está asociado a ser o principal perceptor de renda no fogar (o

cabeza de familia). Polo tanto, socialmente, agárdase que os homes (como característica de xénero) teñan un importante papel no ámbito laboral.

O concepto de igualdade significa e reconece que mulleres e homes non somos iguais no sentido de idénticos, pero si somos iguais en dereitos e debemos selo tamén en oportunidades; cada persoa é diferente pero, debe ser valorada por igual.

Erroneamente moita xente considera que a igualdade é tratar a todas as persoas igual, dun xeito idéntico, sen facer distincións. É moi frecuente a expresión: “eu non discrimino, trato a todo o mundo por igual”. Pero a igualdade non consiste en tratar a todas as persoas igual, dun xeito idéntico, senón precisamente en tratalas dun xeito diferente en función das súas circunstancias persoais, culturais, sociais, étnicas ou de xénero coa finalidade de que teñan iguais posibilidades de desenvolvemento persoal que o resto das persoas. A igualdade de oportunidades supón valorar por igual mulleres e homes e, asemade, ter dereito a ser diferente.

Significa que mulleres e homes poden participar e ter o mesmo poder e a mesma consideración social para tomar decisións, tanto no ámbito público como no privado; significa garantir que mulleres e homes poden participar nas diferentes esferas e actividades da sociedade (económica, laboral, política, participación social, toma de decisións, tempo de lecer, etc....) sobre a base da igualdade.

## Igualdade de Oportunidades en Europa.

A Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes é un dos alicerces principais do estado de dereito, polo tanto dende o comezo da Constitución Europea dito principio constitúe unha das prioridades políticas fundamentais. Atopamos referencias concretas de este principio de igualdade en artigos do Tratado de Roma, de Ámsterdam e diversos regramentos. Debemos incorporar a perspectiva de xénero por tres razóns principalmente:

**1. Por responsabilidade e xustiza social.** Os proxectos cuxa finalidade é promover a inserción sociolaboral das persoas abordan alomenos dous dos dereitos fundamentais recoñecidos en múltiples lexislacións nacionais ou internacionais: o dereito ao traballo e á Igualdade de Oportunidades. Todas as persoas deberán poder alcanzar un traballo digno que faga posible o seu desenvolvemento integral. É, por tanto, un exercicio de responsabilidade e xustiza social que nos leva inevitablemente a:

Contemplan íntegramente ás persoas sen distinción de sexo, evitando excluír ás mulleres, exclusión que anula o potencial de máis da metade da poboación.

- Situar ás persoas como primeiros axentes promotores e destinatarios da xestión dos proxectos partindo das súas necesidades, inquiredanzas, expectativas, capacidades, etc.

- Conseguir unha rendabilidade e eficacia maior na xestión dos Recursos Humanos porque se aproveita o potencial das persoas, o cal fomenta cambios nas estruturas, propón novas fórmulas de organización e lógrase finalmente un valor humano engadido.

**2. Polas actuais situacións de desigualdade no Mercado Laboral.** A construción social do xénero e as relacións de xénero establecen as diferentes tarefas e responsabilidades que deben asumir homes e mulleres, valorando distintamente ditas actividades. Esta división sexual das funcións e expectativas sociais tradúcese nunha división dos ámbitos nos que homes e mulleres traballan. Tradicionalmente, a división sexual do traballo estableceu que as mulleres se circunscriban ao ámbito privado, realizando actividades relacionadas coa organización e atención á familia, xunto coas tarefas derivadas do traballo no fogar. Fronte a este ámbito doméstico onde se desenvolve o traballo reproductivo, os homes sitúanse no ámbito público, realizando aquelas tarefas relacionadas coa vida económica, política e social, é dicir, o traballo productivo ou emprego. O valor do traballo que tradicionalmente levan a cabo homes e mulleres non foi equivalente. Así, o traballo productivo remunérase e denomínase emprego,

**3. Polas directrices da UE.** No impulso para a consecución da Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres teñen un papel relevante as institucións internacionais de traballo, Nacións Unidas ou a Unión Europea. A Unión Europea desenvolveu unha serie de políticas de Igualdade de Oportunidades que pasaron por distintas fases. Nun principio adoptáronse medidas legislativas para alcanzar a igualdade formal de dereitos entre homes e mulleres, posteriormente e para a consecución da igualdade real entre homes e mulleres, desenvolvéronse accións concretas para mellorar a situación das mulleres, os programas específicos, e por último, integrouse o principio de Igualdade de Oportunidades nos Fondos Estructurais da Unión e noutras políticas xerais, como as de emprego. Actualmente, estes tres tipos de intervención (medidas legislativas, programas de acción específicos e a integración do principio nos Fondos Estructurais e en outras políticas) conviven e desenvólvense de maneira complementaria.

### As políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As políticas públicas evolucionan ao ritmo que o fai a sociedade na que se deseñan e aplican. O fin último das políticas públicas nas sociedades democráticas e nos diversos ámbitos que abranguen (educación, vivenda, emprego, cultura, sanidade, deporte, etc.) é garantir os dereitos recollidos na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia, buscando un reparto equitativo entre os recursos e as necesidades da cidadanía, da diversidade das mulleres e dos homes que integran

Galicia. As políticas deben baixar ao nivel micro para se adaptaren ás necesidades específicas da poboación de cada territorio e contribuíren á superación das desigualdades socioeconómicas entre Galicia urbana e a rural en entre as mulleres e os homes. As políticas de igualdade de oportunidades son aquelas que incorporan a análise de xénero na planificación, desenvolvemento e avaliación das políticas xerais en materia de educación, saúde, emprego.... Son estratexias que marcan directrices xerais de cara a face efectiva a igualdade, e que se definen desde os movementos da mulleres (que visibilizaron as situacións de discriminación en todos os ámbitos ) e desde os organismos oficiais. Estas políticas buscan incorporar obxectivos de igualdade ás axendas públicas, ademais de dismantelar pouco a pouco as desvantaxes que, por razóns de xénero mulleres e homes poden chegar a sufrir, ou sofren, en contextos concretos e que limitan as súas oportunidades de desenvolvemento persoais. A discriminación e a desigualdade xa non son temas de mulleres, pois incumben a toda a sociedade. É un problema económico que deber recoñecer, máis que descubrir, as mulleres como axentes económicos potenciais. Hai que empezar a contemplar a realidade mixta, na que existen diferentes grupos de axentes que poden favorecer o desenvolvemento económico dun territorio, sendo un deles as mulleres.

A nivel internacional cabe destacar o avance observado desde que o ano 1975 as Nacións Unidas declararon o Ano Internacional da Muller. Despois virían máis conferencias mundiais sobre as mulleres, nas que foron elaboradas propostas para todos os países e rexións do mundo: Copenhague (1980), Nairobi (1985) e Beijing (1995). Nesta última adoptouse unha plataforma de acción co obxectivo de “eliminar todos os obstáculos que dificultan a participación activa da muller en todas as esferas da vida pública e privada mediante a participación plena e en pé de igualdade no proceso de adopción de decisións nas esferas económica, social, cultural e política”. Así mesmo, e para romper coas discriminacións estruturais que impiden a igualdade a nivel planetario, impulsouse o concepto de Meainstreaming (estratexia dirixida a adoptar as políticas de igualdade de xénero), como unha estratexia para promover a igualdade de oportunidades dun xeito global, que implica a introducción da análise de xénero en todas as políticas, programas e actuacións dun xeito transversal.

Polo tanto, os obxectivos xerais do desenvolvemento de calquera proxecto deben enmarcarse e ter como referencia as conclusións e recomendacións en materia de igualdade, de organismos internacionais, nomeadamente de Nacións Unidas e da Organización Internacional do Traballo, entre as que debemos destacar:

A nivel da Unión Europea o principio de igualdade entre mulleres e homes, é un principio fundamental do dereito comunitario, e as directivas e outros actos adoptados segundo este principio desenvolven un importante papel na mellora da situación das mulleres e do avance da igualdade. Dende a creación da Comunidade Económica Europea (CEE) en 1957, o principio da igualdade entre mulleres e homes forma parte dos diferentes tratados constitutivos ata o último: Tratado de Ámsterdan de 1997.

Neste ámbito da Unión Europea atopamos as normativas, obxectivos e recomendacións contidas nos:

- Tratado de Ámsterdan de 1997.
- Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, do 22 de febreiro de 2006, sobre a igualdade entre mulleres e homes, 2005.
- Recomendacións do Consello Europeo de Lisboa.
- Folla de Ruta da Unión para o 2006 – 2010, no ámbito do emprego e política social.
- Programa Comunitario de Fomento do Emprego e da Solidariedade Social.
- Directiva europea 2006/54/CE.

No Estado español, as últimas publicacións lexislativas en materia de igualdade son as seguintes:

- Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de Seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Plan nacional de sensibilización e prevención da violencia e xénero 2007 – 2009.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

No ámbito da nosa comunidade autónoma, debemos destacar especialmente entre as últimas leis, plans e pactos en materia de igualdade os seguintes:

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes de Galicia.
- Lei galega para a prevención e para o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Anteproxecto do texto normativo da Lei de servizos sociais de Galicia, de novembro do 2006.
- Pacto galego polo emprego, asinado no 2007.
- Plan de fomento da corresponsabilidade, 2007.
- Plan do Goberno Galego para a igualdade de mulleres e homes, 2007 - 2010.



## O Mainstreaming de xénero.

Na nomeada IV Conferencia Mundial das Mulleres de Nacións Unidas, que tivo lugar en Beijing no ano 1995, propúxose o mainstreaming como unha estratexia global e integral (non como fin en si mesmo) para o avance da igualdade entre mulleres e homes na sociedade na procura de:

- Romper as barreiras estruturais que impiden a consecución da igualdade real entre mulleres e homes.
- Integrar dun xeito transversal a análise de xénero e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todas as políticas públicas, programas, proxectos, plans e medidas da política en xeral.

O mainstreaming, para a súa posta en funcionamento nunha entidade pública, privada ou organización, require cando menos de:

- Vontade e compromiso político, directivo ou xerencial (onde se tomen as decisións).
- Unha planificación sistemática, gradual e que implique pouco a pouco a toda a organización ou entidade (e non só a unha área, departamento...).
- Unha estrutura organizativa, administrativa de igualdade central/matriz (secretaría xeral, concellaría...) que vele pola igualdade dun xeito transversal nas áreas nas que se organiza/estrutura a institución.
- Estructuras organizacionais e administrativas de igualdade que velen pola igualdade no seu interior (unidades de igualdade de xénero, áreas e departamentos de igualdade, responsable de igualdade, axente de igualdade, delegada de igualdade...).
- Reformulación da cultura organizacional e dos valores implícitos nesta.
- Recursos económicos propios para a igualdade.
- Formación e capacidade técnica do persoal implicado.
- Métodos, técnicas e ferramentas.
- Información, investigacións e análise das desigualdades de xénero existentes.
- Datos desagregados por sexo e indicadores de xénero.
- Avaliación e medición de impactos na igualdade.
- Implicación da diversidade de mulleres e homes, involucrar a mulleres e homes de todas as idades, sectores, relixións, et.
- Diseñar accións destinadas á diversidade de mulleres e homes.

O mainstreaming de xénero é unha intervención global que debe afectar a toda a institución e ten unha dobre dimensión, pois abrangue as persoas que compoñen esa organización así como o contido e o xeito de facer o seu traballo, pero tamén a

organización (reorganización) das estruturas da institución para garantir que a igualdade se teña en conta dun xeito transversal en toda ela.

## Igualdade de Oportunidades no emprego.

Ter un emprego na nosa sociedade aporta ás persoas:

- Independencia económica ou posibilidade de adquirir unha certa autonomía vital na cobertura de necesidades básicas por un/ha mesmo/a.
- Valoración e recoñecemento social. Pola concepción existente, o traballo valorado socialmente é traballo remunerado ou emprego e como consecuencia xera un sentimento individual de autovaloración e autoestima.
- Obtención de dereitos sociais propios e non derivados ao exercer un emprego legalmente recoñecido: Seguridade Social, Cotizacións á xubilación, dereitos fiscais, etc.
- Fai posible o desenvolvemento e ampliación das perspectivas profesionais, a adquisición de metas, etc. Cando se produce un período sen emprego, o retorno ao mercado laboral non se produce en condicións de igualdade e o desenvolvemento da traxectoria profesional vese obstaculizado.

A eliminación da discriminación é fundamental para un funcionamento eficaz dos mercados de traballo e para a competitividade das empresas.

Unha reserva de empregados que non sexa representativa da diversidade da sociedade en canto a idades , sexo, relixións ou capacidades/discapacidades, teñen menos posibilidades de atender ás necesidades dunha carteira de clientes que se está a volver cada vez máis heteroxénea a raíz da globalización dos mercados e a produción.

O recrutamento e selección do persoal para a empresa é basicamente a busca de recursos humanos potencialmente cualificados e capaces de ocupar determinados postos de traballo. Neste proceso, ten una gran importancia para a empresa, pois a persoa seleccionada proporciona á organización os seus coñecementos, capacidades, aptitudes e experiencia para que na empresa os desenvolva como tal.

## Igualdade de Oportunidades no sector pesqueiro.

### Muller e pesca na Unión Europea.

En termos xerais pode afirmarse que o papel da muller nas labores da pesca non foi recoñecido, pasando amplamente desapercibido. No “Libro

Verde sobre el futuro da Política Pesqueira Común (PPC)”, publicado en Marzo de 2.001, a Comisión Europea admitía a necesidade de que a Unión contribuíra ao recoñecemento e fomento do importante papel que desempeñan as mulleres no sector pesqueiro.

En Novembro de 2.002, presentouse un plan de actuación para contrarrestar as consecuencias sociais e económicas da reestructuración da industria pesqueira da Unión Europea. Este plan daba unha serie de recomendacións respecto á formación das mulleres e ofrecía apoio a aquelas que desexaran incorporar un maior valor engadido á produción. Xa na reforma da Política Pesqueira Común (PPC), a Comisión ofrecía un apoio significativo ás mulleres no seu esforzo de consolidar o seu papel na pesca, prestándose en xeral unha maior atención á mellora da visibilidade do papel desempeñado polas mulleres no sector.

Pese ás directrices políticas e o feito de que as mulleres participan e o levan facendo, dende tempo inmemorable, en todos os niveis da cadea de produción pesqueira - industria (60%), acuicultura (30%), no sector de capturas, principalmente mariscadoras (6%), aínda persiste en moitas zonas a idea de que o sector pesqueiro é “cousa de homes”, non valorándose suficientemente as labores das mulleres no sector, máis que como unha axuda adicional ao home.

No ano 2.002 un estudio publicou información detallada sobre a situación das mulleres no sector pesqueiro, puntualizando que exercen unha grande diversificación de funcións no sector. As mulleres son maioría no subsector da transformación, 60% aproximadamente, realizando os traballos máis baixos da escala, ou en traballos auxiliares como marisqueo, cosido de redes e confección de nasas, traballos que non necesitan de gran cualificación.

No citado estudio puidose comprobar que pese á diversidade cultural e económica, as mulleres do sector pesqueiro europeo comparten numerosos problemas, entre outros a falta de recoñecemento, de formación e recursos, así como un acceso restrinxido á información. A súa principal recomendación consiste en potenciar o papel das esposas colaboradoras a través da creación de redes, a mellora do acceso á comunicación (Internet), e a formación.

As redes de mulleres funcionan en diversos países, algunhas delas encóntranse ben asentadas, outras están en fase embrionaria, e outras teñen problemas para iniciar a súa andaina. Todas carecen de financiación adecuada e dependen fundamentalmente do voluntariado.

O valor das redes de mulleres ven dado, entre outros, polos beneficios que poden chegar a conseguir:

- Un maior recoñecemento por parte da Unión Europea dos postos de traballo da industria pesqueira ocupados por mulleres.
- A garantía de que a normativa na materia, e entre outras, a Directiva 86/613 do Consello, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exercen unha actividade autónoma, incluídas as

actividades pesqueiras, se cumpran.

- O intercambio de prácticas idóneas en relación coa formación e o desenvolvemento de novas oportunidades de formación para mulleres e a mocidade.
- Unha mellor comprensión dos procedementos de toma de decisións do sector pesqueiro, coa eliminación de barreiras xurídicas e sociais existentes en relación con dita participación.
- A posibilidade de financiación de proxectos mediante micro - créditos, así como utilizar o Fondo Europeo de Pesca (FEP), para financiar cursos de formación e actividades diversas da pesca.

En Xaneiro de 2.003, a Comisión Europea patrocinou unha Conferencia sobre o lugar das mulleres no sector da pesca, resultando ser un proveitoso foro para o diálogo entre as mulleres do sector e a Comisión de pesca, á vez que ofreceu unha excelente oportunidade para debater o estudo do papel das mulleres no sector pesqueiro.

Pese á gran diversidade de experiencias representadas na conferencia, as participantes alcanzarán un amplo consenso respecto a unha serie de puntos, coincidiron en que as mulleres deben ter unha maior capacidade de expresar as súas preocupacións, experiencias e opinións, tanto dentro das organizacións de produtores e sindicais como nos órganos rectores, si se desexa contrarrestar o problema da “invisibilidade” da muller no sector da pesca.

Así mesmo existe a imperiosa necesidade dunha nova lexislación, que facilite un maior acceso das mulleres ás prestacións sociais e mellore o Estatuto Xurídico actual. Outro aspecto importante á hora de obter avances no sector sería o impulso e fomento de redes, xa creadas ou non. Tamén se solicitou con insistencia en dita conferencia unha maior formación en distintas áreas e a creación de mecanismos necesarios para informar mellor ás mulleres sobre as oportunidades de formación e fontes de financiación para os proxectos de formación.

En Maio de 2.003, la Dirección General de Pesca presentou unha nova convocatoria de propostas para accións innovadoras que foi enviada directamente a todos/as os/as participantes da conferencia e difundida amplamente dentro do sector. Desta maneira, por primeira vez realizouse un esforzo especial para impulsar propostas centradas en asuntos relacionados coas mulleres e que promovan a visibilidade e efectividade das mulleres como unha forza de cambio dentro do sector.

Recentemente, o Parlamento europeo lanzou unha convocatoria de propostas para a elaboración, a nivel europeo, de estudos relativos ao papel da muller no desenvolvemento sostible das áreas pesqueiras europeas.

### A igualdade de oportunidades no GAC 3. Costa da Morte.

A análise de xénero debe constituírse nun dos principais fíos conductores que percorran transversalmente de principio a fin todo o proceso de planificación do GAC, nomeadamente na toma das decisións vinculadas á formulación das bases de tal

desenvolvemento. A análise de xénero debe ser o punto de partida para despois levar á práctica as medidas de igualdade que se acorden.

En resumo, aplicar a análise de xénero implica:

- Recoñecer a discriminación histórica que afectou e afecta á diversidade das mulleres.
- Ter en conta as relacións de xénero na análise dunha realidade.
- Procurar minimizar as limitacións que impón o rol de xénero a mulleres e homes.
- Considerar as consecuencias das relacións de xénero na vida das mulleres especialmente, pero tamén dos homes.
- Recoñecer a posición de subordinación do rol de xénero feminino fronte ao masculino e a existencia de relacións de poder desiguais.
- Analizar a situación e posición de homes e de mulleres en todos os ámbitos da sociedade.
- Asumir que o modelo sexo/xénero é modificable.
- Ofrecer as mesmas oportunidades de desenvolvemento para mulleres e homes.

## O papel do persoal técnico

Todo o mencionado ata o momento, xunto coas formacións específicas programadas, as xornadas de sensibilización ou o intercambio de experiencias transnacionais, busca sensibilizar e involucrar ao persoal técnico como axente activo na identificación das desigualdades de xénero na comarca e na súa eliminación, facéndoo consciente, ademais do seu importante papel no avance da igualdade no Grupo de Acción Costeira.

O permanente contacto entre as institucións públicas e privadas, o mundo laboral e a comunidade local fundaméntase no convencemento de que a incorporación do local xoga un rol central no desenvolvemento económico - social do territorio e, polo tanto, axuda a mellorar os niveis da calidade de vida da poboación, nomeadamente da poboación que sofre máis desigualdades. Por iso, é necesario achegar ao persoal técnico do GAC, a formación imprescindible para actuar nestes novos contextos e definir e afondar nos procesos de articulación das relacións entre as institucións, as empresas e os axentes económicos da comarca.

## A planificación

Resumo dos pasos para a integración da análise de xénero na planificación do desenvolvemento local.

**Paso 1:** buscar e manexar información da comarca desagregada por sexo e outras variables de interese (rural/urbano, idade, estudos, necesidades de servizos de conciliación, etc)

**Paso 2:** visibilizar as diferenzas (fendas) entre mulleres e homes nos diversos niveis de análise (urbano/rural, con formación, sen estudos, idade, etc.)

**Paso 3:** aplicar o xénero como categoría de interpretación e análise das diferenzas observadas.

**Paso 4:** deseñar a planificación integrando criterios de igualdade nos obxectivos e actuacións. Fixar indicadores de xénero e sexo.

**Paso 5:** executar as actuacións e facer o seguimento

**Paso 6:** avaliar e realizar informes integrando a análise de xénero, achegando indicadores de xénero e sexo, e avaliar tamén o impacto na igualdade do proxecto.

## Obxectivos de igualdade

Como compromisos da estratexia de xénero no Grupo de Acción Costeira da Costa da Morte en materia de Igualdade de Oportunidades, en diante (IO), artículanse en dous eixes de referencia: a IO con carácter transversal no GAC e as actuacións específicas (medidas de acción positiva).

Para elo débense de establecer os obxectivos concretos, tanto xerais e específicos, que deben ser formulados coa maior precisión posible, para facilitar a súa comprensión, realización, seguimento e avaliación.

Tanto os obxectivos xerais como os específicos deben implicar resultados observables e sempre medibles, cuantitativa ou cualitativamente.

## Establecemento de medidas de igualdade.

As medidas de igualdade son todo tipo de mecanismos, accións e ferramentas encamiñadas ao avance dela. No GAC deberán sinalarse os mecanismos ou medidas coas que se pretenden acadar os obxectivos. Entre as máis frecuentes e recorrentes están as accións positivas e as medidas de apoio á conciliación.

### As accións positivas

Son medidas conxunturais dirixidas a un grupo determinado que ocupa unha posición de desigualdade ante outro grupo. Estas medidas pretenden suprimir ou anticiparse a unha desigualdade e compensar as desvantaxes de partida.

As accións positivas non buscan tratar igual, porque parten da realidade de que a sociedade, desafortunadamente e a pesar de existir marcos legais e normativos que prohiben discriminar, na realidade e na práctica cotiá non trata así e dálles as mesmas oportunidades de desenvolvemento ás persoas en función de determinados factores (idade, presenza dunha discapacidade, etnia, sexo...). Por iso, ante tal evidencia, os poderes públicos, e logo seguidos polos axentes implicados que materializan as políticas públicas (neste caso o persoal técnico do proxecto), están chamados a actuar para compensar esta situación real de desigualdade ata que esa situación desapareza.

Poden considerarse accións positivas:

Priorización da participación, reserva de prazas, promoción, contratación do sexo subrepresentado.

- Fixar un sistema de cotas que garanta un mínimo e máximo de participación, contratación, etc. de cada sexo en torno ao 60 - 40%.
- En caso de concorrencia de igual puntuación, circunstancias, etc., optar polo sexo subrepresentado (ás veces, a esta situación chámase discriminación positiva polo seu carácter finalista).
- Política de contratación preferente a grupos de maior vulnerabilidade. Por exemplo, dentro das mulleres, as subrepresentadas (víctimas de violencia de xénero, inmigrantes...).
- Etc.

### As medidas de igualdade

Serán quen de fomentar o valor da igualdade e dunha cultura da igualdade e están encamiñadas a toda a sociedade en xeral ou a grupos profesionais identificados como

axentes activos e claves para ese avance. Non son accións cara a un grupo ou colectivo concreto por ser un grupo ou sexo subrepresentado. Son tales coma:

- A formación do persoal en materia de igualdade e xénero.
- A sensibilización da poboación en igualdade.
- A elaboración de materiais específicos sobre igualdade e xénero nunha materia ou área de coñecemento concretas.
- A inclusión transversal da igualdade nun proxecto, área...
- O emprego de ferramentas prácticas sensibles ao xénero.
- O deseño dun plan de igualdade para unha organización ou empresa.
- A reestruturación dunha organización/institución de tal xeito que se garanta existencia dunha concellaría, área, departamento, unidade, etc., de igualdade.
- Levar a cabo procesos de cambio organizacional pro - equidade.
- A identificación/nomeamento dunha persoa responsable da igualdade na entidade, organización, empresa, proxecto.
- Favorecer a creación de espazos, seminarios de intercambio de experiencias en materia de igualdade.
- A recompilación e difusión de boas prácticas en materia de igualdade.
- A revisión dos procesos de contratación, salarios e sistemas de promoción interna para evitar posibles desigualdades de xénero.
- Desenvolver un código ético de prevención do acoso laboral por razón de sexo ou acoso moral por xénero.
- As encamiñadas a fomentar a paternidade responsable, o coidado das persoas e a corresponsabilidade entre os homes.
- Empregar unha linguaxe non sexista e non excluínte.
- Etc.

#### As medidas de conciliación.

Pretenden a compaxinación da vida familiar, laboral e persoal tanto de mulleres coma de homes. Non están dirixidas só ás mulleres, se ben directamente son as mulleres, debido ao contido tradicional do rol de xénero e ao absentismo dos homes nestas tarefas (derivado do seu rol tradicional de xénero), as que máis se ocupan de todo o referido ao traballo reprodutivo (coidado de persoas e da casa), polo que son así as primeiras beneficiadas directas ao liberarlles ou facilitarlles estas tarefas reprodutivas (necesidades básicas ou prácticas). As medidas conciliadoras nun proxecto deben procurar a participación das mulleres nas diferentes fases deste e evitar os factores de



desigualdade neste ámbito que lles impiden acceder ao mundo da formación ou do emprego. Son medidas conciliadoras ou de apoio as seguintes:

- Sensibilización e concienciación da poboación sobre o tema.
- Creación de escolas infantís e cheques para gardería.
- Creación de escolas infantís nas grandes empresas.
- Comedores nos centros escolares e de traballo.
- Centros de día, residencias para maiores e cheques da atención á dependencia.
- Vacacións de respiro familiar.
- Campamentos de verán.
- Actividades extra - escolares.
- Flexibilidade laboral e horaria, tele - traballo, redución de xornadas, permisos excedencias por coidado.
- Fixar un control estricto de cumprimento do horario total da xornada, evitando as horas extras.
- Fomento da responsabilidade dos homes fronte ao coidado de fillas e fillos.
- Creación de bancos do tempo.
- Etc.

### Indicadores de xénero.

O GAC será quen de elaborar un sistema de indicadores (cadro de mando), que permitirá levar a cabo o control e seguimento da evolución das distintas accións executadas e o seu impacto no xénero, para poder avaliar o traballo realizado e poder por en marcha as distintas accións correctoras para evitar e corrixir as posibles desviacións.

Un indicador é un elemento de medida e serve para mostrar e dar conta de feitos observables durante o desenvolvemento dun proxecto. A finalidade dun indicador é achegar información relacionada cos obxectivos ou actuacións. Algunhas das características mínimas que debe cumprir son:

- Accesible.
- Comprensible.
- Comparable.

Teñen a función de sinalar os cambios sociais operados nas relacións de xénero entre mulleres e homes, medindo o avance ou retroceso deses cambios. Constitúen unha ferramenta cuantitativa e cualitativa que precisa ser interpretada. Tales coma:

- As mulleres e homes do proxecto que crearon empresas e contaron co apoio económico da familia.
- As e os que precisaron de crédito bancario e tiveron apoios para elo.
- As e os que precisan ou precisaron de servizos de conciliación.
- As e os que investiron en tecnoloxía a creación da empresa.
- Que tecnoloxía mercaron.
- Cantos postos de traballo crearon.
- Canto foi o investimento total na iniciativa empresarial.
- Se recibiron axudas públicas.
- De canto era a contía das axudas.
- ...

### Sistemas de seguimento e control, avaliación e impacto.

O GAC levará a cabo a avaliación de xénero como parte fundamental en tanto que é o instrumento para coñecer o grao de cumprimento das actuacións deseñadas e os efectos acadados no obxectivo último do proxecto coa súa posta en práctica.

Unha avaliación con perspectiva de xénero debe sempre medir o impacto no avance da igualdade a través das actuacións implementadas (formación, sensibilización, creación de empresas, tramitación de axudas, etc.).

Levarase distintos tipos de avaliación en función dos momentos claves no ciclo de vida dun proxecto de desenvolvemento.

**A avaliación a priori ou avaliación inicial.** Instrumentalízase a través da realización dun estudo ou diagnóstico previo e pormenorizado dos grupos potencialmente beneficiarios de poboación aos que van ou poden ir destinadas as accións do GAC. Deste modo teremos unha primeira aproximación ás necesidades, antes do deseño das actuacións que se levarán a cabo na fase xa de execución ou implementación.

**A avaliación intermedia ou seguimento.** Xeralmente realízase na metade do proxecto. Os resultados que mostre permitirán actualizar, adaptar, axustar e mellorar a programación dos obxectivos intermedios.

**Avaliación final.** Realízase ao termo do proxecto. Configúrase como unha análise da relación entre todos os distintos elementos que configuran e dan forma a un proxecto

de desenvolvemento. Deberá incluír unha compilación dos principais resultados cuantitativos e cualitativos acadados durante o período de execución do proxecto, así como unha avaliación resumo da execución global do mesmo, as conclusións, as aprendizaxes extraídas e, a ser posible, recomendacións de mellora para o futuro, identificando especificamente as boas prácticas en materia de igualdade. Explicará a relación existente entre as actuacións realizadas, os resultados obtidos, as persoas beneficiarias (desagregadas por sexo) e as metodoloxías empregadas.

Os informes de seguimento realizados presentaranse ao órgano de participación social do PEZ (Grupo de Acción Costeira), en cuxo seno crearase a “Mesa da Muller”. Unha mesa específica para a avaliación do GAC, dende a perspectiva de xénero, así como para a sensibilización e formación nesta materia de todos os axentes económicos e sociais participantes. Como medida de acción positiva, a composición das persoas representantes no GAC será paritaria.

Dende a Oficina de xestión do proxecto e coa súa correspondente avaliación a través do GAC, o proxecto velará especificamente por unha correcta utilización da perspectiva de xénero nos aspectos clave de comunicación do programa, dende a propia elaboración de documentación técnica (notas internas, informes de seguimento, cuestionarios,...) ata a comunicación externa (materiais, anuncios, memorias,...), dende a linguaxe escrita ata a ausencia de estereotipos sexistas no material gráfico/visual utilizado e a promoción dunha imaxe real e non estereotipada das mulleres.

Para garantir unha correcta aplicación de xénero, realizaranse accións formativas específicas en materia de IO para todo o persoal técnico e político que participe en maior o menor medida na execución do programa Grupos de Acción Costeira, así como formación específica ás persoas e/o entidades integrantes do Grupo de Acción Costeira.

Ao finalizar o proxecto, elaborárase unha memoria específica dos resultados da avaliación dende a perspectiva de xénero.

Como medida de acción positiva, a composición dos equipos de traballo no programa será paritaria e introduciranse igualmente criterios de xénero nas relacións dos proxectos cos/as provedores/as externos/as (contratas de obra, asistencia técnica, etc....).